PROGRAMA DE GOVERNO
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
2001 - 2005

Xullo de 2001

LIMIAR

Un enfoque alternativo de acción política lexislativa e de governo que pretenda ser idóneo e congruente coa identidade, realidade social e necesidades do noso país, ten de partir dunha matriz de postulados e valores ético-políticos que lle sirvan de fundamento e guieiro, ordenados en catro eixos axiolóxicos. Sen eles, resultaria imposíbel combinar o respeito e asunción política da nosa identidade como povo, a orientación progresista do labor político e a necesária resposta ás necesidades e intereses materiais, sociais e culturais da cidadania galega.

Eses catro eixos axiolóxicos poden-se expresar con catro vocábulos: *progreso, benestar, liberdades e dignidade.* ***Progreso económico***, que implica a exixéncia dun desenvolvimento sustíbel autocentrado, co centro de gravidade no potencial dinámico interno da economia galega e cunha lóxica de racionalidade económica en que o funcionamento da economia de mercado e libre empresa, como método de asignación eficiente de recursos produtivos, estexa

emarcada nuns critérios de política macro-económica que cada un dos axentes económicos individuais está imposibilitado de dexergar, estabelecer e aplicar: eis mesmamente a aptitude e o cometido próprios do poder político democrático na condución, sen dirixismo, dos procesos macro-económicos da sociedade. ***Benestar social***, sen o cal resulta imposíbel que os froitos do progreso económico redunden en proveito dos diferentes segmentos da sociedade e da cidadania, e en progreso moral e cultural da comunidade de indivíduos que é esa cidadania mesmamente: eis precisamente a función política do poder nun *welfare state*, nun modelo de estado de benestar, redistribuidor, garante de condicións laborais dignas, do acceso universalizado aos bens imateriais da educación, da sanidade, dos servizos e a seguridade social, da cultura, do lecer, do equilíbrio do ecosistema de que formamos parte os humanos como segmento da biosfera do planeta. ***Liberdades cívicas e democráticas***, sen cuxo exercício polos cidadáns e cidadás e garantia pola orde política a convivéncia social pacífica e sosegada seria impraticábel, a igualdade seria mentira, as discriminacións serian inevitábeis, o progreso material resultaria inútil, os febles serian esmagados, a civilización sofreria un retroceso na história: eis a función cívica dun poder que ten de ser o primeiro en asumir e praticar exemplarmente os postulados e as obrigas ínsitas nunha concepción democrática da vida social**. *Dignidade comunitária e institucional***, pois sen ela os povos e os indivíduos perderíamos a identidade, non exerceríamos as liberdades, ninguén nos respeitaria, volveríamo-nos unha masa informe como un enxámio de abellas igual a calquer outro: eis, enfin, o sentido máis próprio, radical e profundo, a razón de ser máis inequívoca, da existéncia das institucións políticas autonómicas cando se lles imprime a vocación de serviren para o progresivo autogoverno dos cidadáns e cidadás da nación galega.

Na matriz de postulados ordenados nos catro eixos axiolóxicos que vimos de enunciar, a nosa alternativa para este país estrutura-se nunha série de liñas ou vectores primordiais de acción lexislativa e de governo orientada por critérios e prioridades que expomos a seguir:

Un primeiro vector de ***Política macro-económica de desenvolvimento autocentrado*** da economia galega. Nel serán pezas angulares: o asinalamento e aplicación duns critérios de política de desenvolvimento converxente, o modelo de financiamento autonómico, e un pacto social pola industrialización, a inovación tecnolóxica e a política enerxética. Un segundo constituiria-o unha ***Política laboral e de emprego*** orientada á estabilidade, á redución do desemprego e da precarización, á eficiéncia produtiva e á seguridade laboral. O terceiro, unha ***Política de ordenación territorial, infraestruturas e meio ambiente***, capaz de pór orde na morfoloxia do espazo, nos usos da terra e do solo, na vertebración das comunicacións internas e co exterior, e no cámbio de signo do proceso de desequilíbrio e desertización no meio rural e na Galiza interior, de xeito compatíbel co escrupuloso respeito á conservación e á valorización do meio ambiente. O cuarto, unha ***Política de ordenación sectorial da base produtiva***, con estratéxias centradas primordialmente nos sectores agrário e pesqueiro e no apoio e respaldo ao sector do comércio, aos autónomos, ao turismo e ao mundo artesán. O quinto, unha ***Política de igualdade e benestar social*** onde as pezas chave deben ser a sanidade, a política de servizos e seguridade social e as políticas de igualdade social. O sexto, a ***Política educativa, cultural e de normalización lingüística***. Enfin, o sétimo, unha ***Política de rexeneración democrática e institucional***.

Eis a estrutura do Programa de Governo que o Bloque Nacionalista Galego apresenta para o debate con toda a cidadania.

I. POLÍTICA MACROECONÓMICA DE DESENVOLVIMENTO AUTOCENTRADO

I.1 CRITÉRIOS BÁSICOS DE POLÍTICA ECONÓMICA

A actuación no ámbito económico concebe-se no BNG como un instrumento para elevar o nível de benestar material e cultural da sociedade galega, achegando Galiza a aqueles países que teñen un elevado nível de renda e unha forte coesión social derivada dunha axeitada distribución daquela, asi como dunha calidade de vida asociada a un meio ambiente saudábel.

Para deseñar a nosa política económica partimos dunha série de premisas ou critérios orientadores que poderíamos ordenar en base aos seguintes pasos:

1. Cómpre partirmos dunha análise veraz e séria da realidade económica galega, a deixar de lado as visións propagandísticas que só serven para despistaren e desorientaren. É necesário sermos realistas e rigorosos no diagnóstico das causas xeratrices do seu comportamento actual e das liñas definidoras das suas tendéncias evolutivas, situando-as no contexto das tendéncias actuais da economia mundial.
2. É preciso deseñarmos un modelo alternativo ao das últimas décadas, auto-centrado e virado cara á diversificación dentro das nosas especializacións, indispensábel para quebrar e mudar a dinámica perniciosa padecida até agora pola economia galega.
3. É necesário definirmos o modelo de acumulación acorde cos intereses estratéxicos de Galiza para suscitar e orientar un proceso de crecimento cuantitativo e desenvolvimento cualitativo auto-centrados da economia galega.
4. Hai que enunciar, a partir da análise da división internacional do traballo en que se acha inserida actualmente a economia galega, a proposta de especializacións produtivas para o imediato e a meio prazo, tanto cara ao mercado interno como ao internacional.
5. Prestar singular atención aos complexos industriais ou intersectoriais endóxenos, que continuan a constituir as pezas chave da actual estrutura produtiva (pesca, construción naval, conservas de peixe e derivacións -frio, precociñados, etc.-, agro-indústria láctea e cárnica).
6. Operar correctamente no mercado de capitais, na urdime dos intermediários financeiros e, conseguintemente, na xeración de aforro interno e na captación de recursos financeiros externos para o impulso do investimento produtivo e xerador de riqueza no país.
7. Deseñar o modelo e a política de sector público, tanto na actuación económico-orzamentária da Administración Pública autonómica como na presenza selectiva en forma de empresa pública ou mixta no aparello produtivo, sen prexuízo do respeito á vixéncia da economia de mercado e libre empresa.
8. Deseñar unha política enerxética, ordenada con critérios territoriais e ambientais, que permitir á economia galega utilizar en benefício próprio e

interese de toda a cidadania os excedentes e vantaxes comparativas existentes.

9. Facer un balanzo dos recursos reais e potenciais que acobilla a base física da economia galega e, sobretodo, do capital humano acumulado nas novas xeracións, estudando as mellores opcións para a sua utilización na obtención de financiamento externo e a optimización do seu aproveitamento interno.
10. Estabelecer as bases para que o proceso de crecimento asente sobretodo na mellora da produtividade e da capacidade inovadora e non nos baixos níveis de salários en termos reais dos traballadores asalariados ou nos baixos ingresos dos labregos e traballadores autónomos.
11. Deseñar unha política laboral e de emprego que conduza á progresiva reabsorción do desemprego e á paulatina recuperación da forza de traballo emigrada.
12. Seguir modelos de localización descentralizada, orientados a poder ser en función da ubicación dos factores e recursos máis que do mercado, e compensatórios de desequilíbrios espaciais ou territoriais internos da economia galega na sua perspectiva dinámica.
13. Facer uso pleno de todas as competéncias recollidas no Estatuto de Autonomia e utilizar os resortes constitucionais que permitan dar cumprimento á coordenación efectiva coa planificación da actividade económica xeral polo poder central do Estado (ver especialmente o ponto 2 do artigo 131 da Constitución).

I.2 AS INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS E DE DESENVOLVIMENTO ECONÓMICO

A planificación económica e a política de desenvolvimento dos sectores produtivos precisará dunha redistribución das responsabilidades e competéncias das distintas Consellarias económicas, asi como da reestruturación das institucións autonómicas financeiras e de promoción económica.

A reestruturación ten distintas motivacións:

1. A caréncia actual dunha competéncia prática definida pola Administración Autonómica na planificación xeral da economia galega.
2. A criación do IGAPE dentro da estrutura da Consellaria de Economia e Facenda, que non resolveu este problema político, causando unha grave descoordenación entre as Consellarias afectadas e desorientando a política de desenvolvimento económico.
3. A necesidade de fortalecer os instrumentos institucionais e os orzamentos destinados á promoción dos sectores produtivos, frente ás caréncias evidenciadas na história da autonomia.
4. A conveniéncia de fortalecer a autoridade do poder político económico -hoxe disperso e sen personalidade- perante o mundo empresarial, e as organizacións sociais.

5. Os cámbios rexistados na estrutura dos ingresos da Comunidade Autónoma por mor do novo modelo de financiamento público, das incertezas referentes á débeda pública e as previsións de fundos estruturais contidas no MAC2000-2006.

I.2.1 MEDIDAS DE GOVERNO

Reestruturarán-se as competéncias e funcións das actuais institucións financeiras e de desenvolvimento e promoción económica, criando-se o Instituto de Desenvolvimento de Galiza e a Banca Pública Galega.

I.2.1.1 Criación da Banca Pública Galega

A Banca Pública Galega (BPG) administrará as finanzas e a Tesoureria da Comunidade Autónoma, as relacións co sistema financeiro, asumindo a exucución das funcións estatutárias e das competéncias sobre o ordenamento de crédito e banca. A BPG estará adscrito á Consellaria de Facenda.

I.2.1.2 Criación do IDG e reestruturación do IGAPE

O Instituto Galego de Desenvolvimento (IDG) asumirá as funcións de promoción global das actividades produtivas e empresariais e o desenvolvimento industrial mediante a participación directa no capital social das empresas, unindo mediante Convénio os meios da Comunidade Autónoma – coa participación da BPG –, e os das entidades financeiras estabelecidas en Galiza.

I.2.1.3 Elaboración dunha nova Lei Reguladora de Caixas de Aforro

Unha das dificuldades importantes para a consolidación e a expansión do sector industrial galego deriva da deficiente estrutura financeira das empresas e dun modelo bancário que dificulta a existéncia de canles adecuados para a financiaciación externa das empresas.

O BNG elaborará unha nova **Lei Reguladora das Caixas de Aforro**, competéncia exclusiva da CCAA, para modificar en particular os órgaos das mesmas e a orientación da sua política creditícia con vistas a un fortalecimento dos lazos coas empresas: compromiso de canalizar os depósitos cara a créditos concedidos en Galiza; reorientación da política de crédito para dar maior importáncia aos dirixidos a empresas industriais; favorecer a participación directa no capital de empresas industriais, sexa por parte das Caixas directamente ou através dun aumento significativo da participación das caixas nos diferentes instrumentos e fundos de participación empresarial que se artellen polo IDG.

I.2.2 MEDIDAS LEXISLATIVAS

Para instrumentar estes aspectos do Programa Económico de Governo, será preciso tomar diversas iniciativas lexislativas. Entre elas as:

- De modificación da estrutura orgánica da Xunta de Galiza
- De criación por Lei do Instituto de Desenvolvimento de Galiza
- Lei de criación da Banca Pública Galega
- De modificación da Lei Reguladora das Caixas de Aforros
- De aprobación do Plano de Desenvolvimento Económico de Galiza

I.2.3 TRANSFERÉNCIAS DE COMPETÉNCIAS

Analisará-se a reclamación de transferéncia de competéncias, especialmente para afondar as referentes ao ordenamento do crédito, banca e seguros; a plena competéncia en indústria, agricultura e pesca en augas galegas; a presenza ante a UE; o conxunto das figuras tributárias; os incentivos territoriais.

I.2.4 RECLAMACIÓN DE ACCIÓNS ESTATAIS OU DA UNIÓN EUROPEA

Entre outras cuestións é preciso considerar aqui:

- A administración por parte de Galiza da prática totalidade dos Fundos Estruturais que lle corresponden, na sua meirande parte distribuídos hoxe arbitrariamente por parte do Governo Central.
- A administración por parte de Galiza dos fundos que lle deben corresponder no Fundo de Coesión.
- A Administración central deberá cofinanciar as accións previstas no PDR galego nunha percentaxe que, como mínimo, sexa igual á que se rexista no resto das CCAA obxectivo 1.
- Que a totalidade dos Fundos Estruturais que se apliquen en Galiza signifiquen, de média anual no período que remata no 2006, o 4% do PIB galego. Promover as accións necesárias que imposibiliten a eliminación dos fundos europeos por mor das variacións estatísticas derivadas dos procesos de ampliación da Unión Europea.

I.3 FINANCIAMENTO AUTONÓMICO E ADMINISTRACIÓN ORZAMENTÁRIA

O BNG considera que a cuestión do financiamento autonómico é merecedora, pola sua relevância no desenvolvimento de Galiza, dunha análise séria e pormenorizada que investigue a solución máis intelixente que nos permita a consecución da máxima autonomia financeira a meio prazo, no marco da evolución política dun Estado plurinacional. Trata-se de contextualizar a cuestión do financiamento dentro da orientación do marco político do Estado,

estabelecer elementos claves do deseño do modelo de facenda a meio prazo e estudar a adecuación ao marco vixente no momento actual.

I.3.1 O FINANCIAMENTO AUTONÓMICO E O MARCO POLÍTICO DO ESTADO

A definición do modelo de financiamento máis acaído para Galiza non pode esquecer a orientación do marco político do Estado. Constatamos que o desenvolvimento do deseño descentralizador recollido no artigo 2º da Constitución española, e a sua aplicación de clara vocación xeneralizadora e homoxeneizadora non permitiu acadar unha solución axeitada ás necesidades das nacionalidades históricas congruente co carácter plurinacional do Estado español. A sua escasa vocación autonomista facilitou tan só o deseño e ampliación do marco competencial pola banda do gasto, mais non no que atinxia os ingresos, consolidando-se asi un cenário de dependéncia financeira no que está ausente a imprescindíbel responsabilidade fiscal das administracións descentralizadas. Esta concepción constitui unha fonte de disfuncionalidade que impide resolver o problema dunha sociedade diferencial e asimétrica como é a do actual Estado español.

A non superación dos desequilíbrios económicos en Galiza ao longo do tempo, manifesta que o actual sistema de financiamento non cumpre este obxectivo nen resposta con efectividade ás necesidades do noso país. As solucións futuras exixen a evolución do actual sistema de corresponsabilidade fiscal compartida a outro de responsabilidade fiscal plena como condición necesária para lograr a autonomia tributária, sempre coa restrición de garantir a suficiéncia dos ingresos necesários para financiar unha provisión equivalente de servizos públicos aos do resto das nacións, sen que se poña en cuestión a cobertura do gasto público de investimento, de componente claramente redistributiva e imprescindíbel para a superación dos desequilíbrios económicos de partida.

I.3.2 MODELO DE FACENDA PÚBLICA A MEIO PRAZO

A autonomia fiscal e financeira contemplada na perspectiva de obtención de soberania fiscal é un tema cualitativamente distinto da problemática da redistribución de fundos públicos no aparello dun Estado plurinacional. Como consecuéncia disto: a hipotética insuficiéncia inicial ou transitória dun modelo de facenda autonómica galega que cualitativamente resulte máis idóneo no tocante á autonomia e ulterior soberania fiscal e financeira non deberá ser fundamento para renunciar ao mesmo nen ten por que excluir o acceso a mecanismos de redistribución de fundos públicos compensatórios que garantan a suficiéncia durante o período transitório necesário.

O actual sistema de corresponsabilidade fiscal limitada resulta problemático para Galiza:

1. **Por non permitir o logro da autonomia financeira plena** ao se basear nunha parcial cesión-delegación de capacidade normativa referida aos impostos cedidos de escaso potencial recadatório. Portanto, reclamar unha maior extensión das faculdades normativas e ampliar o abano dos tributos cedidos a case a totalidade dos impostos oferece-se como unha primeira opción táctica, se finalmente nos tivermos que mover no cenário da corresponsabilidade.
2. **Por facer recair exclusivamente nun número reducido de impostos o maior peso do financiamento autonómico**, o que resulta evidente no caso do modelo anterior en que a corresponsabilidade baseou-se unicamente nunha percentaxe do IRPF, introducindo asi un factor de inestabilidade que obrigou á corrección do mesmo no próprio período de vixéncia.
3. **Porque o sistema de corresponsabilidade fiscal limitada ignora as rendas xeradas en Galiza que son percebidas por contribuintes residentes noutras comunidades autónomas**, o que non facilita a territorialización dos impostos e impede o coñecimento, aos efeitos do saldo fiscal co resto do Estado, das rendas e benefícios obtidos polos non residentes no território galego convertendo-se asi nun factor de confusión inaceptábel. Ao respeito cómpre asinalar que o balance fiscal sen balance económico constitui unha falácia, xa que toma como ponto de partida algo que é un ponto de chegada.
4. **Porque obriga á aceptación dunha institución financeira inaceptábel para a nosa opción política, a Axéncia Estatal de Administración Tributária**, como órgao de xestión e inspección fiscal. Entendemos que tais competéncias deben recair estritamente no ámbito directo da Administración Pública e non seren obxecto, como acontece actualmente, dunha espécie de delegación que por veces encobre algun xeito de privatización. Entretanto, hai que reivindicar a representación paritária nas comisións que emanaren daquel órgao e que exerceren competéncias referentes á Comunidade Galega.

Portanto, estamos diante dunha modalidade de pseudo-federalismo fiscal coordenado con asignación diferenciada de funcións impositivas a cada nível de governo, onde central reserva as máis importantes, petrificando asi a dependéncia financeira das xurisdicións máis atrasadas.

Pola contra, na nosa opción, a Soberania fiscal como amparo da autonomia tributária plena, redistribución e deseño asimétrico do modelo de financiamento que recolla as aspiracións das distintas nacións, constituen-se en elementos clave do deseño do modelo de facenda pública que propoñemos. Ten de ser loxicamente **un deseño fiscal baseado na territorialización completa dos tributos** que recolla a soberania fiscal própria, constituindo a capacidade normativa un instrumento imprescindíbel do mesmo.

O seu carácter asimétrico é preciso para recoller as aspiracións das distintas nacións, e exixe unha solución distinta da anterior que combine o exercício da autonomia financeira e as obrigas redistributivas en termos de desigualdade interterritorial. Poderia ademais compatibilizar-se cun sistema fiscal cuasi-único ainda que non totalmente homoxéneo, derivado do próprio uso da capacidade normativa, no que a soberania fiscal exercida seria plena nas distintas xurisdicións, sen prexuízo das diferentes contribucións financeiras ao Estado que, loxicamente, incluirian a componente de redistribución tan necesária para a superación duradeira no tempo dos desequilíbrios económicos de partida. Por suposto, que os avances nesta última dirección deberian ser, calquer que fose o signo e a contia, previstos e incorporados dun xeito automático aos contributos das diferentes Comunidades Autónomas como garantia de estabilidade do modelo.

En definitiva, a nosa proposta pasa a meio prazo pola territorialización completa dos impostos que coa restrición dun sistema fiscal único e necesariamente progresivo oferece como vantaxes a xestión dos tributos, totalmente separada e competéncia única da xurisdición respectiva e, a capacidade normativa a respeito dos cedidos, que tan só debe ficar limitada polas necesidades de harmonización do conxunto, e eventualmente polas da pertenza ás organizacións supranacionais como é o caso da Unión Europea.

A territorialización completa dos impostos obriga o estabelecimento dun instrumento que salvagardar o financiamento dos servizos públicos equivalentes dun xeito permanente, en cada xurisdición, e é unha fórmula que pasa polas achegas dos distintos membros, máis amplas na sua concepción que o actual cupo, xa que precisan da progresividade estendida tanto ao sistema fiscal vixente en cada xurisdición como á contia da achega de cada membro (coa restrición de que calquer que for o signo e a contia das achegas, o mecanismo debe estar previsto e incorporado dun xeito automático como garantia de estabilidade do modelo). A atribución da cuota ás xurisdicións deficitárias pasa polo estabelecimento de subvencións incondicionadas de carácter non territorial, que probabelmente deben estar ligadas tamén a un índice de esforzo fiscal para non desincentivar na xurisdición respectiva a xestión dos seus próprios tributos, ao fin de evitar discriminacións entre os cidadáns.

Sen prexuízo de que tal achega incorporar a componente de redistribución necesária para financiar as necesidades de investimento novo preciso para superar no tempo as condicións de atraso das xurisdicións máis desfavorecidas, o modelo non debe renunciar ao mantimento dos mecanismos redistributivos, que, procedentes das achegas e baseados en subvencións condicionadas operaren dun xeito similar ao Fundo de compensación interterritorial, nen aos recursos procedentes da Unión Europea, que, baseados en critérios de coesión, favorecen a igualación económica dos países e dos cidadáns comunitários.

En síntese, o modelo de financiamento dun estado plurinacional coa restrición dun sistema fiscal único, ainda que non uniforme e que necesariamente ten que ser progresivo, exixe a combinación aditiva dos tributos próprios, dos impostos territorializados con capacidade normativa a favor das xurisdicións, das participacións procedentes dos ingresos tributários non territorializados, das subvencións condicionadas procedentes dos outros níveis da Facenda Pública e do manexo da política financeira através da administración do endebedamento.

I.3.3 MARCO PRESENTE: O FINANCIAMENTO AUTONÓMICO A CURTO PRAZO

Para o período de vixéncia do novo sistema de financiamento autonómico baseado na corresponsabilidade fiscal, cómpre adoptar ao efeito da consecución dun funcionamento eficiente do mesmo, as propostas que se derivan dos seguintes obxectivos:

I.3.3.1 Obxectivos básicos

1. Profundización e reforzamento da autonomia financeira a estendender a corresponsabilidade a case a totalidade dos impostos que integran o actual sistema fiscal estatal.
2. O novo modelo deberá garantir o financiamento dun nível de gasto público equivalente, cando menos, á oferta de bens e servizos públicos da que dispoñan as Comunidades autónomas máis avanzadas. Este horizonte de converxéncia necesariamente deberá presidir as políticas e actuacións dos poderes públicos durante a vixéncia do sistema.
3. A extensión da corresponsabilidade fiscal á maior parte dos tributos exixe ampliar a favor das Comunidades autónomas as competéncias normativas do Imposto sobre a renda, do Imposto de sociedades, dos Impostos especiais e do IVA en fase minorista. Todo iso, sen prexuízo das restricións harmonizadoras ás que obriga a pertenza á Unión Europea.
4. A garantia de suficiéncia referida a un volume de gasto público equivalente obriga a completar o modelo mediante unha participación no conxunto dos impostos, baseada na povoación, mais que tamén debe incorporar outros factores como a localización das actividades económicas e a dispersión territorial.
5. A actual atribución de recursos que financian a actividade das corporacións locais non debe impedir o exercício de competéncias por parte da Comunidade Autónoma, que sirvan para formular critérios de distribución máis axeitados ás necesidades económicas e territoriais de Galiza.

I.3.3.2 Medidas de governo. Actuacións de política fiscal

I.3.3.2.1 Reforzo da Autonomia financeira

1. Promover a reforma da LOFCA e da Lei de cesión de tributos aos efeitos de facer operativa a atribución das anteriores fontes fiscais ás Comunidades Autónomas.
2. Identificar dun xeito preciso os pontos de conexión do IRPF, Sociedades e Impostos especiais aos efeitos de que as cuotas tributárias devengadas se correspondan efectivamente coa localización das capacidades económicas suxeitas a tributación.
3. A extensión da capacidade normativa e das competéncias de xestión e recadación aos anteriores tributos exixe o seu correlato na asunción das competéncias da Axéncia Tributária por parte do governo galego.
4. Atribución á Comunidade Autónoma das funcións da alta Inspección dos Servizos de recadación, asi como das faculdades resolutórias nas vias administrativa e contencioso-administrativa.

I.3.3.2.2 Desenvolvimento e converxéncia económica. Reforzo da suficiéncia financeira

1. Aplicación efectiva e incorporación imediata ao orzamento xeral do Estado do 2002 do previsto na LOFCA respeito das subvencións de nivelación de servizos.
2. Redución da discrecionalidade no uso por parte da Administración Central dos Convénios de investimentos que alteran os equilíbrios estabelecidos nas transferéncias regradas.
3. Criación dun Fundo específico que achegue recursos a aquelas Comunidades autónomas que suportan gastos asociados á sua condición nacional como os relativos a normalización lingüista e a promoción e defensa da sua cultura.
4. Elevación progresiva da contia do FCI e garantia da sua evolución no período, en función do PIB nominal.
5. Elevación da percentaxe de participación nos fundos europeos de carácter estrutural e instrumentar a participación na xestión dos programas comunitários.
6. Integración do sistema de financiamento da Sanidade no modelo xeral. Dados os desequilíbrios que ocasiona a actual transferéncia condicionada baseada no índice de povoación protexida, deberian-se incorporar critérios relativos aos usuários como o envellecimento e, territoriais como a dispersión.

I.3.3.2.3 Capacidade normativa

1. O exercício da capacidade normativa estendida aos impostos cedidos obriga unha xestión tributária transparente e eficaz que impida a fraude fiscal como garantia dunha distribución máis xusta das cargas impositivas. A progresividade, a política fiscal ao servizo da mobilización de recursos e da economia produtiva e o reforzamento daqueles tributos que gravan o deterioro meio-ambiental constituen pautas de actuación ineludíbeis.
2. A respeito dos tributos próprios, é preciso reforzar a Imposición sobre o xogo e ampliar os supostos contaminantes gravados polo Imposto sobre a contaminación atmosférica.

Coa finalidade de protexer e mellorar o domínio público hidráulico, debe regular-se por lei o Canon exixíbel pola sua utilización, e é preciso que os ingresos obtidos polo Canon de Saneamento se apliquen integramente ao financiamento dos gastos de investimento e de explotación de infraestruturas e de evacuación e tratamento de augas residuais.

I.3.3.3 Xestión orzamental

I.3.3.3.1 Obxectivos básicos

1. Reforzamento dos procedimentos de control do gasto público, con especial referéncia ao control externo inspirado na consecución dos princípios de eficácia, economia e eficiéncia. Aumento da transparéncia como garantia para o control político efectivo por parte do Parlamento e redución da utilización das modificacións de crédito como mecanismo perverso para alterar a inicial autorización lexislativa do gasto público.
2. Aplicación a todas as entidades e organismos autonómicos do plano de contabilidade pública e intensificación do control financeiro através da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

I.3.3.3.2 Obxectivos específicos

1. Utilización de procedimentos de contratación administrativa que garantan os princípios de igualdade, concorréncia, publicidade e obxectividade.
2. Intensificar a comprobación pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma do emprego e xustificación das subvencións outorgadas pola administración autonómica. Verificar o cumprimento da finalidade das subvencións nominativas, por se procedese o seu reintegro total ou parcial de se non acreditaren as condicións exixidas para a sua concesión.
3. Todas as Entidades públicas autonómicas deberán afondar na elaboración dun programa anual de actuación, investimentos e financiamento que amose a planificación xeral da sua actividade a un nível de agregación adecuado que permita apreciar os obxectivos que vai conseguir a meio prazo e no ano económico correspondente ao exercício orzamentado.

Xunto aos obxectivos fixarán-se os indicadores que permitan valorar o nível de execución daqueles, asi como o grau de realización dos programas e dos recursos da sociedade.

Debe elaborar-se un contrato-programa ou sistema semellante de carácter plurianual que cuantifique e concrete os critérios de asignación das achegas públicas en función dos obxectivos, e que ofereza un marco financeiro estábel e transparente ás entidades, asi como os procedimentos para adaptar os obxectivos ás variacións que se produzan no seu entorno económico.

4. Os Entes de direito público deben mellorar os sistemas de planificación elaborando planos plurianuais de obras que estabelezan as necesidades a acometer, e que permitan avaliar a racionalidade dos investimentos.
5. Estabelecimento e desenvolvimento dunha normativa para as Fundacións públicas que delimitar e concretar os seus campos de actuación, explicitando a necesidade e conveniéncia de os promover, de xeito que permitir a constatación posterior dos motivos que xustificaron a sua criación.

I.4 PACTO SOCIAL POLA INDUSTRIALIZACIÓN

Galiza vén perdendo posicións nas duas últimas décadas respeito das rexións Europeas en produción por habitante, situando-se nestes últimos anos entre as doce máis pobres da UE. É das poucas que perderon emprego neto tanto na década dos oitenta como na dos noventa. Está tamén entre as pouquísimas que mesmo perderon povoación. Apesar do triunfalismo hipócrita dos propagandistas oficiais, o certo é que, por desgrácia, durante a dúcia de anos de Governo Fraga, Galiza crece menos que as economias do noso entorno e, en consecuéncia, perdemos posicións. Certamente melloramos algunhas das nosas infraestruturas nestes anos grazas ao período excepcional de axudas dos Fundos Estruturais da UE, recebidos precisamente polo noso baixísimo nível de renda. Mais a nosa capacidade produtiva continuou a se resentir. Algunhas empresas conseguiron aproveitar ben o tirón da economia mundial e europea na segunda metade dos noventa, en particular o ciclo expansivo do automóbil, a indústria da confección e algunha outra excepción. Ainda asi, o conxunto do sistema produtivo agrário e industrial vai ás avesas, non aparecen empresas nas novas actividades e corremos o risco de perder máis unha vez o tren diso que se deu en chamar a “nova economia”. E iso obriga a cambiar de rumo. A viabilidade económica do noso país a longo prazo depende da capacidade própria para a xeración de riqueza e, portanto, da expansión da nosa capacidade produtiva.

Pór remédio a esta tendéncia requer tomar decisións enérxicas e de alcance en moitos terreos, mais, sobretodo, na posta en marcha dunha *estratéxia industrial* que permita fortalecer, ampliar e diversificar tanto as actividades estritamente industriais como os chamados servizos avanzados. Ainda que moitos falan de que o futuro son as actividades terciárias o certo é que non será posíbel construir unha sociedade dos servizos sen unha sólida base industrial. A

nosa situación de partida apresenta alguns pontos fortes singulares (certas empresas dinámicas e ben posicionadas nos seus respectivos mercados) mais en termos xerais contamos cunha feble base industrial, especializada en actividades de carácter maduro e tradicional, con empresas infradimensionadas, con escasísima capacidade inovadora e febles redes comerciais. As escasas economias de escala, a reducida diversificación que impede o aproveitamento de economias externas e a minúscula capacidade de inovación son factores que limitan a competitividade en todos os sectores. Se a todo isto engadimos a existéncia de graves estrangulamentos institucionais (auséncia de política industrial e tecnolóxica por parte da Xunta, feble ou nula vinculación banca-industria que provoca a asfíxia financeira desta última e unha política educativa -tanto en FP como Universitária- tradicionalmente desvinculada das necesidades formativas reais do sistema produtivo), entón podemos comprender as dificuldades para a consolidación da indústria e, sobretodo, as dificuldades para se adaptar ao cámbio estrutural que ten lugar na economia mundial e europea nos últimos tempos.

Por iso, consideramos que a sociedade galega e as suas institucións deben abordar con urxéncia un debate en profundidade para definir un grande ***"pacto social pola industrialización"***. Tendo moi en conta as limitacións de partida da nosa indústria, o BNG propón unha série de liñas básicas que deberán inspirar ese pacto e que logo detallamos.

1. **Infraestrutura de apoio á inovación e prestación de servizos tecnolóxicos**. Resulta urxente a posta en marcha, con recursos, dunha política tecnolóxica orientada á diversificación industrial e ao aumento do contido tecnolóxico e a calidade dos produtos, mediante a criación de Departamentos técnicos e de I+D nas empresas de dimensión média ou grande e, en todo o caso, criación e dotación dunha rede de *centros tecnolóxicos sectoriais* que responderen ás necesidades cotiás de todo o tecido industrial. Hai xa un lustro criaron-se con Fundos Europeos alguns destes centros, mais, unha vez inaugurados os edifícios coa habitual dilixéncia, permanecen ainda fóra de funcionamento ou baixo mínimos porque non foron adecuadamente dotados nen co instrumental técnico nen co persoal especializado necesário para cumpriren a sua función.
2. **Un Plano de I+D que multiplique os recursos destinados á investigación e á inovación**; que sirva de panca mobilizadora dos recursos humanos que existen nas Universidades, Centros de Investigación e nas Empresas; que fomente a cooperación real entre eles, orientando aos primeiros cara ás necesidades do sistema produtivo. Temos aí que vencer o retraso que supuxo estar esperando por un Plano prometido reiteradamente ao longo de nove anos e que cando chega, en 1998, revela-se insuficiente e aparece "rellenado" con actividades que nada teñen a ver coa I+D (como a Conservación do Patrimonio Cultural e o desenvolvimento turístico ou o control meio-ambiental).

3. **Fortalecer o compromiso entre o sistema financeiro e a indústria**, tanto para favorecer a criación de novas empresas inovadoras como para financiar a diversificación, modernización e inovación das existentes (asi como a sua expansión comercial). A experiéncia dos países máis dinámicos demostra que o compromiso do capital financeiro en forma de participacións no capital, con sociedades de capital de risco, créditos a longo prazo, project finance, etc., son imprescindíbeis para a expansión das empresas industriais. As entidades financeiras galegas optaron maioritariamente por un modelo anglosaxon, desvinculando-se da indústria, e iso deberia ser reorientado e o Governo Galego ten instrumentos para provocar esa reorientación, sobretodo no caso das Caixas de Aforro.
4. **Promover a difusión das inovacións no tecido empresarial**. Dada a escasa cultura inovadora do empresariado galego, as Institucións deberian despregar de forma sistemática equipas técnicas especializadas para diagnosticaren as deficiéncias tecnolóxicas e informar sobre as tendéncias tecnolóxicas no seu sector e, ao mesmo tempo, sensibilizar, animar e apoiar as empresas na busca de solucións e sócios tecnolóxicos para afrontaren anticipadamamente os problemas neste terreo. Este é un labor en que o papel dos inexistentes Centros seria crucial.
5. **Utilización da capacidade lexislativa a prol da inovación**. Cando as empresas tenderen a ser pouco inovadoras a Administración pode apoiá-las con axudas, mais tamén debe facer uso da sua capacidade reguladora para incentivar ou forzar ás empresas a iren introducindo canto antes aqueles cámbios ou inovacións que sabemos que acabarán impondo-se en calquer caso, sexa pola competéncia das grandes empresas, sexa polas normativas comunitárias (p.e., condicións ambientais, hixiénicas, normas técnicas).
6. **Impulso ás novas actividades emerxentes**. Galiza debe facer un esforzo suplementário para promover aquelas actividades novas que están a emerxer en todo o mundo á calor das novas tecnoloxias, non só na informática, as telecomunicacións e internet, senón tamén nas biotecnoloxias e nos novos materiais. Precisamente por seren campos de actividade que están a nacer, existen ainda enormes posibilidades de entrar con éxito en moitos nichos de mercado. O que se precisa é criar as condicións apropriadas para se impulsaren con decisión, a evitar que o noso mellor capital humano teña de emigrar para as desenvolver fóra, como está a ocorrer na actualidade.

En definitiva, unha estratéxia industrial requer unha aposta en termos de recursos orzamentários, mais tamén, e sobretodo, unha reformulación a fundo dos mecanismos de actuación da Administración a ter en conta as necesidades específicas do noso entorno industrial.

I.5 POLÍTICAS TRANSVERSAIS

A implementación da política industrial e de promoción do desenvolvimento económico estruturamo-la en diferentes níveis, por un lado, aquelas medidas de carácter transversal ou horizontal que van dirixidas ao conxunto do tecido produtivo, que se poden plasmar en actuacións a nível sectorial ou a nível de empresa e, por outro lado, os planos de actuación específicos para cada sector. Dado que estes últimos deben ser necesariamente pormenorizados e diferentes para cada sector non é aqui o lugar para expor todas e cada unha das medidas a ese nível, que en todo o caso consideramos que deberán ser elaborados en estreito diálogo coas empresas e axentes sociais de cada un dos sectores. Centraremo-nos, portanto, na exposición dos critérios xerais que orientan a nosa política indústrial, de competitividade e de desenvolvimento económico.

Estas medidas de carácter transversal van dirixidas tanto a fortalecer o sistema produtivo actualmente existente como a promover a posta en marcha de novos proxectos, que diversifiquen, integren e amplien a gama de actividades realizadas en Galiza. Entre as medidas deste tipo adquiren especial releváncia as financeiras, as de asesoramento, as de fomento da cooperación e xeración de sinérxias entre as empresas.

I.5.1 APOIO FINANCEIRO E ESTRATÉXICO Á EXPANSIÓN INDUSTRIAL

Un dos problemas cruciais que ten cercenado a capacidade de expansión das nosas empresas e a implantación de novos proxectos empresariais foi, sobretodo ao longo das duas últimas décadas, a dificuldade de financiamento. Sobretodo a captación de recursos alleos para ampliar o capital das empresas e o financiamento a meio e longo prazo. A Banca española nunca tivo un compromiso mínimo co desenvolvimento industrial do país e a banca galega ten-se distanciado nos últimos anos cada vez máis da indústria autóctona e acentuado o seu carácter especulativo. Tras a adesión á Unión Europea, as caixas de aforros viron-se liberadas das suas limitacións operativas, e comezaron a xogar o mesmo papel que os bancos, acentuando algunhas entidades galegas de forma especialmente notábel o carácter especulativo das suas actividades. A liberdade para participar no financiamento da indústria ten-se traducido, en definitiva, no caso das caixas de aforro galegas, nunha progresiva desvinculación dos compromisos de financiamento ás pequenas e medianas empresas, nunha renúncia cada vez máis acusada a xogar un rol de intermediación entre as famílias do país e o sistema produtivo galego e na acentuación do seu papel como deslocalizadoras do aforro nacional.

A modificación do *modus operandi* do sistema financeiro galego, e o reforzo do seu marcado carácter periférico, deixaron sentir a sua pegada nas pautas de financiamento das pequenas e medianas empresas do país. Con carácter xeral, a estrutura financeira das PEMES galegas reflecte unha escasa participación do crédito proporcionado por bancos e caixas de aforro, tanto a longo como a curto prazo, un escaso grau de bancarización do seu pasivo a curto prazo, e unha excesiva dependéncia do crédito comercial proporcionado por

acredores non institucionais. As consecuéncias deste particular modo de financiamento deixan sentir os seus efeitos negativos sobre a capacidade de xeración de valor engadido bruto, sobre os resultados, e sobre a capacidade de xeración de *cash flow*.

As posibilidades de defensa da nosa indústria nun mundo cada vez máis global están, sen dúbida, con independéncia do seu concreto eido de actividade, vinculadas á sua capacidade para interiorizar os procesos de inovación e desenvolvimento tecnolóxico asi como na capacidade para expandir a sua rede comercial. Tanto unha como a outra están vencelladas á capacidade de investimento e esta está limitada polo seu nível de autofinanciamento, e pola posibilidade de captación de financiamento externo de procedéncia institucional (procedente de caixas de aforro e bancos). Unha e outra dependen, á sua vez, da capacidade endóxena de xeración de *cash flow* empresarial e están intimamente ligadas, en definitiva, co estabelecimento de vias de comunicación cada vez máis fluídas e eficientes entre o sistema financeiro e o sistema industrial.

Nas economias modernas os sistemas de inovación e os sistemas financeiros deben ser considerados como forzas determinantes da modernización e adaptación aos cámbios produtivos. Non podemos considerar eficiente a un sistema financeiro que deixe de participar no financiamento dos procesos de inovación industrial e cabe exixir, por outra banda, do sistema de inovación que xere suficientes actividades de investimento rendíbel e cun grau de risco razoábel.

O manexo do risco, particularmente do risco vinculado á inovación e posta en marcha de novos proxectos empresariais, ten-se convertido no corazón dos modernos sistemas financeiros. Se un sistema financeiro non sabe dotar-se de instrumentos capacitados para esta función, as suas entidades financeiras limitaran-se a aplicar aos novos proxectos, especialmente aos máis intensivos en inovación, critérios de escolma para determinaren a concesión de crédito baseados unicamente na exixéncia de garantias reais sobre o proxecto e sobre o património do próprio prestatário. O efeito dese comportamento é a atonia da actividade investidora interna, que será compensada cunha política de expulsión de recursos financeiros materializada por meio da suscrición de débeda pública, das cesións de tesoureria a outros bancos, ou da colocación de aforros dos depositantes en fundos de investimento, produtos todos eles carentes de risco mais con nengun proveito para as PEMES galegas.

O papel do IGAPE e da sociedade Xesgalicia, apenas son un parche para atender as urxéncias dun número reducido de empresas privilexiadas, o resto do tecido empresarial galego ten ficado totalmente desatendido.

A caréncia ou limitacións dos instrumentos de financiamento industrial leva a que mesmo institucións tan pouco aptas para o investimento como son as Universidades teñan dado, nalgun caso, o paso de criaren sociedades de capital

risco para promoveren empresas inovadoras. Obviamente, son exemplos que evidéncian un mundo ao revés: os governos e as entidades financeiras dimiten das suas obrigas investidoras e as Universidades cren-se obrigadas a cobriren o seu oco.

Cómpre portanto que desde a Administración Autonómica se corrixa esta ineficiéncia do sistema financeiro galego, dotando-o dunha nova institución que sexa quen de acompañar ás entidades financeiras galegas, especialmente ás Caixas de Aforrro, no proceso de estudo de participación nos novos proxectos, especialmente dos máis intensivos en inovación. Esta nova institución -**Instituto Galego de Desenvolvimento**- deberia dotar-se de especialistas capacitados para o manexo do risco industrial –fundamentalmente tecnólogos e expertos en procesos industriais - que, en colaboración cos xestores de risco das entidades financeiras puderan acometer as seguintes funcións básicas:

1. Estudar en contacto cos investidores potenciais os seus proxectos na fase previa á toma da decisión definitiva de investir, co obxecto de determinar as suas posibilidades de mercado, a planificación estratéxica do mesmo e a determinación dos fitos fundamentais do investimento, e a sua escrupulosa tradución a necesidades de fundos.
2. Escolmar, de entre os proxectos estudado,s aqueles que contaren cun potencial de implantación maior, polo seu potencial de mercado, novidade comercial, etc., e apoiá-los via crédito, colaborando, aliás, cos promotores perante institucións locais, rexistos, institucións autonómicas, centrais e mesmo comunitárias, para facilitaren os trámites legais de implantación, concesión de subvencións, etc.
3. Criar, xunto coas caixas de aforro e os bancos galegos, unha Sociedade de Capital Risco con capacidade real para participar nos proxectos con perspectivas de éxito máis intensivos en tecnoloxia.
4. Fomentar coa colaboración das entidades financeiras a criación dun segundo mercado específico para PEMES galegas, cara a que puderen dirixir-se as empresas na procura de novos capitais e no cal as Sociedades de Capital Risco puderen vender, realizando plusvalias, as accións das suas participadas, unha vez coallaren con éxito os proxectos en que participaren.
5. Coordenar xunto coas entidades financeiras a saída a bolsa das sociedades galegas que o desexaran, sempre que estiveren capacitadas para accederen a aquela.
6. Dar pulo a novas entidades de afiuzamento -Sociedades de Garantia Recíproca, Sociedades de Segundo Aval, etc.- participadas tamén polas caixas de aforro e os bancos galegos, que deberian estar dotadas de capital abondo e contaran con especialistas no manexo do risco industrial e na avaliación de proxectos.

O **Instituto Galego de Desenvolvimento** coordenaria a actividade de todas e cada unha destas sociedades, co obxecto de proporcionar coeréncia ás

actividades promocional, participativa e de afiuzamento. Tendo en conta, por outra banda, a resisténcia bancária á segmentación rexional dos seus departamentos de risco e áreas de negócio corporativo, o Instituto deberia de contar cunha estrutura que garantira a sua presenza efectiva con oficinas rexionais ao menos nas sete grandes cidades galegas, dotadas cada unha elas do persoal axeitado para cumprir con eficiéncia a sua función promotora no ámbito local.

I.5.2 PROMOCIÓN DA COOPERACIÓN E DAS SINÉRXIAS ENTRE EMPRESAS

A difusión dunha nova cultura empresarial, virada cara á inovación e á competitividade, debe promover-se por todos os meios. Entre eles consideramos moi útil a própria autoorganización das empresas en estruturas que faciliten a fluidez da información, a reflexión colectiva, o intercámbio de experiéncias, a cooperación e a criación de equipas de asesoramento estratéxico para todas elas. A competéncia principal entre as empresas industriais non está a nível local senón nos mercados exteriores por iso é preciso criar as condicións que permitan ás nosas empresas adentrar-se nunha estratéxia cooperativa que fortaleza o seu posicionamento estratéxico nos mercados globais.

Nese sentido a potenciación dos **"complexos industriais"**, asociacións empresariais sectoriais ou locais, foros permanentes de convivéncia, etc., constituen-se como un dos peares da política industrial do BNG.

A potenciación dos conglomerados empresariais de actividades afins é tamén fundamental porque a maior parte do coñecimento tecnolóxico é decote específico e tácito (difícil de codificar) e a sua difusión requer da potenciación das relacións e da confianza entre empresas xeograficamente próximas. Este feito requer da administración un esforzo persistente e contínuo por liderar e coordenar o esforzo conxunto dos axentes económicos na procura de maior colaboración en actividades como as de produción, I+D e comercialización. Todo o contrário do que acontece hoxe en dia, cando as políticas do PP se traducen, *de facto*, na constitución de asociacións que acaban por se conformar esperpenticamente como grupos de presión perante a administración que actua como promotora: a própria Xunta.

Ademais, fai-se cada vez máis evidente en Galiza que as tradicionais intervencións do governo do PP através dos seus programas e subvencións carecen da imprescindíbel participación dos axentes destinatários das axudas. A política nacionalista en matéria de complexos industriais é a de fomentar a participación dos axentes afectados co obxectivo de enxergar medidas que estexan mellor adaptadas ás necesidades reais das empresas, en lugar de levar adiante unha planificación de arriba abaixo desvinculada dos requirimentos operativos do entramado produtivo.

Por último, cabe destacar que durante os governos sucesivos do PP as políticas tradicionais centradas case exclusivamente en subvencións está

demostrado en todo o mundo que son as menos eficaces. Normalmente non axudan en nada a reformular as opcións estratéxicas das empresas. Existe, pois, unha necesidade real de adaptar a política industrial a empresas con retos estratéxicos diferentes.

De maneira concreta, a política do governo pode axudar a prover incentivos para as empresas se renovaren e pode actuar sobre o entorno para o converter en máis exixente e facilitador do cámbio.

As medidas prioritárias na **promoción dos "complexos industriais"** deben ser:

1. **Acadar masa crítica**: só se os complexos acadaren unha masa crítica suficiente poderán detectar-se os beneficios do seu funcionamento. Resulta neste senso prioritário incrementar o tamaño actual dos clusters medido en termos de emprego, asi como a intensidade das relacións entre os participantes. Con este fin, a experiéncia internacional demostra que a própria demanda do sector público e tamén os seus esforzos de liderazgo e coordenación son esenciais para promoveren unha maior masa crítica na actividade en cuestión. Alén disto, e na liña da obtención de maior masa crítica, debe-se tamén potenciar os nodos sen cobrir das redes xa estabelecidas no território (automoción, móbeis, papel, etc.) para facilitaren o seu desenvolvimento ou incentivaren as compañias líderes para que estimulen os cámbios na cadea cara a abaixo.
2. **Complementar algunhas funcións do empresariado** cando estes por si sós non sexan capaces de desenvolver as suas funcións: o empresário debe ser contemplado como o axente primordial do proceso que procura ligar o desempeño inovador coas oportunidades tecnolóxicas. O labor público encol destas actividades debe (a) fomentar a especialización dentro dun mesmo conglomerado industrial na procura de maior eficiéncia e menores custos para acometer a tarefa de emprendedor, e (b) complementar a iniciativa privada en cando a promoción e desenvolvimento do complexo asi o requerise. Cómpre reparar en que o apoio público a cada unha destas tarefas, ben fomentando a iniciativa privada nelas ou ben responsabilizando-se delas mesmas, deberá adaptar-se en calquer caso á etapa do ciclo de vida do sector obxecto da actuación. Asi por exemplo, a participación do governo galego no desenvolvimento do sector das telecomunicacións na comunidade pode requerir máis compromisos que no caso de sectores maduros e consolidados.
3. **Promover a cooperación**: un dos obxectivos esenciais da administración galega debe ser a de pór os alicerces sobre os que construir a necesária confianza entre os participantes no conglomerado empresarial. Isto consegue-se non só a potenciar os acordos de cooperación con apoio financeiro senón tamén a promover os contactos informais mediante reunións, seminários, etc., en que os participantes comparten ideas e proxectos. A escolla dos participantes en ámbitos territoriais reducidos,

ademais, fai posíbel que a identificación dos determinantes da competitividade se realice en termos moi concretos e operativos, fuxindo de recomendacións e propostas xenéricas aplicábeis á prática totalidade de actividades produtivas.

Estas actuacións xenéricas deben ter como obxectivo o conxunto das actividades máis relevantes na economia galega, mais sen renunciar nunca ao estímulo da presenza das nosas empresas nos mercados do futuro: telecomunicacións, información, biotecnoloxia, protección ambiental, novos materiais e enerxia. Precisamente a obtención de masa crítica nestas actividades é un reto esencial para o governo galego, pois o seu potencial de crecimento en relación aos sectores tecnoloxicamente máis maduros e predominantes en Galiza influirá decididamente na nosa capacidade para xerar emprego e, portanto tamén, na nosa posición relativa en relación a Europa.

I.5.3 POLÍTICA DE APOIO E PROMOCIÓN DOS SECTORES ESTRATÉXICOS

Tomando en consideración a nosa experiéncia acumulada e as tendéncias observadas na economia mundial cara o predomínio dos sectores e actividades intensivas en coñecimento, como consecuéncia da aplicación das novas tecnoloxias e da orientación do consumo cara a produtos intensivos nas mesmas, parece necesário adoptar unha estratéxia activa que, co realismo pertinente, nos permita non ficar fóra do mapa industrial do Século XXI. A evolución das actividades e do emprego nos países máis desenvolvidos mostra-nos que certas actividades de servizos están convertendo-se en eixos esenciais do crecimento económico e da criación de empregos, portanto a nosa estratéxia de política económica contempla tamén esas actividades como obxecto de atención preferente.

A estes efeitos, serán considerados estratéxicos aqueles sectores ou pónlas da actividade económica que respondan aos seguintes critérios:

1. **Complementariedade**: sectores que presenten unha densidade de interrelacións sectoriais, reais ou potenciais, que lles permita actuar como elementos estruturadores e dinamizadores de partes importantes do noso tecido produtivo.
2. **Competitividade**: sectores que presenten potencialidades importantes para penetrar mercados exteriores, incrementando as exportancións e tendo un efeito neto favorábel sobre a balanza comercial.
3. **Alto valor acrescentado**: que sexan **intensivos en coñecimento** e, portanto, intensivos na criación de empregos de futuro; que permitan valorizar as cualificacións existentes entre o persoal saído dos nosos centros de educación, que hoxe se ve obrigado a buscar emprego fóra de Galiza. A nosa prioridade non pode centrar-se nas actividades de baixos salários, en que a nosa competitividade só pode ser escasa e efémera, senón

nas actividades capaces de criar empregos cualificados, capaces de criar competitividade en base á calidade, diversificación, especialización, etc.

4. **Inovación**: Sectores dinámicos con capacidade para incorporaren inovacións ao sistema produtivo e para as difundiren, non pensando tan só nos sectores intensivos en tecnoloxia ligados ás "altas tecnoloxias", senón nos sectores que son esenciais para a inovación nos sectores con unha presenza notábel no noso tecido produtivo. A estratéxia debe consistir en ir ircorporando aos sectores hoxe existentes aquelas actividades que lle permiten a sua transformación contínua, dominando as fases de I+D, concepción, etc. que permiten facer evolucionar os produtos para entrar nos mercados máis remuneradores e dinámicos.

Para a identificación dos sectores estratéxicos e a selección de medidas específicas que han de permitir o seu apoio, combinará-se a información procedente da prospectiva das tendéncias da indústria e os servizos a nível mundial xunto coa avaliación da experiéncia e know-how acumulado na nosa estrutura produtiva. Nese sentido debe realizar-se un esforzo por non ficar reducidos mimeticamente ao repertório de sectores estratéxicos ou priorizados a nível Europeo ou Español, tratando de encontrar as nosas potencialidades específicas, sendo conscientes que é xustamente a **diversidade** a que pode abrir ocos no mercado mundial. O aproveitamento das posibilidades desa diversidade debe asentar-se non só nos nosos recursos naturais senón en todas aquelas cousas que sabemos facer ou podemos aprender a facer.

I.5.4 POLÍTICA DE APOIO ÁS EMPRESAS

Ademais das medidas de orientación estratéxica resulta necesário adoptar medidas de apoio directo ás empresas para fortalecer a sua capacidade competitiva, a curto e a longo prazo. Diferenciaremos dous grupos de empresas que deben contar con medidas específicas para cada un deles: As pequenas empresas e as grandes empresas.

I.5.4.1 Política de apoio ás PEMES

Dado que o tecido industrial de Galiza está constituído por empresas de tamaño excesivamente reducido para as condicións da competéncia actual nos mercados globalizados, resulta necesária unha estratéxia que apoiar a rápida expansión daquelas empresas con máis futuro e, ao mesmo tempo, favorecer a cooperación das PEMES no campo tecnolóxico e comercial para poder vencer alguns dos atrancos a que se enfrentan.

Con esa filosofia propón-se unha série de medidas que orientará a nosa acción en apoio ás PEMES:

1. Unha política fiscal e creditícia que permita unha acelerada redución dos níveis de endebedamento das empresas para estas poderen comezar a

considerar unha estratéxia de expansión. Ese tipo de medidas deberá requerir a existéncia dun plano estratéxico da empresa en que se comprometer a aproveitar eses benefícios para aumentar o investimento.

2. A implementación da política fiscal indicada requerirá a transferéncia de competéncias nesta matéria nalguns casos, noutros poderia facer-se no marco da política fiscal estatal.
3. No que se refere á política creditícia para facer frente á envergadura do problema seria necesário proceder á criación dun Instituto de Desenvolvimento de Galiza e unha nova regulación das Caixas de Aforro para garantizar un maior compromiso das mesmas coas empresas produtivas.
4. No mesmo sentido, porá-se en marcha un plano de apoio á modernización tecnolóxica e de mellora da calidade cunha dotación que permita realmente incentivar aceleradamente ás empresas nesa dirección. Nese sentido partimos da constatación da radical insuficiéncia das medidas desenvolvidas polo Governo do PP nos últimos anos, cuxas axudas se veñen repartindo, ademais, con critérios clientelares e sen obxectivos industriais definidos.
5. Dadas as dificuldades ou imposibilidade de moitas pequenas empresas para dotar-se dun departamento próprio de I+D, criará-se unha rede de centros tecnolóxicos sectoriais coa dimensión e meios adecuados para responder ás necesidades da inovación, de homologación e de control de calidade deste tipo de empresas, tanto nas ramas mais tecnolóxicas como na ramas mais maduras. Nese sentido retomarán-se e porán-se en funcionamento con obxectivos claros alguns centros xa existentes (Pizarra, Granito, CIS Inovación e Deseño, CIS Madeira, etc.) que languidecen por falta de estratéxia, despois de absorber investimentos millonários. Estes Centros funcionarán en estreita conexión e coordenación coas empresas asociadas para responderen ás suas necesidades reais e concretas, mais impondo-se á falta de visión estratéxica que predomina nos sectores mais atrasados do noso empresariado.

Ainda que en Galiza predominan as pequenas empresas, e até as microempresas, existe un certo número de grandes empresas que ten unha grande importáncia estratéxica porque garante a conquista de novos mercados, cria un importante volume de emprego directamente e pode servir de arraste para unha constelación de pequenas empresas con que se mantén unha relación produtiva ou comercial.

I.5.4.2 Política da apoio ás grandes empresas

As grandes empresas teñen unha problemática específica que requer a adopción dunha série de medidas de apoio que en moitos casos deben ser deseñadas através dunha colaboración directa coas mesmas mais que en liñas xerais consistirian en:

1. Apoio á política de apertura de novos mercados, que en moitos casos, nos de maior envergadura, pode requerir un certo apoio institucional e diplomático, aspecto este que debe ser coidadosamente mais sistematicamente desenvolvido.
2. Apoio financeiro para proxectos de ampliación da capacidade comercializadora. De acordo co ICEX e as Institucións financeiras públicas e privadas porán-se a disposición das empresas de capital maioritariamente galego recursos financeiros en boas condicións para acometer planos de internacionalización comercial.
3. Fomento das alianzas estratéxicas entre empresas galegas para abordar mercados exteriores, configurar canles de distribución compartíbeis, etc. Ainda que a responsabilidade desta estratéxia corresponde ás empresas, o Governo galego adoptará todas as medidas necesárias para as impulsar.
4. Apoio para a consolidación da capacidade tecnolóxica e para o fortalecimento dos centros próprios de I+D e deseño desas empresas como via para favorecer a sua flexibilidade, a diversificación e a mellora permanente da calidade.
5. Para ese obxectivo promoverá-se a participación das empresas galegas como líderes en proxectos de I+D comunitários, en colaboración con equipas unversitárias galegas cando sexa posíbel, para rendibilizar as oportunidades deste tipo de proxectos. Asi mesmo, defenderá-se unha progresiva territorialización das medidas do CDTI e do Ministério de Indústria co obxecto de reducir a excesiva concentración das suas axudas na CCAA madrileña e incrementar a participación das nosas empresas.
6. Fomento e promoción das relacións interindustriais e de subcontratación co tecido de PEMES do contorno co obxecto de aproveitar ao máximo as economias de proximidade, criar economias externas e contribuir ao fortalecimento do tecido industrial local. Para iso deseñarán-se planos de actuación estratéxicos tendentes a fortaleceren os “clusters” de empresas.

I.5.5 POLÍTICA PARA AS EMPRESAS PÚBLICAS ESTATAIS

1. Defensa do sector público empresarial, mantendo a presenza maioritária no accionariado das empresas que o constituen. A alienación da propriedade do Estado polo Governo central e a apropriación do seu valor, cando aqueles investimentos están materializados nun território concreto que goza de autonomia, vulnera os princípios de descentralización e pode contribuir a agravar os desequilíbrios territoriais. Por iso consideramos que o Governo Central non pode vender as empresas públicas radicadas en Galiza sen o consentimento do Governo galego e, no caso de este ter interese no seu mantimento como empresa pública, o que deberá facer é segregar a propriedade das plantas aqui instaladas e transferir a sua propriedade á Xunta de Galiza.
2. Galiza debe defender a posta en marcha dun plano progresivo de transferéncia das empresas públicas ás Comunidades Autónomas

históricas, a comezar pola descentralización dos departamentos estratéxicos das mesmas hoxe ubicados en Madrid (I+D, Compras, Marketing, Dirección financeira, etc). De xeito imediato estabelecerá-se un Programa coordenado coa SEPI (Sociedade Estatal de Participacións Industriais) co fin de realizar os investimentos necesários, a transferéncia de persoal, etc. para a posta en marcha deses departamentos nas sedes galegas desas empresas. Especial atención deberá prestar-se aos departamentos de I+D e de enxeñeria.

3. O sector público empresarial ten un interese intrínseco polas actividades que desenvolve e os empregos que xera, mais debe acometer-se un plano de integración destas empresas no tecido industrial galego, aumentando as interrelacións coas empresas do sector, aumentando os níveis de aprovisionamento en Galiza, de forma que podamos convertir o sector público empresarial nun elemento dinamizador e de arraste do resto da nosa indústria. Para iso poderemos amparar-nos no Artigo 90 e 92.3 do Tratado da Unión Europea.
4. Como garantia de cobertura universal dos servizos públicos, defende-se o carácter público das empresas que ainda o son. Nos demáis casos promoverá-se unha regulación estrita e exixente que garanta a prestación do servizo a todos os cidadáns, a fin de evitar que certos usuários ou certas zonas do noso país podan ficar desatendidas neses servizos, por non resultar rendíbeis para a empresa privada.

I.5.6 POLÍTICA DE CRIACIÓN DE EMPRESAS CON PARTICIPACIÓN PÚBLICA

Para o cumprimento dos obxectivos de desenvolvimento industrial, fortalecimento dos sectores estratéxicos, impulso a unha nova actividade, criación de emprego en áreas en declive poderá proceder-se á criación de empresas públicas ou mixtas (en colaboración con empresas privadas ou entidades financeiras).

1. O Governo galego participará na posta en marcha de empresas industriais ou de servizos de carácter mixto que cobren demandas recurrentes e previsíbeis de bens e servizos realizadas pola própria Administración Autonómica e que poden tamén abrir mercados fóra (empresas de Software e Sistemas, consultoria tecnolóxica, comunicacións, etc). De tal forma que os contratos millonários que regularmente deben realizar-se sirvan para criar indústrias e empregos neses campos de futuro.
2. Promoverán-se e no seu caso criarán-se empresas nas actividades verdes, que constituen un campo de negócio en forte expansión e que, ademais, responden a critérios ecolóxicos e sociais que consideramos deben impulsar-se.
3. A valorización estratéxica de certos recursos básicos e estratéxicos como os hidráulicos e os eólicos serian encomendados a unha Empresa Nacional de Enerxia.

I.5.7 POLÍTICA TECNOLÓXICA

1. Galiza debe realizar un grande esforzo no cámbio tecnolóxico que debe plasmar-se nun PLANO TECNOLÓXICO cuatrienal que incremente aceleradamente os recursos dedicados a I+D e dote de coeréncia e coordenación a todas as actuacións neste campo. O longo tempo hibernado Plano Galego de I+D, durante as duas primeiras lexislaturas de Fraga Iribarne, arrancou finalmente no ano 1999 cunha escasa dotación e cunha completa desorientación canto a obxectivos estratéxicos. É xustamente neste terreo onde máis claramente se percebe a auséncia dun plano de futuro nas actuacións da Xunta de Galiza. É unha necesidade peremptória dar un salto neste campo, non só no relativo á investigavión científica senón e sobretodo na tecnolóxica. Por suposto, debe asumir-se que unha política tecnolóxica necesita de tempo para render froitos, por iso debe formular-se con critérios estratéxicos e a longo prazo, tratando de anticipar os cenários de futuro para o desempeño da actividade industrial.
2. Nese sentido e habida conta do baixísimo nível de partida, un obxectivo a catro anos vista deberia ser conseguir multiplicar por catro ou por cinco os recursos actuais totais dedicados a I+D (actualmente representan o 0,5% do PIB). Paralelamente deberia conseguir-se unha distribución dese gasto onde a indústria pasase a representar cando menos o 50-60% do gasto total; isto requeriria multiplicar cando menos por dez o gasto en I+D empresarial (incluindo empresas e centros sectoriais). Ese nível pode considerar-se o limiar a partir do que o Sistema de Inovación pode comezar a render resultados de certa envergadura, criando sinérxias e economias de escala e economias externas importantes. Dado o ponto de partida parece razoábel pensar que unha grande parte dese esforzo debe ser protagonizado pola Administración, os centros tecnolóxicos dela dependentes e os centros tecnolóxicos privados. De todas formas deberia ir acompañado dun esforzo de mobilización dos recursos privados (empresas industriais sobretodo, mais poderia pensar-se nun plano especial pilotado polas Caixas de Aforro); non debe esquecer-se, asi mesmo, que un dos obxectivos dese PLANO non seria só achegar recursos financeiros senón remover a "cultura" e comportamento empresarial, a promover unha cultura estratéxica ao nível da dirección das empresas.
3. O aumento da dimensión média dos centros de investigación e tecnolóxicos é, en xeral, un obxectivo moi importante habida conta da reducida dimensión predominante nos centros existentes. Ese aumento de escala é imprescindíbel para que alcancen o nível ou masa crítica necesária para poder abordar proxectos de certa envergadura e complexidade; para poder facer non só investigación básica senón tamén aplicada e máis ainda para abordar proxectos que implican desenvolvimentos tecnolóxicos ou prestación de servizos.
4. De cara aos obxectivos anteriores pode resultar un meio importante conseguir unha "territorialización" real e efectiva das actividades de I+D das empresas públicas hoxe radicadas en Madrid (Construción Naval, Ence,

etc). Isto seria beneficioso non só para as próprias plantas de produción aqui instaladas, senón que ademais poderia xerar dinámicas de cooperación con outras empresas do sector (auxiliares, clientes, etc.).

5. Como se vén insistindo, deben aumentar e fortaleceren-se os mecanismos de cooperación tecnolóxica entre os elementos do SRI; isto debe plasmar-se no fortalecimento da estrutura de centros sectoriais e na criación de instrumentos financeiros específicos para promover esa cooperación. Unha estratéxia de aproveitamento do potencial das Universidades resulta vital no caso de Galiza, debido á sua importáncia relativa. O deseño dunha política horizontal de I+D debe ir acompañada dunha política clara de servizos tecnolóxicos, particularmente para as PEMES, que responda ás necesidas concretas das empresas.
6. A política tecnolóxica debe incardinar-se coas demais políticas conexas, particularmente coa Universitária e de Investigación e tamén coa política de formación (particularmente formación contínua, ocupacional e formación profisional). Isto requer unha completa reconsideración do organigrama funcional do actual governo autónomo, cuxa dispersión competencial e auséncia de coordenación apresenta non só problemas de utilización ineficiente dos recursos a curto prazo senón estrangulamentos a meio prazo.
7. Este tipo de critérios deben conducir a un reformulamento da articulación institucional e de competéncias entre os diferentes níveis da Administración. Deberia defender-se neste campo a completa aplicación do princípio de subsidiariedade, de forma que haxa unha verdadeira descentralización da política tecnolóxica a nível comunitário e español. En todo o caso, debe facer-se fincapé na consideración do critério de coesión territorial como un parámetro esencial no deseño e implementación das políticas comunitárias e estatais. Como se sabe, unha característica que marca a configuración das actividades de I+D no Estado español é o seu elevado grau de concentración na Comunidade de Madrid; Galiza tan só representa o 2,3%. Os sucesivos Planos Nacionais de I+D non significaron unha mellor distribución territorial dos Fundos para I+D, senón que, polo contrário, se traduciu nunha acentuación da sua concentración na Comunidade de Madrid, representando case o 61% no caso da I+D realizada polas Administracións Públicas

Este problema apresenta-se tamén coa Política Tecnolóxica da UE, especialmente o Programa Marco, que está volcada nas altas tecnoloxias nos sectores chamados estratéxicos, de forma que só un número reducido de rexións europeas se benefician realmente de forma masiva destes programas, provocando un gravísimo efeito polarizador, contribuindo a concentrar ainda máis as actividades de I+D a nível europeo. Por esa razón, desde o ponto de vista das rexións periféricas interesa promover a apertura destes programas para poder atender tamén as necesidades da inovación nos sectores chamados maduros, mais que continuan a necesitar grandes esforzos de inovación.

Portanto, non se está en contra da existéncia dunha política tecnolóxica interterritorial, senón que se considera que esta será positiva na medida en que:

a) sirva para criar condicións infraestruturais de cara a novas actividades e de cara á inovación.
b) poda guiar con critérios territoriais a localización de indústrias e servizos.
c) poda apoiar a inovación nas actividades económicas tradicionais.

8. Un obxectivo de grande interese é o estabelecimento dunha estreita colaboración no eido tecnolóxico co Norte de Portugal, o que en moitos sectores ou servizos pode suplir lagoas do noso sistema e noutros casos pode permitir o deseño de estruturas tecnolóxicas de maior envergadura habida conta da superior dimensión do mercado de usuários.
9. Por último, dada a importáncia do esforzo tecnolóxico que se propón asumir, consideramos que as medidas deberian ser implementadas através dun pacto social e político, acompañando o seu deseño e a sua xestión do meirande rigor técnico e profisional. Para o garantir, deberia realizar-se unha avaliación tanto das necesidades como dos resultados da medidas implementadas por técnicos independentes do Governo. Mesmo poderia pensar-se na criación dun "Centro de avaliación e deseño da política tecnolóxica", en que, ao lado dun corpo profisional independente, estivesen representados os sectores implicados e os representantes sociais.

I.5.8 NOVAS TECNOLOXIAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

A aparición e a rápida difusión das Novas Tecnoloxias da Información e das Comunicacións (TIC) está a provocar cámbios importantes nos comportamentos individuais e mais nos hábitos de consumo, pero tamén na organización da produción, criando novas ponlas de actividade, novos mercados, e alterando as pautas de funcionamento e organización dos sectores tradicionais.

A que xa se ten denominado como a "Revolución Dixital" está a criar importantes riscos e oportunidades fronte aos que Galiza non pode permanecer impasíbel. As novas tecnoloxias contribuen ao proceso de mundialización económica, e polo tanto, favorecen a interpenetración dos mercados, a mobilidade dos capitais, as megafusións empresariais, e a acaparación de cada vez maiores cotas de mercado por un número mais reducido de grandes corporacións empresariais, nunha sorte de oligopolización mundial de todos os sectores da economia.

Paralelamente a esta tendéncia, que entraña riscos importantes para os países pequenos como Galiza, as TIC están a criar novos mercados e ponlas de actividade baseados no coñecimento, donde a desvantaxe da condición periférica perde importáncia relativa. Estas novas ponlas de actividade son mais dependentes do coñecimento que do equipo capital, e polo tanto, oferecen un

chanzo aos países que estén mellor preparados para tirar vantaxes desa situación.

Fronte á inércia homoxeneizadora da mundialización económica, as TIC oferecen tamén a posibilidade de "estar presentes no mundo", facer visíbel a diversidade de culturas, tendo moi claro que a especificidade cultural é un valor engadido, que nos permite diferenciar as nosas producións no mercado mundial.

A magnitude e transcendéncia dos cámbios que se están a producir na organización da produción e da distribución, aconsellan ademais, sermos protagonistas directos deses cámbios, a risco de ficar, mais unha vez, tecnolóxicamente obsoletos, dependentes e marxinados nos sectores de maior crecimento da produción.

O BNG entende que unha política do Governo galego destinada a situar a Galiza nunha posición que lle permita tirar vantaxes dos cámbios que está a provocar a difusión das novas tecnoloxias, deberá evitar a exclusión social no acceso e uso das novas tecnoloxias e promover a criación dun espazo galego de comunicación dentro da rede proxectado cara o exterior. A acción de governo do BNG nesta matéria, estruturará-se nas seguintes liñas de actuación preferente:

1. No ámbito institucional e lexislativo

- É preciso dotar á Xunta de Galiza dunha estrutura orgánica axeitada para facer fronte aos retos da chamada "sociedade da información", mediante a criación dun departamento específico co rango institucional necesário para coordenar as competéncias dispersas no ámbito das novas tecnoloxias, e para que a Administración galega se convirta no verdadeiro motor do uso das novas tecnoloxias da información e das comunicacións (TIC) no noso país.
- Este departamento deberá levar a cabo, con carácter urxente, un informe sobre a situación actual e as perspectivas de desenvolvimento das novas tecnoloxias en Galiza, que sirva de guia para a definición dunha política estratéxica do Governo galego nesta matéria. O seguimento público do estado do desenvolvimento e difusión das novas tecnoloxias na Galiza realizará-se desde un único centro de observación e estudo, en coordenación co Instituto Galego de Estatística (IGE).
- Instar a transferéncia da xestión e da explotación do espectro radioeléctrico no território galego á xunta de Galiza.
- Estabelecer negociacións cos organismos internacionais competentes para os estabelecimento dun domínio galego.
- Instar igualmente ao Governo Central, para que inclua o acceso a Internet dentro da cualificación de servizo universal.
- Desenvolver unha normativa galega sobre a instalación de antenas de telefonia móbil, tendidos de cabo e demais infraestruturas de telecomunicacións.

- Promover a criación dunha autoridade galega de certificación.
- Promover o desenvolvimento de redes para a mellor información e integración dos/as emigrantes galegos/as.

2. A incorporación das novas tecnoloxias na administración

- Desenvolver un plano para a presenza real e efectiva das Administracións galegas en Internet, co obxectivo de axilizar a xestión administrativa e aproximar a Administración aos cidadáns, residentes e non residentes.
- Facilitar a realización de procesos administrativos a través da rede, nomeadamente os relacionados co mundo empresarial.
- Promover a utilización da sinatura electrónica nos procesos administrativos.
- Impulsar a publicación electrónica do texto íntegro do Diário Oficial de Galiza, así como do Boletín Oficial e do Diário de Sesións do Parlamento de Galiza.

3. O acceso a Internet e o uso das novas tecnoloxias

- Garantir a posibilidade de acceder á rede desde calquer povoación de Galiza, sexa do meio urbano ou rural.
- Estabelecimento de pontos de acceso gratuito á rede, aproveitando a infraestrutura de bibliotecas, centros xuvenís e outros centros públicos.
- Promover a incorporación das novas tecnoloxias na xestión das empresas galegas, así como nos seus procesos de produción e distribución.
- Fomento do *software* de libre distribución.

4. A formación nas novas tecnoloxias da información e as comunicacións

- Aumentar a oferta pública de estudos superiores, técnicos e meios relacionados coas novas tecnoloxias.
- Dotar aos centros de ESO e aos institutos públicos da infraestrutura e dos meios necesários para impartir os coñecimentos básicos que lles permitan a todos os estudantes desenvolverse sen problemas coas ferramentas e meios de traballo próprios da actualidade.
- Desenvolver programas de formación e reciclaxe do profesorado no que atinxe ás novas tecnoloxias.
- Promover a incorporación de créditos específicos e contidos relacionados co uso das novas tecnoloxias en todos os estudos universitários.
- Promover a formación contínua e a reciclaxe dos traballadores en activo e dos desempregados no uso das novas tecnoloxias.
- Desenvolver campañas de divulgación, información e alfabetización no uso das TIC, tanto dirixidas á povoación en xeral como a colectivos específicos.

5. A mellora das infraestruturas de telecomunicacións

- Revisar os convénios asinados pola Xunta de Galiza en matéria de telefonia rural, de xeito que se substitua a tecnoloxia actual por solucións que permitan o acceso Internet e demais servizos de transmisión de datos por parte dos habitantes do meio rural, en igualdade de condicións que os demais usuários.
- Mellorar a infraestrutura da rede institucional galega, para aproximala aos níveis de capacidade e calidade de Internet II.
- Impulsar que as redes de banda ancha cheguen a todos os núcleos empresariais do país, co obxecto de posibilitar que as PEMES galegas compitan nas novas tecnoloxias.

6. Impulso do comércio electrónico e da produción de contidos para a rede

- Promover a presenza da cultura e da língua galegas en Internet, mediante a presenza directa das Administracións galegas na rede e mediante o apoio ao desenvolvimento de todo tipo de contidos para a rede en galego.
- Fomentar a incorporación de empresas e produtos galegos ao comércio electrónico.
- Impulsar a industrialización en todos os campos ligados ás novas tecnoloxias, sexa na produción de software, de equipos de comunicacións, de producións multimedia, de enxeñeria lingüística, de estudos de mercado, de deseño gráfico, etc., mediante os fundos de capital risco do futuro Instituto de Desenvolvimento de Galiza, e en colaboración coas Universidades e centros tecnolóxicos.
- Promover o desenvolvimento do sector galego da loxística e da distribución, de importáncia vital para o desenvolvimento do comércio eléctrónico.
- Fomentar o desenvolvimento de aplicacións das tecnoloxias da linguaxe por parte das PEMES, así como a investigación en lingüística galega aplicada.

I.5.9 POLÍTICA ENERXÉTICA

I.5.9.1 O carácter estratéxico do sector enerxético

O caracter marcadamente estratéxico do sistema enerxético reflecte-se na sua importante incidéncia na actividade económica e social, asi como na competitividade do tecido empresarial e tecnolóxico. Os servizos que subministra o consumo enerxético constituen un elemento básico para a produción económica e a mellora da calidade de vida dos cidadáns. Mais o crecimento económico, o desenvolvimento industrial e dos transportes levaron a unha enorme expansión da utilización da enerxia, e dado que a produción, transformación e consumo desta, é unha das causas principais de degradación ambiental, cunha forte incidéncia en fenómenos como o cámbio climático, a

acidificación das chúvias, as mareas negras, a produción de resíduos rádio-activos, o impacto da minaria de carbón e dos grandes encoros hidro-eléctricos, situa-se nun primeiro plano a necesidade de mudar o actual modelo enerxético, dada a consciéncia progresivamente crecente, na existéncia dun importante subconxunto de problemas ambientais de alcance mundial.

O oferecimento dun **subministro enerxético de calidade co menor impacto ambiental posíbel**, de facil dispoñibilidade, sen interrupcións, a un custo razoábel, e compatíbel cun modelo de desenvolvimento sustentábel, fai evidente e urxente tal necesidade. Mais a posibilidade real de asentamento dun novo modelo enerxético, axeitado a estas características, exixe transcender os critérios unicamente baseados en parámetros de mercado, e portanto en custos exclusivamente privados, de maneira que os ambientais e sociais ocupen un papel máis protagonista.

Os países industrializados, na procura do crecimento económico e na medida en que son os que máis enerxia consumen, son responsábeis principais do nível actual dos gases de efeito invernadoiro e da destrución progresiva de grande parte da sua própria bio-diversidade.

Se o ***modelo enerxético ideal*** é aquel que máis se aproximar ás características de ser limpo, benigno meio-ambientalmente, ***non contaminante***; ***auto-suficiente***, sen dependéncia de fontes enerxéticas externas, baseado en recursos autóctones; e ***renovábel***, sen esgotamento dos recursos enerxéticos, resulta evidente a discrepáncia dos modelos enerxéticos *reais* con este modelo ideal, de maneira que o *mix* enerxético actual (carbón, gas, fuels, nuclear, etc.) é incompatíbel cos requerimentos a longo prazo para un desenvolvimento sustentábel, e impede obviamente o cumprimento dos obxectivos ambientais comprometidos a nível internacional, como certamente veñen confirmando os feitos nestes últimos anos, en que non só non se estabilizan as emisións de gases de efeito invernadoiro, senón que estas veñen desenvolvendo unha traxectória crecente.

Considerando, por un lado, a excesiva dependéncia dos combustíbeis fóseis, cun sistema enerxético xeral fundamentado no consumo masivo dos mesmos, --especialmente agudo en Galiza, onde significan arredor do 90% do consumo enerxético primário--, e que continuará nos anos vindeiros segundo as diferentes previsións realizadas por diferentes organismos internacionais; e por outro, a necesidade de elevación do nível e calidade de vida dunha maioria da povoación mundial, o problema de como asegurar o desenvolvimento do sector enerxético dunha maneira compatíbel coa preservación do meio ambiente se constitui nun dos retos fundamentais para a humanidade, traendo a primeiro plano a cuestión da sustentabilidade dos actuais modos de vida no planeta.

Portanto, unha estratéxia enerxética racional debe orientar-se a un **incremento na participación das enerxias renovábeis**, afondar en medidas

orientadas ao **aforro da enerxia,** unha **utilización máis racional e eficiente** da mesma, e onde, a **prevención** e **avaliación dos impactos** ambientais, a **integración** meio-ambiental e o desenvolvimento sustentábel na política enerxética, constituan os alicerces da mesma.

I.5.9.2 Auséncia dunha política enerxética própria

A importáncia deste sector clave, mesmo desde unha perspectiva económica, manifesta-se en ser o primeiro do sector industrial no Estado e en Galiza, en termos de valor engadido, alcanzando percentaxes do 16.8% e 28.6%, respectivamente, no ano 1998. A esta importáncia cuantitativa e cualitativa do sector enerxético hai que enfrentar a **caréncia dunha política enerxética própria** por parte da Xunta de Galiza ao longo dos últimos anos, limitando-se a actuar como un espectador pasivo das modificacións legais e do modelo enerxético no ámbito do estado, facendo deixación patente das competéncias estatutárias.

No ano 1998, o consumo galego de enerxia primária por habitante era un 42% **superio**r ao español, en tanto que o de enerxias finais é un 25% **inferior**. Que a **intensidade enerxética** galega (relación entre o consumo de enerxia primária e PIB) fora nese ano, o 77% superior ao mesmo índice español, constitui unha eiva esencial, e avalia contundentemente a pasividade e caréncia de proxecto enerxético por parte da Xunta de Galiza.

Asi, o sector enerxético galego caracteriza-se tanto por unha elevada **transformación** de enerxias primárias --o consumo galego en 1998, significou o 10% do español--, fundamentada na actuación produtiva da refinaria de Repsol e na explotación da potencialidade enerxética dos nosos rios e dos recursos mineiros de lignito pardo, cun grau de auto-abastecimento global marcadamente decrecente (só do 28% no ano 1998), e que piorará nos anos vindeiros polo efeito combinado da continuación das importacións de cru, do esgotamento dos lignitos pardos (centrais térmicas das Pontes e de Meirama) e do consumo crecente do gas natural; como por unha elevada **exportación** de enerxias finais ou disponíbeis para os consumidores (produtos petrolíferos e electricidade), significando o consumo galego, en 1998, o 5% do español, a metade do consumo de enerxias primárias.

Frente a aqueles que reducen a simples fluxos fiscais a economia e as relacións entre países, mesmo sen tomar en conta os espazos de tributación e de realización física da actividade, coa pretensión ideolóxica de apresentarmo-nos como un país subsidiado e a que lle convén permanecer nunha posición dependente, o sector enerxético galego constitui un paradigma do significado dos fluxos reais da economia galega cara á economia estatal, derivada da función histórica asignada a Galiza polo estado, como subministradora de enerxia eléctrica. Se no ano 1941 a poténcia **hidro-eléctrica** galega non pasaba

de 35MW, até o ano 1962 multiplicou-se por 38 (1.323MW). Da enerxia eléctrica total galega producida neste ano, nada menos que o 74% fora exportada.

De feito, Galiza apresenta-se como o lugar onde hai moitos anos se está a dar un alto nível de transformación de enerxia baseada en multitude de centrais hidro-eléctricas, que asulagaron un elevadísimo número de Ha. e de terreos produtivos; e na expoliación e estrago dos nosos recursos carboníferos, dando lugar a un sector orientado cara ao exterior, para abastecer, efectivamente, ás zonas máis consumidoras do estado, onde se experimentaba un modelo de desenvolvimento industrial, mentres non se aproveitaban as vantaxes comparativas do sector, e se consolidaba a situación de atraso relativo galego, con grave prexuízo para a sua conformación empresarial e para o conxunto da sua cidadania. O estabelecimento polo Estado da estrutura tarifária unificada significou e significa unha transferéncia monetária multimillonária a título gratuíto ao resto do estado, ademais de consolidar o feito de que os consumidores e empresários galegos non teñan unha situación privilexiada, senón que pola contra, temos de suportar os onerosos custos ecóloxicos da transformación da enerxia.

Ademais, adicionalmente á tributación pola produción enerxética galega en Madrid, asistimos tamén a exportación cara ao resto do estado dos abondosos **recursos xerados** polas eléctricas operantes, minimamente investidos no noso país, padecendo, pola contra, deficiéncias de subministración e de calidade da mesma en amplas zonas, nomeadamente as rurais.

Finalmente, os recursos xerados nas instalacións galegas en base á explotación dos nosos recursos naturais constituiron unha fonte fundamental na conformación actual das empresas enerxéticas como transnacionais, através da realización de inxentes investimentos en diversificación, en internacionalización e na numerosa implantación de novos proxectos enerxéticos centrados na tecnoloxia de ciclo combinado a gas ao longo do Estado, sen estar concretado, neste momento, as solucións de futuro para as térmicas galegas.

Eis os efeitos práticos da caréncia dunha política própria, e da posición dependente galega, que nos mostra, tanto a riqueza potencial do noso país como a maneira en que os fluxos reais producen-se dun xeito invertido á contumaz propaganda oficial e dos ‘teóricos da solidariedade’, cun efeito perverso para o desenvolvimento do país.

Portanto, urxe definir e **aplicar unha política enerxética galega** que tendo en conta o caracter estratéxico deste sector, se oriente na solución das suas eivas, facendo do INEGA un organismo realmente eficaz e operativo de actuación no sector; evitando o se converter no futuro nun país importador de electricidade; procurando a diversificación das fontes de enerxia; promovendo un uso máis eficiente da mesma; optimizando a calidade do seu subministro; diminuindo os custos de abastecimento; impulsando o uso **alternativo** e

descentralizado das enerxias renovábeis, e incrementando a sua participación no conxunto do sistema, compatíbel co respeito ao meio e contando coa participación dos concellos afectados; afondando nas medidas orientadas ao aforro da enerxia, diminuindo a intensidade enerxética do sistema económico; e tendo en conta prioritariamente que a prevención e avaliación dos impactos ambientais ten de se constituir no alicerce do deseño da política enerxética.

I.5.9.3 Obxectivos da política enerxética

Trataria-se de criar un marco político-enerxético que se orientara a alcanzar obxectivos como os seguintes:

1. Avanzar na diversidade, eficiéncia e flexibilidade do sistema enerxético, como condición básica da seguridade enerxética a longo prazo.
2. Facer compatíbel a utilización da enerxia cun desenvolvimento sustentábel, situando en primeiro plano a minimización dos impactos ambientais das actividades enerxéticas e, en xeral, as produtivas e de consumo.
3. Impulsar e promover fontes enerxéticas máis aceitábeis desde un ponto de vista meio-ambiental.
4. Mellorar a eficiéncia enerxética en todas as etapas do ciclo da enerxia desde a produción ao consumo, colaborando a promover por esta via a proteción ambiental e a seguridade do subministro eléctrico.
5. Impulsar a investigación, desenvolvimento e difusión de novas tecnoloxias enerxéticas, através da colaboración dos sectores público e privado.

I.5.9.4 Medidas de governo

1. Consideración do sistema enerxético, dentro do sistema estatístico galego, que permita o seu seguimento e evolución contínua, tanto da perspectiva das enerxias primárias utilizadas como das enerxias finais, ou a disposición dos consumidores, como elemento necesário que permita definir os seus elementos característicos básicos, os princípios que o informan, as eivas que padece, asi como o estabelecimento das liñas de actuación que permitan a sua superación.
2. A elaboración dun mapa de recursos e reservas enerxéticas, que permita programar o posíbel uso dos mesmos.
3. Aplicación plena das competéncias recollidas nos arts. 27.12, 27.13, 28.3 e 28.4 do Estatuto de Autonomia, para un control desde Galiza das reservas enerxéticas galegas.
4. A reclamación perante o governo do estado da participación do governo galego en todos os órgaos con capacidade decisória sobre a ordenación do sector enerxético.

5. Realización de controis exaustivos sobre o impacto no meio das actividades transformadoras.
6. Sumetimento das actividades transformadoras de enerxia en base a recursos non galegos, ás mesmas medidas que as utilizadoras de recursos próprios.
7. Consolidación real e definitiva do proxecto enteléquia de planta regasificadora galega, todavia sen autorización administrativa, máis de 10 anos logo da sua concepción, de nacer como proxecto, coincidindo coa chegada de Fraga ao governo galego, e constituindo todo un paradigma da sua inutilidade na defensa dos intereses reais do noso país; asi como da nova rede gasística ligada á mesma, que permita a atención a zonas de Galiza norte, non contempladas na rede oficial de Gas Galiza.
8. Consolidación do complexo mineiro-eléctrico nas Pontes (Endesa), avanzando progresivamente cara á conversión dos catro grupos actuais para o consumo integral de carbón importado, diminuindo drásticamente as emisións de óxidos de xofre, e a construción de dous novos grupos de ciclo combinado a gas (800 MW). Construción de dous grupos de ciclo combinado a gas (800 MW) na térmica de Sabón, pertencente a Unión Fenosa.
9. A elaboración dun plano de fomento das enerxias renovábeis, tomando en consideración as diferentes tecnoloxias, e estabelecendo unha normativa reguladora da sua implantación que teña presente as cuestións de índole ambiental e a participación dos concellos na sua ordenación. O actual obxectivo na UE é que este tipo de enerxias, onde se inclue a grande hidráulica, subministren o 22% da electricidade consumida (29.4% no obxectivo indicativo, *non exixíbel*, para o caso do estado español).
10. A realización efectiva dun plano de electrificación que posibilite a existéncia dunhas redes de abastecimento interno suficientes e de calidade real, nomeadamente nos ámbitos rurais, e que teña en conta, asi mesmo, as necesidades infraestruturais enerxéticas derivadas do plano de fomento das enerxias renovábeis. Con caracter prioritário, consideración da electrificación rural, logo das ineficiéncias padecidas através do inacabábel plano MEGA, que permita asegurar a realización eficiente da actividade económica nestas zonas, sirva de estímulo a potenciación das actividades existentes e a implantación doutras novas, fixando dista maneira a povoación, e colaborando a evitar o alarmante proceso en curso de despovoamento rural.
11. Dada a situación actual de que os prezos da enerxia eléctrica non contemplan os custos sociais e ambientais derivados da sua xeración, transporte, distribución e consumo, debe proceder-se á revisión da normativa sobre emisións ao meio, co obxectivo de aplicar unha fiscalidade que grave os prexuízos ambientais do consumo de combustíbeis fóseis ou por vias agresivas co meio, utilizando os ingresos correspondentes para restituir no posíbel os danos provocados pola actividade transformadora, e en investimentos produtivos nas comarcas onde se asentan eses centros de produción e consumo.

12. Tendo en conta o histórico papel do noso país como subministrador de enerxia eléctrica en base a explotación de recursos próprios, posibilitando a industrialización do resto do estado mentres mantiña a sua situación de atraso relativo; que ademais supuxo e supón unha transferéncia de riqueza monetária real a título gratuíto, através do estabelecimento da tarificación unitária a nível do estado; cunha xeración de inxentes recursos que pouco beneficiaron Galiza, nen sequer no ámbito fiscal; e daí un exemplo contundente de 'solidariedade' de Galiza co Estado, derivado do seu papel dependente; debe reclamar-se polo governo galego: **a)** o investimento no noso país dunha parte dos recursos xerados obtidos polas empresas que producen enerxia eléctrica, a partir de recursos primários galegos, tendo en conta a acumulación histórica; **b)** dos ingresos derivados da prima pola utilización do carbón autóctone, e **c)** dunha parte dos ingresos que en conceito de 'custos de transición a competéncia' reciban as empresas eléctricas operantes en Galiza, unha vez que esta cuestión sexa resolta definitivamente no ámbito comunitário.
13. Constitución dun Foro Galego do Carbón, que permita unha defensa eficaz dos intereses galegos neste ámbito, dentro do marco dos investimentos, financiados polo estado, e contemplados no 'Plano 1998-2005 da minaria do carbón e desenvolvimento alternativo das comarcas mineiras'.
14. Realizar as negociacións precisas co governo central para a concreción, con caracter urxente, dos convénios específicos dos diferentes proxectos infra-estruturais contemplados no 'Plano de Actuacións para a mellora das conexións coas centrais térmicas das Pontes e Meirama', acurtando os prazos de execución previstos.
15. Extensión do período de vixéncia temporal do 'Plano de Desenvolvimento Económico-industrial para As Pontes' até o ano 2005, data de remate do plano estatal da minaria do carbón e desenvolvimento alternativo das comarcas mineiras. Implantación dun plano semellante no concello de Cerceda e limítrofes, coa colaboración de Unión Fenosa. Participación galega nos fundos estatais procedentes do Instituto para a Re-estruturación da Minaria do Carbón e Desenvolvimento Alternativo das Comarcas Mineiras, en proporción á diminución dos cadros de persoal experimentada.
16. Impulso a unha iniciativa bio-enerxética, através da coordenación de esforzos do governo e indústria para desenvolver unha indústria bio-enerxética integrada, capaz de producir electricidade, combustíbeis e produtos químicos.
17. Impulsar o uso combinado do calor e a electricidade (coxeración), por canto a xeración eléctrica convencional é inerentemente ineficiente, convertendo arredor de 1/3 da enerxia da fonte combustíbel, en electricidade, sendo o resto calor residual. A utilización deste calor residual para subministrar enerxia térmica pode elevar a eficiéncia na xeración de electricidade a un 85%. Limitación do uso perverso que hoxe se fai con este tipo de instalacións, en especial o referente ao sobre-dimensionamento abusivo da

sua poténcia nominal. O obxectivo da UE neste ámbito é a duplicación da xeración eléctrica através de plantas de coxeración no ano 2010.

18. Potenciar as instalacións enerxéticas descentralizadas, a avanzar na xeración enerxética *in situ*, como unha alternativa á xeración tradicional centralizada, nos casos necesários.
19. Realización de campañas informativas de fomento do consumo de bens e servizos con menor intensidade enerxética.
20. Estabelecimento dun programa para o logro de Escolas intelixentes enerxeticamente que, através da colaboración pública e privada, orientar os recursos para reducir o consumo enerxético nas escolas do país, redirixindo os aforros cara aos estudantes e á sua educación. Alén disto, esta iniciativa funcionaria como un meio adicional na mellora da educación ambiental mediante melloras enerxéticas pequenas individualmente, a se incrementar a consciéncia enerxética de estudantes, profesorado e comunidades locais.
21. No horizonte do ano 2010, diminución do consumo enerxético das Administracións nun 35% sobre os níveis actuais, a utilizar a capacidade das suas compras para estimular nos diferentes sectores o incremento da eficiéncia enerxética e a utilización de tecnoloxias de enerxias renovábeis. Fixación de obxectivos anuais de diminución e informe ao Parlamento dos recursos investidos e cumprimento dos obxectivos no programa de xestión enerxética da Administración xeral.
22. Incentivación, mediante información e axudas, á modificación das estruturas de consumo enerxético das indústrias, cara aos novos xeitos de producir menos intensivas no *input* enerxético. No horizonte do ano 2010, estabelecimento de acordos coas indústrias máis enerxético-intensivas do país, para diminuir o seu consumo enerxético por unidade de produto, nun 25%, como mínimo.
23. Incentivación, mediante información e axudas, a que fogares e empresas apliquen medidas de aforro enerxético real, que se traduzan nunha menor utilización de enerxia. No horizonte do ano 2010, estabelecimento dos acordos e as medidas necesárias para diminuir o consumo enerxético nun 40% nas novas vivendas e edifícios comerciais, e no 20% nos edifícios existentes.
24. Modificación das funcións e fins do INEGA, de maneira que preste un servizo efectivo para o país, contribuindo aos obxectivos estabelecidos polo governo galego en matéria de política enerxética, en base a critérios de desenvolvimento sustentábel e mellora do sistema enerxético galego, para que satisfaga as necesidades enerxéticas da forma que mellor contribua á conservación e mellora do meio ambiente, ao desenvolvimento e mellora da competitividade do país, asi como á mellora da calidade de vida dos seus cidadáns, realizando funcións como as seguintes:
    - O fomento da eficiéncia enerxética, o uso racional da enerxia e as enerxias renovábeis, através do desenvolvimento de programas de asesoramento enerxético, introdución de tecnoloxias enerxéticas eficientes e respeitosas co meio ambiente, promovendo o

aproveitamento dos recursos enerxéticos renovábeis, e colaborando na busca de financiación para a realización dos proxectos.

- O fomento da investigación e desenvolvimento de tecnoloxias enerxéticas, através do estabelecimento de convénios de colaboración cos organismos públicos e privados correspondentes, e a participación en programas de investigación aplicada.
- O fomento da formación de profisionais no ámbito enerxético, através da elaboración e propostas de formación permanente e a organización de programas de formación, en colaboración con centros de carácter universitário e profisional.
- Elaboración de estudos e propostas normativas no ámbito enerxético, através do estudo e avaliación dos recursos enerxéticos, publicación de informes e recomendacións de aplicación de tecnoloxias enerxéticas concretas, ou a coordenación de estudos e traballos enerxéticos.
- Información, difusión e asesoramento sobre os programas estatais e comunitários no ámbito enerxético; fomento da participación das empresas galegas neses programas; e promoción da transferéncia tecnolóxica entre empresas no eido da enerxia.

II. POLÍTICA LABORAL E DE EMPREGO

II.1 INTRODUCIÓN

A situación sócio-laboral de Galiza reflecte unha preocupante diverxéncia coas medias estatais e europeas. A comparación dos dados de 1990, ano da primeira toma de posesión do actual Presidente da Xunta, cos correspondentes ao ano 2000 revelan até que ponto as políticas da Xunta de Galiza foron inoperantes para variar unha dinámica sócio-económica derivada de decisións da Administración Central ou das Institucións Europeas claramente prexudiciais para Galiza.

Asi, Galiza ten hoxe 52.000 ocupados menos e 33.000 desempregados máis que en 1990. A povoación activa que en 1990 era de 1.170.000 persoas é hoxe de 1.152.600. A taxa de actividade é 2 pontos inferior, a taxa de ocupación 3 pontos menor e a taxa de desemprego está 3 pontos por riba da de 1990.

As chamadas “Medidas para o Crecimento e o Emprego en Galiza” resultaron un auténtico fracaso. Tres anos despois da sua aprobación nengun dos obxectivos perseguidos se acadou minimamente: o desemprego xuvenil está no 28%, o femenino no 21%, cunha taxa de ocupación do 32%. O 24% dos desempregados levan mais de 3 anos nesa situación e iso cando a taxa de temporalidade se elevou até o 35% dos asalariados con contrato laboral.

A Xunta de Galiza non empregou os recursos, procedentes basicamente dos fundos europeos, con eficácia, nen tivo política económica ou laboral merecente de tal nome, mais a principal causa do fracaso da sua política veu dada pola inadecuación á situación real dos sectores produtivos galegos e das potencialidades e especificidades da nosa economia.

Frente a esta situación, o BNG fixa-se os seguintes obxectivos prioritários en matéria de emprego: o aumento da taxa de actividade, a criación de emprego neto de carácter estábel, a mellora das condicións de traballo e a loita decidida contra a sinistralidade laboral.

Para a consecución destes obxectivos, a Xunta de Galiza orientará a sua política económica en función do emprego. A este fin, a política industrial e orzamentária serán instrumentos indispensábeis. O BNG considera imprescindíbel a criación dunha **Consellaria de Traballo** que agrupe todas as competéncias da Xunta de Galiza nesta matéria e que, ao servizo daqueles obxectivos, poda influir positivamente, ademais, na calidade do emprego, na formación profisional de desempregados/as e traballadores/as en activo, na intermediación no mercado laboral, na economia social ou na saude laboral.

II.2 FOMENTO DO EMPREGO

Para o BNG o esencial, neste momento, é Galiza dotar-se dunha política económica orientada cara á criación de emprego, complementada e coordenada con outras accións como a formación, a política industrial, a dinamización comarcal ou a proxección exterior.

A situación sócio-laboral de Galiza, xa descrita anteriormente, reflecte claramente a ineficácia da xestión realizada polos sucesivos governos da Xunta de cara a reduciren a altísima taxa de desemprego que padece Galiza.

Doutra parte as axudas e subvencións para a contratación e criación de empresas, cofinanciadas polo Fundo Social Europeo, inicialmente dirixidas a colectivos especialmente castigados polo desemprego como, as mulleres, as persoas menores de 30 anos, os desempregados/as de longa duración, os discapacitados/as ou os desempregados/as en situación de exclusión social, como consecuéncia das sucesivas reformas laborais, adquiriron un carácter case que universal polo que tais medidas perderon o seu sentido inicial. É necesária, pois, unha reordenación das medidas de fomento do emprego que, en calquer caso, deben estar destinadas a colectivos especificos e non a calquer contratación.

Mais a situación de Galiza reclama actuacións máis decididas que vaian non só paliar as consecuéncias senón as causas da mesma. Neste senso o BNG, desde o Governo Galego, adoptará as seguintes:

II.2.1 MEDIDAS DE GOVERNO

Promover, através do Consello Económico e Social de Galiza, a elaboración dun **Plano Galego de Emprego,** que terá como obxectivo principal a **criación de emprego** suficiente para non deixar ociosas as potencialidades produtivas e de contribución á xeración de riqueza no País. Ademais, a xeración de emprego deberá asustar-se aos seguintes critérios: emprego estábel, condicións de traballo dignas e compensador dos desequilíbrios territoriais.

Para a consecución deste obxectivo, o Plano Galego de Emprego comprenderá un conxunto de actuacións sectoriais dirixidas:

1. A consecución dun crecimento económico diversificado sectorialmente e equilibrado territorialmente, que xere emprego tamén nas zonas rurais, e que sexa quen de frear o actual proceso de despovoamento de moitas comarcas do interior do País.
2. A criación de emprego en actividades novas, que o mercado e a iniciativa privada non están en condicións de desenvolveren por si próprios en Galiza. Non se trata de carregar o orzamento público coa responsabilidade exclusiva da criación de emprego, nen tampouco de substituir a iniciativa privada, mais si de garantir a necesária presenza de Galiza en

determinadas ramas de actividade con forte potencial de crecimento, e de apoiar e acompañar a empresa privada sempre que sexa necesário.

3. A criación de empregos que contribuan a acrecentar a capacidade técnica e xestora das empresas e explotacións existentes.
4. A criación de emprego en actividades intensivas en coñecimento. Para a identificación das iniciativas especificas terá-se en conta a prospectiva das tendéncias dos diferentes sectores produtivos a nível mundial, xunto coa avaliación da experiéncia e know-how acumulado na nosa estrutura produtiva, sen ficar restrinxidos ao repertório de sectores estratéxicos ou priorizados a nível europeo ou español, senón procurando encontrar as nosas potencialidades especificas, sendo conscientes de que é xustamente a diversidade a que pode abrir ocos no mercado mundial.
5. A criación de emprego en actividades que contribuan a incrementar o benestar da povoación, atendendo precisamente as características do noso hábitat, da estrutura da nosa família e da povoación, do noso meio ambiente natural, etc.

Entre as medidas que o BNG está disposto a explorar e aplicar, figuran as que se referen **á reorganización do tempo de traballo e a redución da xornada laboral**:

Neste camiño, o BNG desde o Governo Galego está disposto a fomentar e apoiar a consecución dun marco global convencional e legal (pois en última instáncia é necesário que teña reflexo normativo), para que se facilite a adopción de medidas de aplicación voluntária do reparto do traballo, en función das circunstáncias de cada empresa e, através das modalidades que sexa capaz de xerar a negociación colectiva. O Governo Galego primará economicamente aquelas medidas que, ou ben se adopten através da negociación colectiva ou ben se deriven da execución da lexislación laboral, entre as que, simplesmente a modo de exemplo expoñemos as seguintes:

1. Tempo parcial “á carta”

Trata-se de estabelecer o direito de cada traballador ou traballadora a optar, mediante o acordo correspondente, por un emprego a tempo parcial durante un tempo determinado ou indeterminado, coa obriga de ser substituído por outra persoa nas mesmas condicións contractuais que o substituído ou substituída. Deste xeito, moitas persoas poderian optar nun momento da sua vida por unha ou outra fórmula de traballo reducido, por circunstáncias especiais, recebendo a empresa unha indemnización que cubra os gastos de xestión da nova contratación.

2. Xubilacións anticipadas

Trata-se de facilitar a xubilación anticipada a tempo total para contratar con carácter obrigatório e indefinido a unha persoa desempregada, preferentemente xove, oferecendo unha indemnización ao xubilado ou xubilada. Tamén se primará a xubilación anticipada a tempo parcial (50% da xornada), contratando a outro traballador ou traballadora a tempo parcial ou a tempo completo, sempre e cando se substitua a dous prexubilados, oferecendo unha indemnización á persoa parcialmente xubilada que cubra o 70% do seu salário.

3. Permisos de formación

Trata-se de que todas as persoas asalariadas dispoñan de facilidades para seguir un proceso de formación, a tempo parcial ou a tempo completo, por unha duración determinada. Este direito acompañará-se dunha garantia completa de reingreso na empresa e estabelecerán-se modalidades flexíbeis para a o seu financiamento, como, por exemplo, unha indemnización cun interese moi baixo.

4. Excedéncia ou ano sabático

Facilitará-se que todas as persoas asalariadas podan desfrutar un ano sabático (nun lapso de tempo e condicións determinadas) estando obrigado o empresário a contratar a unha persoa desempregada, con posibilidade de constituir unha conta de aforro a este fin e estabelecendo unha indemnización por este conceito durante ese tempo destinada a compensar parte do salário perdido.

Ademais destas medidas, o Governo Galego está disposto a debater sobre os ofectos da **redución da xornada de traballo** e a incentivar as iniciativas de redución de xornada con criación de emprego e mesmo a introducir a xornada de 35 horas semanais na Administración e nos organismos dependentes da Xunta de Galiza

II.3 CONTRATACIÓN

As necesidades das empresas non xustifican os cámbios operados na contratación laboral. O contrato estábel esta-se a converter na excepción e a contratación temporal na norma. Na actualidade, o 92% dos contratos de traballo son de carácter temporal. As sucesivas reformas laborais non conseguiron modificar esta relación, e hoxe, a taxa de temporalidade é mais alta que no momento da sinatura dos “Acordos sobre Medidas para o Crecimento e o Emprego”, entre cuxos principais obxectivos figuraba a loita contra a “indesexábel” taxa de temporalidade. Este feito provoca consecuéncias negativas tanto do ponto de vista social como económico. Do ponto de vista social a precariedade laboral provoca desasosego, inseguranza, escaseza de rendas e a meio prazo marxinación. Do ponto de vista económico a precariedade laboral ten efeitos negativos sobre a produtividade, a calidade dos bens e servizos

producidos, asi como o retraimento do consumo. Ademais existe unha probada relación estatística entre os índices de sinistralidade laboral e a contratación eventual ou precária..

Por estas razóns, o BNG non comparte as concepcións e estratéxias que priman a flexibilidade nos mercados de traballo, e aposta por unha sociedade socialmente integradora e con maiores níveis de equidade na distribución do excedente, esencialmente, através de tres mecanismos: criación de máis e mellor emprego, redución e reordenación do tempo de traballo e protección social adecuada.

Desde o BNG consideramos que o desemprego, a precariedade e o incremento da pobreza e exclusión, son un problema social e como tal tamén afecta as empresas, que acabaran por o sofreren de maneira directa ou indirecta.

Isto leva-nos a estabelecer como necesários os seguintes **princípios xerais de actuación**:

1. A contratación indefinida debe ser a regra ou forma xeral de acceder a un emprego.
2. As modalidades de contratación temporal deben ser sempre excepcionais e causais, mais non poden ser utilizadas como forma de abaratar custos salariais nen como mecanismo de competéncia desleal.
3. As modalidades de contratación temporal, ademais de estar baseadas nunha estrita causalidade, non poden favorecer-se e para iso deberán ter un custo adicional, cando menos equivalente ao do emprego fixo, gravando a cuota empresarial da Seguridade Social.
4. Debe deixar-se sempre unha marxe de manobra ampla para que, através da negociación colectiva estatutária, as partes lexitimadas podan abordar e regular con carácter especifico a definición das modalidades de contratación causal, dotando-as de maior estabilidade e de contido incentivador para a mellora da produtividade en función de aspectos relevantes como a cualificación e a promoción profisional.

II.3.1 OBXECTIVOS

Criación de emprego estábel nun marco de relacións laborais normalizado, onde se eliminen os efeitos perversos dunha excesiva taxa de temporalidade e rotación no emprego, tanto na sociedade como no funcionamento das empresas e na competéncia entre elas.

II.3.2 MEDIDAS DE GOVERNO

Como se sabe, a lexislación laboral é competéncia exclusiva do Estado, o que non é obstaculo para que o Governo Galego tome posición ao respeito, tanto promovendo debates e negociacións co Governo Central sobre as modalidades

contractuais, como reclamando, se é o caso, a transferéncia de competéncias via artigo 150.2 da Constitución Española. En calquer caso a Xunta de Galiza si ten competéncias sobre a execución da lexislación e pode, ademais, apoiar, influir comenentemente e, se fose preciso, participar na consecución dun marco galego de contratación estábel. Neste senso a acción de governo irá encamiñada a favorecer:

1. Un Acordo Interconfederal Galego entre as Confederacións Empresariais e as Centrais Sindicais para a promoción efectiva da contratación estábel, que, ademais de considerar a contratación indefinida como modalidade básica, sexa capaz de:
   a) Definir as causas que poden dar lugar á contratación eventual en relación ás caracteristicas estacionais ou necesidades especificas de determinados sectores produtivos, asi como á duración deste tipo de contratos e as indemnizacións que correspondan pola sua finalización como medida incentivadora do emprego fixo.
   b) Identificar aqueles traballos susceptíbeis de seren cobertos con contratos de obra e servizo determinado que evite a actual utilización xeneralizada desta modalidade contractual, estabelecendo tamén, ao seu remate, unha indemnización adecuada.
   c) Estabelecer o número máximo de contratos para a formación a realizar en cada empresa en función do tamaño do cadro de persoal, asi como os postos de traballo obxecto dese contrato e o tempo- e a sua distribución- dedicado á formación teórica, concretando finalmente compromisos de contratación indefinida para as persoas formadas.
   d) Acordar a non utilización das Empresas de Traballo Temporal ou, no seu caso, as condicións e límites desa utilización.
   e) Determinar a duración dos contratos en practicas, os compromisos de contratación indefinida e, no seu caso as indemnizacións correspondentes.
   f) Regular a utilización do contrato a tempo parcial, clarificando a xornada mínima e máxima a realizar, a sua conversión a tempo completo cando se sobrepase na prática a xornada pactada e a preferéncia de acceso, no caso de novas contratacións, a tempo completo. Estabelecer unha regulación específica para o traballo fixo-discontínuo.
   g) Fomentar o contrato de relevo e a contratación en substitución por anticipación da idade de xubilación, orientando-os até a contratación de persoas mozas co mesmo tipo de contrato que as substituídas.
   h) Evitar o encadeamento de contratos eventuais, de xeito que unha persoa asalariada non poda ter mais que un contrato temporal e, no seu caso, unha prórroga, na mesma empresa ou grupo de empresas.
   i) Impedir a fraude na contratación temporal, de xeito que os postos de traballo fixos ou que anteriormente xa estiveran cobertos por contratación fixa non podan cobrir-se con modalidades eventuais nen con ETT's.

j) Diferenciar a eventualidade da estacionalidade, de forma que as persoas contratadas durante duas campañas sucesivas se consideren fixas-discontínuas.

2. O Governo Galego aprobará, coa participación das Centrais Sindicais e Organizacións Empresariais representativas un Plano Galego de Inspección, que garanta o cumprimento do Acordo Interconfederal e que, en todo o caso, garanta a aplicación das leis neste ámbito e evite a actual fraude na contratación.
3. O Governo Galego comprometerá-se a aplicar, en todo o caso, os critérios e medidas contempladas a respeito da contratación do persoal ao servizo da Administración, a reducir drasticamente os índices de temporalidade na función pública, que veñen incrementando-se escandalosamente nos últimos anos.
4. O Governo galego aprobará un programa específico de formación e inserción que permita o estabelecimento dun salário social para aquelas persoas desempregadas que non perciban ningunha prestación económica.

II.4 INSTITUTO GALEGO DE EMPREGO E FORMACION

A criación do Instituto Galego de Emprego e Formación, ao servizo das políticas activas de emprego, é unha necesidade que a Xunta de Galiza ten de afrontar decididamente. A importáncia da formación e os importantes recursos económicos de que a Xunta de Galiza dispuxo, nos últimos anos, fan imprescindíbel unha racionalización das políticas de formación que den coeréncia ao conxunto das políticas activas de emprego e eficácia aos recursos disponíbeis. Neste senso fará-se necesário a elaboración dun Mapa de necesidades formativas que, ao servizo da política de emprego, defina comarcalmente a demanda potencial de traballadores/as en función da realidade sócio-económica de cada comarca, das suas especificidades e das suas potencialidades.

O Instituto Galego de Emprego e Formación converte-se asi nun instrumento fundamental da política de emprego de acordo cos seguintes perfis básicos:

1. Organismo autónomo, adscrito á Consellaria de Traballo, con persoalidade xurídica e orzamentos próprios.
2. Con faculdades de organización xeográfica e funcional e dotado dos recursos humanos e dos meios materiais e de infraestrutura que permitan:
   a) Unha contínua prospección do mercado de traballo.
   b) Unha intermediación eficaz, baseada nunha información e orientación profisional individualizada, xunto cunha relación permanente coas empresas.
   c) Unha política de formación deseñada en función da inserción e da colocación.

Para o desenvolvimento do IGAEF será necesário reclamar e conseguir a transferéncia da integridade das políticas activas e pasivas de emprego do INEM á Xunta de Galiza.

Este Instituto deberá desenvolver pois, as seguintes funcións:

1. Exercer de mediador na busca de postos de traballo.
2. Xestionar as prestacións e os subsídios de desemprego.
3. Cualificación, orientación e cualificación profisional persoalizada, no seu caso, dos e das demandantes de emprego (Servizo integrado de Promoción de Emprego).
4. Programación, xestión e avaliación da formación ocupacional (Plano FIP e Fundo Social Europeo).
5. Colaboración na xestión da formación profisional contínua co obxectivo de propiciar un Acordo Galego de Formación Contínua.
6. Elaborar, apresentar, xestionar e avaliar todo o tipo de proxectos e iniciativas comunitárias de formación e emprego.

Os órgaos de control do Instituto Galego de Emprego e Formación (IGAEF) deberán ter unha representación tripartita e paritária por parte da Administración e das organizacións empresarias e sindicais representativas. A fórmula de organización territorial que adopte terá en conta a estrutura comarcal e facilitará a participación dos Concellos na mesma.

II.5 PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL

A prática da Xunta de Galiza en relación aos organismos institucionais de participación, mostra unha falta de confianza no papel dos interlocutores sociais para valorar a sua función consultiva e representativa e mesmo unha falta de respeito ás suas competéncias atribuídas.

Non foi a menos representativa destas actitudes o sucedido co “PDG 2000-2006”, onde a “Mesa para a Cooperación” do CES de Galiza, constituída tras vários anos de retraso, se reuniu para ser consultada cando o citado Plano xa estaba elaborado e apresentado en Madrid, impedindo-se asi a participación estabelecida nos regulamentos europeus dos interlocutores sociais na preparación, financiamento, apreciación prévia, seguimento e avaliación posterior das accións integradas no Marco Comunitário de Apoio.

O BNG considera necesário conceder a máxima importáncia á participación efectiva dos interlocutores sociais, a organizar esa participación de maneira que fique o máis nidiamente posíbel regulada a independéncia, autonomia e competéncias das institucións e dos seus interlocutores sociais.

1. O BNG promoverá unha **Lei de Participación Institucional** que contemplar, entre outras as seguintes cuestións:

a) As condicións e características da presenza das organizacións sindicais e empresariais, nos organismos institucionais, garantindo a participación das máis representativas e a ponderar a presenza doutros colectivos en función da coeréncia cos temas en que interviñeren.
b) As competéncias e mecanismos de actuación das organizacións representativas de empresários/as e traballadores/as de cara a conseguir, máis alá da función asesora, unha implicación real na participación e na xestión.

2. O Governo Galego instará o desenvolvimento do artigo 129.2 da Constitución como forma de "promover eficazmente as diversas formas de participación na empresa".

II.6 NEGOCIACIÓN COLECTIVA

O Governo Galego impulsará o dialogo autónomo entre sindicatos e asociacións empresariais, co obxecto de promover unha negociación colectiva (convénios ou acordos especificos) asentada sobre as condicións reais de desenvolvimento da actividade produtiva no seo das empresas de Galiza, protagonizada polos interlocutores sociais e económicos representativos e orientada á mellora da calidade de vida de traballadores e traballadoras e á viabilidade económica da estrutura empresarial. A existéncia de convénios próprios nas empresas e sectores produtivos galegos avaliaria-se polo Governo como factor favorábel no exercício das competéncias de promoción, fomento ou apoio que corresponderen.

Entendendo a negociación colectiva como un elemento para a coesión social, observa-se nos últimos tempos como se está a configurar a negociación colectiva cada vez máis como unha negociación de ámbito estatal, dando lugar, por unha parte, a convénios demasiado xeneralistas, de contidos empobrecidos e de condicións mínimas (ou a convénios provinciais que se limitan a repetiren o acordado a nível estatal), e, por outra parte, a convénios e pactos de empresa que acordan "in peius" maiores flexibilidades contractuais, horárias e salariais. Este panorama é preocupante para o BNG por canto afasta a negociación colectiva e a situa en grande medida fóra de Galiza.

II.6.1 OBXECTIVOS

O BNG fixa como obxectivos de Governo nesta área os seguintes:

1. Impulsar a criación dun **Marco Galego de Relacións Laborais**.
2. Potenciar o papel do Consello Galego de Relacións Laborais a lle traspasar as competéncias do actual Servizo de Mediación, Arbitraxe e Conciliación.
3. Favorecer a negociación de convénios galegos, tanto no sector privado como no público.
4. Procurar a converxéncia de convénios provinciais, prioritariamente naquelas actividades que esencialmente competiren no noso territorio.

5. Pular pola unificación de convénios que agruparen sectores e subsectores afins, con obxecto de simplificar a negociación colectiva.

II.7 SAÚDE LABORAL

Desde a aprobación da Lei estatal de Riscos Laborais en 1995 a sinistralidade laboral incrementou-se de maneira exaxerada no noso País. Antes desa data non existiu nengunha política activa dirixida a mellorar as condicións de vida e de traballo da povoación asalariada galega. Entre 1996 e o ano 2000 os acidentes laborais aumentaron un 42%. Os acidentes tiveron un incremento constante, neses anos, con incidéncia especial na pesca, na construción e nos servizos.

A falta de vontade política e de compromiso orzamentário por parte da Xunta de Galiza impediu rachar esa tendéncia. Os orzamentos do único programa dedicado á loita contra a sinistralidade laboral estan conxelados desde 1999. A isto hai que engadir o incumprimento das accións previstas no “Plano de Acción contra a Sinistralidade Laboral 1999-2000”.

Ademais do problema social, persoal e familiar que conlevan os acidentes laborais, existe un problema económico derivado dos enormes recursos que requer a atención desta problemática en indemnizacións, tratamentos reabilitadores, xornadas non traballadas (só no ano 1999 máis de 1.200.000 en Galiza).

É imposíbel dar resposta a este problema cun orzamento de 200 millóns de pesetas.

Ainda que as causas da acidentalidade son múltiplas, hai un consenso básico, no mundo do traballo, en considerar a información, a formación, a promoción das actividades preventivas, a dotación de meios ás pequenas e medianas empresas e o labor da inspección de traballo como imprescindíbeis para variar a tendéncia actual. Todo isto acompañado das medidas lexislativas, administrativas e orzamentárias que o fagan posíbel.

II.7.1 MEDIDAS DE GOVERNO

O BNG promoverá as seguintes medidas desde o Governo Galego:

1. A criación do Instituto de Seguridade e Hixiene no Traballo, xunto coas normas reguladoras, como organismo científico-técnico especializado que aglutinar todas as competéncias hoxe repartidas, directa ou indirectamente en distintas Consellarias, e que teña como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo asi como a sua promoción e a sua mellora.

2. Dotar de meios humanos, económicos e materiais a “Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais” criada polos axentes sociais e onde a Administración Galega ten unha importante participación.
3. A reestruturación do Consello Galego de Seguridade e Hixiene, actualmente só de participación, consulta e coordenación, que unha vez criada a “Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais” debe ser transformado nunha Comisión Galega de Seguridade e Hixiene con atribucións executivas acordes ás suas novas competéncias.
4. O Governo Galego vixiará o cumprimento do Estatuto dos Traballadores e demais normativa laboral, nomeadamente en colectivos de operárias que desenvolven hoxe o seu traballo en condicións infra-humanas e de explotación.
5. O Governo Galego vixiará e controlará especialmente o cumprimento das medidas de seguridade e saúde laboral no que se refere ás condicións de traballo da mocidade e das mulleres que, como se sabe, son os principais afectados dunha contratación laboral temporal e precária en exceso, coas consecuéncias que isto comporta respeito á acidentalidade laboral.
6. O Governo Galego dará instrucións concretas aos técnicos de seguridade e hixiene para que nas medicións ergonómicas se contemple a diferenciación de sexo, co obxecto de superar o patrón “home”, até agora utilizado, e poder asi determinar adecuadamente a adaptación do traballo ás condicións anatómicas e fisiolóxicas de mulleres e homes.
7. O Governo Galego considerará a problemática de acoso sexual no traballo integrada na problemática xeral de seguridade e saúde laboral, máis merecente dunha inspección específica. Igualmente considera que patoloxias como drogodependéncias e alcoolismo, cando podan ter unha orixe laboral, deben ser tratadas con parámetros próprios da saúde no traballo, desenvolvendo campañas formativas e favorecendo formas voluntárias de reinserción.
8. O Governo Galego estabelecerá un procedimento executivo próprio que garanta o cobro das sancións impostas en matéria de seguridade e saúde laboral. Non concederá nengun tipo de subvención a aquelas empresas sancionadas por incumprimentos graves ou moi graves en matéria de prevención de riscos. Igualmente, instará o Ministério Fiscal para a sua actuación nos delitos contra a seguridade e saúde laboral.

II.8 INSPECCIÓN DE TRABALLO

Propugnando o BNG a asunción decidida das competéncias en matéria de emprego, seria incoerente non reivindicar unha Inspección de Traballo ao servizo desas competéncias e respeitosa co Estado das Autonomias.

En consecuéncia o BNG reclamará unha Inspección de Traballo própria, adscrita funcional e organicamente á Xunta de Galiza.

En calquer caso o BNG defenderá a existéncia dun Servizo de Inspección, non meramente recadatório senón activo na detección e sanción dos incumprimentos laborais, especialmente en matéria de contratación, xornada e horários de traballo e seguridade e hixiene.

II.9 ECONOMIA SOCIAL

II.9.1 Critérios básicos

O compromiso do BNG na promoción da Economia Social fundamenta-se en sete ideas básicas:

1. Diversas fórmulas de economia social poden constituir a ferramenta acaída para favorecer o acceso dos traballadores a propriedade dos seus meios de produción, nun marco que compatibilice democrácia e eficiéncia económica.
2. As distintas manifestacións da economia social, deben constituir un instrumento privilexiado do diálogo entre as Administracións Públicas e a iniciativa privada, que sexa quen de posibilitar a integración laboral daqueles colectivos de traballadores e desempregados que con máis agudeza están a sentir as consecuéncias negativas que se derivan das coxunturas económicas críticas e máis dalguns déficits estruturais da nosa economia.
3. A administración debe reforzar o seu compromiso con aquelas realidades cooperativas con forte presenza hoxe en sectores produtivos estratéxicos como o agro e o mar
4. Especialmente, a economia social pode ser unha fórmula de organización útil para mellorar as perspectivas de desenvolvimento en sectores concretos da nosa economia, escasamente articulados até o momento.
5. As especiais características do nosos tecido económico e social requeren do desenvolvimento dunha política própria e non seguidista na matéria. Cómpre, daquela, definir os mecanismos operativos que permitan o desenvolvimento de tal política.
6. Nomeadamente debe ser obxectivo prioritário a definición e perfeizoamento das medidas de control e unha selección máis precisa que discrimine entre os destinatários das políticas de axuda, a fin de favorecer unha mellora nos resultados económicos das empresas de Economia Social e, asemesmo, reabilitar a pobre imaxe que hoxe ten a Economia Social nalguns sectores economicos e sociais, mesmo dentro do próprio colectivo.
7. Debe fomentar-se o redimensionamento das empresas do sector, favorecendo a concentración empresarial e, no seu caso, apoiando a criación de entidades asociativas de segundo grau, unións temporais de empresas etc...

II.9.2 Medidas de governo

II.9.2.1 Desenvolvimento do Marco normativo

A vixente Lei de Cooperativas de Galiza, constituindo un elemento positivo a respeito da situación anterior, resulta incompleta en moitos dos seus pontos e mellorábel noutros, de xeito que continua a ser necesário negociar e oferecer ao movimento cooperativo un instrumento legal máis adaptado á realidade, que fomente a sua competitividade reforzando o seu carácter empresarial sen detrimento dos valores ou princípios cooperativos. Nese camiño o BNG impulsará, desde o governo galego, o necesário proceso de reflexión conxunta cos representantes do cooperativismo galego co obxectivo de apresentar no Parlamento de Galiza iniciativas conducentes á discusión e reforma legal, que contemple, entre outros e a título de exemplo, os seguintes temas:

- A reforma do rexime dos contributos ao capital social, asi como das operacións con terceiros e en xeral, das posibilidades de financiamento externo, de xeito que se facilite a captación de fundos de financiamento suficientes.
- A flexibilización do réxime dos Fundos irrepartíbeis.
- As vias para simplificar máis os órgaos de representación e administración nas pequenas cooperativas
- O reforzamento do carácter democrático ao tempo que se facilita a axilidade, profisionalidade e autonomia na xestión.
- A posibilidade de clasificación e recoñecimento de novas figuras de importante proxección na nosa sociedade e non contempladas na lei vixente.
- A definición do mínimo exixíbel de sócios de xeito que se pule o crecimento do movimento ao tempo que se impede a proliferación de falsas empresas de economia social
- A definición máis precisa das relacións coa Administración asi como o acaído desenvolvimento regulamentário do Rexisto Galego de Cooperativas e do Consello Galego de Cooperativas
- Definición dun marco específico que perfile máis o vixente no tocante a participación directa das Administracións como sócios. Particularmente desenvolver a normativa que permita o emprego efectivo de fórmulas de economia social como instrumento básico das Iniciativas Locais de Emprego
- Articular mecanismos legais que permitan a Administración iniciar os necesários procedimentos conducentes á identificación dun Censo, veraz e depurado,das empresas de economia social realmente existentes.
- Redefinición e actualización dos instrumentos de seguimento e contr*ol rexistal e administrativo.*
- Facilitar a converxéncia dalgunhas figuras asociativas inecesárias cara á fórmula cooperativa de traballo asociado.
- Revisión do réxime fiscal das empresas de economia social

II.9.2.2 Reforma administrativa

1. **Reasignación de Competéncias**. O marco xeral de axudas ás Sociedades Laborais (SL) e ao movimento cooperativista vén definido nos Presupostos da Comunidade dentro das medidas activas de emprego através do programa de Fomento de Emprego e, fundamentalmente, o seu centro de execución é a Dirección Xeral de Fomento do Emprego Formación e Colocación, dependente da Consellaria de Família e promoción de Emprego, Muller e Xuventude. Asi pois, as competéncias xestoras e executivas para o desenvolvimento dos programas de axuda corresponden-lle basicamente a esa Dirección Xeral e máis ás Delegacións Provinciais da citada Consellaria de Família, Muller e Xuventude.

   Un segundo ámbito de competéncias referidas ás funcións administrativas en matéria de cualificación, recoñecimento legal e rexisto das cooperativas e SL son atendidas desde a Dirección Xeral de Relacións Laborais, organicamente ligada á Consellaria de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. Esta Dirección Xeral nos últimos exercícios orzamentários vén sostendo, con carácter subsidiário, algunhas liñas de apoio ás empresas de traballo asociado e ás cooperativas, denominadas "*de fomento e apoio ao asociacionismo e cooperativismo no ámbito autonómico*" e máis de "*criación de Gabinetes Técnicos de Economia Social*". Procede, pois, a reflexión sobre da distribución orgánica de competéncias na matéria e, eventualmente, a unificación de todas elas baixo unha única Dirección Xeral
2. Cómpre dotar dos **meios materiais e legais necesários** os órgaos da Administración facultados para velaren polo cumprimento das obrigas legais en matéria rexistal e, consecuentemente, definir mecanismos concretos que garantiren tanto a posta ao dia da información, como a transmisión dos dados entre os distintos organismos.
3. **Vixiláncia** Debe-se impedir a utilización dalgunhas práticas que implican a desnaturalización das distintas figuras como fórmulas de economia social, controlando alguns aspectos como o mínimo de sócios, a utilización excesiva de traballo asalariado etc...
4. **Depuración**. Cómpre definir os mecanismos legais e administrativos que permitan a depuración do censo actual, descualificando aquelas empresas sen actividade e aquelas outras que na sua composicion, organización e práticas non responden ás exixéncias mínimas dunha empresa de economia social.

II.9.2.3 Políticas de axuda

Á Comunidade Autónoma de Galiza foron-lle transferidas as competéncias no referido á xestión de calquer dos distintos tipos de axudas e subvencións e, singularmente, as destinadas ao fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais. Na prática, polo momento, continua a ser o Governo Central

quen deseña e elabora as disposicións xerais en que se fixan a programación e condicións das axudas e subvencións. Neste marco as liñas de actuación dos programas actuais son, en grande medida, unha continuación das políticas do antigo FNPT, e a sua finalidade primordial é a concesión de axudas económicas para a criación ou conservación de postos de traballo mediante a constitución, ampliación ou mantimento de cooperativas ou Sociedades Laborais. Cómpre desenvolver a competéncia para o **deseño próprio das liñas de axuda** que permita unha reforma, non seguidista das liñas e instrumentos existentes. A política de axudas orientará-se de acordo cos seguintes **obxectivos**:

1. O esforzo orzamentário para dotar os programas de fomento de emprego e axudas á economia social da Xunta de Galiza dunha ampliación sostida dos recursos disponíbeis, evitando a alternáncia actual de fases fortemente expansivas e estancamentos.
2. Reforzo dos programas de subvencións financeiras para atender as particulares dificuldades de financiamento das sociedades de traballadores, especialmente no momento de cobrir os investimentos en capital fixo. Debe-se afondar no estabelecimento de **convénios coas entidades financeiras** que permitan fórmulas de financiamento máis flexíbeis. En particular, debe-se considerar a criación de mecanismos que faciliten o reparto de riscos entre Administración, empresas e entidades financeiras, e que permitan superar os atrancos, con frecuéncia insalvábeis, que se derivan das exixéncias hipotecárias para o acceso ao crédito privado.
3. É praticamente inexistente o contributo **de capitais públicos** nas empresas de economia social galegas, co que isto conleva de perda da oportunidade de utilización dun instrumento privilexiado de intervención. Consideramos prioritária a intensificación dos programas de cooperación coas Corporacións Locais e as Mancomunidades, coa orientación de facer converxer as **Iniciativas Locais de Emprego (ILES)** e mesmo os proxectos de acción rural cos programas de fomento da economia social. A Xunta de Galiza deberia estimular máis abertamente a implicación das Corporacións Locais na promoción deste tipo de sociedades con vistas a prestación de bens e servizos públicos determinados através de entidades de economia social. As contias dotadas orzamentariamente para estes fins que se veñen considerando cun carácter case experimental terian, ao noso entender, que ser consideradas como liña prioritária da arquitectura do Programa de Fomento de Emprego.
4. A actual política de axudas indiscriminadas debe mudar para priorizar aquelas empresas que, desde presupostos de viabilidade, mellor podan servir para mellorar as perspectivas de desenvolvimento en sectores concretos da nosa economia, até o momento escasamente articulados. En particular:
    a) Aquelas empresas que se singulariza cualitativamente no entorno produtivo - con **producións inovadoras** que explotan novos sectores de actividade, ou as que son produto da **externalización de actividades** ou fases da produción que antes se realizaban no interior

dunha grande empresa; as auxiliares de grandes empresas e, en xeral, as que se especializan na obtención de produtos para os que pode haber **deseconomias de escala na produción**.

b) As xa existentes no sector textil, na indústria lixeira, nos servizos con cualificación etc...as intensivas en traballo..
c) As agrárias, pesqueiras e de cultivos mariños
d) As que fan agromar economia sumerxida,
e) As que proceden da reconversión das indústrias en crise,
f) As que significan a valorización das producións artesanais,
g) As conectadas coas ILES e coa prestación de bens e servizos públicos, nomeadamente as dedicadas a prestación de servizos sociais, de lecer, mantimento e recuperación do património ou do meio ambiente. Tamén poderán conceder-se axudas financeiras con carácter excepcional a CTA de nova criación e constituídas por xoves menores, mulleres e colectivos especialmente desfavorecidos

5. Debe-se proseguir co desenvolvimento de programas de **formación ocupacional** para empregados intensificando nos seus contidos a presenza da xestión de sociedades cooperativas e laborais, ao tempo que se abren novas vias para popularizar as figuras da economia social nos programas regrados da Formación Profisional. Na mesma liña deberia-se abrir novos programas de formación contínua para as empresas de economia social.
6. O desenvolvimento dunha **política informativa** própria para os temas referidos á economia social é unha necesidade que non pode ser postergada por máis tempo. Institucionalmente a Xunta de Galiza debe estar interesada en acrecentar a máis próxima relación cos axentes e promotores da economia social e mellorar a comunicación actual, o que revertirá nunha maior trasparéncia na xestión da política de axudas**.**
7. Debe-se asi mesmo manter a tensión cara á **simplificación dos procedimentos e dos requisitos** exixíbeis para acceder ás axudas.
8. O Governo galego considerará igualmente obxectivo prioritário da sua política de axudas as actividades de **difusión, fomento e formación** para o cooperativismo e a economia social.
9. Ampliarán-se as axudas para a **asisténcia técnica de Sociedades Laborais e entidades cooperativas, coa finalidade de obter contratación de técnicos,** estudos de viabilidade, financiamento, auditorias ou calquer outro tipo de informes técnicos.
10. Unha actuación complementar, no ámbito dos axentes e promotores privados da economia social, debe ser favorecer, inicialmente através de encontros e xornadas de estudo, unha dinámica que conduza á criación no ámbito galego de entidades asociativas empresariais específicas da Economia Social, ou máis modestamente, a atención dos seus problemas empresariais particularizados no seo das agrupacións empresariais actualmente existentes.
11. Deben fomentar-se as iniciativas de **intercooperación**

12. Apoiará-se a **criación de Institutos** para o desenvolvimento de novas estratéxias e a detección de demandas no ámbito da economia social e o chamado terceiro sector.
13. Deseñarán-se medidas de **apoio ás suas produción ou a comercialización** dos seus bens e servizos.

III. POLÍTICA DE ORDENACIÓN TERRITORIAL, INFRAESTRUTURAS E MEIO AMBIENTE

III.1 BASES DA POLÍTICA DE ORDENACIÓN TERRITORIAL

III.1.1 INTRODUCIÓN

No Programa do BNG para as Eleicións autonómicas de 1997, dicia-se:"*Galiza, mercé ao seu xeito multisecular de habitar que é tamén unha maneira de ser, constitui un paradigma de humanización do território. Velaí que a razón de que para nós os galegos o território chegase a ser algo máis que un suporte físico de actividades, para devir en componente da nosa própria persoalidade.*

Esa caracterización do noso território, desgraciadamente, está a deixar de ter validez polos efeitos combinados de: (a) unha urbanización anárquica e irracional do litoral e das cidades e vilas grandes do interior, coas suas correspondentes redondas; (b) unha especialización produtiva exaxerada e ás veces pouco meditada (explotacións gandeiras de vacun, repovoacións forestais xeneralizadas de nula ou mínima diversidade, (c) un duro control dos recursos financeiros por parte dun sistema financeiro maioritariamente alleo ás necesidades reais do país; e, d) a miopia política dos nosos governantes incapaces de combatir os riscos negativos dun sistema enfermo.

O território pasou de ser aquilo do que a povoación tiña consciéncia global, a se converter en algo que se semella descoñecer, obxecto, de inevitábel e permanente degradación, e producindo-se tal cousa en compaña do máis completo desbaldimento de recursos.

O termos acadado níveis de decisión política -portanto económica e social- como resultado do desenvolvimento das competéncias que trouxo o estabelecimento do sistema autonómico, até agora, no campo da ordenación territorial non só non trouxo da man melloras da situación de extrema gravidade dos valores que o noso território encerra, senón que, algunhas veces, mesmo aconteceu o contrário. Os sucesivos governos autonómicos habidos até aqui ignoraron os problemas que aqueixan o noso território ou ben trataron-os somente no papel.

É vontade política do BNG botar man dunha ferramenta imprescindíbel no mundo de hoxe: a planificación. Somos sabedores de que a planificación non é a panacea nen a bicoca que todo o resolve, mais deixar de ordenar o território e de planificar as actuacións futuras nel é como deixar o barco sen rumo no meio e meio do temporal.

III.1.1.1 A necesidade dunha política de ordenación integral do território

a) A ordenación integral do território como requisito de proxecto de futuro a longo prazo para o noso país.

Unha política de ordenación integral do território cementada na crenza de que un país é un proxecto de futuro a longo prazo, que todas as cousas a longo prazo teñen de ser consensuadas por unha ampla maioria dos que as queren conseguir. Ampla maioria social, económica e, por suposto, política.

Necesidade e urxéncia de consenso das forzas sociais, económicas e políticas, sexa a referida á ordenación do território, porque ordenar território, en calquer eido, adoita conlevar uns resultados, unhas repercusións, que trascenden, e con moito, á vida das persoas que planifican.

b) A necesidade de centralizar información e investigación no eido da ordenación territorial

A exixéncia de "**comezar por saber**" que púñamos no carreiro das prioridades imediatas hai catro anos ten de ser outravolta salientada agora. As realizacións do governo non conseguiron nengun dos escasos obxectivos que o próprio governo declaraba ter de acadar neste eido. Apesar de ser aprobada a Lei de Ordenación do Território en 1995 –hai máis de cinco anos-, no momento presente continuan sen existir Directrices Territoriais. Ás agachadas, encarregou-se un Documento de Información para a elaboración dunha Diagnose. Nen a metodoloxia, nen o traballo de esculca, nen os resultados son merecedores de atención.

A situación demanda a necesidade dunha Lei que crie un ente que investigue nas entranas do noso território. Este ente é o **Instituto de Estudos Territoriais**, organismo que nos primeiros dous anos de governo do BNG ten de poder conseguir un Diagnóstico certeiro, cabal, suficiente para dispor dunhas **Directrices Territoriais** para todo o Território galego. A existéncia deste organismo, doutra parte, xa estaba prevista na LOT polo que se ve, non interesa hoxe en dia ao governo de Fraga..

Estas Directrices teñen de ser o marco de referéncia para o resto dos instrumentos de ordenación, para as políticas sectoriais delas dependentes, como se indica na Lei de Ordenación do Território, (Lei 10/1995, de 23 de novembro).

As **Directrices**, en tanto que resultado dun proceso fundo de reflexión e participación da povoación, directamente e através de todas as administracións e colectivos territoriais e sectoriais, nos aspectos básicos, teñen que ser algo asi como a descrición e caracterización, do país do século XXI.

III.1.1.2 Xestionar o imediato

A situación actual do País hai que a cualificar de grave. Porén, as accións de governo non poden agardar por unha Diagnose certeira. A acción de governo necesita da adopción de medidas urxentes: no campo das infraestruturas de comunicación e transporte, no das infraestruturas básicas e de servizo, no do urbanismo, no da vivenda, etc., asi como medidas para a corrección do rumo no que atinxe a meio ambiente en xeral, de medidas igualmente urxentes no que se refere a infraestruturas produtivas, ou medidas que multipliquen por dez a posta en valor do noso património cultural...

III.1.2 OBXECTIVOS

1. É obxectivo primordial do BNG acelerar a confección, tramitación e aprobación, con rango de Lei, das Directrices Xerais de Ordenación do Território de Galiza, para o cal, con anterioridade haberá-se de proceder á modificación da Lei de Ordenación do Território -LOT- (Lei 10/1995, de 23 de Novembro), por ser esta a que lle pode conferir ese rango de lei a aquel imprescindíbel instrumento de ordenación
2. O governo do BNG considera prioritária a tramitación prévia e urxente da Lei conformadora do Instituto de Estudos do Território(IET), cuxa existéncia vén determinada polo artigo 31 da LOT, Instituto que foi incluído na dita lei por mor dunha emenda transacional do próprio BNG. Será o IET, o organismo que se ha encarregar da redacción do Primeiro Borrador desas Directrices Xerais de Ordenación do Território, que se tramitarán coa máxima participación da cidadania e dos organismos representativos de todas as instancias territoriais e sectoriais do noso país.
3. O IET ha ser o organismo encarregado de informar e/ou ditaminar os proxectos sectoriais que supoñan notorias repercusións na estrutura do território e elaborar e desenvolver, os critérios de coordenación.
4. Mentres non se produza a criación e funcionamento normal do IET, a política de Ordenación do Território, en base á filosofia, obxectivos, critérios e contidos programáticos do BNG, será desenvolvida pola normal acción de governo, conforme á estrutura organizativa actual da Xunta.
5. Imediatamente despois de se ter producido a aprobación das Directrices Xerais de Ordenación do Território, o BNG compromete-se a elaborar, tramitar e aprobar, os Planos Directores dos diferentes ámbitos territoriais que conforman a estrutura organizativa territorial própria de Galiza, nomeadamente o das Áreas Metropolitanas e demais Áreas Territoriais Urbanas, o das Comarcas, asi como os de calquera outra Unidade Operativa de carácter supracomarcal conformada por territórios homoxéneos ou complementares, e tamén os instrumentos de coordenación para o mellor cumprimento dos Planos Sectoriais.
6. Este modo de proceder no que atinxe á cadéncia temporal ten o seu baseamento en tres feitos esenciais:

a) As proprias eivas e disfuncións que, en tanto sistema, se aprecian no território de Galiza no momento presente, as agresións moitas veces absolutamente gratuítas ao noso meio natural, ao sistema litoral, á rede hidrográfica, ás zonas acaídas para o cultivo, intensivo e extensivo, ás zonas de montaña, aos bosques autóctones, aos sistemas produtivos próprios, á eséncia dos nosos asentamentos rurais, ao noso sistema de propriedade comunal e viciñal, etc.
b) A necesidade de que a cidadania galega entenda que non se pode continuar co desbaldimento do seu máis estimado património: o território da nación, -elemento conformador esencial dos nosos sinais de identidade como povo-.
c) Da necesidade dun axeitamento non traumático do território galego aos proxectos de desenvolvimento sócio-económico e modernización real do país, cuestión que é agora mesmo esencial, logo da desfeita do modelo territorial tradicional e dos intentos de destrución dos sistemas produtivos próprios da nosa nación, que conlevou a xeneralización no Estado español do modelo urbano industrial e de concentración.
d) Porque tamén estamos seguros de que é preciso e comenente potenciar unha eurorrexión formada por Galiza e o Norte de Portugal, que axude á consolidación das áreas de desenvolvimento xa hoxe existentes.

III.1.2.1 Obxectivos das Directrices Xerais de Ordenación do Território

A Lei que aprobe as DXOT de Galiza terá de perseguir unha ordenación integral e equilibrada do território do noso País, de cara á preservación da sua identidade. Para iso o BNG:

1. Axudará ao estabelecimento dun modelo que, sen renunciar á consecución dunha auténtica modernidade, preservar os valores esenciais do território e facilitar a optimización dos seus recursos produtivos como xeito de acadar un desenvolvimento sócio-económico sustentábel.
2. Procurará o mantimento da distribución equilibrada da povoación no território, a evitar tanto o crecimento anárquico das áreas territoriais urbanas mercé á planificación e xestión dun conceito de cidade novo mais xa reclamado polo incial pensamento nacionalista: a cidade no xardin (non cidade-xardin) ou cidade no território.
3. Regulará os instrumentos de ordenación territorial en todos os níveis e a organización administrativa do território acaída, dotando de personalidade xurídica as entidades naturais de Galiza: a parróquia e a comarca.
4. Traballarán a recuperación da concepción global do território.Coa harmonización antre as áreas urbanas e as rurais. Regulando asi mesmo un fenómeno non específico do noso país, mais con riscos moi

característicos entre nós, cal é a participación dunha parte considerábel do noso povo, de xeito simultaneo, das duas realidades: a rural e a urbana.

5. Procurará-se o achegamento das Administracións Públicas aos cidadáns en todas as escalas.
6. Serán funcións das Directrices Xerais de Ordenación do Território de Galiza:
   - A formulación, de xeito integral, do conxunto de critérios e disposicións normativas que guien e/ou regulen, segundo os casos, o asentamento no território das diversas actividades económicas e sociais.
   - Estabelecer as condicionantes de orde territorial que deban ser tidas en conta para formularen e levaren á prática as distintas políticas sectoriais da Xunta e de calquer outra administración de Galiza, asi como para a actividade urbanística das Áreas Metropolitanas e demais Áreas Territoriais Urbanas, das Comarcas, das Mancomunidades de municípios, dos Concellos e mesmo das Parróquias (cando dispuxeren de competéncias nese ámbito), co gallo de garantir unha acaída coordenación e compatibilidade das decisións das diferentes administracións locais coas da administración autonómica.
   - Proporcionar critérios informadores para a formulación das políticas sectoriais da Administración Central do Estado no território galego.
   - Propor e priorizar as accións territoriais onde se precise a actuación conxunta doutras Comunidades Autónomas do Estado español, lindeiras, asi como dos correspondentes entes administrativos da Rexión Norte de Portugal.
   - Favorecer por todos os meios a conformación e desenvolvimento acaído do que xa se dá en chamar Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal, como marco de actividades que a ser quen de conseguirmos un espazo que, pode acelerar a incorporación do noso país a unha auténtica modernidade.

III.1.3 CRITÉRIOS DA POLÍTICA DE ORDENACIÓN TERRITORIAL

III.1.3.1 Critério básico prévio

O BNG aposta polo carácter eminentemente público do labor de Ordenación Territorial en todas as escalas territoriais.

III.1.3.2 Critérios metodolóxicos

1. **A consideración de que é preciso planificar a longo prazo**, sobre da imprescindíbel base dun amplo consenso político, económico e social.
2. **E, igualmente, o convencimento de que é preciso xestionar a curto e meio prazo.**

III.1.3.3 Critérios funcionais

1. A procura dun ponto de equilíbrio entre a non dependéncia territorial própria do modelo territorial galego e a especialización dependente do território, característica das sociedades urbanas do marco político e sócio-económico actual.
2. Ter moi presente a combinación equilibrada entre potencialidades e incompatibilidades das diferentes áreas territoriais coa persecución da meirande diversidade de usos do terrritório que este posibilite, evitando a excesiva e tantas veces gratuíta especialización funcional das distintas áreas territoriais (litoral, montaña, e en menor escala, comarcas, concellos, etc).
3. No caso de contradición, situar a primacia dos procesos produtivos integrados sobre da especialización produtiva en base a un só recurso para todos os ámbitos de dimensión comarcal e áreas territoriais homoxéneas.
4. A eliminación da secular política de desbaldimento de recursos e tamén de políticas sectoriais ríxidas e descoordenadas, acometidas sen analisar comenentemente os impactos de tais actuacións, sobre o meio ambiente.
5. A necesária potenciación da explotación dos recursos básicos, tradicionais e modernos sobre os cais descansa, hoxe por hoxe, a economia galega, asi como aqueloutros recursos de máis nova implantación cuxa explotación xa está a demandar labores de ordenación territorial prévia (poñamos por caso, os recursos turísticos de todo o tipo).
6. O abandono daquelas políticas que teñan como fin a incentivación de actividades que supoñan impactos con forte contido de irreversibilidade no território.

III.1.3.4 Critérios operativos

1. É necesário que no momento do cámbio político se comece por operar coa andamiaxe lexislativa existente, modificada só naqueles aspectos de máis peremptória contradición cos presupostos programáticos. Labor de xestión que resulta inaprazábel e que é preciso ir acometendo mentres se elabora e tramita o marco xeral que van ser as Directrices, non entendidas ao xeito da LOT agora vixente, senón como se configuran no presente Programa de Governo, que recolle e amplia, no básico, o Texto alternativo proposto no seu dia polo BNG á LOT aprobada no Parlamento de Galiza en 1995.
2. O acaimento da estrutura organizativa da Xunta de Galiza para efectivizar a coordenación interdepartamental que pule e non atranque a capacidade operativa do IET.
3. Baleirar de contido operativo as Deputacións provinciais, desandando o camiño ultimamente encetado pola Xunta e consistente en dotar de máis poder a estas artificiais administracións locais.

4. É preciso distinguir con nidieza as áreas de intervención, no que atinxe o carácter público, privado ou mixto, das implantacións no território.

III.1.3.5 Critérios instrumentais

1. **A centralización e a descentralización**. Partirmos da comenéncia de utilización de instrumentos de planificación que respondan tanto ao conxunto do país, canto ás necesidades de calquer das suas áreas territoriais, primando a descentralización en todo aquilo que non atente contra os obxectivos básicos.
2. O que poderíamos chamar **acción *proactiva*** (isto é, un sistema en que as administracións responsábeis dos planos conten cun mínimo de meios para os levar adiante) **e unha acción *reactiva*** (en que son os recursos privados os que responden ás expectativas xeradas polos planos).
3. A ***regulamentación* e a *discrecionalidade***. O sistema de Ordenación do Território que o BNG entende como máis axeitado para o noso país, dadas as condicións de que se parte, ten de regulamentar acaidamente os aspectos básicos da planificación e, en troques, abrir as portas a mecanismos flexíbeis e mesmo a unha certa discrecionalidade, que non arbitrariedade, na sua execución ou xestión.

III.1.4 A CONFIGURACIÓN DO INSTITUTO DE ESTUDOS TERRITORIAIS

1. O IET adscribirá-se organicamente á Consellaria de Política Territorial.
2. O IET comezará a funcionar, logo da sua criación por lei, no primeiro ano de lexislatura.
3. A Dirección Política confiará-se a un Consello Rector, no que estarán representadas as forzas políticas con representación parlamentar e integrado tamén por representantes das consellarias en que o exercício das suas competéncias teña máis incidéncia no território.
4. O IET contará cun amplo rol de profisionais capaces de desenvolver a Dirección das correspondentes equipas interdisciplinares que terán de levar a cabo os labores de cada área básica de actuación: Infraestruturas de Comunicación e de Transporte, Infrestruturas Urbanísticas Básicas, Grandes Dotacións Equipamentais, Vivenda, Planeamento e Xestión Urbanistica, Infraestruturas Produtivas (agrárias, pesqueiras e marisqueiras, mineiras, enerxéticas, industriais, comerciais, turísticas, etc.), Protección e posta en valor do Patrimonio Histórico-Artístico, Arqueolóxico, Etnográfico e Cultural, Protección dos Espazos Naturais, da Paisaxe e do Meio ambiente, etc.,
5. O IET será o organismo onde se centralizará e se disporá a información sobre o território de Galiza (tanto cartográfica como documental e estatística).

III.2 ACTUACIÓNS SECTORIAIS

III.2.1 COMARCALIZACIÓN

O BNG entende que a Comarca é unha unidade territorial básica de Galiza. Nesa sua condición territorial reside a sua importáncia como demarcación chave na ordenación do território. Porque ten as dimensións máis acaídas para ser o espazo no que se poden concretar as localizacións que de xeito xenérico estabelecerán as Directrices Xerais de Ordenación do Território de Galiza. Na comarca é onde teñen de ter acobillo a imensa maioria das implantacións necesárias para a vida económica, social e cultural das povoacións dos concellos e parróquias integrados nela, que polas suas dimensións non se poden repetir en cada ámbito territorial ou administrativo menor.

III.2.1.1 A acción de governo no que atinxe á comarcalización

O BNG elaborará e promulgará unha lei que recoñeza a personalidade xurídica das comarcas. Con iso, non só cumpriremos fidelmente o mandado estatutário, senón que estaremos a concretar o contido básico da ordenación territorial do noso país. A dita lei arbitrará todo o relativo á dotación de meios económicos, financeiros e fiscais ás comarcas, co gallo de que estas podan acadar os obxectivos que o ordenamento lles encomende en todos os eidos, entre eles, a elaboración, aprobación e xestión dos planos territoriais de ordenación.

Artellará-se de imediato un Fundo de Cooperación Interterritorial, concebido como instrumento de solidariedade, interrelación e compensación de desequilíbrios entre as comarcas.

Serán competéncias dos entes comarcais todas as que se referen á ordenación territorial xeral do respectivo ámbito, especialmente as directrices xerais de planeamento comarcal, que regularán:

a) As infraestruturas básicas de ámbito comarcal, tais como: os sistemas de comunicación intracomarcal, as infraestruturas de abastecimento de auga, depuración de vertidos, tratamento de resíduos sólidos, produción e distribución de enerxia, etc.
b) Os servizos de ámbito comarcal dispostos segundo o princípio de autonomia de escala, referidos ao transporte, á educación, á saúde, á cultura, ao deporte, etc.
c) Os usos globais do solo, con asinalamento de incompatibilidades para aqueles que resulten contraditórios co modelo xeral definido nas DXTOG para a comarca de que se trate.
d) A protección dos espazos naturais existentes no ámbito da comarca e a protección do meio ambiente comarcal, asi como as medidas xerais que

fagan posíbel a explotación dos recursos de todo o tipo que neles se dean -incluída a posta en valor dos espazos naturais en tanto que tais.

e) As especificacións (a maiores da normativa xeral galega) a ter en conta para a elaboración de estudos de impacto nas intervencións de carácter comarcal que xa estexan previstas nas próprias directrices ou planos comarcais.

A comarca non se pode entender sen a existéncia de unidades de menor dimensión superficial, especialmente as parróquias. As competéncias parroquiais no eido da ordenación do território respectivo haberán de se cinxir a aspectos necesariamente sectoriais (explotación de montes, devesas, xunqueiras, etc., disposicións sobre infraestruturas produtivas: regos, presas, pesqueiras, etc.), a elaboración, aprobación e execución de planos de mellora do meio rural, planos do meio físico ou figuras de planeamento semellantes, sempre en concordia co que estabelezan as directrices comarcais e os planos municipais. Tamén poderán ter competéncias de xestión no desenvolvimento das previsións contidas nos planos especiais de protección dos espazos naturais, ou das derivadas da posta en valor do património histórico-artístico, arqueolóxico, etnográfico e cultural existentes no ámbito da parróquia.

Aos concellos seguirá-se-lles a confiar a competéncia na elaboración, tramitación, aprobación e xestión do planeamento urbanístico, asi como a disciplina nesta matéria. O planeamento urbanístico de ámbito municipal terá de respeitar as determinacións que sobre o território do concello que for se contiveren nas DXOT de Galiza e nas Directrices ou Planos Comarcais. Esta competéncia planeadora dos concellos poderá ser plena ou parcial, en función non só da dimensión povoacional (todos os concellos con máis de 15.000 habitantes), senón tamén do nível de capacidade técnica, financeira e de xestión que tiver ou que estiver disposto a asumir un concello

A Consellaria que tiver a competéncia da Ordenación do Território, prévio informe do IET, coñecerá a totalidade dos planos urbanísticos municipais de concellos con competéncias plenas na matéria e advertirá da ilegalidade dos mesmos.

Mentres non se cheguen a aprobar as DXOTG e a nova Lei do Solo de Galiza, poderán seguir a se elaborar e a se aprobar planos de ordenación, tanto de carácter xeral e de desenvolvimento (sempre que foren de planos de ámbito municipal) como os de carácter especial para caisquer ámbitos e finalidades das previstas actualmente na lexislación vixente.

III.2.2 INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS DE TRANSPORTE

III.2.2.1 Caracterización da política de infraestruturas de transporte seguida até o de agora

1. Os governos do Partido Popular, tanto o do Estado como o de Galiza, teñen abandonado de feito o planeamento das infraestruturas e, en consecuéncia, a racionalidade que supón a programación de investimentos.
2. O Partido Popular vén de converter a planificación das infraestruturas nun "invento interminábel", máis que de actuacións, de listados de futuros investimentos no que teñen cabida todas as reivindicacións que lle chegan desde os distintos lugares do estado. Case todo se asume, sexa o que sexa, mais nada se di dos cenários temporais asentados sobre uns presupostos e orzamentos que garantan o cumprimento do que só son promesas e máis promesas.
3. O planeamento no eido das infraestruturas entendido como agora o entenden os governos do PP, máis ben serve para silenciar as reivindicacións que desde as distintas comunidades autónomas e outras institucións se lle prantexan arreo.
4. O BNG non quere, en modo algun, entender o Plano como documento inalterábel e ríxido. Nós entendemos que todo plano debe ter unha boa dose de flexibilidade nas suas determinacións.
5. Cuíña, actuando na CPTOPV, poñamos por caso, non foi senón un precursor de Árias Salgado e, ainda mellor, de Cascos no Ministério de Fomento. E agora abonda con lle botarmos unha ollada ao comportamento, no que á planificación, programación e control se refere, de organismos tais como Portos de Galiza, Augas de Galiza, etc., ou á apresentación de calquer nova infraestrutura na feira mediática.

III.2.2.2 Presupostos básicos dunha política alternativa de infraestruturas de comunicación

1. O BNG entende que a política de infraestruturas de Galiza debe ser concebida e contemplada en tres vertentes perfeitamente complementares:
   a) A de relación co extérior. O noso país e máis o Norte de Portugal dispoñen dun sistema de cidades que se pode ordenar acaidamente mercé a unha eficaz e racional política de infraestruturas viárias, ferroviárias, portuárias e aeroportuárias.
   b) A vertente urbana.
   c) A vertente territorial.
2. O desenvolvimento cabal da Área económica que comprende Galiza e o Norte de Portugal quizá sexa a mellor das oportunidades que ten hoxe o noso país de formar parte dunha eurorrexión cun nível de competitividade que pode chegar a ser moi notábel, e sobretodo, con evidentes expectativas de modernización e de mellora do nível e da calidade de vida. E, desde logo, non só, como alguns cren, polo potencial turístico, senón polo potencial que representa o Norte de Portugal como destino de fundos europeos e polo interesante dinamismo de Porto e dalgunhas das suas infraestruturas (aeroportuárias e, en menor medida, portuárias...,) para o conxunto. Pode ser una eurorrexión sen unha capital definida (tal e como acontece con

outras moitas rexións económicas europeas), en que as oportunidades para o noso país son, en moitos sentidos, superiores ás do Norte de Portugal, mesmo no eido das infraestruturas (nomeadamente, as potencialidades do sistema portuário de Vigo).

Mais o BNG defenderá o desenvolvimento cabal da eurorrexión no seu conxunto, incluindo todos os outros polos importantes, que, no que respeita o noso país son: o do Norte de Galiza (A Coruña-Ferrol), os do interior (Lugo, a respeito do anterior e Ourense, a respeito do eixo Vigo-Porto), o de Pontevedra-Salnés (moi ligado á AM de Vigo), e, por descontado, o polo que como capital se xera arredor de Santiago.

Para o BNG actuar con decisión nas infraestruturas que liguen Galiza (nomeadamente, a área metropolitana de Vigo), co Norte de Portugal constitui un obxectivo estratéxico de seu.

III.2.2.3 Rede viária por estrada

1. As previsións de infraestruturas viárias de relación co exterior: remate da autovia do norte en Pedrafita, conexión da Autoestrada do Atlántico con Portugal, conexión da A-52 co norte e nordés de Portugal, autovia do Cantábrico.
2. Dentro das infraestruturas viárias conformadoras da estrutura interior do noso país: é urxente a completa realización das autoestradas e autovias xa proxectadas (Ourense-Santiago, remate da A-9 en Ferrol...), asi como a proxectación e construción das autovias que completarán esa estrutura básica interna de Galiza: Lugo-Santiago, Lugo-Ourense, conexión de Pontevedra coa A-52, autovia Santiago-Noia, vias rápidas como a de conexión dos fundos de ria das rias Baixas (Cee-Caldas de Reis-A-9), a de comunicación da costa da Morte coa capital de Galiza...
3. Tamén teñen carácter de urxéncia actuacións ainda non proxectadas nas cidades e nos contornos das áreas metropolitanas ou contornos de influenza: poñamos por caso, o segundo cinto de Vigo, o remate do cinto de Santiago pola banda occidental, a rede arterial de Pontevedra (hoxe nen tan sequera proxectada), a conexión Centro de Ourense da A-52; circunvalación leste de Ourense; o acceso norte de Ourense; os accesos acaídos aos portos de Marin e Vilagarcia (este último xa para ser construído en 1996 e desbotado polos sucesivos planos do PP, apesar a sua importáncia na estrutura territorial de Vilagarcia e mesmo para os concellos do Salnés); e, en xeral, as infraestruturas que permitan a intermodalidade do transporte porto-ferrocaril-estrada.
4. En todo o caso, é preciso coidar con mimo os trazados, o deseño e a própria construción de todas as novas grandes vias, asi como a disposición nelas de áreas de servizo que encardinen na rede ás vilas situadas ao seu carón.
5. A rede interior potenciará, conforme as iniciativas apresentadas nas duas últimas lexislaturas no Parlamento de Galiza polo BNG, o transporte de viaxeiros por estrada no plano intermunicipal ou comarcal, planificado no

conxunto das solucións internodais e intermodais cos servizos de ferrocarril, portos e aeroportos.

6. O BNG planificará e levará adiante o compromiso de dotar Galiza dun conxunto das "Cidades do Transporte", como elemento coordenador do tráfego de mercadorias e da sua distribución no contorno das cidades e vilas.

III.2.2.4 Ferrocarril

O Bloque Nacionalista Galego ven, especialmente desde 1993, dando unha dura batalla para que Galiza conte cunhas infraestruturas e uns servizos ferroviários axeitados. Sempre fumos conscientes de que era unha necesidade vital contar con este medio de transporte, para mercadorias e viaxeiros, como complementário do transporte por estrada. Os governos de Estado, e concretamente o Governo do PP, estaban, e ainda en grande maneira están, empeñados nun deseño marxinador e discriminador en matéria ferroviária con Galiza. Parten do suposto de que as autovias de enlace coa Meseta abondan. Velai unha das evidéncias de cómo os seus deseños son abertamente discriminatórios co noso país.

Despois de moitas movilizacións, debates e iniciativas, sempre impulsadas polo BNG, o Parlamento de Galiza acabou por aprobar unanimemente en decembro de 1995, un Plano Ferroviário que resumia as aspiracións mínimas nesta matéria a defender perante os Governos do Estado. Coa chegada do BNG ao Congreso dos Deputados tamén as necesidades de Galiza nesta matéria comezaron a escoitar-se en institucións nas que até entón eramos sistemáticamente ignorados co siléncio e beneplácito dos representantes galegos de partidos estatais. Por máis que pretenderon desprezar as nosas demandas, a nosa persisténcia obrigou-nos primeiro a facer que facian e despois a actuaren, malia for limitadamente.

A Xunta viu-se obrigada a solicitar do Governo "amigo" algún plano de actuación, sen atrever-se a defender nunca o plano ferroviário aprobado unánimemente polo Parlamento de Galiza. Usando da mais burda, insistente e abafante propaganda, tentaron convencer á opinión pública non só do ben que estamos xa senón do porvir esplendoroso que nos espera. Asinaron convénio tras convénio de colaboración desde 1998 o Governo Central e a Xunta, caso único en todo o Estado: era a primeira vez que unha Comunidade Autónoma se via obrigada a pagar por obras que non son da sua competéncia, por enriba de ter as máis obsoletas infraestruturas ferroviárias e estaren en marcha planos de Alta Velocidade billonários, pagados polo Estado, desde Madrid a Levante, Barcelona, Málaga, Valladolid,...

Ao cabo o Governo do Estado acabou, xa a fins do 2000, por concretar, a regañadentes, desenmascarado de tanta promesa fraudulenta, premido por

unha opinión pública consciente e un traballo político do nacionalismo constante, un deseño para executar na Galiza. O deseño é discriminatório en relación co resto do Estado, dual no interior de Galiza, fraudulento na sua formulación propagandística e moi adiado no tempo, por máis que teña xa visos de que vai ser aplicado en parte.

Nefeito, para a mellora da rede ferroviária interior de Galiza, o Ministério de Fomento, a Xunta e Renfe asinaron en decembro do 2000 un novo Convénio de colaboración que subsumia todos os anteriores, que contemplaba investimentos por un importe de 160.000 Mpts. no período 2000-2007 (30.000 Mpts. por conta da Xunta). Esta é a cantidade comprometida para un período de oito anos. Dela máis de 109.000 Mpts. serán para obras de duplicación de via e novas variantes no Eixo Atlántico, A Coruña-Vigo, con exclusión do tramo Ferrol-A Coruña, postergado até despois do 2007. Xa se ve o que fica para o resto da rede de Galiza. O manexo de cifras multimillonárias para supostas infraestruturas de alta velocidade na rede interior non pasa de ser unha promesa, que se situa sempre despois do 2007. Pero as evidéncias son claras: abandono dos accesos por Ponferrada-Monforte, cando chega un itinerário de alta velocidade deica a cidade leonesa; acceso por Ourense con via única desde Puebla de Sanábria; tramo Ourense-Santiago, só con estudos informativos até despois do 2004, sen opción clara de dupla via; marxinación dos tramos Ourense-Vigo e Ourense-Monforte-Lugo-Ferrol-A Coruña, especialmente desde Lugo cara o Norte, que ficaria excluido mesmo da electrificación; postergación da electrificación en xeral até despois do 2007; indefinición temporal das conexións desde Vigo con Porto. Este deseño non permite velocidades medias de 150 Km/h en nengún dos tramos da rede interior de Galiza. Non só non se trata de infraestruturas de alta velocidade senón que non é a aplicación dun deseño de ferrocarril convencional axeitado ás necesidades de Galiza, tanto para o transporte de mercadorias, con especial incidéncia na conexión intermodal cos portos, como para o transporte de viaxeiros na comunicación interurbana. Non é, pois, o deseño do Plano ferroviário aprobado polo Parlamento de Galiza en 1995; son concesións parciais, limitadas e, como sempre, retardatárias no tempo. É por iso fundamental que, co horizonte do 2007, segamos reivindicando un modelo coas seguintes características:

1. Modernización:
   - Rectificación de curvas e ripados elevados, construción de variantes e renovación de vias con travesas polivalentes.
   - Construción de dobre via, con novo trazado.
   - Eliminación de retrocesos.
   - Electrificación da rede, priorizando tramos.
   - Bloqueo automático en via única onde non exista.
   - Estudo de ampliación de estacións.
2. Redución sensíbel dos tempos de viaxe. A velocidade media para a rede interior deberá situar-se en 150 Km/hora. Nas comunicacións de Galiza co

exterior será superior a 200 km/hora, tanto na conexión con Portugal como co resto da Península, por Ourense e Monforte.

3. Aumento da seguridade e material rodante. Supresión de pasos a nível e valado nos tramos ou travesias perigosas.
4. Potenciación do tráfico de mercadorias por tren, interconexión cos portos e polígonos industriais, centrais térmicas e adecuación das estacións de ferrocarril.
5. Modernización da liña FEVE, esixindo unha Xeréncia Territorial para Ferrol. Mellora da infraestrutura, estabelecimento de comunicación cos portos e polígonos industriais, duplicación de vias, electrificación das mesmas e potenciamento do tráfico de mercadorias.
6. Adecuación das estacións de ferrocarril nos grandes núcleos urbanos.
7. Defenderemos un modelo de xestión dos servizos ferroviários da rede interior, tanto de RENFE como de FEVE, con participación da Xunta de Galiza, de forma que todo investimento da comunidade autónoma redunde no aumento das competéncias sobre a planificación e o funcionamento do ferrocarril en Galiza.

O BNG defenderá, coa actualización orzamentária correspondente, a execución do acordo do Parlamento de Galiza no horizonte do ano 2007. O Governo do BNG, desde o primeiro momento, esixirá a conservación e mellora das infraestruturas actuais, o aumentando da frecuéncia, da rapidez e da comodidade das conexións interurbanas, a consideración de "cercanias" para os traxectos que cumpran as condicións requeridas, a adecuación de horários e, o incremento do número de unidades de tren conforme á demanda social.

III.2.2.5 Portos

III.2.2.5.1 Portos de interese xeral

1. O BNG solicitará a competéncia plena sobre todos os portos galegos.
2. No que respeita a modernización e ampliación dos portos ademais da absoluta necesidade de facer realidade axiña a proposta programática que o BNG xa fixo pública hai catro anos, da criación dun "pool" dos cinco portos comerciais galegos de Vigo, A Coruña, Ferrol, Vilagarcia e Marin, é preciso a potenciación dos investimentos priorizando as potencialidades do complexo portuário de Vigo, no conxunto da eurorrexión atlántica.
3. O BNG defenderá as medidas necesárias para incrementar o tráfico intermodal nos portos galegos, procurando o reestabelecimento da comunicación por ferrocarril con estes e dotando-os das infraestruturas necesárias para o tráfico de contentores o conxunto de portos de interese xeral.
4. O BNG reclamará a competéncia plena en matéria de salvamento marítimo para os portos galegos que permitan cumprir coa normativa do "Convénio

Internacional para a Seguridade da Vida Humana do Mar “ e a prevención da contaminación no meio mariño.

5. Transferéncia a Galiza do Servizo de Inspección de Buques e maior dotación de inspectores en portos.
6. O BNG eclamará para Galiza o control sobre o tráfico marítimo nas augas interiores (12 millas) e a participación no control do tráfico nas augas da Zona Económica Exclusiva.

III.2.2.5.2 Portos de titularidade actual da Xunta de Galiza

A situación de falta de obxectivo que está a sofrer na actualidade o sistema portuário galego (ao non concretar a sua relación coa política pesqueira, tanto no ámbito comercial como no extractivo, coa subsecuente falta de complementariedade dos ciclos comerciais) e a nula xestión do Ente Público Portos de Galiza, transferindo a outras entidades sen capacidade económica a xestión dos servizos portuários, debuxan un panorama decadente e improcedente.

A falta de equilíbro entre a política de portos deportivos realizados en rexime de concesión, deixando sen planificar a actividade pesqueira, vén condenar o facer da pesca a sector residual.

O BNG, perante a situación xerada pola actual política, procederá a mudá-la, comprometendo-se a:

1. Realizar un plano de dotación de servizos portuários mínimos en función da dimensión da actividade pesqueira de cada porto.
2. Definir os portos pesqueiros extratéxicos da comunidade a que se aplicará a correspondente dotación de infraestruturas, quer de servizos, quer comerciais.
3. Coordenar coa Consellaria de Pesca, mediante órgaos de colaboración, toda a política de infraestruturas comerciais dos portos.
4. Dotar, cada porto de referéncia, da estrutura administrativa para a sua xestión, coordenación e mantimento.
5. Executar un plano a cinco anos, a incrementar o investimento actual que permita executar o Plano Estratéxico Portuário.
6. Integrar no conxunto de portos de interese xeral, informatizando o proceso de control, comercialización e comunicación, solucións de infraestrutura internodais e intermodais aos efeitos de conseguiren a máxima coordenación do conxunto portuário galego.

III.2.2.6 Aeroportos

A localización no espazo aéreo internacional de Galiza supón a necesidade de mellora e de ampliación das infraestruturas aeroportuárias, moi especialmente do aeroporto de Lavacolla, o que conlevará:

1. Plano director de Lavacolla que poténcie a futura zona de industrialización lixeira de carácter loxístico con potenciación do tráfico internacional.
2. Servizo de altas prestacións para os voos de conexión cos aeroportos de Peinador e Alvedro.
3. Planificación e proxección da criación do espazo da Eurorrexión co referente aeroportuário de Porto.
4. Reestruturación do espazo aéreo do Estado español, cun centro de control en Galiza do tráfico aéreo internacional.
5. Participación no control e xestión dos aeroportos galegos por parte da Xunta de Galiza e oposición á privatización de AENA.
6. Rematar co actual caos aeroportuário, evitando a centralización do tráfico aéreo en Madrid-Barajas e Barcelona, potenciando unha **solución policéntrica** dentro dos espazos europeo e americano.

O BNG considera aceitábel o sistema aeroportuário galego en base aos tres aeroportos, mais non resulta autosuficiente cara aos tráficos derivados do noso sistema portuário, e subsecuentemente, realizará a planificación integrada cos portos e o resto de infraestruturas de comunicación do país.

III.2.2.7 Programación, concertación e financiamento das infraestruturas.

O sistema de financiamento das distintas administracións fai impensábel que a Administración Local e mesmo a Autonómica podan facer frente, elas soas, ás necesidades que en matéria de infraestruturas teñen as cidades e a rexión económica no seu conxunto. Polo mesmo, resulta imprescindíbel, a curto prazo, unha política de concertación coa Administración Central para elaborar estratéxias de futuro e actuacións ambiciosas no que respeita ás necesidades do noso país. Hoxe por hoxe, non se ve por nengures esa política de concertación.

Frente á desinstitucionalización da acción planificadora e da auséncia de concertación entre administracións, ali onde o BNG chegou e pode, está a pular pola coordenación institucional a todos os níveis. Podemos citar o exemplo de Vigo, onde non só se están a concertar actuacións con entes doutras administracións (Delegación de Fomento, Consorcio de Zona Franca, Porto...), ou estabelecendo relacións fluídas e froitíferas con moitos concellos do Norte de Portugal, senón que se lle está a dar o pulo preciso para a criación por lei da própria Área Metropolitana.

A respeito do marco territorial que vimos debuxando (eurorrexión Galiza Norte de Portugal) é preciso igualmente concertar. Resulta de extrema necesidade o estabelecimento dun Tratado entre estados que poida planificar de

xeito concertado as necesidades que teñen Galiza e o Norte de Portugal, estabelecendo un órgao internacional de colaboración en matérias tais como as infraestruturas. Exemplos como o "Observatório dos Pirineos", xurdido de iniciativas autonómicas, (Cataluña, Navarra, Aragón, Euskadi e os territórios franceses de alén Pirineos) para a planificación e concertación territorial, independentemente do resultado acadado, marcan camiños que se poden seguir en Galiza verbo do Norte de Portugal.

No período 2000-2006, a Galiza han-lle corresponder, aproximadamente 1'6 billóns de pesetas dos diversos Fundos europeos. É este un monto de importáncia que, de non mediar un cámbio de rumo acusado, dilapidará-se ou desbaldidará-se como ten acontecido case sempre até o de agora.

Podemos agardar que tamén a iniciativa privada se molle a prol do desenvolvimento desa eurorrexión (mesmo das grandes infraestruturas), iniciativa que hoxe xa está a amosar potencialidades; iniciativa privada á que, obviamente, non se lle pode deixar as portas abertas, de xeito incondicional, mais tampouco incitar que fique parada polas nosas indefinicións, porque entón, e no mellor dos casos, actuaria só de modo pontual e probabelmente onde menos incidéncia ia ter a respeito dos intereses xerais.

E ademais da concertación e programación, no caso de governar, o BNG submeterá permanentemente a sua política de gasto en infraestruturas aos controis legais estabelecidos xa (PDR, PAIF), ademais do control político do Parlamento. Todo iso, na liña da Proposición non de Lei que xa fixo o BNG no fin da lexislatura que agora remata.

III.2.3 URBANISMO

O governo do Partido Popular, uns meses antes das últimas eleicións autonómicas, desaproveitara a magnifica ocasión de lexislar en matéria de urbanismo e ordenación territorial, facendo-o conforme o feito diferencial territorial galego, para o que tiña que ter apurado até o máximo a competéncia estatutária. Na xénese do intento de lexisislación urbanística galega está o encargo dun primeiro borrador de lei a persoas que descoñecian case por inteiro a nosa realidade territorial, os cais apresentaran un texto, praticamente imposíbel de adecentar e de aquelar nos trámites parlamentares; ignorara para a ocasión as regras mínimas do procedimento a seguir en cuestión de tanto calado sócio-económico, nomeadamente, no que atinxe á máxima participación cidadá e das máis diversas organizacións sectoriais e territoriais; desoíra o sensato e atinado parecer do BNG materializado nas emendas aos diferentes borradores apresentados; e desantendera o noso ofierecimento de chegarmos a acordos entre todos os grupos parlamentares para aprobar un texto amplamente consensuado.

No mes de xuño do 2000 o governo de Aznar, a atentar contra a letra e o espírito da própria Constitución española, promulgou un Real Decreto-Lei que minora as competéncias da Comunidade Autónoma de Galiza, recoñecidas na dita Constitución e desenvolvidas no Estatuto de Galiza. Apesar diso, o governo de Fraga renunciou a recorrer tamaña barbaridade xurídica e xa anunciou que se prepara para reformar a LSG, de xeito que se acomode á lei española, contribuindo asi á máis completa desfeita do noso território.

Pola contra o BNG continua a apostar pou unha lei do solo como a que se contiña naquel Programa, comprometendo-se a loitar pola sua elaboración, tramitación e aprobación. Por iso, se a cidadania galega deposita no BNG a sua confianza para lle encomendar o governo de Galiza a partir do 2001, no campo do urbanismo acometerá:

1. A redacción, tramitación e aprobación da nova Lei do Solo de Galiza, documento que se apresentará para discusión e tramitación antes de trasncorridos doce meses de lexislatura.
2. Completará-se a regulación do feito urbanístico, por meio dos seguintes regulamentos da devandita lei:
    a) Regulamento de Planeamento e Deseño Urbano.
    b) Regulamento de Coordenación de Disposicións Sectoriais.
    c) Regulamento de Execución e Xestión da Acción Urbanística.
    d) Regulamento de Disciplina Urbanística.
3. Estes regulamentos, que se aprobarán dentro do biénio seguinte á data de aprobación da lei, e en calquer caso dentro da próxima lexislatura, apresentarán como principais novidades sobre dos Regulamentos que desenvolvia a lei española até agora vixentes, as seguintes:
    a) A importáncia do deseño urbano. Neste senso, o Regulamento de Planeamento e Deseño Urbano prestará moita atención ás actuacións nas áreas de maior valor urbanístico (pomos por caso, Conxuntos Histórico-Artísticos), ás áreas urbanas degradadas, aos núcleos rurais tradicionais, etc., con instrumentos normativos de maior axilidade e rigor científico no tratamento.
    b) A coordenación das actuacións previstas nos diferentes planos ou programas sectoriais das distintas Administracións (tanto autonómicas como da Administración central).
    c) O Regulamento de Execución e Xestión, que por primeira vez estará adaptado ás peculiaridades dos diferentes reximes de propriedade do noso país, constitui unha necesidade peremptória.
    d) A lei fará especial fincapé na estreita relación que debe haber ante a política urbanística e a de vivenda. E, nese senso, arbitrarán-se medidas que facilitaren a disposición de solo para a construción de vivendas abeiradas a caisquer fórmulas de protección e axuda que se arbitraren polo governo galego.
4. A dotación a todos os concellos do correspondente instrumento de planeamento urbanístico de carácter xeral.

5. A Lei do Solo de Galiza (LSG) e os seus regulamentos deberán desenvolver normativamente o necesário acaimento das determinacións dos planos urbanísticos ás Directrices Xerais de Ordenación Territorial de Galiza e ás Directrices Comarcais.
6. A LSG e os seus regulamentos terán como finalidade esencial o disporen dun corpo normativo básico para a regulación dos usos do solo, a edificación e calquer outro feito construtivo, tendo como marco territorial próprio os concellos e, no seu caso, as comarcas.
7. Frente á consideración uniformizadora da Lei do Solo española e tamén da galega de 1997 (se acaso coa excepción do que atinxe á regulación dos nucleos rurais), a futura Lei do Solo de Galiza non só terá como referente ontolóxico a consideración radicalmente distinta da realidade territorial galega, a respeito doutros modos de ocupar o território, senón que terá en conta as distintas realidades territoriais existentes dentro do noso país, prevendo tratamentos técnicos, normativos e económico-financeiros distintos para as realidades diferentes: o urbano e o rural, entre as Áreas Metropolitanas e outras Áreas Territoriais Urbanas e as áreas urbanas vilegas, entre a montaña e o litoral, etc.. Ese tratamento haberá de exixir o estabelecimento dunha clasificación das entidades locais, tendo como base o seu grau de desenvolvimento real, actual ou potencial, as actividades produtivas principais, a povoación, a dinámica social e económica, etc.
   Á diferenza da lei de 1997, a futura LSG deberá fuxir (alomenos para os concellos de notória tensión urbanística e capacidade financeira e técnica), de fixar parámetros cuantitativos, máis próprios dos distintos Regulamentos que dunha lei.
8. A nova LSG normativizará sobre todos os aspectos urbanísticos, incluído o rexime urbanístico da propriedade do solo, a tentar o máximo acaimento das disposicións aos diferentes modos de conceber a propriedade do solo en Galiza (privada, comunal, viciñal).
9. A nova LSG superará a ríxida clasificación do solo hoxe en dia vixente, incorporando novas clases de solo, para dar cumprida atención á maior complexidade da ocupación do território galego, senón que afondará nos mecanismos de xestión urbanística para os acair ás específicas concepcións da propriedade do solo no noso país, fornecendo ás administracións locais dos instrumentos precisos para unha áxil e realista execución das determinacións do planeamento.
10. A lei estabelecerá o mais amplo abano de mecanismos de xestión posíbeis, con utilización xeneralizada mais regulada da figura dos acordos e convénios urbanísticos, suscrebíbeis antes, durante a redacción e tramitación e, mesmo, despois de ter sido aprobado o planeamento, permitindo unha certa flexibilidade na eleición do mecanismo máis acaído para cada caso, segundo unha orde de prioridades que poderá variar en función do tipo de planeamento, do tipo de concello e do tipo de solo de que se tratar.
11. A nova LSG e os seus correspondentes regulamentos, nomeadamente o de Execución e Xestión, haberán de prever a criación e de regular o

funcionamento de sociedades públicas, privadas e mixtas, cuxa función principal sexa a da xestión urbanística dos planos.

12. A nova LSG recollerá a obriga de que o solo correspondente aos aproveitamentos urbanísticos de non apropriación privada, sexan cedidos á entidade local correspondente por parte do promotor (sexa cal sexa o carácter deste), completamente urbanizados e á sua costa; e, no suposto de que se pacte unha compensación de tipo económico para eses aproveitamentos, esa compensación terá en conta o anterior.
13. A nova LSG e os seus regulamentos axilizarán os procedimentos para a execución das determinacións previstas nos planos de ordenación. Nos concellos con pouca tensión urbanística e/ou con escasa ou nula capacidade técnica económica e financeira de xestión urbanística, o planeamento fuxirá de estabelecer categorias de solo que exixan desenvolvimentos urbanísticos posteriores.
14. A futura LSG conterá mecanismos que obriguen de xeito efectivo a todas as administracións locais a contar, cos necesários instrumentos de planeamento xeral de escala municipal e/ou comarcal. Mentres non se aprobe a LSG, o governo da Xunta poderá, se o xulga preciso, elaborar con carácter de urxéncia Instrumentos de planeamento de aplicación subsidiária e/ou complementar en todo ou parte do território galego, instrumentos que, no seu caso, derogarán as catro Normas Subsidiárias Provinciais vixentes actualmente. A Normativa Xeral Subsidiária Galega, ao igual que todo o planeamento urbanístico local, deberá respeitar o disposto nas leis e planos de ordenación territorial: Directrices Xerais de O.T:, Directrices Xerais Comarcais, etc., sobre os usos globais do solo, as infraestruturas xerais, etc., etc. Asemade, a Normativa Xeral Subsidiária, haberá de respeitar os contidos dos Planos Sectoriais das outras Administracións (Agricultura, Mineria, Indústria, Comunciacións, etc., etc.), eliminando, no seu caso, as posíbeis contradicións existentes entre elas.
15. Non se poderá aprobar nengun planeamento de carácter xeral que non estabeleza os prazos máximos de realización do planeamento especial.
16. A formulación, tramitación e aprobación dos planos urbanísticos de calquer tipo corresponderá aos órgaos plenários das entidade locais. A lei e os seus regulamentos disporán de modo que se garanta a axilización da tramitación dos planos.
17. A nova LSG e os seus regulamentos estabelecerán igualmente, os mecanismos que faciliten a constante posta ao dia dos planos, por meio de Modificacións pontuais de determinacións concretas, por meio das Revisións de carácter parcial e por meio dunha Revisión Xeral do Planeamento.
18. A nova LSG e os regulamentos correspondentes, estabelecerán as exixéncias normativas precisas para garantir a máis completa participación da cidadania nos procesos de elaboración e tramitación dos planos de ordenación, e os mecanismos que permitan que se cumpra a vontade popular nesta matéria.

19. O BNG, entendendo que é preciso pór orde neste campo, estima que os numerosos casos de infraccións producidas nestes últimos lustros ao longo do país, deben ter unha solución definitiva. Por iso, incorporará nas Disposicións Transitorias da futura LSG e nos seus regulamentos, todo o relativo á legalización de construcións e edificacións inzadas sen licenza e/ou sen axeitamento á legalidade estabelecida, levadas a cabo con anterioridade á entrada en vigor da lei, estabelecendo os tipos de situación susceptíbeis de legalización, os prazos para solicitar unha acción administrativa neste sentido, os requisitos a cumprir e as contias económicas a satisfacer á administración local (incluída a que corresponda en conceito de multa). As Disposicións Transitórias estabelecerán igualmente os períodos máximos estabelecidos para poder solicitar a legalización das obras construídas sen o debido amparo legal.
20. O governo do BNG, procederá a criar, adscrito á Consellaria que teña a competéncia no eido da ordenación territorial e o urbanismo, un Servizo de Asesoramento, Inspección e Vixiláncia con operatividade en todo o território, que actuará en estreita colaboración cos concellos e comarcas para velar pola legalidade en matéria de urbanismo.
21. A consellaria que teña a competéncia na ordenación do território e o urbanismo, procederá de imediato á subrogación da competéncia que teñen os concellos sobre da aprobación dos planos de ordenación, sempre que se dea algun dos seguintes supostos:
    a) Para a redacción de planeamento xeral en todos os concellos que non o teñan de seu e non se comprometan a formulá-lo e tramitáren-no nos prazos que se lle marcaren.
    b) Para a redacción do planeamento especial de protección e ordenación dos Conxuntos Histórico-Artísticos decrarados como BIC, no suposto de se non comprometer o concello a tramitá-lo nos prazos que se lle indicaren.
    c) Para a redacción de planeamento especial de protección e ordenación de todos os Espazos Naturais protexidos por calquer tipo de disposición normativa, tamén no suposto de que o(s) respectivo(s) concello(s) non se comprometa(n) á esa redacción. A subrogación, neste caso poderá exercer-se pola Consellaria de Meio Ambiente.
22. O governo do BNG compromete-se a arbitrar os investimentos necesários para a realización de todos estes tipos de planos. Tamén arbitrará fundos para subvencionar a realización de Planos Especiais de Mellora do Meio nos núcleos rurais onde o solicitar, polo menos, un 40% do seu vicindário; e a subvencionar Planos de Reforma Interior en áreas urbanas degradadas, cando o solicite, alomenos, un 30% do vecindário da área en cuestión; todo iso, segundo as condicións que se fixen no regulamento correspondente.
23. O governo compromete-se igualmente a financiar até o 100 % do custo de elaboración, o planeamento que for preciso revisar por mor das novas disposicións normativas de carácter territorial ou urbanístico. No suposto de que os concellos non levaren adiante ditas revisións, as cantidades

abonadas para pagaren do planeamento serán acreditadas nas contas da consellaria como débedas do respectivo concello.

24. O governo do BNG procederá a dotar as comarcas das imprescindíbeis Equipas Técnicas para desenvolveren de modo positivo a acción urbanística.
25. O governo do BNG, en toda a acción urbanística, prestará especial atención á componente arquitectónica. Procederá-se á elaboración e execución de significados proxectos arquitectónicos de grande riqueza conceptual, nos diferentes ámbitos construtivos onde se harmonizaren tradición e modernidade, para serviren de paradigma de tratamento do espazo próprio, ao tempo que supuxeren a criación de novo património arquitectónico e urbanístico.

III.2.4 VIVENDA

III.2.4.1 Análise da situación actual

O actual parque de vivendas apresenta o dualismo de vivenda regulada (fundamentalmente urbana) e de vivenda irregular (fundamentalmente rural), e as características son:

a) Reducido en termos comparativos
b) Deficiente canto ao seu estado de conservación e equipamento.
c) Relativamente caro en función coa renda familiar disponíbel galega.
d) Desequilibrado canto ao seu rexime de tenéncia.

A escaseza de vivendas de aluguer determina unha oferta ríxida, incapaz de resolver as necesidades de determinados sectores de povoación (baixo nível de ingresos, inestabilidade laboral, mocidade, etc.).

III.2.4.2 A política de vivenda

A promoción pública de vivenda foi nos últimos catro anos irrelevante na construción de vivendas como nível agregado.

Os instrumentos de política económica, financeiros e fiscais, mesmo a proximidade de finalización da vixéncia da actual moneda española, son vectores que tiveron nos derradeiros catro anos incidéncia importante para xustificar a escasa promoción pública no sector da vivenda do governo do P.P.

Na competéncia que a Xunta de Galiza exerce no subsector da vivenda nen tan sequer tentou na xestión de modificar algun parámetro relativo ás peculiaridades territoriais (por exemplo, coeficientes de ponderación aos efeitos de determinar ingresos familiares, distribución de áreas xeográficas para os módulos de VPO e mesmo superfícies).

Os prezos da vivenda dispararon-se, a expansión do ciclo económico e como consecuéncia a iniciativa privada abandona a promoción de V.P.O.. Tan só tornarán a ela cando chegue o ciclo de recesión, circunstáncia favorábel para o negócio, mais incompatíbel coas necesidades sociais de aloxamento.

É necesário entender que un sistema de política xusta e eficaz de vivenda, non pode ir da man da actual xestión do sistema de VPO que executa o governo do P.P. por:

1. Non integrar o conxunto de instrumentos que inciden na vivenda (fiscais, urbanísticos e financeiros).
2. E un sistema que deseña a actuación da promoción de vivenda urbana en edifícios colectivos de nova construción para adquirir en réximen de propriedade.
3. Tendo mellorado a reabilitación de edifícios, ainda continua a ser escasa, e as máis das veces en decisións correspondentes a alguns edifícios de notória singularidade arquitectónica ou ben situados en zona de interese histórico-artístico.

III.2.4.3 As axudas fiscais a adquisición de vivenda

Ante a situación actual da política de vivenda, o BNG impulsará a modificación da lexislación vixente, tendente a conseguir os seguintes obxectivos:

1. Incremento dos fundos destinados a promoción pública de vivendas protexidas, en especial as destinadas ao aluguer e a reabilitación de vivendas.
2. Restabelecimento dos benefícios fiscais para o arrendamento de vivendas; na procura do equilíbrio cos supostos de compra.
3. Desgravación progresiva no imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) por adquisición ou reabilitación de vivenda.
4. Instar ao Governo Central para que diminua o tipo de gravamen do imposto sobre o Valor Engadido (IVE) para as vivendas protexidas e do imposto sobre Transmisións Patrimoniais (ITP) para todo o tipo de vivendas.
5. Política decidida na redución de vivendas baleiras; aumentando o custo fiscal, diminuindo a presión fiscal na transmisión da primeira vivenda dedicada a residéncia habitual; apoiando a diversificación tipolóxica de oferta de vivendas para mozos, famílias monoparentais, unidades de convivéncia de feito, anciáns etc...

III.2.4.4 O financiamento da vivienda

A intervención directa do Estado, limita-se as axudas contidas no Plano de Vivenda en forma de prestamos cualificados e axudas económicas directas (subsidiación de intereses e subvencións persoais). Nos últimos anos as sucesivas revisións a baixa dos tipos de xuro de convénio mentres se mantiñan os tipos subsidiados, supuxo a redución drástica dos recursos proporcionados polo Estado para o financiamento dos Planos de Vivenda.

1. O BNG incrementará o número de vivendas promovidas polo IGVS.
2. O BNG estabelecerá as medidas que garantiren o acceso á vivenda das persoas con menores recursos económicos (familias con ingresos ponderados inferiores a 0,7 veces o salário mínimo).
3. O BNG coordenará as actualmente medidas inconexas que permitiren a eficácia na percura de obxectivos, como son axudas aos Concellos para a erradicación do chabolismo, o carácter pintoresco dalgunhas subvencións a reabilitacións de imóbeis en conxuntos históricos ou mesmo algun caso das destinadas a adquisición de vivendas por famílias numerosas.
4. O BNG fomentará o asociacionismo ou cooperativismo arredor de necesidades básicas.
5. O BNG levará a prática unha política activa de vivenda de promoción pública, tanto na oferta de terreos, vivenda, axudas económicas, etc., como no control da actual especulación.

Unha política de vivenda comprometida co direito de toda a persoa a dispor dun aloxamento digno e adecuado ás suas condicións económicas, físicas e familiares, pasa por unha política decidida das administracións públicas, que substitui a incapacidade dos mecanismos exclusivos do mercado, é por iso que o BNG adoptará as seguintes medidas:

1. Elaboración dun Programa plurianual de vivenda e do seu marco xurídico próprio.
2. Elaboración dun censo e criación dunha nova modalidade de vivenda protexida
3. Xestión eficaz do património de vivendas públicas.
4. Criación de oficinas territoriais de vivenda que xestionarán:
    a) Arrendamento e elaboración de listas de adxudicatários e inspección e control das vivendas protexidas de promoción pública.
    b) Control das vivendas protexidas de promoción privada.
    c) Areas de reabilitación.
    d) Elaboración de informes sobre as necesidades de vivenda e solo residencial.
    e) Información sobre oferta de vivenda protexida.

III.3 MEIO AMBIENTE

III.3.1 INTRODUCIÓN

Através da sua história o povo galego foi quen de dar satisfacción ás suas necesidades imediatas valendo-se do meio natural onde vivia en perfeita harmonia. O maior ou menor grau de benestar económico e social nunca pode ser atribuíbel en primeira orde ás circunstáncias naturais senón a causas estruturais doutra índole. Galiza durante moito tempo incorporou o seu modelo de produción, o seu xeito de vida, aos novos meios de utilización da natureza transformando-a positivamente, mais nunca a destruí-la.

O fenómeno da sociedade "moderna" e industrializada, que ten graves impactos medioambientais en todo o mundo, tamén tivo en Galiza consecuéncias evidentes: sen ser un país con alto índice de industrialización, alguns dos enclaves industriais localizados en Galiza apresentan unha afectación meio-ambiental non equiparábel ao benefício económico e social reportado á cidadania galega. Ao mesmo tempo, a acción política dos diferentes Governos sempre procurou fomentar o desprezo ás solucions sócio-médio-ambientais próprias para substituí-la pola incorporación de modelos de produción e de intervención no território que baixo o pretexto dunha falsa de modernidade rompen a escala lóxica de progreso que cada sociedade marca a implantar usos e costumes que non provocan benestar e deterioran o entorno.

Na actualidade, as directrices da política xeral da Xunta de Galiza seguen un camiño marcado fai décadas. O meio ambiente fica relegado a un lugar secundário e apenas sen importáncia cando se trata de trazar novas vias de comunicación, instalar parques eólicos, realizar grandes encoros, facer paseos marítimos, asentar depósitos de hidrocarburos á beira das rias, continuar coa política forestal do franquismo,.etc. Todo isto é considerado "progreso", encanto buscar a protección do meio ambiente seria un freo a este mal chamado desenvolvimento.

O BNG ten de buscar conciliar o desenvolvimento e modernización co meio ambiente e por iso aposta por un desenvolvimento sustíbel, entendido como o conxunto de novos camiños de progreso social e económico que resolveren as necesidades do presente sen comprometeren a capacidade de satisfacer as necesidades das xeracións futuras. Por iso perseguiremos a utilización dos recursos sen se modificaren de maneira importante, e mesmo substancial e irreversibelmente, as características do noso meio ambiente.

Non acreditamos na falsa dicotomia entre meio ambiente ou progreso, porque non pode haber progreso digno de tal nome que se non se producir en harmonia co meio en que se desenvolve. O reto é incorporar á inestimábel bagaxe de coñecimento do povo galego ás novas tecnoloxias, os novos modelos de produción e os progresos da sociedade moderna e facé-lo en perfeita harmonia co entorno.

Pretendemos consegui-lo através dunha acción de Governo que faga da defensa meio-ambiental política básica de todos os seus departamentos e non só enunciado propagandístico dunha única consellaria.

III.3.2 MEDIDAS DE GOVERNO

III.3.2.1 O marco administrativo

Dentro da Consellaria de Meio Ambiente e como mecanismo para coordenar e dinamizar a política horizontal do Governo en matéria meio-ambiental criará-se o **Instituto Galego de Meio Ambiente** cuxas funcions serán:

1. Estabelecimento dunha Rede que cubra a atmósfera, a auga e o solo con estacións deseminadas por todo o país para exercer un control e seguimento da contaminación, con laboratórios que analisen a degradación do meio ambiente. Todos os laboratórios de titularidade pública -sempre que estiveren relacionados co meio ambiente-, existentes na actualidade pasarán a incorporar-se a este Instituto.
2. Estabelecimento dunha Rede de Conservación que controlará os Parques Nacionais e zonas protexidas de calquer tipo e que garantirá a preservación da flora e fauna autóctonas, conservación do solo, control de espécies protexidas, espécies en perigo de extinción, introdución de espécies, práticas agrícolas, etc. Proporá planos de recuperación e restauración de espazos degradados.
3. Levará a cabo campañas de Educación Ambiental, nos diversos aspectos do meio ambiente, buscando práticas racionais de consumo, xestión acertada dos recursos, prácticas ecolóxicas, tanto individual como colectivamente e mesmo empresarialmente. Estas actividades realizarán-se en colaboración estreita cos grupos de defensa ecolóxica e colectivos sociais.
4. Emisión de informes sobre dos diversos aspectos do meio ambiente.

III.3.2.2 Control da contaminación atmosférica

Na actualidade as centrais das Pontes e Meirama coas suas emisións de dióxido de xofre están a provocar unha importante contaminación por choiva ácida. Mentres que Endesa chegou a reducir o 95% na sua térmica de Andorra en Teruel, aqui unicamente reduce o 37% porque lle obrigou a normativa europea. Pretendemos que do mesmo xeito que en Teruel Endesa e Unión Fenosa diminuan a contaminación das suas térmicas até alcanzar o que tecnicamente hoxe é posíbel. Galiza emite o 33% do total das emisións de dióxido de xofre do Estado; para corrixir esta situación, o BNG propón as seguintes medidas:

1. Estabelecer "cargas críticas" -máximos para que non causen danos- de determinados compostos químicos que se emiten polas indústrias para evitar problemas nos ecosistemas.

2. Diminuir en máis do 80% as emisións contaminantes de dióxido de xofre en catro anos. A estes efeitos incrementará-se o canon autonómico sobre emisións contaminantes, de xeito que cumpra o seu verdadeiro obxectivo, incentivar a adopción de medidas correctoras por parte das indústrias.
3. Ampliar os supostos incluídos no canon de emisións contaminantes ao dióxido de carbono (responsábel do efeito invernadoiro), flúor, organo-clorados e partículas, revisando-se á alza as de compostos de nitróxeno, co obxectivo da redución das emisións actuais ao 50% no prazo de catro anos.
5. Estabelecer unha Rede pública autonómica de control e vixiláncia da contaminación atmosférica, con especial dedicación nas principais indústrias contaminantes
6. Estabelecer unha Rede Meteorolóxica que abarque todo o território galego, exixindo que a rede actual do Estado -Instituto Nacional de Meteoroloxia- pase a depender dun Instituto de Meteoroloxia Nacional Galego, pola importáncia que ten para a agricultura, a pesca, o control da contaminación atmosférica, o tránsito aéreo, a protección civil, etc.
6. Levar a cabo un estudo exaustivo do alcanzo da choiva ácida en todo o território nas diversas facetas de saúde humana, bosques, cultivos, ecosistemas fluviais, solo, etc., e a forma de paliar os seus efeitos.
7. Estabelecer estratéxias que levaren as indústrias á minimización da xeración de resíduos en xeral, ao incremento da eficiéncia e ao aforro enerxético. Oferecer incentivos para as próprias indústrias realizaren programas e incorporaren sistemas que melloren os resultados das suas actividades industriais en relación co meio ambiente.

III.3.2.3 Política territorial, conservación do meio natural e espazos naturais

1. Criación dun grande Parque Nacional galego.
2. Ampliación do Parque das Illas Atlánticas.
3. Transformación do Parque natural das Fragas do Eume, convertendo-o na primeira reserva da biosfera de Galiza.
4. Elaboración de políticas de promoción económica e social e concesión de benefícios fiscais para áreas territoriais incluídas dentro dalgunha figura de espazo natural protexido.
5. Modificación da Lei de Protección ambiental de Galiza para que se estabelezan as normas reais que configuren o sistema de defensa, protección, conservación e restauración do meio ambiente e aseguren unha utilización racional dos recursos naturais.
6. Estudo pormenorizado sobre áreas naturais concretas da viabilidade de explotación económica destas zonas e a sua proxección nacional ou internacional, valorando o impacto, a incidéncia social e de obras de infraestrutura, mellora para a zona, etc.
7. Submeterán-se á protección e vixiláncia especial aquelas áreas sensíbeis que están a sofrer un deterioro ambiental máis acelerado e de maiores consecuéncias ecolóxicas. Masas forestais autóctonas, zonas húmidas,

zonas especialmente erosionadas, espazos naturais de protección especial, zonas das rias e litoral,...

8. Submetimento dos planos e programas que podan ter efeitos significativos sobre o meio ambiente a avaliación ambiental rigorosa e vinculante co obxectivo de corrixir os efeitos negativos e adoptar medidas de seguimento e control que aseguren o cumprimento da normativa meio-ambiental.
9. Estudo detallado por parte da Administración do impacto ambiental das obras de infraestrutura, especialmente pistas forestais e autovias, autoestradas, vias rápidas,...e control da execución das obras e seguimento posterior.
10. Exercício da competéncia autonómica sobre planeamento para salvagardar os parámetros exixíbeis sobre declaración de solo protexido nos instrumentos de planeamento municipal.
11. Xestión integral do ciclo da auga a estabelecer un marco de protección que garanta a xestión equilibrada do domínio público hidráulico, a paliar déficits e desequilíbrios, a corrixir e prevendo o deterioro, e promovendo o uso sustentábel dos recursos hídricos. A tal fin, o órgao autónomo Augas de Galiza pasará a depender da Consellaria de Meio Ambiente, e impulsará-se a criación da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, con participación maioritária da Xunta de Galiza.
12. Impulso dun Plano de Saneamento coa finalidade de conseguir, nun prazo de 4 anos, que o 85-90% da povoación teña depuración das augas residuais. Estabelecer o prazo dun ano para que as empresas acometan as modificacións necesárias para cumprir coa lexislación ambiental canto á depuración das suas augas residuais, e aplicación dun canon de vertido ás industrias que non depuren totalmente os seus efluentes.
13. Elaborar un Plano integrado de restauración e conservación da rede hidrográfica que teña en conta ademais do plano de saneamento, a restauración das marxes dos rios de Galiza.
14. Potenciación do transporte ferroviário tanto de pasaxeiros como de mercadorias e estudo da viabilidade de transportes colectivos urbanos que non consumiren combustíbeis fóseis tais como o tranvia, o trolebus, o autobus eléctrico, etc.
15. Apoiará-se a utilización de meios de transporte alternativos de menor impacto ecolóxico, como, por exemplo, a bicicleta, o tren, o tranvia, os barcos de cabotaxe dentro e fóra das rias e outros transportes colectivos.

III.3.2.4 Agricultura, política forestal e meio ambiente

1. Aposta decidida pola promoción agrícola e gandeira ecolóxica e de calidade
2. Proibición de cultivos transxénicos para fins alimentários.
3. Instar o estabelecimento dunha moratória na importación de sementes e demais produtos transxénicos.
4. Especificación obrigatória na etiquetaxe de produtos transxénicos para consumo humano e animal.

5. Delimitación do espazo a ocupar polo eucalipto, regulación da sua expansión coa finalidade de que non desprace as espécies autóctonas nen se introduza en bosques de ribeira e marxes fluviais, nen ocupe terras idóneas para espécies máis exixentes.
6. Elaboración dun código de boas práticas agrárias orientado a limitar a carga gandeira, controlar a utilización de purins e evitar a utilización abusiva de adubos químicos, insecticidas, herbicidas, etc,en determinados cultivos.
7. Apoio a todas as iniciativas dirixidas á produción de alimentos de calidade, con práticas respeitosas co meio ambiente. Control do etiquetado dos produtos, exixindo unha información máis completa dos aditivos e práticas utilizadas na sua produción.
8. Estudo do impacto ambiental das concentracións parcelárias, para evitar a degradación ecolóxica que podan producir. Terá-se en conta a estrutura anterior das terras, impedirá-se a deforestación das espécies autóctonas e garantirá-se o curso normal do leito dos rios, asi como a preservación do património arqueolóxico e natural.

III.3.2.4.1 Concentracións parcelárias

Desde a perspectiva da protección meio-ambiental, na política de concentración parcelária terán-se en conta os seguintes critérios:

1. Revisión dos proxectos de concentración, dependendo das fases en que se atoparen, para se paliar a forte degradación ecolóxica que puderen producir.
2. Estudo do impacto ambiental das concentracións e sumo control da Administración prévio a calquer expropriación.
4. Garantir o remate e a supervisión de todos os traballos da concentración antes de proceder á adxudicación.

III.3.2.4.2 Incéndios forestais

A estratéxia básica de loita contra o lume é a mobilización produtiva das terras de monte. Co obxectivo de reducir drasticamente o número de incéndios, a incidir directamente sobre as causas que os producen, o BNG porá en marcha as seguintes medidas:

1. Unha política forestal estábel, atendendo os usos do monte: protección, produción e uso social.
2. Formar o património forestal prioritariamente por masas boscosas autóctonas a base de técnicas conservacionistas e silvícolas.
3. Submeter a maior parte dos montes a un Plano de Ordenación

4. Atender a diversidade das espécies sexa cal for o uso do monte, para asegurar un aproveitamento diversificado
5. Conservación especial das fragas
6. Estabelecer a intervención no mercado de madeira queimada, recuperar as zonas incendiadas, e evitar o cámbio de usos do solo nas zonas devastadas.
7. Garantir a presenza real da prevención contra o lume nos planos educativos
8. Estabelecer o control periódico da biomasa, a se habilitaren liñas de axuda que primaren a sua utilización para fertilizantes, enerxia e outros usos
9. Diversificar as funcións das cuadrillas de loita contra o lume: extinción de incéndios, tratamentos silvícolas, accións de mellora do meio ambiente, etc., a unificar estas medidas totalmente separadas na actualidade e a potenciar as tarefas de prevención sobre as de extinción.

III.3.2.5 Enerxia

O BNG promoverá a utilización de fontes renovábeis para a produción de enerxia, a impulsar a substitución paulatina da utilización de fontes fóseis e finitas para o mesmo fin.

O grande potencial de Galiza en recursos renovábeis de produción enerxética ten de desenvolver-se dentro de proxectos de auténtico desenvolvimento sostíbel, de xeito que o benefício enerxético que produzan non sexa superado polo impacto ambiental e sócio-económico negativo que podan provocar. Ademais das medidas de contido meio-ambiental conformadoras da nosa Política Enerxética (ver apartado 1.5.8 desde Programa), o BNG propón:

1. Promover a ubicación no noso país dunha Rede de Axéncias Locais da Enerxia a nível comarcal, en conexión coa rede europea do mesmo xénero, coa intención de promover o uso racional da enerxia, o aforro enerxético e o fomento da enerxia de fontes renovábeis.
2. Promover a utilización da Biomasa forestal como fonte enerxética dentro de Planos Comarcais de mellora forestal e recuperación de terras agrárias abandonadas. Reclamar un novo marco enerxético estatal de apoio á Biomasa
3. O Governo do BNG promoverá o uso da enerxia solar como enerxia alternativa limpa e baseada nun recurso renovábel, comprometendo-se administrativamente a incorporá-la de xeito progresivo e complementar nos centros públicos: hospitais, edificios administrativos, centros de ensino, etc.
4. Negociación da Confederación Hidrográfica do Norte para unha revisión das condicions de aproveitamento hidroeléctricas. Realización do estudo global das posibilidades de aproveitamento hidroeléctrico primando a conservación do espazo natural dos nosos rios.

5. O BNG proporá a racionalización do actual Plano Eólico galego a compatibilizar o uso do vento como fonte de enerxia alternativa co respeito ao espazo natural de posíbeis colocacións de parques eólicos. Proporemos ademais a participación pública nos proxectos de explotación para asegurarmos a sua incardinación en proxectos de desenvolvimento sustíbel para a zona onde se executar.

III.3.2.6 Tratamento dos resíduos

O contínuo incremento do volume de resíduos domésticos e industriais pon de manifesto o fracaso das políticas da Xunta a respeito do tratamento do lixo. A actual xestión dos resíduos aparta-se dos princípios de redución, reutilización e reciclaxe, primando a incineración.

O BNG, no Governo galego, reorientará o actual modelo de SOGAMA, baseado na incineración, e impulsará a elaboración dunha nova política de resíduos que se asentará en: estratéxias preventivas e educativas dirixidas a fomentar hábitos responsábeis de consumo, accións transformadoras das estruturas produtivas, para a redución da xeración de resíduos, e no impulso das políticas de reutilización e reciclaxe.

III.3.2.6.1 Resíduos Sólidos Urbanos

1. Elaborará-se un proxecto de xestión de resíduos sólidos urbanos baseado na diminución da produción do lixo, na reutilización e na reciclaxe, que terá como eixo principal a compostaxe da fracción orgánica do lixo.
2. A matéria orgánica do lixo (doméstico e hosteleiro) recollerá-se separadamente para viabilizar o proceso de compostaxe. O compost empregará-se como iniciativa pública na recuperación de fosos degradados.
3. Potenciará-se a reutilización do vidro, papel-cartón, plástico e metais mediante a recollida selectiva.
4. Estabelecerá-se unha recollida selectiva de móbeis, electrodomésticos, medicinas, envases de produtos químicos e outros produtos perigosos.
5. Elaborará-se un plano para o control dos vertedoiros, procedendo á clausura e selado dos ilegais.
6. Fomentará-se a utilización de produtos que sexan reutilizábeis.
7. Estabelecerá-se un plano de vertedoiros controlados para a fracción inerte dos refugallos que non sexa nen reciclábel nen reutilizábel.

III.3.2.6.2 Resíduos tóxicos e perigosos

1. Control e minimización na xeración de resíduos. Incentivará-se que as indústrias diminuan a produción de resíduos tóxicos e perigosos e mesmo que desenvolvan procesos de reciclaxe dentro da própria planta.
2. Realizará-se unha auditoria ambiental sobre a planta de Somozas e estudará-se o seu futuro á vista dos informes.
3. Procurará-se a colaboración con Portugal e outras partes do Estado español para o reciclado conxunto de determinados produtos químicos.
4. Colaboración entre as Consellarias de Sanidade e Meio Ambiente para a redución dos resíduos clínicos, a promover a utilización de material reciclábel.
5. Revisará-se a actual política de incineración sistemática destes resíduos, de maneira que se empregue só cando non existir outro método viábel para a sua eliminación. Procurará-se a asimilación dos resíduos clínicos a resíduos sólidos urbanos, na parte deles que non entrañaren perigos específicos.
6. Proibición absoluta de vertido a rios, rias ou mar litoral de resíduos radiactivos e oposición ao transporte marítimo de produtos radiactivos perto das nosas costas.
7. Proibición do estabelecimento de calquer tipo de basureiro radiactivo no noso território.
8. Os resíduos nucleares de hospitais, universidades, laboratórios, etc., terán un control rigoroso, procurando a colaboración con Portugal e outras zonas do Estado para a sua xestión.
9. Retirarán-se de ofício os para-raios radiactivos.
10. Promoverá-se a declaración de Galiza como zona desnuclearizada.

III.3.2.7 O meio mariño

A escaseza dos recursos pesqueiros por sobreexplotación e o incremento de CO2 nas capas superiores do océano procedente do incremento atmosférico, vén demostrar que as actividades humanas xeradas sobretodo nos países do primeiro mundo poden e están modificando, non só os ecosistemas mariños senón a globalidade dos ecosistemas terrestres. No litoral galego, as diversas e variadas actividades humanas afectan a calidade ou -en termos vitais- a saúde ambiental das rias: alguns danos son irreversíbeis, como os aterramentos, ao paso que outros inducen efeitos patóxenos e perdas na biodiversidade e produtividade.

Medidas do Governo cara unha xestión integral do ecosistema mariño:

III.3.2.7.1 Medidas lexislativas

Requer-se unha modificación radical na filosofia que rexe a xestión do litoral galego. Son necesárias a unificación por via lexislativa ou por transferéncia de competéncias sobre os distintos axentes que administran o

litoral galego. De maneira parella a existéncia dunha lei do Solo, desenvolverá-se a "Lei do Meio Mariño Galego" que:

1. Determinará de forma prioritária os usos priorizados do ecosistema mariño en función das características naturais,
2. Coordenará a xestión integral através das distintas administracions (locais, portuárias, etc.)
3. Criará a "policia do mar", órgao de carácter civil que, para alén de asumir as funcións das "Comandancias de Mariña", terá como función a vixiláncia, a inspección e o control sobre todo o tipo de actividades non legais asociadas ao tráfico marítimo (vertidos, trasfegas ilegais, etc.), a pesca e calquer outra que afecte a calidade do meio litoral e a sua diversidade.
4. Definirá e adecuará os níveis máximos aceitabéis na emisión de efluentes ao meio mariño
5. Delimitará e regulará as operacións e transporte de produtos nocivos e perigosos no meio mariño

Para iso será necesário:

1. Integrar a información científica necesária para coñecer o funcionamento integral dos ecosistemas do litoral galego e poder predicer os efeitos dos distintos usos tanto espacial como temporalmente.
2. Realizar unha planificación rigorosa do litoral contando con todos os sectores implicados (pescadores, mariscadores, industriais do turismo e do transporte, conserveiros,...)
3. Adecuar e/ou compatibilizar coa planificación territorial (nodos entre as infraestruturas portuárias, industriais e terrestres que minimizan tempos, custos e usos do solo, etc.)
4. Reclamar a ampliación do domínio de competéncia exclusiva nas augas da plataforma litoral (18 millas)
5. Ampliación de competéncias no ámbito do tráfico de espécies vivas

III.3.2.7.2 Medidas executivas

1. Estender e finalizar os planos de saneamento integral das Rias, separando augas pluviais, residuais e industriais nas povoacions ribeireñas. Pór os meios para o control dos vertidos e efluentes urbanos e industriais.
2. Traslado de ENCE-ELNOSA e recuperación dos bancos de Placeres e Combarro
3. Delimitación estrita, control do tráfico interior, e regulación das operacións de trasfego de derivados do petróleo e en xeral de calquer produto nocivo e perigoso para o meio mariño
4. Control das obras no litoral que conleven o vertido de áridos. Limitar a modificación da liña de costa para a ampliación de zonas portuárias. Mellorar a eficácia da rede de portos de Galiza

5. Control do tráfico internacional marítimo de substáncias perigosas por fóra das 50 millas, estabelecendo unha liña de coordenación e cooperación con Portugal para a vixiláncia e control de práticas contaminantes (lavado de tanques e vertido de resíduos) ao meio mariño
6. Control da importación de espécies exóticas asociadas ao tráfico de espécies comerciais e inclusivemente ao comercial marítimo
7. Delimitación de zonas libres de pesca para a preservación de biodiversidade biolóxica
8. Regularán-se medidas para paliar os efeitos secundários criados pola presenza de bateas nas rias
9. Estabelecerán-se nos portos sistemas de recollida de lixo e outros resíduos. Selado de sentinas dentro das rias
10. Criar un censo de actividades legais no litoral e criar un Consello de Xestión do Meio Mariño que permita ser canle de información e asesoramento de todos os sectores implicados sobre as limitacións naturais no uso do litoral

III.3.2.8 Educación ambiental

A Eduación ambiental buscará práticas racionais de consumo, xestión acertada de recursos, práticas ecolóxicas, tanto individual como colectivamente e mesmo empresarialmente.
O BNG propón:

1. Recoñecimento legal e apoio económico e asesoramento a todos os grupos de protección ambiental, ecoloxistas, ecopacifistas que leven adiante unha prática coñecida
2. Veiculizar a educación ambiental de forma transversal nas diversas matérias do ensino secundário obrigatório e bacharelato, introdución de matérias de carácter ambiental, tanto no ensino secundário como na Universidade (Economia ecolóxica, Arquitectura, Enxeñeria,...)
3. Realizarán-se campañas divulgativas entre os/as traballadores/as, tanto no agro como na indústria, nos servizos, etc., relacionadas con aspectos diversos e en especial de saúde ambiental e humana -intramuros, profisional.- coa finalidade de melloraren as nosas práticas ambientais e o ambiente e a saúde
4. Conscienciación sobre a utilización de produtos altamente nocivos para o meio ambiente: pilas botón, esprais, radiactividade, produtos tóxicos, etc.
5. Potenciamento do transporte público, do uso de bicicleta nas cidades e outros meios de transporte menos agresivos que o automóbil.
6. Potenciamento do uso do ferrocarril.
7. Criación dunha Biblioteca do Meio Ambiente en que se centralizaren as publicacións, os traballos científicos, os proxectos, os informes, etc., e mesmo en que se tiver acceso á información ambiental doutros países.

8. Educación ambiental centrada no mundo agrícola, mariño, industrial, etc...para conseguir práticas racionais e axeitadas que persigan a produción coa mínima intervención do meio.
9. Colaboración coa Universidade, Centro de Ensino Secundário, etc., e elaboración de programas teórico-prácticos onde as e os estudantes tiveren contacto temporal co meio agrícola, forestal, gandeiro ou mariño.

IV. POLÍTICA DE ORDENACIÓN SECTORIAL DA BASE PRODUTIVA

IV.1 POLÍTICA AGRÁRIA E DE DESENVOLVIMENTO RURAL

IV.1.1 INTRODUCIÓN; CRITÉRIOS BÁSICOS

Desde 1986 a agricultura galega viu modificado de forma substancial o seu marco de funcionamento, como consecuéncia de tres procesos: a integración na Comunidade Europea, as sucesivas reformas da Política Agrária Común (PAC), e finalmente a liberalización do comércio internacional de produtos agrários iniciada cos acordos da Ronda Uruguai do GATT. Estes tres procesos configuraron un contexto en xeral desfavorábel para o sector, por várias razóns: a situación dos mercados agrários a nível europeu, as características da PAC e o contido das suas sucesivas reformas, e a forma concreta en que os mecanismos desta política foron aplicados en Galiza, claramente discriminatória en moitos casos. Ilustracións do anterior son, por exemplo:

- A política de cuotas no sector lácteo. O problema que supuxo inicialmente a implantación deste sistema viu-se agravado no noso caso pola cuantia da cuota aceitada polo Estado Español (moi inferior ao consumo interno), e a rexionalización "de facto" que se estabeleceu dentro do Estado. Sen que as ampliacións da cuota aprobadas posteriormente (incluída a que se vai aplicar nos anos 2000-2002) permitiran solucionar o desfase estrutural coa produción que arrasta o noso país.
- A medida moi escasa en que o agro galego se veu beneficiando até agora dos fundos comunitários, contrariamente á visión estendida que apresenta á nosa agricultura como un sector altamente subsidiado. Abonda neste sentido un dado: na actualidade as subvencións procedentes do FEOGA proporcionan en Galiza menos do 10% da renda agrária (o 8,9% en 1997), cando no conxunto do Estado esta proporción supera o 25%, e nalgunhas Comunidades Autónomas está próxima ao 50%.

En suma, pois, nestes anos o sector agrário galego houbo de enfrentar-se a un entorno cada vez mais aberto e competitivo, e cunhas "reglas de xogo" pouco favorábeis. E todo isto partindo dunhas fortes deficiéncias nas estruturas produtivas.

Nesas condicións, resulta digno de salientar a capacidade de resposta amosada polo sector. Por un lado, mediante a mobilización para a defensa dos seus intereses, proceso en que o BNG xogou un papel de primeira orde. E polo outro, através do forte dinamismo económico e o esforzo investidor levado a cabo por importantes segmentos de explotacións.

Os resultados deses esforzos teñen-se visto, ainda asi, moi limitados pola caréncia dun respaldo institucional adecuado, tanto por parte do Estado como do Governo Autonómico. Isto manifesta-se na auséncia dunha defensa activa dos

nosos intereses nos foros europeus e estatais. Mais tamén na incapacidade da Xunta de Galiza para articular unha verdadeira política de reforma das estruturas agrárias, apesar das competéncias de que dispón neste ámbito.

Como consecuéncia diso, o balance que pode facer-se sobre a dinámica do sector nos últimos 15 anos (ainda recoñecendo a existéncia de fenómenos positivos) é en termos globais claramente desfavorábel. En concreto, tres son os feitos a destacar:

- No período transcorrido desde a integración comunitária o volumen da Produción Final Agrária experimentou unha redución, o que se acompañou dunha forte contracción da renda global do sector.
- Simultaneamente, mantiveron-se as deficiéncias estruturais básicas, no que respeita sobretodo á base territorial das explotacións.
- Iso fixo que, apesar de reducir-se en 2/3 a man de obra agrária e do esforzo investidor efectuado polos que permanecen no campo, a renda por ocupado siga sendo actualmente moi baixa: en torno a 1/3 unicamente tanto da média española como da da Unión Europea.

Actualmente o funcionamento da nosa agricultura está moi condicionado polas decisións adoptadas a nível europeo e mundial. Neste sentido, aparecen no horizonte tres procesos que marcarán en boa medida as perspectivas a meio prazo do sector: a ampliación da Unión Europea aos países da Europa Central e Oriental, a nova rolda de negociacións comerciais multilaterais que está prevista no seo da Organización Mundial do Comércio (*Rolda do Milénio*), e as reformas da PAC aprobadas no cadro da *Axenda 2000*, que se van pór en prática ao longo do período 2000-2006 (até o 2008 no caso do sector lácteo).

Tendo en conta o anterior, a política agrária que o BNG se propón levar a cabo desde o Governo Galego na próxima lexislatura estruturará-se en torno a **duas grandes prioridades**:

- **A defensa activa dos intereses do noso agro** perante os diversos foros ou instáncias con incidéncia no sector (Organización Mundial do Comércio, Unión Europea, Estado Español).
- **A mellora das estruturas produtivas**, co fin de consolidar o noso sector agrário nun marco cada vez máis aberto e competitivo, e facer asi posíbel un incremento sostido do nível de vida dos agricultores.

Esas liñas de actuación insertarán-se nunha estratéxia produtiva para o sector inspirada en **tres grandes princípios**:

- O **desenvolvimento das producións básicas** do noso agro, apoiado na mobilización produtiva dos recursos próprios (en especial a terra). Trata-se neste sentido de aproveitar as nosas vantaxes comparativas, cunha actuación diferenciada a nível comarcal.

- A busca ao mesmo tempo dunha **diversificación produtiva**, que fuxa dos perigos do monocultivo.
- A necesidade de facer compatíbeis as transformacións estruturais e a mellora da eficácia produtiva coa **conservación e respeito do meio ambiente** e unha atención especial á calidade e seguridade dos alimentos.

Un dos fenómenos máis preocupantes a que asistimos durante os anos recentes no noso país é o acelerado proceso de despovoamento de amplas zonas rurais, co risco conseguinte de desertización demográfica e degradación dos recursos naturais. Neste sentido, o BNG considera que a primeira via para frear ese proceso é o aproveitamento do potencial agrário con que contan as diversas comarcas. Mais isto deberá complementar-se con outras accións que contribuíren ao desenvolvimento e á mellora das condicións de vida nas áreas rurais: impulso doutras actividades, investimentos en infraestruturas e equipamentos produtivos e sociais.

O elevado envellecimento que apresenta actualmente en Galiza a man de obra agrária vai facer que o seu volume siga diminuindo a un notábel ritmo nos próximos anos, por razóns puramente vexetativas. Isto, unido ás elevadas cifras de desemprego, fai que sexa urxente estimular o mantenimento no campo da povoación nova, mellorando ao mesmo tempo a sua cualificación profisional. Nunha perspectiva máis global, o BNG considera prioritária a xeración de emprego nas áreas rurais (ben sexa na agricultura ou noutras actividades). Como via para contribuir á mellora do mercado de traballo, ao mesmo tempo que se fomenta un desenvolvimento máis equilibrado no plano territorial.

Para responder a eses problemas a política agrária insertará-se nunha política global de desenvolvimento rural presidida por dous princípios: a elaboración de estratéxias adaptadas ás necesidades e potencialidades de cada comarca, a transparéncia na xestión dos programas e a implicación activa nos mesmos da povoación da zona.

Na situación actual de pouco serve a mellora da base produtiva agrária se esta non vai acompañada do desenvolvimento dunha sólida indústria transformadora e das canles de comercialización adecuadas. Na prática, porén, como ilustran os acontecimentos recentes na indústria láctea, as limitacións dos axentes privados e o abandono por parte do Governo Galego están deixando o complexo agro-industrial do noso país nunha situación de extrema debilidade e vulnerabilidade perante as mudanzas a nível europeu e mundial. Para romper con esa dinámica o BNG levará a cabo desde a Xunta de Galiza unha decidida actuación no ámbito da comercialización e transformación dos produtos agrários. Tanto através de medidas indirectas como da intervención directa, mediante empresas públicas ou semi-públicas, nos casos en que sexa necesário.

Como plasmación deses critérios básicos, estabelecen-se as seguintes medidas fundamentais do Programa de Governo:

IV.1.2 MEDIDAS DE CARÁCTER XERAL

IV.1.2.1 Accións en relación ao marco europeu e estatal

IV.1.2.1.1 Participación nos foros de decisión comunitários

1. O BNG considera imprescindíbel a participación directa do Governo Galego nos foros comunitários, en todas aquelas negociacións que afectaren o noso agro. Polo que reivindicará do Estado o estabelecimento dos mecanismos que fagan posíbel esa participación. Isto non só debe constituir unha valiosa ferramenta para unha mellor defensa do noso sector agrário, senón que representa un direito político que ha de ser recoñecido como tal.
2. Xunto a esa apertura dos procesos de decisión europeus á participación das institucións autonómicas, o BNG entende que deben articular-se mecanismos que permitan adaptar as medidas da PAC ás especificidades e necesidades do noso agro. Corrixindo asi a situación actual, en que o Governo Galego se limita basicamente a xestionar programas definidos a nivel europeu e/ou estatal, pouco adecuados en moitos casos á nosa realidade.
3. A simplificación das medidas a nível comunitário e o reforzamento do princípio de subsidiariedade, que están presentes nas reformas da PAC aprobadas para o período 2000-2006, abren a via para un certo avance no camiño asinalado. Mais desde o BNG consideramos que é necesário:
    - Dar pasos de maior alcance na descentralización da política agrária e rural comunitária, e sen que isto implique unha renacionalización da PAC no que se refere ao financiamento das medidas.
    - A existéncia dunha vontade firme do Governo Galego para usar efectivamente esas marxes de actuación co fin de impulsar políticas próprias, adaptadas ás necesidades do País (cousa que non vén sucedendo).

IV.1.2.1.2 Desenvolvimento competencial no ámbito do Estado

O proceso de transferéncias desde a Administración Central fixo que nos últimos anos a Xunta de Galiza fora asumindo un papel crecente na xestión da política agrária. Mais subsisten grandes obstáculos para o exercício efectivo das competéncias xa transferidas. Iso ve-se agravado ademais nos anos recentes, con actuacións do Estado que invaden ámbitos que son competéncia da Comunidade Autónoma, facilitado polo siléncio ou complicidade dos representantes desta.

Neste aspecto, e como critério xeral, o BNG considera que debe articular-se un modelo de funcionamento en matéria agrária a nivel estatal no que a Comunidade Autónoma Galega asuma o protagonismo que lle corresponde. En particular, entendemos como prioritários os seguintes pontos:

- A asunción dunha maior capacidade non só para xestionar senón tamén para definir a aplicación das políticas europeas.
- O exercício pleno das competéncias recoñecidas no Estatuto de Autonomia.
- A adaptación do marco institucional a ese esquema competencial.

IV.1.2.1.3 Reforma da PAC

Para o BNG o actual modelo da PAC (incluidas as reformas aprobadas para o período 2000-2006) continua a ser profundamente insatisfactório nunha perspectiva europea e pouco adaptado ás necesidades da agricultura galega, principalmente por dous motivos:

- O progresivo abandono do obxectivo de reforma das estruturas agrárias e a tendéncia a conxelar o mapa produtivo a escala europea.
- O esquema de protección desta política, que, ainda despois das últimas reformas, continua a estar en relación directa aos volumes de produción. Isto leva a que a distribución dos fundos do FEOGA sexa claramente regresiva: ao igual que sucedia na PAC "clásica", o 80% do orzamento agrário comunitário continua a se concentrar hoxe no 20% das explotacións (as de maior dimensión). Facendo tamén que se siga fomentando un modelo de agricultura intensivo, contrário á coesión social e territorial e que non atende a calidade e salubridade dos alimentos.

En consecuéncia, a nosa organización traballará, desde todas as instáncias en que participe, en favor da configuración dunha política agrária e rural na Unión Europea que tenda a corrixir os fortes desequilíbrios hoxe existentes (entre sectores e países), e que contribua realmente a lograr un sector competitivo ao mesmo tempo que respeitoso co meio ambiente, a calidade dos alimentos e as funcións sociais e territoriais da actividade agrária. Para isto o BNG defenderá unha **reforma en profundidade da PAC** orientada en tres liñas:

- A redución dos desequilíbrios existentes na agricultura comunitária, a posibilitar, en concreto, que as áreas periféricas como Galiza puderen desenvolver a sua capacidade produtiva naqueles subsectores en que teñen vantaxes comparativas a meio prazo.
- A distribución máis equitativa, e con critérios de progresividade social, dos fundos do FEOGA., estabelecendo para isto unha modulación do apoio en función do nivel de renda e o volume de man de obra das explotacións.
- A atención á calidade dos alimentos e ás funcións medioambientais e territoriais da actividade agrária.

De forma complementar, e a máis curto prazo:

1. O BNG tratará de lograr (dos órgaos da Unión Europea e do Estado) un tratamento especial para o agro galego naqueles produtos máis relevantes

(en especial as producións bovinas), a atendender a singularidade do noso sector agrário e a auséncia de alternativas a estas producións.

2. Con carácter imediato levaremos a cabo unha firme actividade e presión en favor das seguintes medidas:
   - A ampliación da cuota láctea que corresponde a Galiza, no marco da revisión da Organización Comun de Mercado deste sector que está prevista para o 2003.
   - A modificación do sistema de primas no sector de bovino de carne (reducindo, sobretodo, a idade fixada para o cobro da prima dos becerros por baixo dos 9 meses en que está hoxe).
   - A criación dunha Organización Comun de Mercado para a pataca, que estabeleza mecanismos de estabilización dos prezos e de sostimento das rendas dos produtores.

IV.1.2.2 Política de reforma das estruturas agrárias

As fortes deficiéncias estruturais que persisten na agricultura galega, unido ao contexto de crecente competéncia exterior no que esta deberá mover-se no futuro, fan urxente a adopción dunha enérxica política de reforma das estruturas agrárias que rompa coa pasividade que veu mantendo neste ámbito a Xunta de Galiza.

Esta política articulará-se através de reformas lexislativas e medidas executivas, facendo uso das competéncias de que dispón a Comunidade Autónoma Galega. Ademais, fará-se un esforzo por aproveitar os programas existentes a nível comunitário e estatal, adaptando-os ás necesidades do noso agro.

O BNG considera esencial pactar esta política cos sindicatos agrários e outros axentes sociais, co fin de que estes se convirtan nos verdadeiros impulsores e animadores das mudanzas estruturais, e incrementar asi a eficácia das medidas.

A política de reforma de estruturas centrará-se en catro liñas de actuación: mobilización produtiva da terra, ampliación da base territorial das explotacións, concentración parcelária e axudas á modernización das explotacións.

IV.1.2.2.1 Ordenación dos usos do solo e mobilización produtiva da terra

A transformación estrutural do agro galego ha de ter como primeiro elemento fundamental a mobilización produtiva das superfícies hoxe abandonadas ou infrautilizadas, e un uso máis racional da terra. Con este fin, o BNG impulsará as seguintes actuacións:

1. Elaboración dun Programa de Ordenación dos Usos da Terra, articulado através de planos de ordenación comarcais. Nestes planos, a atender as aptitudes produtivas dos solos e as condicións sócio-económicas de cada comarca, estabelecerán-se os usos máis adecuados para as distintas superfícies, diferenciando en especial as terras urbanizábeis, as de aptitude forestal e as que deberen dedicar-se a usos agícola-gandeiros.
2. Ese Programa de Ordenación dos Usos da Terra constituirá a base de todas as medidas aplicadas neste ámbito, entre as que se incluirán:
    - Un control rigoroso da dedicación a usos urbanos de terras agrárias. Elaborando con este fin unha normativa xeral para todo o território galego, e vixiando a sua aplicación polos concellos.
    - O impulso da roturación e transformación en pastos das superfícies de monte aptas para este uso, co fin de incrementar a base forraxeira das explotacións e reducir as importacións de alimentos para o gando.
    - A regulación das novas plantacións forestais, impedindo a forestación de terras de elevado potencial agrário. Nesta liña reformarán-se as axudas hoxe existentes á forestación de terras, eliminando todo apoio público á plantación de superfícies de aptitude agrária.
    - O fomento da reforestación das terras de aptitude forestal actualmente abandonadas ou infrautilizadas. Estabelecendo unha adecuada selección das espécies, e buscando un equilíbrio entre a función produtiva e a protectora do monte.

IV.1.2.2.2 Medidas dirixidas a incrementar o tamaño das explotacións

A intensa redución que experimentou nas últimas décadas a povoación ocupada na agricultura galega non se traduciu até agora nun proceso significativo de redimensionamento das explotacións, senón que levou principalmente ao abandono ou subutilización de crecentes extensións de terreo. Dado que a diminución da man de obra agrária vai continuar, ese problema ameaza con se agravar no futuro. Urxe, pois, a adopción de medidas que impulsen a mobilidade das terras liberadas, e faciliten asi que as explotacións supervivintes podan ampliar a sua superfície. Neste aspecto o BNG propugna as seguintes accións:

1. Potenciación da política de xubilación anticipada dos agricultores, a reforzar a sua vinculación coa venda ou cesión das terras a outras explotacións.
2. Penalización, através de medidas fiscais, do mantimento de superfícies abandonadas ou manifestamente infrautilizadas, co fin de estimular quer a sua posta en produción polo actual proprietário, quer a sua venda ou cesión a agricultores en activo.
3. Criación, mediante a oportuna Lei do Parlamento Galego, do Banco de Terras de Galiza, organismo público que terá como funcións esenciais:
    - Xestionar a venda ou arrendamento das superfícies liberadas como consecuéncia da xubilación anticipada de agricultores.

- A mesma actuación (busca de comprador ou arrendatário) para todas as terras que sexan postas voluntariamente á sua disposición por calquer proprietário.
- Todas as operacións de compra-venda de terras rústicas deberán ser comunicadas a este organismo, que gozará do direito de tanteo e retracto. As superfícies adquiridas como consecuéncia do exercício deste direito serán despois vendidas ou arrendadas a agricultores en activo.

4. Os proprietários ficarán isentos da penalización asinalada no ponto 2 no caso de poren as superfícies a disposición do "Banco de Terras de Galiza" (para a busca de comprador ou arrendatário).

5. Impulso do arrendamento como via de mobilidade da terra. Con este fin, estudarán-se as posíbeis reformas da lexislación, para adaptar esta ás necesidades actuais do agro galego. E estabelecerán-se axudas económicas tanto para os agricultores como para os proprietários que aceiten un arrendamento a longo prazo (potenciando e complementando as axudas previstas pola lexislación estatal na "Ley de Modernización de las Explotaciones Agrarias").

IV.1.2.2.3 Concentración parcelária

A maior parte do território galego continua a apresentar actualmente unha acusada fragmentación parcelária, acompañada en moitos casos duns deficientes accesos ás fincas, feitos ambos que dificultan a mellora produtiva das explotacións e que favorecen o abandono ou subutilización das terras. En consecuéncia, a concentración parcelária debe continuar a ser en Galiza un dos eixos básicos da política de reforma de estruturas agrárias.

Non obstante, a forma concreta en que a política de concentración parcelária se vén aplicando, particularmente nos últimos anos, apresenta graves limitacións e deficiéncias, debido fundamentalmente a dous tipos de factores:

- O imobilismo do marco legal, plasmado no contido da Lei de Concentración Parcelária de 1985 ainda vixente.
- O pobre aproveitamento das posibilidades oferecidas por ese marco legal, cando non o incumprimento flagrante ou terxiversación dos obxectivos e preceptos aí estabelecidos, ao que hai que unir a falta de planificación e a aplicación de critérios político-clientelares para a determinación das zonas de actuación.

Iso dá lugar a unhas grandes eivas nesta política e os seus resultados, especialmente graves se temos en conta o seu elevado custo. Criando en definitiva a sensación de despilfarro duns fundos públicos limitados, que poderian contribuir en moita maior medida ao desenvolvimento agrário do país. Neste sentido, e con vistas ao futuro, existe un claro risco de que a partir do 2006 o volume de fundos europeus destinados á mellora das estruturas agrárias e o

desenvolvimento rural en Galiza se vexa notabelmente reducido, o que fai mais urxente a adopción de reformas que posibiliten un uso mais eficiente deses recursos.

Tendo en conta o anterior, o BNG adoptará neste tema as seguintes medidas:

1. Promover a aprobación polo Parlamento Galego da Lei de Concentración Parcelária e Reordenación de Explotacións Agrárias, en substitución da Lei de Concentración Parcelária hoxe vixente. Esta nova norma legal terá como liñas básicas:
    a) A consideración da concentración parcelária como instrumento para o desenvolvimento das áreas rurais, tendo como suxeito primordial de actuación as explotacións agrárias, co obxectivo xenérico de contribuir a mellorar as condicións de vida do meio rural e en particular o nível de renda dos agricultores.
    b) O estabelecimento de procedimentos especiais de concentración en función dos obxectivos a considerar e as características da zona. Referirán-se tanto á actuación en terreos puramente agrícolas, como a accións tendentes a facilitar a ordenación e conservación paisaxística e meio-ambiental de determinadas áreas. Especificará-se asi mesmo a normativa que rexerá na coordenación co planeamento urbanístico dos concellos afectados.
    c) A incardinación da concentración parcelária dentro dunha actuación máis global nas zonas afectadas, dirixida a: reformar en profundidade a base territorial das explotacións; mobilizar produtivamente a terra e ordenar os usos do solo; e impulsar outros investimentos que contribuan a lograr explotacións economicamente viábeis. Co fin de lograr estes obxectivos, estabelecerán-se entre outras as seguintes disposicións:
        - Mecanismos de coordenación entre os departamentos administrativos executores da concentración e os encargados doutras políticas sectoriais interrelacionadas (meio ambiente, conservación do património, infraestruturas e equipamentos rurais, etc.).
        - Elaboración para cada zona dun "plano de reordenación das explotacións e usos do solo", que servirá de guia para todas as accións a aplicar.
        - Actuación prioritária nestas zonas dos instrumentos e programas dirixidos ao redimensionamento das explotacións antes citados: Banco de Terras, política de xubilación anticipada, etc.
        - Obriga para os proprietários de poren en produción as terras de acordo coas directrices do "plano de reordenación das explotacións e usos do solo", comprometendo-se, no caso contrário, a pó-las a disposición do Banco de Terras de Galiza,

que xestionará a sua venda ou arrendamento a agricultores en activo.
- Priorización destas zonas nas axudas á modernización de explotacións.

d) A compatibilización entre a mellora produtiva e o respeito do meio ambiente e o património cultural. Neste sentido precisará-se o procedimento de aplicación á situación de Galiza do R.D. Lei 9/2000 de "Evaluación de Impacto Ambiental", recentemente aprobado no Estado.
e) O fomento das concentracións de carácter privado e das permutas entre proprietários particulares.
f) O aumento da transparéncia e a participación dos afectados (proprietários e agricultores da zona) en todo o proceso.

2. Elaborar programas operativos cuadrienais, en que se fixe o volume das actuacións e a sua distribución xeográfica. Estes programas partirán da realización de estudos prévios rigorosos e estarán baseados en critérios obxectivos, priorizando as zonas de clara vocación e elevado potencial agrário.
3. Dado o elevado número de zonas que se encontran actualmente en execución (de acordo coa normativa existente), a prioridade imediata será a actuación nas mesmas tentando mellorar o resultado final. Neste sentido, a substitución da Lei de Concentración Parcelária contemplará a realización de accións correctoras, en función da fase en que están os traballos e das características das zonas.

IV.1.2.2.4 Axudas á modernización das explotacións

Para acelerar as transformacións produtivas no sector agrário fai-se necesário potenciar as axudas á modernización das explotacións, a mellorar, ao mesmo tempo, a sua eficácia mediante unha priorización dos investimentos que hoxe non existe. Neste sentido, as medidas que o BNG propón adoptar irán nas seguintes direccións:

- Unha maior dotación nos orzamentos da Comunidade Autónoma, que permitir mobilizar os fundos comunitários e estatais disponíbeis para este fin e potenciar os programas próprios da Xunta de Galiza.
- A elaboración dunha normativa autonómica que non for unha simples aplicación mimética dos programas europeus e estatais, senón que adapte as accións comuns de ámbito comunitário e a lexislación estatal á situación e necesidades do noso agro e complemente iso co reforzamento das medidas próprias da Comunidade Autónoma.
- Nesta normativa estabelecerá-se unha priorización das axudas nunha tripla perspectiva: territorial, por tipos de explotacións e por tipos de

investimentos, a ponderar tamén o control sobre o seu destino e uso efectivo.

- Nun plano máis xeral, promoverá-se a mellora do financiamento das actividades agrárias co fin de facilitar a capitalización e o incremento da rendibilidade das explotacións. Para isto impulsarán-se os convénios coas Caixas de Aforros e Bancos, dirixidos a configuraren un sistema de financiamento especial dos investimentos produtivos no sector agrário.

IV.1.2.3 Política de desenvolvimento rural

O mundo rural está a viver en toda a Europa Ocidental unha nova etapa de cámbio, de que os elementos mais chamativos son a perda de peso da agricultura, a emerxéncia de novas actividades ligadas á valorización dos produtos locais e ás novas demandas da povoación urbana (turismo e lecer, indústrias en pequena escala, etc.) e a crecente atención ás funcións medioambientais. Esas mesmas tendéncias encontramo-las no caso galego, se ben con notábeis especificidades como corresponde ao noso carácter de sociedade periférica no contexto da Unión Europea.

Partindo da consciéncia das mudanzas en curso, o BNG considera que debe facer-se un esforzo desde o Governo Galego para orientar o proceso, de tal modo que as transformacións se saldaren cun reforzamento da base económica das áreas rurais e cunha mellora real das condicións de vida da sua povoación. Con este fin porá-se en marcha unha Política de Desenvolvimento Rural que, a partir dos instrumentos e programas actuais, redefinir estes en función das necesidades das diferentes comarcas e os integrar nunha estratéxia global.

Partindo deses critérios xerais, a política de desenvolvimento rural que levará a cabo o BNG terá as seguintes liñas básicas:

1. Actuación sobre os déficits de infraestruturas e servizos comunitários, nomeadamente con dous obxectivos:
   - Mellorar a calidade de vida dos habitantes das áreas rurais, contribuindo asi a frear o declive povoacional en que están mergulladas.
   - Situar estas áreas en condicións de poderen dar resposta ás novas demandas e reforzaren o seu tecido produtivo.
2. Impulso da diversificación das actividades económicas, a pór o acento naquelas que permitiren valorizar recursos da zona e que xeraren empregos regulares e estábeis. Ademais:
   - Terá-se un especial coidado coa incidéncia que as novas actividades puderen ter sobre a povoación residente na zona e sobre as actividades económicas que esta vén realizando.
   - Privilexiarán-se os proxectos dos que viven no meio rural, a estimular a sua iniciativa e dotando-os dos meios para se poderen podan convertir en actores do proceso.

- Se ben a agricultura no ten por que ser o único -nen sequer o principal- motor económico destas áreas, non por iso debe ser excluida como sector a apoiar. Neste sentido, estamos convencidos da importáncia de manter as explotacións agrárias: o valor que estas posuen vai mais alá do seu contributo económico.

3. Fará-se un maior esforzo de coordenación das medidas entre as distintas Administracións. Ademais, se o plano de actuación local é o idóneo para moitas das medidas, consideramos necesários sistemas de control mais efectivos neste tipo de programas (LEADER e PRODER). Neste sentido, porán-se en prática mecanismos que aseguraren a transparéncia na xestión e que limitaren as posibilidades de control por parte de certos axentes (públicos ou privados).
4. Nun plano operativo, as medidas de desenvolvimento rural que se van aplicar en Galiza ao longo do período 2000-2006 (emanadas da política da UE neste ámbito) estarán en boa parte xa definidas cando se inície a próxima lexislatura. Mais, ainda asi, subsiste unha importante marxe de manobra para modificar e renegociar no seu caso eses programas. A utilizar esa marxe de manobra, o BNG promoverá desde o Governo Galego as seguintes accións concretas:
   a) Medidas de acompañamento:
      - Redefinición en profundidade da aplicación en Galiza do "programa de medidas forestais na agricultura", en duas liñas: submetimento a unha ordenación dos usos do solo e modificación das axudas por espécies, concentrando-as nas frondosas dirixidas á produción de madeira de calidade.
      - Potenciación das medidas agro-ambientais, sobretodo en dous ámbitos: estabelecimento dun sistema específico de axudas á agricultura ecolóxica e axudas aos sistemas extensivos de pastoreo, tanto nos Montes Viciñais en Man Comun como nas terras de propriedade particular.
   b) Programas Operativos emanados do Plano de Desenvolvimento Rexional e o Marco de Apoio Comunitário:
      - Integración das diversas medidas aqui recollidas (nos diversos Programas Operativos) e que afecten o meio rural nun Plano de Desenvolvimento Rural de Galiza, que buscaria implementar unha política única e coerente.
      - Redefinición das prioridades e forma de implementación das diferentes medidas de acordo cos critérios e liñas xerais expostos anteriormente.
   c) Iniciativa comunitária LEADER+:
      - Selección dos grupos beneficiados a atender critérios de calidade das propostas e grau de implicación dos axentes económicos, sociais e institucionais da zona.
      - Estabelecimento de mecanismos que aseguren a eficácia no uso dos fundos por parte deses grupos e a transparéncia na sua xestión, evitando o control clientelar por parte de certos axentes.

IV.1.2.4 Agricultura ecolóxica

Como xa se indicou, a política agrária e de desenvolvimento rural aplicada polo BNG terá como un dos seus nortes a necesidade de facer compatíbeis as transformacións estruturais e a mellora da eficácia produtiva coa conservación e respeito do meio ambiente e unha atención especial á calidade e seguridade dos alimentos.

Trata-se dunha liña ou estratéxia global que, de modo horizontal, marcará as actuacións nos diversos ámbitos da política agrária e rural. Non obstante, de modo específico, o BNG fomentará un desenvolvimento da agricultura ecolóxica, que tenda á redución da dependéncia das explotacións, que se asente nuns modelos produtivos próprios axeitados ás características sociais e ecolóxicas de Galiza, que teña como primeiro protagonista a família labrega, e que se oriente cara unha distribución controlada polos próprios produtores.

Con ese fin, na próxima lexislatura implementarán-se as seguintes medidas:

1. Potenciación do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galiza (CRAEGA) nos seguintes aspectos:
   - Adaptación das normas europeas ás condicións galegas.
   - Desenvolvimento do protocolo de control, e dotación dos meios técnicos e humanos cualificados para a sua correcta aplicación.
2. Apoio económico á conversión de explotacións, a traves dunha dotación específica de fundos procedentes das medidas agro-ambientais.
3. Apoio institucional de tipo técnico, através da criación dun Instituto Técnico específico, da redefinición do papel do próprio CRAEGA, ou ben da especialización nesta matéria dunha das escolas de capacitación agária.
4. Apoio institucional e financeiro ás iniciativas individuais ou conxuntas de desenvolvimento de circuítos comerciais curtos (venda directa, cooperativas de consumidores e/ou de produtores, etc.), e de transformación de produtos polos próprios produtores.

IV.1.2.5 Investigación, extensión e capacitación agrária

IV.1.2.5.1 Investigación e extensión agrária

Unha primeira análise das institucións e proxectos de investigación existentes en Galiza poderia facer pensar que a situación da investigación agrária é positiva. Mais a realidade demostra a presenza dunha série de eivas, crónicas algunhas delas máis outras aparecidas recentemente, que afastan o resultado da

labor investigadora dos obxectivos que deberia cumprir. Neste sentido, a reforma da Administración Pública galega constituiu, polo que se refere ao sistema seguido na provisión dos postos de traballo, unha auténtica carga de profundidade no sistema investigador.

En conxunto, a política de investigación agrária, concebida como un instrumento de política agrária xeral, parece non existir na prática, probabelmente como reflexo da inexisténcia desta. ao que hai que unir que o Servizo de Extensión Agrária, conceptualmente vencellado coa investigación nos mecanismos de difusión e adopción das inovacións tecnolóxicas, atopa-se hoxe submetido a un proceso de deterioro do seu labor orixinal.

Co fin de corrixir a situación exposta, aplicarán-se as seguintes medidas:

- En matéria de persoal: elaboración dun Estatuto do Investigador, que recoñeza a sua especificidade e recolla o sistema de provisión de postos de traballo, ascensos e sistema de remuneración, diferenciando os postos de carácter administrativo dos de carácter investigador. Dotación de persoal suficiente para cobrir as liñas de traballo encomendadas.
- Recursos materiais: fomentar a captación de recursos através da apresentación de proxectos de investigación a entidades financiadoras, tanto públicas (C.A. galega, Estado, UE) como privadas.
- Órgaos de avaliación e control: criación dun órgao superior de coordenación e avaliación da investigación agrária galega, no que estexan representados os axentes sociais afectados pola mesma.
- Liñas de investigación: revisión das liñas actuais de traballo e priorización das mesmas, en función das necesidades reais do sector e os recursos disponíbeis.
- Tranferéncia tecnolóxica e divulgación: recuperación e potenciación das actividades do Servizo de Extensión Agrária nos campos da formación permanente de agricultores, asesoramento a explotacións e divulgación das inovacións xeradas pola investigación.

IV.1.2.5.2 Capacitación

A agricultura galega, fundamentada basicamente na explotación familiar, debe ter como obxectivo a capacitación dos mozos e mozas, para que cando se produza o relevo xeracional estexan capacitados para poder afrontar con éxito o reto que lles impón un sistema agro-alimentário en rápida evolución. Neste sentido, calcula-se en máis de 2.500 postos ao ano a taxa de renovación de novos agricultores que precisan da información, formación e capacitación para a sua incorporación á empresa agrária. No período 1994/1999 foron 4.356 os mozos e mozas que se incorporaron á xestión das suas explotacións realizando un plano

de mellora acollido ao R.D. 204, de modernización das explotacións agrárias. Os investimentos superaron os 15.000 millóns de ptas. Cifras que colocan Galiza á cabeza das Comunidades Autónomas do Estado.

Para desenvolver tanto a capacitación agrária dos labregos/as como a formación profisional dos mozos/as existen na actualidade dous tipos de ensino: o regrado e o ocupacional ou de formación contínua.

O primeiro está a sofrer un cámbio sustancial coa aplicación da LOGSE, non só no referente aos contidos temáticos senón tamén na metodoloxia didáctica. Na actualidade este tipo de ensino é impartido en Centros ou Escolas Públicas dependentes da Consellaria de Agricultura (6 centros) e en Centros dependentes da Consellaria de Educación e Ordenación Universitária (7 centros). Tamén existen 3 centros privados concertados coa Consellaria de Educación, denominados Escolas Familiares Agrárias (E.F.A.).

O ensino ocupacional é financiado pola Consellaria de Família, Muller e Xuventude, que subvenciona distintos tipos de cursos impartidos por infinidade de institucións: Concellos, OPAS, Organizacións Empresariáis, etc., asi como por Centros Públicos dependentes da Consellaria de Agricultura. A caréncia de homoxenidade nos programas, unido á falta de avaliación do proceso formativo e de control orzamentário, levou a un total desprestíxio da maioria deste ensino diante dos seus destinatários, que non entenden que se podan despilfarrar tantos cartos con tanta inutilidade, debido á falta de adaptación á situación real do mundo agro-rural.

Ante esta situación, o BNG levará adiante unha profunda reforma no sistema de **capacitación agrária,** estabelecendo un modelo baseado nos seguintes **critérios**:

1. Este modelo será concordante e estará axustado ao contorno sócio-económico e cultural do noso mundo rural. De tal xeito que a formación será aplicada a un modelo de desenvolvimento próprio.
2. Deberá ofertar-se e dar respostas ao conxunto das persoas que integran a explotación familiar, de acordo cos roles que desempeñan ou podan desempeñar. Que os agricultores/as coñezan os factores limitantes para cada orientación produtiva segundo os recursos disponíbeis, que coñezan e apliquen as técnicas correctas para mellorar o sistema produtivo, deben ser os obxectivos finais.
3. Deberá dar resposta aos cámbios tecnolóxicos de grande transcendéncia que se deron no mundo agrário, estabelecendo unha coordenación efectiva entre a investigación, a capacitación e a extensión agrária.
4. Finalmente, no plano institucional, levará-se a cabo unha reforma administrativa que faga posíbel que a *capacitación agrária ocupacional* dependa dun único órgao administrativo, responsábel da programación e

da execución-avaliación das tarefas formativas, rematando coa actual dispersión entre várias Consellarias.

IV.1.2.6 Comercialización e indústrias agro-alimentárias

1. No ámbito da comercialización dos produtos agrários a política do BNG xirará en torno aos seguintes eixos ou directrices:
   - Potenciación das marcas de calidade (Denominacións de Orixen, Denominacións de Calidade) en especial nos sectores lácteo (queixos), carne de bovino, ovino-caprino, horto-fruticultura, viño, pataca e madeira. Asegurando ao mesmo tempo a presenza nos seus órgaos rectores de todos os colectivos implicados, e reforzando as medidas de control sanitário e anti-fraude.
   - Impulso das cooperativas de comercialización, que deben constituir unha peza básica da vertebración económica e social do noso sector agrário, e contribuir simultaneamente a unha mellor articulación e un reequilíbrio da cadea agro-alimentária. Para que cumpran esa función, asi como a de buscar novos mercados para os nosos produtos e consolidar os actuais, fomentará-se a integración cooperativa, que supere o minifundismo actual neste campo e permita a consolidación de proxectos viábeis economicamente.
   - Fomento da criación de Interprofisionais de ámbito galego para os diversos produtos, co fin de introducir transparéncia e mecanismos de garantia nas relacións entre os sectores produtor e transformador (contratos homologados, garantia de cobro, etc.).
   - Estímulo das liñas de comercialización agresivas que permitan a penetración dos nosos produtos en mercados foráneos, mediante tres tipos de medidas: axudas á loxística de distribución, criación de consórcios con participación pública e das empresas privadas de cada sector, apoio ás promocións temporais de produtos.
   - Elaboración de programas específicos de comercialización para os produtos da agricultura e gandaria tradicional.
2. As indústrias agro-alimentárias han de xogar un papel estratéxico no desenvolvimento económico de Galiza, tanto polo seu próprio peso como porque delas depende en boa medida a viabilidade e posibilidades de crecimento do próprio sector agrário. Partindo diso, as medidas que aplicará neste campo o BNG estarán presididas polos seguintes critérios:
   - Apoio aos grupos industriais actualmente instalados en Galiza e ás novas iniciativas, primando aqueles de capital galego e/ou que teñan aqui centralizada a sua toma de decisións. Nas axudas priorizarán-se aquelas destinadas á renovación de equipas e maquinária obsoletos, e ao desenvolvimento de liñas de fabricación de produtos de elevado valor engadido.
   - Fomento da participación dos agricultores e gandeiros na industrialización dos seus produtos mediante empresas cooperativas

(ou con presenza de cooperativas), mais condicionando todo apoio público á viabilidade económica dos proxectos.

- Estabelecimento dunha estratéxia selectiva de participación directa do capital público naqueles sectores onde isto sexa necesário.

IV.1.2.7 Vertebración social do sector

O desenvolvimento económico do sector agrário debe ir acompañado (e ter tamén como unha das suas bases) da sua vertebración social, favorecendo en especial a consolidación de organizacións representativas sólidas, como interlocutores indispensábeis da Administración e da indústria.

Neste sentido, o BNG promoverá desde o Governo Galego as seguintes medidas:

- Criación do Consello Agrário Galego, como foro permanente de relación e debate entre a Administración, os sindicatos, as cooperativas e as indústrias; estabelecendo unha composición que asegure a sua representatividade.
- A representación das Organizacións Profisionais Agrárias nese Consello determinará-se através de eleicións sindicais, para o que se modificará a actual normativa de eleicións a Cámaras Agrárias.
- Democratización e modificación dos regulamentos dos Consellos Reguladores.
- Asegurar unha participación adecuada dos produtores, através das suas organizacións representativas, nas Interprofisionais dos diversos produtos.

IV.1.3 MEDIDAS SECTORIAIS

IV.1.3.1 Producións gandeiras

IV.1.3.1.1 Programa de acción especial en relación coa crise da EEB

As medidas de governo que propomos teñen como obxectivo lograr que Galiza siga liderando no futuro próximo as producións do gando vacun, leite e carne, que se comercialicen no Estado español. Actualmente o 50% das explotacións de gando vacun do Estado atopan-se no noso país. Nelas produce-se máis do 30% do leite e, antes de que se producira a caída do consumo de carne de tenreira pola aparición dos primeiros casos da chamada doenza “das vacas tolas”, a Indicación Xeográfica Protexida “Ternera Gallega” ocupaba, de xeito destacado, o primeiro lugar en volume de carne de tenreira de calidade que se comercializaba no Estado español (14% do total comercializado).

Para acadar o obxectivo proposto, o BNG adoptará unha série de medidas que eviten a desfeita dos distintos elementos que configuran ao sector da carne de vacun: produtores, tratates, matadoiros, sás de despece e carnicerias, no

convencimento de que o sector da carne de vacun en Galiza forma un complexo articulado, con formas singulares de produción, transformación e comercialización que, sendo interdependentes, é necesário que permanezan todas para que o conxunto poda desenvolver-se.

a) Medidas destinadas aos produtores

- Indemnización aos titulares de explotacións que resultaren afectadas pola doenza da EEB de acordo cun baremo xusto, obxectivo e non discriminatório, que permitir a reposición dos animais sacrificados e a consecución dun rebaño semellante ao previamente existente, sen custos para a explotación afectada.
- Axudas directas aos titulares das explotacións polo montante que compense a perda da renda ocasionada pola doenza, durante todo o tempo que se tarde en recuperar o nível meio de renda anterior.
- Mentres non se recuperen os prezos meios da carne comercializada, estabelecer un sistema de axudas directas moduladas aos titulares de explotacións de gando vacun, que lles permitan obter uns ingresos mínimos semellantes aos que disfrutaran antes da crise. Estas axudas directas irán destinadas a aquelas explotacións de gando vacun que teñan ingresos inferiores a 200.000 pts/mes por persoa ocupada a tempo total nesta actividade. A sua cuantia garantirá a continuación de explotacións en moitas zonas rurais onde esta actividade é a única fonte de ingresos de moitas famílias labregas e evitará o despovoamento de zonas desfavorecidas e de montaña.
- Estabelecer un sistema de primas para axudar a que se recrien todas as fémias de vacun, co obxecto de poder dispor de animais con garantia de que foron criados sen risco de contraíren a EEB por via alimentária. Esta medida permitiria, nun prazo non superior a cinco anos, contar con vacas reprodutoras libres da suspeita de se teren alimentado con fariñas de orixe animal.
- Estabelecer unha série de medidas prioritárias para que as explotacións de gando vacun de carne podan dispor da base territorial suficiente que lles permita acceder ao cobro das primas íntegras estabelecidas pola PAC, incluída a de extensificación.

b) Medidas destinadas a mellorar a comercialización do gando vacun

- O BNG suprimirá, a facer uso das competéncias autonómicas, o certificado sanitário en orixe tal e como se hoxe xestiona, por o considerar improcedente e inutil.
- O BNG dotará os servizos veterinários de persoal e meios suficientes para poderen realizar correctamente todas as accións denominadas de

"urxéncia" na eliminación de animais (MER) que as disposicións legais determinaren en cada momento.

- O BNG arbitrará os recursos orzamentários precisos para que os custos de eliminación dos MER non repercutan sobre o valor das reses comercializadas. Esta medida non terá caducidade mentres duren os efeitos da crise orixinada pola EEB.
- O BNG estabelecerá o cobro da prima especial ao cebo de xatos en función do peso (185 kg/canal) en lugar dos 9 meses de idade.
- O BNG estabelecerá con fundos próprios da Xunta de Galiza unha partida orzamentária que permita compensar os prezos de intervención pública para os animais que tendo menos de 12 meses pasen dos 200 kg/canal, e que se sendo criados en explotacións con rebaños ligados á base territorial que conten con vacas aleitantes, non acaden o "valor de mercado" que tiñan antes da crise.
- O BNG promocionará dentro da IPX "Ternera Gallega" as certificacións de marcas específicas que o soliciten, sempre que sexan garantes dun sistema de produción e comercialización que permita superar en cada momento as disposicións legais sobre trazabilidade e calidade sanitária da "carne de Ternera". As axudas cobrirán parcialmente o custo das certificacións durante os cinco primeiros anos e poderán acadar o 70% do custo total.
- Este proceso de certificación de calidades específicas diferenciadas (marcas) tenderá a devolver o prestixio á tenreira galega da que hoxe se denomina "calidade suprema" e que se vén devaluando nos mercados de fora de Galiza.

IV.1.3.1.2 Sector lácteo

Nos próximos anos (período 2001/2008) o sector lácteo galego vai atopar-se coas modificacións da Organización Comun de Mercado (OCM) de leite e produtos lácteos aprobadas no cadro da última reforma da PAC, ao que hai que unir as que podan derivar-se da revisión desta OCM que está prevista para o 2003. As decisións que se tomaren van condicionar o futuro da máis importante produción do noso sistema agro-alimentário. É portanto necesário que os intereses do sector lácteo galego estexan correctamente formulados e defendidos ante os órgaos da UE e o Estado.

Todo fai pensar que a nova OCM (que se estabeleza a partir de 2003, ou ao máis tardar desde o 2008) deberá recoller os critérios que a Organización Mundial de Comércio estabeleza para este sector, ao mesmo tempo que defenda os intereses dos estados membros da UE que están moi lonxe de ser homoxéneos. No debate de fundo van discutir-se **dous modelos de produción** diferentes: o modelo **Produtivista**, que requere grandes inversións en tecnoloxia, e outro modelo baseado na coeréncia entre o potencial produtivo da base territorial e a produción de leite, que denominamos Sistema de Produción **Sostíbel**.

O BNG porá todo o seu empeño para Galiza consolidar a sua posición de liderazgo no sector lácteo español e para a cualificar como unha zona europea de especial vocación láctea. Para iso adoptará de entrada dous tipos de iniciativas en relación ao actual sistema de cuotas:

- Opor-se á aplicación da supertaxa nas explotacións leiteiras en que a cantidade de cuota disponíbel impida obter unha renda por persoa ocupada inferior ao salário mínimo interprofisional.
- Presionar a favor dunha reforma que cumpra como mínimo duas condicións: a redistribución das cuotas a nível europeu, de tal modo que estas deixen de estar vinculadas exclusivamente aos direitos históricos e teñan en conta outros critérios (nível de autoabastecimento dos distintos estados, dimensión actual das explotacións e potencial de crecimento, peso na economia rural das distintas rexións, etc.); o **fomento dos sistemas extensivos**.

O BNG defenderá nas institucións estatais e comunitárias o direito de Galiza a desenvolver un Modelo de Sector Lácteo próprio, formulando propostas coerentes coas suas necesidades, amparadas na nosa excepcional condición de produtora de leite. Este modelo debe integrar e desenvolver as actuais estruturas produtivas, industriais e de comercialización.

a) Produción e calidade do leite

No período 1996/99 as explotacións produtoras de leite pasaron de 51.517 a 37.525, segundo dados das Campañas de Saneamento Gandeiro (C.S.G.). Na actualidade contan con cuota 32.097 explotacións, das cais só 4.729 dispoñen de máis de 100.000 kg. de cantidade de referéncia (campaña 2000/2001). Por primeira vez na história os dados da C.S.G. de 1999 acreditan que diminuen as explotacións leiteiras de todos os tamaños: as de menos de 10 vacas nun 9 %, as de 10 a 50 nun 15 % e as de máis de 50 vacas nun 14 %. Isto evidéncia que **non se está a reordenar o sector** con critérios racionais, senón que se está a **desfacer**.

Ante esta situación o BNG compromete-se a executar un **plano de ordenación do sector produtor** que teña os seguintes piares:

1. Impulso da ampliación da superfície forraxeira das explotacións.
2. Optimización dos custos de produción:
   - Favorecendo que as explotacións produzan leite sobre a base do correcto aproveitamente da sua superfície forraxeira (maximicen os litros producidos con forraxe própria).
   - Apoiando o desenvolvimento das sociedades cooperativas de abastecimento de insumos.
3. Defensa do direito a producir, estabelecendo unha cláusula de salvagarda que permita:

- Consolidar a produción actual e defender o direito a incrementá-la nas negociacións para a revisión da OCM do leite que terán lugar no ano 2003.
- Priorizar os incrementos de produción nas explotacións que conten con base territorial e poidan incorporar mozos e mozas á sua xestión, tendo realizado investimentos nos últimos anos.

4. Criación dun ente público, coa participación das OPAS, que xestione o sistema de cuotas e teña como obxectivos: evitar a drenaxe de "cuota morta" das explotacións que deixan de comercializar leite cara á reserva estatal, asi como pór fin ao proceso especulador da compra-venda de cuotas, que en vez de reestruturar o sector está contribuindo a desvertebrá-lo.
5. Criación de novas liñas de axuda destinadas a apoiar aos produtores e as suas asociacións co fin de mellorar a **calidade do leite**, impulsando os modelos de produción **sostíbeis e respeitosos co meio ambiente**.

b) Medidas destinadas ao sector transformador

Resulta imprescidíbel para os produtores dispor dunha **indústria láctea potente,** que teña en Galiza os seus centros decisórios e sexa capaz de harmonizar os intereses de rendibilidade económica cos de desenvolver o **modelo próprio de produción** que caracteriza á maior parte das explotacións leiteiras galegas. Este tipo de indústria tiña asentados os seus alicerces coa posta en funcionamento do Grupo Lácteo Galego de base cooperativa, que estaba orientado a converter-se na principal indústria láctea do Estado Español. O Grupo Lácteo Galego foi liquidado polo actual governo da Xunta, ao non ser capaz de arbitrar medidas políticas que evitasen ou axudasen a superar a sua entrada en crise.

A irresponsabilidade do governo de Fraga obriga o BNG a formular obxectivos que deberian estar xa superados. Neste senso actuará-se:

- A potenciar e a integrar as sociedades cooperativas que, sendo primeiros compradores, quixeren desenvolver procesos de transformación e industrialización do leite dos seus sócios.
- Reordenando a estrutura industrial instalada en Galiza para favorecer a sua integración no Sistema Agro-alimentário Galego e as suas relacións de maior ámbito xeográfico.
- A favorecer de xeito prioritário a instalación de queixarias de pequena e mediana dimensión nas zonas xeográficas que contan con denominacións de orixe específicas.
- Artellando un Plano de Investigación Aplicada en colaboración coas Universidades (Áula de Produtos Lácteos, etc.), que for capaz de desenvolver os nosos produtos autóctones, oferecer solucións aos problemas ambientais e potenciar un desenvolvimento industrial e tecnolóxico sobre bases inovadoras.
- A desenvolver un Plano de Calidade Integral dos Produtos Lácteos. Para iso estabelecerán-se os controis necesários para conseguiren a total

fiabilidade da non alteración dos produtos lácteos no traxecto que vai das explotacións aos consumidores.

c) Medidas destinadas a mellorar a comercialización

1. É necesário harmonizar os distintos intereses dos tres segmentos que conforman o sector lácteo: produtores, indústria transformadora e cadeas de distribución. Para lográ-lo o BNG apostará decididamente pola criación e desenvolvimento dunha **Interprofisional Galega**. Esta terá entre os seus obxectivos os seguintes:
   - Potenciar a representatividade das organizacións de produtores.
   - Incrementar a representatividade das asociacións de indústrias lácteas galegas.
   - Implantar un **sistema próprio de fixación de prezos**. Este sistema estará en concordáncia cos critérios da UE e terá como base a calidade do produto seguindo os parámetros que estabelezan a Interprofisional e o LIGAL.
   - Potenciación do LIGAL para que poida desenvolver a sua función con solvéncia e independéncia.
2. O BNG axudará a obter e ampliar mercados para os produtos lácteos mediante:
   - Axudas loxísticas de distribución.
   - Criación de consórcios públicos con participación de empresas privadas.
   - Apoio á promoción de produtos.
   - Apoio específico á comercialización de produtos lácteos con denominación de orixe, sempre que conten con consellos reguladores que garantan a calidade dos produtos e actuen con rigor evitando as fraudes.

IV.1.3.1.3 Gandaria extensiva

a) Vacun de carne

As medidas prioritárias neste sub-sector serán:

1. Incrementar o número de vacas nodrizas, mediante a recria e tendo como base a recuperación de terras a matorral.
2. Potenciación das grandes áreas de pastoreo extensivo, facilitando o desbroce, implantación de pradeiras de mellor calidade, investimentos en cercados, pontos de auga, instalacións de manexo, etc.
3. Promover a divulgación eficaz entre os gandeiros de técnicas de manexo que faciliten a simplificación dos traballos e a conseguinte redución da carga de traballo que na actualidade afecta os proprietários dos pequenos rebaños de vacas.

4. Elaboración de programas de investimento globais para as explotacións dos gandeiros novos, que garanticen unha mellor eficácia que na actualidade.
5. Axudas económicas específicas para pequenos investimentos nas explotacións marxinais de vacas nodrizas.
6. Estimular a criación de pequenos cebadeiros a nivel de explotación ou asociacións das mesmas, co fin de que os xatos poidan ter un acabado axeitado para as necesidades da indústria cárnica e do mercado de carne de alta calidade.
7. Promoción do cebo en pastos de xatos, especialmente os procedentes do rebaño leiteiro.
8. Potenciar as cooperativas de comercialización e criar a interprofisional de carne de vacun.
9. Potenciar a/as marca/as de carne de calidade ("Ternera Gallega", etc.), a asegurar a presenza do sector produtor mediante as suas asociacións nos consellos rectores e de control sanitário e anti-fraude.
10. Criar unha empresa pública ou semipública de comercialización de carne, con participación das indústrias, o sector produtor e a Administración.
11. Lograr un aumento sensíbel das primas percebidas polos gandeiros galegos neste sector, dada a relevância que estas teñen, no actual contexto da PAC, para facer viábeis economicamente os sistemas de produción de carne bovina en base a pastos. Neste sentido, tratará-se de obter unha reforma do sistema de primas aos becerros; mellorando ao mesmo tempo a xestión destas primas e as das vacas nodrizas por parte da Xunta de Galiza.

b) Ovino-Caprino

1. Elaboración dun plano integral de mellora deste sector, que promoverá o incremento do número de reprodutoras, co fin de acadar as 500.000 reprodutoras e 5.000 cabezas de produción de leite.
2. Fomentar a profisionalización das explotacións de ovino-cabrun, debido a que o nível de preparación actual é moi deficiente.
3. Promoverá-se o desenvolvimento do ovino-cabrun nas zonas de montaña como alternativa ou complemento do vacun de carne.
4. Apoiará-se decididamente a criación de estruturas produtivas que permitirn suplir as actuais caréncias de man de obra mediante a construción de cercados, instalacións de manexo, subministro de auga e mellora dos pastos.
5. Será un fin preferente da expansión do sector ovino-cabrun extensivo a conservación do meio ambiente e a fixación de povoación nas zonas de montaña. Neste sentido, as medidas de fomento deste sector figurarán como un elemento importante da política forestal e relativa ás terras de monte, incluindo-se tamén entre as actividades para seren impulsadas na política de desenvolvimento rural.
6. Potenciación das razas galegas tanto polo seu valor patrimonial como polas suas características de adaptación ao meio.

7. Fomentará-se o aproveitamento das fibras (lá cachemir), considerando a introdución de novas razas produtoras de fibra e da sua elaboración.
8. Desenvolvimento dun programa de apoio ás organizacións do sector de cara á transferéncia tecnolóxica, comercialización, mellora e tipificación do produto.

IV.1.3.1.4 Gandaria sen terras

Baixo esta rúbrica incluen-se ramas diversas (porcino, avicultura de carne, ovos, cebadeiros de xatos, coellos), mais que teñen en comun o operaren con sistemas produtivos intensivos, independentes da terra. Asi, todas estas ramas se caracterizan por unha forte dependéncia dos insumos procedentes de fóra da explotación, sobretodo na alimentación (pensos). Como consecuéncia do anterior, as marxes económicas con que traballan son moi reducidas, o que as coloca nunha situación de extrema fraxilidade e fai que sufran con grande forza as crises cíclicas que afectan estas producións. A isto contribui tamén a auséncia absoluta de control sobre os prezos por parte dos produtores.

Un aspecto básico a ter en conta, e que contribui a acentuar os fenómenos anteriores, é que boa parte da produción fai-se através das denominadas "integradoras": a empresa facilita os animais recén destetados e o produtor encarrega-se do cebo, sen control do prezo nen das recollidas. Este mecanismo serve para que a empresa corra cos benefícios e o produtor cos riscos.

Partindo desa problemática, cómpre implementar unha política que manteña os postos de traballo e consolide ou aumente a produción actual, mais aplicando medidas que teñan como norte avanzar no camiño de **diferenciar** os nosos produtos, co fin de dar maior garantia ao consumidor e consolidar as marxes económicas tanto do sector produtor como do transformador. Con ese elemento central, o BNG propón as seguintes actuacións:

1. Implantación dunha normativa galega sobre elaboración e comercialización de pensos. Normativa que debe ser obxecto dunha estrita vixiláncia e control, e que serviria para garantir a elaboración de pensos con matérias primas aptas e de calidade para a alimentación do gando.
2. Dotación dun Laboratorio Público de analise de pensos e resíduos (de canais galegas e produtos importados).
3. Adaptación das axudas aos investimentos nas explotacións, co fin de que estas contribuan a financiar as melloras sanitárias e de produción e a adaptación das explotacións ás diversas normativas.
4. Plano de Ordenación dos distintos sectores adaptados á realidade galega: distancias entre granxas, tipos de explotacións, caracteristicas técnicas, etc.
5. Formación para técnicos e produtores en métodos alternativos de alimentación e homeopáticos.
6. Constitución nas distintas ramas dunha Interprofisional Galega, que teria os obxetivos seguintes:

- Criación dunha central de compras, que substituiria o actual sistema de Lonxas pecuárias, e onde se fixarian prezos e garantias contractuais.
- Definición dun modelo próprio de produción para conseguir un "Label" baseado nese modelo e que servise para pór no mercado un produto diferenciado.

IV.1.3.2 Producións agrícolas

IV.1.3.2.1 Sector vitivinícola

a) Medidas xerais

- Elaboración dunha Lei da Vide e do Viño que regule o sector e se adapte á nosa realidade vitivinícola. Entre outros aspectos, esta nova Lei deberá contemplar temas transcendentais afectados pola normativa da UE, como rega e fertirrigación, chaptalización, coexisténcia de viño de mesa cos V.C.P.R.D., contratos homologados, organizacións interprofisionais, etc.
- Consecuentemente, adaptará-se toda a regulamentación colateral, en especial os Regulamentos dos Consellos Reguladores.
- Tendo en conta que as perspectivas do sector dependen en boa medida de como se instrumentalice a aplicación da OCM do viño, é urxente unha toma de postura do sector que comprometa á Administración en torno a programas que encaucen o desenvolvimento futuro no marco da Organización Comun do Mercado vitivinícola.
- Sendo os Planos Rexionais a ferramenta básica da nova OCM, consideramos fundamental a elaboración en Galiza dun Plano deste tipo. Este Plano deberá contemplar, entre outros aspectos, o alcance e ritmos do proceso de reconversión varietal e reestruturación dos marcos e sistemas produtivos.
- Urxe unha delimitación de zonas de tradición e especial vocación vitícola, e ordenación de cultivos nas mesmas, con limitación da forestación ou calquer outro uso que comprometa a pervivéncia do conxunto potencialmente ou actualmente produtivo.

b) Medidas específicas

- Apoio ás iniciativas e investimentos que contemplen o proceso completo de reestruturación do sector: replantación, vinificación e oferta ao mercado.
- Estabelecimento de liñas de crédito brandas con prazos de amortización e caréncia suficientes que permitiren a reestruturación en aquelas explotacións descapitalizadas.
- Adopción de medidas que permitan, de xeito efectivo, o acceso da mocidade á propriedade e titularidade das explotacións vitivinícolas, incluindo a mobilización de terras.

- Axudas a aquelas iniciativas tendentes á redución dos custos de produción (apoio ás asociacións de produtores para adquisición de inputs, asociacións de tratamentos integrados -ATRIAS- e subvención aos fitosanitários).
- Estrito control pola Administración de marcas, etiquetado e control de entrada de uva foránea, independente das próprias funcións dos Consellos Reguladores.
- Apoio ás asociacións profisionais e interprofisionais que tiveren como obxectivos a defensa da elaboración de viño en base á autenticidade do potencial vitícola de cada zona, perseguindo o factor cualitativo e cunha planificación técnica tanto na implantación e manexo do viñedo como do proceso de elaboración.
- Medidas específicas de apoio á figura de colleiteiro elaborador da sua própria produción vitícola, quer na mellora tecnolóxica e estrutural quer na ampliación da base territorial necesária para un axeitado dimensionamento da sua explotación, no camiño da potenciación dunha vinicultura ligada á terra.
- Dotación dos meios económicos, técnicos e humanos á EVEGA para se converter no eficaz centro de I+D do sector en Galiza.
- Facilitar o acceso ao material vexetal necesário para o proceso de reestruturación, co apoio ou mesmo criación dun viveiro de patróns e variedades capaz de subministrar plantas en cantidade e calidade suficiente, e coas debidas garantias fito-sanitárias.
- Potenciación de cooperativas e outras agrupacións de comercialización que facilitaren unha oferta de viños galegos de máis calidade e tamén máis homoxénea e tipificada.
- Promoción e apoio de agrupacións temporais para a transformación e comercialización conxunta, que permitan acceder á contratación en mercados coa demanda moi concentrada.
- Apoio á presenza activa en feiras, exposicións, etc. que permitan dar a coñecer unha imaxe dos viños galegos como produtos de calidade.
- Concertación co sector para a realización de campañas de imaxe específicas dos nosos viños.
- Potenciación das Denominacións de Orixe e da sua concesión para as comarcas que cumpriren os critérios estabelecidos no Plano.
- Apertura dun proceso de discusión conducente á reforma da normativa dos Consellos Reguladores.

IV.1.3.2.2 Sector horto-frutícola

a) Medidas Xerais

- Aprobación dos Regulamentos da horto-fruticultura ecolóxica e da horto-fruticultura integrada.
- Elaboración dun programa galego para a normalización da produción.
- Regulamento para os mercados locais de compra-venda de hortalizas e froita.

- Criación de marchamos ou “label”.
- Elaboración dun mapa horto-frutícola no que se definan: especialización, cultivos, técnicas, superfície, comercialización, etc. Posta en prática de programas de actuación comarcal adaptados ás características de cada zona.
- Capitalización do sector para facer frente á competéncia exterior, e axudas á produción específica.
- As medidas de axuda á produción deben contemplar neste sector os seguintes critérios: protección e mellora dos solos; limitación ao uso de adubos químicos e produtos fito-sanitários e elaboración dun programa específico de eliminación de resíduos; potenciación da xestión técnico-económica das explotacións co fin de alcanzar unha maior eficiéncia.
- Apoio á cooperación, mais con medidas de integración cooperativa e non fomentando, como até agora, unha multitude de cooperativas de moi poucos sócios que están condenadas ao fracaso.
- Potenciación da agro-indústria transformadora.

b) Medidas específicas

a) Horta

- Criación dun banco de xermoplasma para non perder variedades autóctonas.
- Recuperación, conservación e mellora de variedades autóctonas ou alóctonas adaptadas.
- Potenciación dos cultivos ao aire libre con métodos tradicionais.

b) Fruta

- Criación dun banco de xermoplasma de recuperación das variedades autóctonas e mellora destas variedades.
- Recuperación da mazá de sidra e potenciación do cultivo da mazá roxa, impulsando tamén a agro-indústria de derivados da mazá.
- Introdución e fomento do cultivo de pequenos froitos (frambueso, grosello, etc.)

IV.1.3.2.3 Pataca

O sector da pataca, apesar da sua importáncia económica na Unión Europea e da sua forte inestabilidade intrínseca, é o único de certo peso na agricultura comunitária que non conta con nengun tipo de regulación do mercado. Isto está provocando no noso país unha grande inestabilidade dos prezos, coa repercusión conseguinte na renda dos produtores.

Tendo iso en conta, o BNG considera imprescindíbel a **criación dunha Organización Común de Mercado para a pataca**, como instrumento básico de regulación e de sostimento da renda dos agricultores. E portanto porá en prática unha decidida actuación, perante as autoridades estatais e comunitárias, co fin

de que esta OCM for posta en marcha no prazo máis breve posíbel.

Simultaneamente, a Xunta de Galiza deberá aplicar unha série de medidas dirixidas a superar as importantes deficiéncias que este sector ten no noso país, e reforzar asi a sua competitividade. Neste sentido, propomos as seguintes actuacións:

- Impulso da reestruturación produtiva das explotacións, mediante as medidas xerais de reforma de estruturas e de axudas á modernización antes indicadas.
- Recuperación de variedades case perdidas (como a branca fina de Bergantiños).
- Recuperación das zonas de produción de "pataca certificada" para a semente.
- Axuda ao control das pragas e enfermidades.
- Transformación das estruturas de comercialización, impulsando as agrupacións de produtores.
- Fomento da agro-indústria transformadora (fritos, purés, etc.).

IV.1.3.3 Montes e produción forestal

Galiza conta con aproximadamente 1.750.000 hectáreas do seu território catalogábeis baixo o que denominamos monte, o que supón perto de 2/3 da sua superfície total. Existen centos de millares de proprietários de terras a monte, o que deu lugar a unha importante indústria derivada, sustenta unha significativa carga gandeira, e ademais, permite o disfrute das áreas naturais e da paisaxe, que constituen unha demanda social en crecimento; polo que se pode concluir que o monte está presente na vida de case todos os galegos e galegas.

Apesar desa importáncia territorial, a própria evolución do sistema económico e as actuacións emprendidas desde os diferentes governos foron apartando á povoación da relación directa co monte, non contando coa necesária interrelación entre os diversos sectores básicos para un desenvolvimento integral e sustentábel, no que o asentamento e calidade de vida da povoación estivesen ligados, xunto a un nível de renda aceitábel.

Ao falar de montes, normalmente está-se a falar do sistema forestal facendo referéncia ao complexo monte-economia forestal e as transformacións dos aproveitamentos puramente forestais, esquecendo moitas veces o resto de funcións que este cumpre. O BNG considera que a política forestal debe basear-se nunha concepción integral do monte, a tomar en consideración os aspectos sociais, económicos e ecolóxicos:

- Para iniciar calquer plano que supoña un tratamento sobre o monte galego e o sector agrário en xeral temos de partir da sua integración no seo da sociedade, de maneira que a sua utilización e aproveitamento sirvan ao

modelo social que se conforma a partir de determinadas formas de asentamento humano e de produción.

- En segunda instáncia, debemos ter en conta que outra das funcións do monte é a económica, através da explotación dos seus recursos, para conseguir uns níveis de rendibilidade óptimos. Mais é evidente que con ese aproveitamento dos recursos debe-se evitar que se produza unha explotación que pola sua intensidade afecte as bases biolóxicas do monte e impida a sua rexeneración. Asi as cousas, calquer política que afecte os montes debe contemplar unha protección dos recursos, a perservar que os aproveitamentos realizados non produzan unha sua destrución ou minoración.
- Intimamente relacionado con iso, ademais de asegurar a pervivéncia dos recursos dos próprios montes, cada vez cobra máis corpo a significación destes no meio ambiente pola sua función benefactora e de equilíbrio do meio natural, do clima, da hidrografia, limpeza da atmósfera, fertilidade dos chans, da conservación do entorno paisaxístico natural, etc.; quer dicer, cada vez se afirma máis a función ecolóxica dos montes.

IV.1.3.3.1 Ordenación da produción forestal

O monte galego non dispón dun plano de ordenación dos recursos no que os diferentes usos fiquen claramente definidos. A política forestal da Xunta de Galiza agrava ainda máis os desequilíbrios ocasionados por esa falta de directrices ordenadoras dos usos do monte (e en xeral da terra), xa que destina unha parte importante das axudas públicas ao Programa de "Forestación de Terras Agrárias", de carácter eminentemente produtivista, e que promociona a repovoación de terras con aptitude agrícola ou gandeira, mentres ao mesmo tempo se manteñen enormes extensións de montes improdutivas.

Ademais, dentro das demandas actuais os aspectos medioambientais e sócio-económicos poden e deben de ir perfeitamente coordenados, de xeito que a relación do ser humano con ese entorno sirva para o desenvolvimento do mesmo e axude a manter o equilíbrio ecolóxico. Tamén hai que prestar unha especial atención ás potencialidades e capacidades de desenvolvimento dos montes situados nas áreas periurbanas como espazos naturais máis próximos ao entorno das cidades e vilas, dado que na actualidade praticamente a metade da povoación galega reside en áreas urbanas, percentaxe que se incrementará de seguir a actual tendéncia de concentración demográfica.

En Galiza, o uso dominante é o da explotación forestal dirixido a madeira, primando a explotación con espécies de crecimento rápido, especialmente o eucalipto destinado á indústria de papel. Por outra parte, cada vez é máis patente a insuficiéncia de madeiras de calidade, tanto para abastecer a indústria tradicional do aserrio e a transformadora do móbel, incrementando-se cada ano

a importación deste tipo de madeiras sen que se acometa unha diversificación das producións forestais.

O B.N.G. considera que as masas forestais para uso produtivo deben ser obxecto dun conxunto de medidas que optimicen a sua rendabilidade e favorezan a diversificación produtiva, que expoñemos a continuación:

1. A elaboración dunha Lei galega de montes, que persiga a ordenación racional dos montes en atención ao noso contexto sócio-económico e ás demandas sociais concretas, e contemple a substantivación da función ecolóxica dos montes. Esta Lei conterá as directrices de ordenación dos aproveitamentos, contemplando tanto os agrários como os forestais, e outros de lecer, esparcimento, etc., aplicando os instrumentos de xestión racional e sustentábel dos montes, coa indispensábel participación dos seus titulares na redacción e execución dos mesmos.
2. A modificación do Plano Forestal, onde participen todos os colectivos implicados, e a dotación dos recursos necesários para a sua posta en prática.
3. A integración das estruturas administrativas competentes en matéria de montes dentro da estrutura única de desenvolvimento rural, que teña como eixo de actuación o marco comarcal e como base as pecualiaridades de cada unha delas. Asi mesmo, contemplará-se a participación da Administración competente en matéria de montes nos órgaos administrativos encarregados da xestión dos recursos hidráulicos.
4. Unha ordenación dos usos das superfícies a monte, buscando o equilíbrio entre os aproveitamentos agrícola-gandeiros e os forestais. Considerará-se prioritário dentro da acción de governo, realizar unha delimitación territorial clara da espécie Eucalyptus, unha ordenación das cepas en produción, e a recuperación das superficies deforestadas e baldios, evitando asi a sua erosión e degradación paulatina.
5. A aprobación dunha normativa sobre repovoacións forestais.
6. Unha rede de viveiros, con garantia de control xenético da planta.
7. Un programa de medidas silvícolas tendente á mellora das masas existentes para produción, con especial atención á madeira de aserrio.
8. Unha selección e protección de exemplares das diferentes espécies para a investigación e selección de sementes.
9. Medidas de fomento da produción de madeiras nobres, por meio da subvención para a extensión e mellora das masas de caducifólias existentes, e incentivación fiscal aos proprietários das mesmas.
10. A instauración das Asociacións de Defensa Forestal, que agrupen a proprietários de terreos forestais
11. Incentivar os reximes asociativos de uso e aproveitamento do monte, tanto de titulares individuais como colectivos, con vistas á cooperación para atender a execución de traballos forestais, o aproveitamento de infraestruturas conxuntas, atender todo o tipo de servizos comuns e para mellorar a comercialización dos produtos forestais.

12. Impulsar a adecuación dos instrumentos tributários á política de protección de defensa do monte, regulando para iso un tratamento fiscal que contemple: exencións e bonificacións daqueles rendimentos que se reinvistan na mellora do monte; un tratamento favorábel aos rendimentos derivados de espécies de crecimento lento, eximindo de gravame os obtidos polo aproveitamento de espécies de ciclo superior a 50 anos; e o recoñecimento dun rexime fiscal específico aplicábel ás comunidades de montes viciñais en man comun atendendo a sua peculiar natureza e a función social e ecolóxica a que están destinados, que evite a sua equiparación con entidades mercantis, exixindo para iso a derrogación do actual rexime tributário aplicábel aos mesmos.

IV.1.3.3.2 Incéndios forestais

Os incéndios forestais non son máis que o síntoma dunha crise do sistema económico e social que non asume as potencialidades produtivas dentro dunha diversificación, e as relacións sociais do mundo rural a quen se está destruindo sen nengunha alternativa de futuro.

A estratéxia básica contra o lume debe ser a mobilización produtiva da terra e a ordenación das masas forestais. Dentro da mesma, o BNG propón a adopción das seguintes medidas:

1. De carácter imediato:
- Estudo sobre a causalidade dos incéndios nos diferentes concellos e comarcas.
- Aplicación de medidas pontuais sobre aquelas claramente definidas e relacionadas coa actividade da povoación do meio rural.
- Investigación das causas dubidosas ou suspeitosas de teren unha finalidade económica ou criminal. Para iso, cómpre dotar-se dun persoal próprio especializado que poña en mans da policia xudicial todas as probas necesárias.

2. Medidas preventivas:
- De carácter educativo, coa inclusión dentro dos programas escolares de actividades periódicas relacionadas coa conservación do meio rural e do meio natural.
- Asesoramento e divulgación, contando coa colaboración dos concellos.
- Planificación de infraestruturas: pistas, sendas, cortalumes, pontos de auga.
- Actuacións imediatas nas zonas agro-forestais situadas perto de vivendas: accesos, invasión de matogueiras, e de control da fauna silvestre (danos).
- Política de contratacións: As plantillas de persoal deben estar intimamente ligadas ao meio rural e formar parte das medidas de fomento do emprego e fixación de povoación.

3. Intervención na extinción dos incendios forestais:
- Criación de parques zonais de traballadores de montes estábeis.
- Unha única Administración contratante.
- Actualización da rede de comunicacións.

4. Medidas para a restauración. Depois do lume forestal urxe dispor de actuacións tendentes a frear os procesos de degradación dos chans arrasados polo lume. Para iso, fai-se necesário actuar de imediato cun proxecto de emerxéncia que conte cun orzamento, dotado e incluído xunto ao das operacións silvícolas e de reforestación.

IV.1.3.3.3 Reestruturación e fomento da indústria forestal

A política relativa á industrialización dos produtos que achegan os nosos montes está centrada única e exclusivamente na primeira fase de transformación, a dominar por volume as de taboleiros e chapa, ademais da celulosa. Outro aspecto importante a destacar é a deixadez e escaseza de miras con que a Administración da Xunta actua cara a outras potenciais producións, que dentro dun deseño de explotación racional dos recursos serviria como complemento das economias rurais, por exemplo: castaña, noz, froitos silvestres, cogumelos, herbas aromáticas e menciñeiras, entre outros.

O B.N.G., coñecedor da situación dos sectores produtivos derivados dos aproveitamentos dos montes considera prioritário acometer un Plano de reestruturación e fomento da indústria forestal:

1. Apoio á indústria do aserrio, estabelecendo axudas directas para a sua mellora tecnolóxica, con vistas ao peche da cadea de transformación.
2. Impulso da indústria de segunda transformación, especialmente en sectores con alta capacidade de xeración de valor engadido e emprego, propiciando para iso medidas de normalización da matéria prima.
3. Apoio ás organizacións empresariais, participando estas nos foros de elaboración de propostas e programas para o sector.
4. Chegar a acordos de colaboración coa indústria da madeira para que esta conte co apoio das medidas derivadas da investigación xenética.
5. Apoio ás explotacións apícolas e de transformación do mel.
6. Impulsar a participación das organizacións representativas do sector transformador da madeira nos foros de elaboración de propostas, planos e programas para o sector.

IV.1.3.3.4 Montes viciñais en man común

O BNG é consciente da importáncia dos montes viciñais en man comun de Galiza, que ocupan unha superfície total de 650.000 has., e que veñen sendo mortificados pola Administración Galega, xa que elude as máis elementais obrigas que lle impón a lexislación vixente, agravando a desvitalización de moitas comunidades titulares de montes. É por iso que propomos:

1. Potenciamento do uso das terras a monte, promovendo a sua recuperación polos seus lexítimos proprietários.
2. Aplicación por parte da Xunta de Galiza da Lei de montes vixente e do desenvolvimento regulamentário que concretar e que reforzar a defensa da propriedade viciñal.
3. Definir o marco de interlocución e consulta entre a Administración e as comunidades viciñais e/ou as suas organizacións representativas, asi como adecuar as estruturas administrativas para proporcionaren un mellor servizo ás comunidades de montes.
4. Reforzamento do papel institucional dos Xurados Provinciais de montes viciñais en man comun, co obxectivo de axilizar a realización das suas funcións atribuídas.
5. Axeitar os usos das propriedades viciñais ás necesidades reais das suas comunidades titulares.
6. Instaurar Planos de formación permanente para os membros das comunidades viciñais, en especial para os directivos, de maneira que podan xestionar o monte por si próprios coa colaboración da Administración.
7. Proceder ao deslinde e amolloamento dos montes viciñais en man comun, para que sexan imatriculados todos eles no Rexisto da Propriedade.
8. A transferéncia da competéncia lexislativa plena de todas as matérias que afectan directamente o monte viciñal en man comun, especialmente as políticas fiscais que afectan o monte viciñal en man comun á Xunta de Galiza

IV.2 POLÍTICA PESQUEIRA

IV.2.1 INTRODUCIÓN

A pesca galega, considerada no que representa como un conxunto extractivo-acuicultor-transformador, ten un significado na economia galega de moito maior calado-profundidade e máis extensión que a simples mirada que desde a perspectiva do cómputo en capturas poderiamos apontar.

A ringleira de relacións entrelazadas que percorre un produto pesqueiro galego desde a sua captura, cultivo ou estabulación, até que é consumido mesmo a milleiros de quilómetros de distáncia, física e cultural, vai criando zonas de influéncia e mesmo tecido produtivo noutros subsectores con consecuéncias constatábeis.

Asi, a parte das contas convencionais de importáncia do sector pesqueiro galego medidas en flota, máis de 8000 barcos pesqueiros, emprego directo, 28.000 persoas, valor engadido bruto perto de 100.000 millóns de pts. -aproximadamente a metade do Valor Engadido Bruto (VEB) do conxunto do sector no Estado español-, podemos utilizar as medidas que as táboas input-output nos proporcionan para darmo-nos idea das relacións intersectoriais en que a pesca se involucra, de forma que algo máis da metade dos inputs intermeios que necesita a pesca son subministrados por outros sectores produtivos galegos. Asi mesmo, o sector téxtil, os servizos anexos ao transporte, as entidades auxiliares de seguros, indústrias alimentárias, refino de petróleo, produtos metálicos, comércio por xunto, a construción naval, realizan unha parte importante das suas vendas ao sector pesqueiro.

A orientación que ten tomado até agora a política económica pesqueira tanto central como autonómica fixo-o sobre un guión que significa unha leitura restritiva do *Estatuto de Autonomia de Galiza* que entende que as competéncias do governo galego se referen á pesca e ás actividades das economias relativas á pesca en augas interiores, asi como ao desenvolvimento lexislativo e á execución da lexislación estatal na ordenación do sector pesqueiro, non podemos resignarmo-nos a non cumprir adecuadamente o mandato do art. 30 de dito Estatuto que atribui a competéncia exclusiva á Comunidade Autónoma, o fomento e planificación da actividade económica, a indústria e o comércio interior de Galiza. Por esta razón, é totalmente defendíbel a intervención do governo galego nunha série de actuacións que conduzan a esa finalidade. Hai ademais unha outra razón, non do ámbito das leis, que é a própria que dá sentido á nosa forza política, o sentido da existéncia do BNG: criar condicións políticas para que a nosa nación desenvolva a sua própria capacidade de crescimento económico para Galiza e desde Galiza, é dicer, un crescimento económico autocentrado.

Hoxe en dia é, non obstante, imprescindíbel non perder de vista o marco mundial do mercado de produtos da pesca; capturas e distribución realizan-se desde e para calquer lugar do mundo como ben deixa ver a presenza internacional do sector pesqueiro galego. Daí que sexa tamén imprescindíbel ter en conta o marco xurídico, o político e máis o de competéncia internacional para deseñar e asumir as medidas que, buscando o crecimento da pesca galega desde dentro, estexan orientadas a garantir a sua pervivéncia nese marco mundializado de competéncia.

Polo que respeita á PCP, ainda despois da chamada integración plena, apresenta graves déficits en función dos intereses de cada un dos países comunitários, das estratéxias bilaterais e inclusivemente da posibilidade de incorporación de novos países á UE. O imcumprimento dos acordos por parte dos sócios comunitários está, máis que nunca, demostrado polas políticas que desenvolven os dous estados ribeireños do caladoiro do Gran Sol, Irlanda e o Reino Unido, que non cesan no seu acoso á flota galega, ou pola reiterada negativa de Franza a cumprir o plano de erradicación das volantas.

Na UE a pesca galega vén sofrendo importantes tensións froito dos diversos intereses en litíxio, tensións que poden identificar-se tanto no plano sócio-económico como no plano político. En concreto, as distintas flotas galegas veñen sofrendo unha reestruturación permanente, a se reducir o número de unidades en máis da metade.

É dicer, vimos só sofrindo reestruturación e non desfrutamos das posíbeis vantaxes de un amplo mercado único: parte do noso sector extractivo sofre as consecuéncias dun *appartheid* comunitário (hai caladoiros proibidos só aos buques de bandeira española que son os galegos), cumprimos sobradamente a redución da flota e constatamos ano tras ano o fracaso da PCP para salvagardar a saúde biolóxica do recurso pretendidamente defendido.

Por outra banda, a transferéncia da negociación de acordos con terceiros países á UE ten orixinado unha manchea de problemas na materialización de acordos pesqueiros, que vén dada pola falta de interese en acadar acordos estábeis, longos e duradeiros. Os acordos pesqueiros entenden-se pola UE máis ben como cuestións transitórias, mentres acordos sobre outro tipo de actividades, sexan puramente comerciais ou industriasis, realizan-se a mais longo prazo, ou estabelecen-se mediante unha actuación na Organización Mundial de Comércio (OMC) favorábel aos intereses dos grandes países europeos que detentan os centros de decisión. Os acordos con Marrocos son un claro exemplo, cada novo acordo supón unha redución do número de barcos autorizados a faenar nese caladoiro, agarda-se a que expiren os acordos para negociar a sua anovación, e despois de máis dun ano coa flota amarrada, as autoridades estatais e comunitárias abandonan a negociación e renúncian á sinatura dun novo acordo, anunciando outra reestruturación da flota. É dicer, os responsábeis estatais e comunitários incumpriron, no momento de exerceren as

suas funcións de negociadores, a obriga de defenderen a imprescindíbel estabilidade económica do sector pesqueiro, de importáncia certa e profunda para a nosa economia. Isto é, incumpren a encomenda dos próprios tratados comunitários, entre eles o fundador (O Tratado de Roma).

O programa pesqueiro do BNG orienta-se a terminar con esta situación de reestruturación permanente, mantendo quer a capacidade pesqueira actual quer os postos de traballo no sector. Para acadar este obxectivo, é precisa unha série de medidas políticas urxentes de curto e meio prazo. Moitas delas veñen sendo reclamadas desde o sector.

IV.2.2 OBXECTIVOS

Considerando o sector como un todo mantemos que ten capacidade para seguir sendo un sector básico da economia galega, daí que as propostas aqui contempladas vaian dirixidas a manter e renovar a capacidade produtiva do sector, no interior e no exterior, e ser capaces de pór en valor as potencialidades do sector pesqueiro galego que permanecen dormidas. O BNG procurará a participación e colaboración do sector, asi como dos habitantes da beiramar galega, na posta en prática das medidas de política pesqueira contidas neste programa.

1. Manter a capacidade produtiva pesqueira actual expresada en desembarcos, valor dos mesmos, tamaño da flota e número de empregos directos.
2. Manter a capacidade pesqueira exterior expresada en empresas, flota e número de empregos directos.
3. Acadar a representación política galega nas deliberacións e na toma de decisións comunitárias a respeito de:
   - Política Pesqueira Comun: acceso recursos, estruturas, mercados.
   - Normas Sanitárias.
4. Acadar a transferéncia do demánio público marítimo e marítimo-terrestre.
5. Acadar a competéncia exlusiva nas augas da plataforma litoral (12 millas).
6. Mellorar a seguridade do traballo no mar.
7. Criar as condicións legais necesárias que regulen, melloren e dignifiquen as condicións laborais dos traballadores do mar.
8. Lograr o control galego do recurso costeiro galego, da sua explotación económica e das condicións de mercado.
9. Lograr que as condicións de venda do produto pesqueiro galego non se vexan limitadas pola competéncia exterior, quer no mercado español quer no estranxeiro.
10. Manter e acrecentar, a ser posíbel, a diversidade dos recursos explotados, sempre que non provocaren desequilíbrios no meio.
11. Restaurar, no canto do realizábel, o degradado, tanto no que se refere á calidade do meio mariño como ao recurso nel existente.

12. Acadar a valoración económica de espécies agora non aproveitadas e susceptíbeis de se converteren en recurso económico.
13. Valorizar no mercado exterior unha parte do noso capital pesqueiro non utilizado, en forma de venda exterior de tecnoloxia, saber facer (*know how*), investigación, ensino superior, etc. Impulsar a participación dos axentes representativos do sector na definición das políticas pesqueiras através do Consello Galego de Pesca.

IV.2.3 ACTUACIÓNS NO MARCO COMPETENCIAL GALEGO E ESTATAL

IV.2.3.1 Actuacións no ámbito institucional

Sen prexuízo das liñas xerais estabelecidas no capítulo de Política Institucional, no eido próprio da pesca, o BNG:

1. Promoverá a reforma do entramado institucional actualmente corporativo do sector pesqueiro, na dirección da democratización das institucións hoxe existentes, e da sua representatividade e congruéncia coa composición social e os diversos estatus económicos e laborais da povoación traballadora mariñeira. Procedendo á reforma, no que sexa necesário, das leis de Confrarias e Pesca e do Regulamento de Artes.
2. Promoverá, dentro das confrarias, o desenvolvimento das seccións de Organización da Produción contempladas na actual lei de Confrarias para racionalizar a explotación dos recursos e mellorar a xestión económica e comercial.
3. Impulsará a constitución de cooperativas de produtores nas confrarias asi como a agrupación das mesmas en cooperativas de segundo orde, para mellorar a comercialización dos seus produtos.
4. Reclamará a transferéncia do demánio público marítimo e marítimo-terrestre, asi como a competéncia exlusiva nas augas da plataforma litoral (12 millas).
5. Propiciará a unificación dos servizos de inspección pesqueira coa finalidade de evitar a dispersión das funcións de control, tanto das actividades pesqueira e marisqueira como de despacho e inspección de embarcacións, entre distintas administracións. Con esta finalidade, reivindicar perante o Governo español o exercício íntegro da capacidade de inspección e vixiláncia pesqueira para a Comunidade Autónoma de Galiza e, subsecuentemente, a substitución progresiva dos efectivos da Guarda Civil do Mar por unidades dependentes da Xunta de Galiza.
6. Racionalización da Administración pesqueira galega, adecuando a sua estrutura e o volume de recursos humanos ás necesidades do sector, reforzando o servizo de extensión pesqueira e mellorando a dotación material da protección de recursos.

IV.2.3.2 Os recursos pesqueiros e a calidade do meio costeiro

Dadas as características da produción pesqueira, non podemos esquecer un dado clave: o lugar onde se atopan os recursos e onde se desenvolve a actividade pesqueira, acuícola e marisqueira, é tamén o lugar onde acontecen outros feitos, lugar onde se suceden outras actividades produtivas, lugar de tránsito para transportes marítimos de todo o tipo, lugar de viciñanza de multitude de núcleos poboados, incluidas algunhas das máis grandes cidades galegas, lugar (as rias) de desembocadura dos maiores rios galegos e, de viciñanza de grandes complexos industriais.

E por iso que calquer intento de aplicación de políticas para o coidado e mellora dos recursos pesqueiros próprios trascende á forza o ámbito sectorial da pesca: na política de ordenación do território, na política industrial, na política municipal, na política agrária e forestal, etc. En todos estes eidos deberán desenvolver-se **iniciativas imprescindíbeis** para paliar as agresións sobre o meio mariño.

O primeiro grupo de medidas estarán orientadas a conseguir a calidade "A" (denominación comunitária para aquelas zonas de beiramar limpas que crian marisco para venda sen depurar) das nosas praias. Isto implica un control total dos vertidos realizados en toda a cunca fluvial galega, en calquer acuífero e, por suposto, directamente nas rias. Implica a toma de decisións conflitivas, a respeito da compatibilidade de certas indústrias -nomeadamente Celulosa Elnosa- e o marisqueo/pesca en determinadas zonas das rias, e implica a colaboración dos concellos nun compromiso real de submeter as augas residuais a unha depuración de elevado nível. O BNG, desde o Governo de Galiza, promoverá as seguintes actuacións:

1. Elaboración, aprobación e execución urxente de **planos de saneamento integral das rias galegas**, que comprenderán a recollida e depuración de todas as augas residuais que vaian a parar ás mesmas.
2. Control das obras de construción que inciden directamente sobre o meio mariño: portos ou instalacións portuárias, pontes, construcións ou obras submariñas, etc.
3. Control das obras de construción que inciden sobre os cauces dos rios, e portanto sobre os fluxos de auga doce ás rias: construción de presas, etc.
4. Control dos vertidos de instalacións industriais existentes na ribeira ou a carón dos rios, nomeadamente: emisións de metais pesados ás augas (cinc, cobre, chumbo, mercúrio...), emisión de organohaloxenados, vertidos directos de petróleo ou derivados, etc.
5. Control de vertidos dos resíduos urbanos das localidades de ribeira, ou aos rios.
6. Control de actitudes deforestadoras tendentes á erosión das terras e que através dos rios supón enlamado dos areais.

7. Control do uso e abuso de pesticidas, fertilizantes químicos ou outras práticas " perniciosas " no agro, polo perigo de envelenamento das augas.
8. Evitar a posibilidade de vertidos "acidentais" de petróleo ou outras substáncias nocivas ao mar, ademais do control da limpeza de tanques, sentinas, etc.
9. Control do tráfego marítimo de mercadorias perigosas.
10. Aplicar medidas de control e limpeza dos resíduos procedentes das bateas mexilloeiras, nos fundos mariños.

IV.2.3.3 Pesca de baixura e litoral

Ao falarmos de pesca de baixura e litoral é preciso distinguir vários segmentos da flota, que podemos clasificar en:

a) Flota artesanal, a que faena nas rias (competéncia exclusiva de Galiza), ou en zonas próximas ás mesmas. Esta flota está moi condicionada polas artes que emprega e polo Regulamento de Alternáncia de Artes.
b) Flota de litoral, integrada maioritariamente pola flota de cerco.
c) Flota de arraste de litoral e palangre de superfície.

A crise que está a atravesar a pesca de baixura e litoral en Galiza vén dada por unha importante redución dos recursos e agravada pola falta dunha política de prezos axeitada, asi como pola incorporación de novas tecnoloxias.

A estrutura empresarial desta flota constitui unha das suas eivas principais, pois, agás a flota de arraste de litoral, o resto das flotas responden a "empresas familiares", moi pouco ou nada estruturadas, que evitan calquer proceso de salarización, a manteren a estrutura tradicional dos salários e, portanto, a impediren de facto a incorporación de novos traballadores debido á precariedade dos ingresos.

O BNG considera que a pesca de baixura e litoral é un sector cun grande potencial de futuro, que pode remontar a actual situación de crise se recebe a cooperación e o apoio decidido da Administración para levar adiante as necesárias medidas que atendan os seguintes obxectivos:

1. A rexeneración dos caladoiros.
2. O mantimento dos postos de traballo no sector e a mellora das condicións de traballo.
3. A mellora da comercialización dos produtos da pesca fresca.
4. A formación contínua para a explotación e a comercialización dos recursos, asi como para a optimización da explotación empresarial.
5. A mellora das infraestruturas portuárias.
6. A mellora dos servizos de información e de difusión das axudas públicas para o sector.

Para a consecución destes obxectivos, o Governo galego impulsará as seguintes iniciativas:

IV.2.3.3.1 Recuperación dos caladoiros

1. Avaliación do estado dos recursos coa participación do sector, incluindo o estudo da migración das espécies mediante a realización de estudos científicos rigorosos, sistematizados temporal e territorialmente, que fundamentarán o eventual estabelecimento de medidas de protección de recursos e de control do esforzo pesqueiro.
2. Estabelecimento de paros remunerados que permitan a recuperación dos caladoiros.
3. Elaboración de Planos de Pesca zonais e sectoriais, en colaboración co sector pesqueiro, que contemple o conxunto de espécies e artes, e que partindo dun Plano Base de Capturas permita a flexibilización das mesmas.
4. Erradicación do uso de artes e elementos proibidos na pesca –dinamita e outros-, e incorporación de novas mallas, se fose necesário, para a rexeneración dos recursos.
5. Posta a ponto e estudo dos resultados dun Plano de Repovoación das costas galegas con espécies de interese pesqueiro e marisqueiro.

Todas estas medidas, asi como a posición de negociación con outras Comunidades e coa Administración estatal, levarán aparelladas a realización dun Plano Galego de Pesca de Baixura e Litoral, que contemple estes apartados indicativos, asi como a presenza de Galiza na Comisión Mixta Hispano-Portuguesa e o aumento de licenzas para o cerco en augas portuguesas limítrofes, eliminando o escaso número de licenzas existentes.

IV.2.3.3.2 Mantimento dos postos de traballo no sector e mellora das condicións de traballo

Só é posíbel mediante a rexeneración dos caladoiros, mais tamén pasa pola mellora das condicións de seguridade no mar, cuestión que obriga a trocar o actual sistema de compensación de TRB (KW) para a construción de novas embarcacións, especialmente na flota artesanal (rias e artes menores), inclusivemente en embarcacións dedicadas ao marisqueo.

Unha política, portanto, de mellora das condicións de seguridade e de vida a bordo que implica a renovación da flota, mais tamén, unha política que impulse a concertación e, que orixine a extinción progresiva do salário á parte na baixura, e que proporcione maior información para o estabelecimento de paros retribuídos e regulados, que garantan prestacións sociais aos traballadores afectados.

IV.2.3.3.3 Mellora da comercialización dos produtos da pesca fresca

1. Estabelecimento dun sistema de lonxas de referéncia que facilite a implantación definitiva do sistema de subasta centralizado.
2. Implantación, no prazo dun ano, da subasta automatizada de peixe nas lonxas de referéncia de Galiza.
3. Promover e apoiar a incorporación de novos sistemas de envasado e estivado da pesca fresca en todas as embarcacións.
4. Información adecuada para a implantación dos prezos de retirada nas espécies afectadas, en especial no cerco.
5. Toma en consideración das condicións de mercado para a definición da política de vedas.

IV.2.3.3.4 Formación contínua

1. Promoción de concertos coas confrarias e cooperativas para levar adiante todas as medidas apontadas.
2. Realización dun Plano Integral de mellora das explotacións familiares, con un deseño axeitado para os distintos subsectores.

IV.2.3.3.5 Mellora das infraestruturas portuárias

Os portos base deberán contar cos servizos adecuados para a reparación e mantimento da flota e para a realización dunha comercialización axeitada. Con tal finalidade, estabelecerá-se unha nova clasificación dos portos de Galiza (véxase o apartado de Política de Ordenación Territorial, Infraestruturas e Meio Ambiente).

IV.2.3.3.6 Apertura de canles de información

Unha parte tan atomizada do sector pesqueiro como é a de baixura e litoral, necesita unha maior difusión da información, que faga chegar a todo o sector o conxunto de axudas públicas. O estabelecimento de concertos coas organizacións existentes, confrarias e cooperativas, asi como unha maior presenza da Administración na costa, permitiria que o mundo do mar superara a actual estrutura baseada única e exclusivamente nunha información sesgada ou “oficial” (DOG) para as axudas, e por outra parte na toma de decisións através dun Consello Galego de Pesca que non representa a realidade sectorial.

IV.2.3.4 Marisqueo e Acuicultura

IV.2.3.4.1 Acuicultura

A acuicultura galega ten demostrado a sua capacidade nos cultivos mariños de todo o tipo. Mais é o sector mexilloeiro galego o que representa a experiéncia máis importante a nível mundial no ámbito dos cultivos mariños. As características específicas das rias galegas, unidas á experiéncia e ao coñecimento acumulado ao longo de máis de 60 anos, fixeron de Galiza un dos primeiros produtores mundiais deste molusco, para alén da experiéncia europea máis rendíbel no mundo da acuicultura, que deu lugar a un subsector ponteiro na economia galega, totalmente integrado e até xerador de tecnoloxia própria.

No relativo a este subsector, o BNG levará a cabo as seguintes **medidas de governo**:

1. Promover a **integración vertical cara a adiante** do sector. Para garantir o futuro deste sector, é preciso acadar o control da comercialización, desde a orixe até o distribuidor final.
2. Promoción da **imaxe de calidade** con campañas de mercado nos meios de comunicación de titularidade pública, mais tamén estabelecendo políticas de fomento e control real da calidade. Obrigatoriedade da **identificación da orixe** da vianda nas conservas de mexillón.
3. En colaboración coas universidades galegas e co Consello Regulador do Mexillón de Galiza, desenvolver **liñas de investigación** dirixidas a criación de novos produtos que usen mexillón ou subprodutos do cultivo de mexillón como matéria prima (diversificación das conservas, conxelados, cosmética, pensos, etc...).
4. Incentivar as iniciativas industriais que aproveiten os subprodutos do sector mexilloeiro.
5. Recuperación efectiva da condición de **concesión administrativa** das bateas, a rematar co comércio ilegal de concesións e anulando as concesións a bateas que non se explotan mais que se manteñen por critérios especulativos.
6. Criación das condicións legais necesárias para viabilizar a explotación comercial de novos cultivos.
7. Recuperación e impulso do cultivo de ostra.
8. Cómpre reparar nunha posíbel diversificación do actual monocultivo en bateas aproveitando as instalacións actuais:
   - Cultivo de peixes (dourada, ollomol, sargo, robaliza, etc.).
   - Cultivo de outros moluscos (polbo, ameixa, vieira, ostr, etc.) demarcando zonas específicas.
   - Aproveitamento dos refugallos das mexilloeira en terra (estudo de aproveitamento)
9. Apoio á mellora dos procesos de comercialización: impulso de marcas e denominacións de orixe galegas.
10. Promoción de seguros que permitan diminuir os riscos asociados aos factores climáticos, medioambientais ou de mercado.

IV.2.3.4.2 Marisqueo

No BNG estamos convencidos de que o marisqueo pode constituir unha importante fonte de emprego para algunhas vilas mariñeiras a curto e meio prazo, sempre que se solucionaren algunhas das eivas que o caracterizan na actualidade, tais como: a insuficiéncia da oferta de semente, a auséncia de critérios económicos na explotación, o escaso grau de tecnificación ou un proceso de comercialización deficiente. É por iso que o BNG, no Governo galego, impulsará a aplicación das seguintes medidas:

1. Promover a profisionalización do marisqueo e o cooperativismo de produción e comercialización.
2. Apoio económico e técnico para a criación de unidades de xestión que faciliten a incorporación de critérios económicos na explotación e cultivo dos bancos marisqueiros.
3. Apoio económico ás confrarias e agrupacións marisqueiras para a incorporación de persoal técnico, tanto nos labores biolóxicos como organizativos, tecnolóxicos, económicos e comerciais.
4. En conxunción coa nosa política de recursos interiores, submeterá-se a control zonas novas de grandes praias para un cultivo extensivo das mesmas.
5. Promoción de "*hatcherys*" públicas ou mixtas para surtido de semente próprio, eliminando asi a dependéncia exterior nos posíbeis cultivos extensivos, e garantindo a oferta necesária de semente das distintas espécies.
6. Elaboración dun mapa de recursos que recolla a situación dos recursos na actualidade, focos problemáticos, limitacións para futuras actuacións ou limitacións das áreas que ante posíbeis futuras actuacións e compatibilidade de usos. Estudo de particularidades por zonas.
7. Realización do inventário de concesións e autorizacións marisqueiras en base ao P.M. de 1961, e as posteriores autorizacións.
8. Promover o reciclado de residuos procedentes doutras actividades pesqueiras ou acuícolas, evitanto a reversión ao mar dos mesmos.
9. Control na introdución de espécies mariñas alóctonas.
10. Deseño dunha equipa básica de protección individual no traballo, sendo de uso obrigatório na extracción de percebe, adoptando-se as medidas necesárias de fomento (axudas, etc.) para a sua adquisición
11. Elaboración de normas de seguridade básicas para a extracción de percebe.
12. Reclamar da Administración Central a aplicación de coeficientes redutores de cara á xubilación dos percebeiros, nun grau a determinar, non inferior aos aplicados no caso de tripulantes de embarcacións pesqueiras.
13. Regulación de exames médicos e recoñecimentos específicos para os percebeiros, de xeito que se definan todos e cada un dos aspectos médico-laborais sobre os que intervir, elaborando ao tempo o cadro de doenzas profisionais deste sector.

14. Promoción de acordos entre a Xunta de Galiza, a Administración Central para garantir a protección social de todas as mariscadoras, cobrindo parte das cotizacións á Seguridade Social, mentres os seus ingresos non acaden, polo menos, o Salário Mínimo Interprofisional. Estas medidas terán carácter transitório e deberán ir acompañadas por planos de desenvolvimento das agrupacións de mariscadoras.
15. Elaboración dun censo que recolla os casos de mariscadoras en idade de xubilación que non teñan cotizado o mínimo necesário para acceder a unha pensión contributiva, para procurar a concesión de pensións non contributivas.

IV.2.3.5 Comercialización

A necesidade de regulamentación e iniciativa pública directa na distribución e na comercialización do produto pesca ten-se manifestado de forma moi aguda nos últimos anos en que os programas/accións emprendidas tando desde o ámbito privado como desde o público, se enfrentaron a dificuldades graves no proceso de comercialización por várias causas: ou ben a estrutura comercial/compradora do pescado/marisco era anticuada ás necesidades de comercializar un produto en crecimento, ou ben adoecia de características monopolizadoras, co cal producir máis non xeraba máis renda nos produtores e contribuia polo seu funcionamento a fragmentá-la máis, ou ben a non servir adecuadamente como canal de distribución a unha demanda potencial insatisfeita. Son exemplos destas situacións as caídas de prezos que regularmente se dan tanto no marisqueo, no mexillón ou na baixura, a pouco relativa abundáncia que se deu nas capturas ou recolleita cadrando con determiados períodos, a fragmentación da oferta que tanto agrupacións como confrarias como administración pratican ao permitiren a duplicidade e extensión de pontos de venda, lonxas e subastas no espazo dunha mesma ria mesmo en distintas horas para “facilitar” a chegada dos compradores en primeira venda absolutamente cativos en termos económicos e, finalmente, a ainda actual inexisténcia de capacidade real de almacenamento e resisténcia ante situacións desfavorábeis de compra por parte do primeiro eslabón da comercialización.

Constatamos ademais, no momento actual, que é preciso realizar xa unha toma en consideración da importáncia da comercialización como única via, no presente, de garantir a pervivéncia do sector que directamente se vincula á produción física do pescado/marisco: é dicer, se se esquece ou abandona a comercialización ou se pensa que pode ser asumida polos pescadores e mariscadoras estamos asumindo, con cegueira total, a realidade dos procesos de produción pesqueira. A cadea de comercialización naceu (con todos os seus elementos) na realidade económica pesqueira que se desenvolveu xunto con o aumento da produción tanto extractiva como acuicultora. Mais tamén é evidente que frente ao enorme crecimento de regulamentación e atención (no tocante a

disposicións legais e miradas da opinión pública) sobre o sector extractivo ninguén reparou na racionalización, modernización e/ou profisionalización dos comercializadores, da sua estrutura empresarial (capacidade económica, solvéncia, garantias para o consumidor e para a calidade do produto) da adecuación ás necesidades de expansión e crecimento que pode experimentar o sector extractivo/acuicultor frente a un comercializador que só sobrevive dependendo –nas ocasións- da sua situación oportunista nun mercado de oferta moi fraccionada ou artificialmente fraccionada. De todos os xeitos, a própria evolución do devir económico nos últimos anos, e por razóns puras de necesidade económica, os pescadores de baixura e de litoral próximos a 3 ou 4 grandes centros con lonxas grandes, foron dirixindo as suas vendas cara a eses centros abandonando paulatinamente o hábito de venda nas pequenas ou pequenísimas lonxas do seu porto de base. Este movimento vén propiciado pola existéncia nesas lonxas grandes A Coruña, Celeiro, Ribeira, ou Vigo, de comercializadores con moita maior capacidade de compra cunha lista de mercadorias pesqueiras moito mais diversificada e finalmente cunha evolución comprobada de prezos mais favorábel para o pequeno e mediano pescador. Á sua vez é preciso reseñar como os comercializadores de pescado e marisco teñen contribuído a mellorar a demanda final de pescado en zonas do Estado español onde era hai poucos anos moi difícil pensar o mantimento e mesmo aumento da demanda de peixe fresco en zonas asi mesmo moi pouco frecuentadas e mesmo afastadas das antiguas rutas de venda de peixe fresco galego.

Finalmente cómpre considerar como imprescindíbel a cooperación-colaboración dos comercializadores, a promoción e asentamento do produto pesqueiro galego nas suas diferentes componentes nun mercado que recoñeza o produto pesqueiro galego como de calidade de orixe ou de marca. É imprescindíbel que funcione esa marca se non se conta coa participación activa dos elos da cadea comercializadora desde o primeiro comprador en lonxa até o vendedor en mostrador directamente relacionado co comprador final (consumidor). A grande distribución en alimentación, que concentra cada vez unha cuota maior do mercado, ten o hábito económico de realizar compras que eles denominan estratéxicas, tende a globalizar a cadea de subministros e logra un abastecimento mundializado, co cal só unha capacidade económica real do que vende o produto pescado/marisco en orixe pode impedir a conversión en graneis da sua mercadoria por moi ben controlada que estiver a calidade en orixe. É imprescindíbel a curto prazo lograr lexislación adecuada ás necesidades de identificación do pescado/marisco galego ou de procedéncia galega desde que sai de lonxa até que chega ao consumo final, se non está envasado e con marca.

Propomos, portanto, estas medidas orientadas a conseguiren que a comercialización como parte do proceso de produción non se converta no elo dominante da pesca ou no que controle en exclusividade o proceso.

1. **Criación dun Órgao (de tutela) comercial do produto Pescado Galego** incluindo nel peixe fresco, marisco fresco, pescado capturado ou preparado

en Galiza. Este órgao tutelador deberia ser mixto público-privado, con financiamento público dos Fundos IFOP da própria Xunta e do Estado, asi como do financiamento privado que se procurar. As suas obrigas serian levar a cabo a designación, control e vixiláncia da calidade, procesos e realización no mercado dos pescados, moluscos e crustáceos que se comercialicen coa marca galega elaborada aos efeitos.

a) Designación. Elaboración en marketing da marca, criación empresarial con todos os elementos dunha marca, a sua posta en funcionamento e o seu sustimento no mercado.
b) Control. Os controis referen-se tanto aos sanitários como aos do mercado para impedir as misturas dun produto de orixe e características coñecidas con outros de procedéncia descoñecida.
c) Vixiláncia. A vixiláncia consiste no seguimento efectivo dos elos da cadea comercializadora, asi como na busca de acordos profisionais. Os distribuidores e/ou grandes compradores nomeadamente conserva, transformadores, supermercados, hipermercados, mercas e horecas para lograr via acordo e colaboración o que por via impositiva non se poida.

2. **Homologación dos índices de toxicidade e das especificacións técnicas** para a comercialización dos mariscos cos vixentes nos principais mercados da UE, de xeito que o subsector marisqueiro galego non se vexa discriminado.
3. Xunto coas transferéncias dos portos estatais, **transferir as lonxas dos portos estatais** ao sistema galego de lonxas e submeté-las ás mesmas normas de venda que as restantes.
4. Elaborar un **Plano Galego de Comércio do Peixe e Marisco** con rango de lei, que terá os seguintes fios condutores:
   - Redución do nº actual de pontos de venda.
   - Especialización progresiva das lonxas.
   - Profisionalización dos compradores en primeira venda que forman o complexo tecido da cadea comercializadora (normas de acceso á compra, transporte, solvéncia, etc.)
   - Dotar as lonxas de meios frigoríficos e demais técnicas para as faceren compatíbeis coa existéncia do Produto de Calidade.
   - Estabelecimento dun prezo mínimo por mercadoria (grau de frescura, cor, espécie, calibre, procedéncia, arte de pesca, dias de navegación, tratamento a bordo).
   - Normas de etiquetado, envasado, embalaxe e caducidade e procedéncia para todo o produto pesqueiro que sair dunha lonxa galega.
   - Normas de procedéncia, sanitárias, envasado, embalaxe e caducidade para todo o produto pesqueiro vendido desde Galiza.
5. Promover a criación de **entes comercializadores** coa participación da base produtiva, para o marisqueo, a acuicultura e a pesca de baixura e litoral.

6. **Control das importacións** para que os produtos presentes no mercado galego cumpran as mesmas normas que emanan da administración galega en defensa da saúde pública e da calidade do produto que se oferece ao consumidor.
7. **A indústria conserveira** galega pode-se converter, grazas á sua colaboración nunha boa via de penetración no mercado de alimentos do produto pesqueiro galego indicando a procedéncia e o envasado de ese produto. Propomos, asi mesmo, a promoción polo governo de acordos entre conserveiros-produtores no marco dun contrato de provisión de matéria prima

IV.2.3.6 Melloras sociais

1. Promover a reforma do sistema de retribucións tentando superar o sistema de retribucións "á parte" e a procurar acordos entre armadores e mariñeiros que contemplaren un salário mínimo.
2. Modificación do marco legal vixente en matéria de cotizacións para permitir que os autónomos incluídos no Rexime Especial de Traballadores do Mar tiveren o mesmo direito que o resto de autónomos no referente á opción de eleición entre as bases de cotización máxima e mínima que se estabeleceren.
3. Actuacións precisas para o estabelecimento de convénios colectivos en todos os segmentos e portos da flota pesqueira galega.
4. Adecuación da normativa eleitoral sindical á pesca.
5. Elaboración dunha normativa específica reguladora das tripulacións mínimas na flota pesqueira.
6. Axilización de axuda e xestións en prol dos mariñeiros galegos apreixados por terceiros estados.
7. No caso dos mariñeiros embarcados en buques pertecentes a sociedades mixtas:
   - Estabilidade no emprego.
   - Defensa dos postos de traballo.
   - Homologación xurídico-laboral cos mariñeiros de buques de pabillón español.
   - Acceso á formación contínua.
   - Subvención parcial das cuotas empresariais da Seguridade Social durante a vida do contrato, sempre e cando nas relacións laborais se apliquen as condicións estabelecidas nos convénios colectivos de ámbito estatal.
   - Asinamento de convénios sobre Seguridade Social cos países que teñen ou tiveron acordo pesqueiro coa UE e non contan con esta cláusula: Angola, Gabón, Guinea Bissau, Guinea Conakry, Madagascar, Mauritánia, Mozambique, Namíbia, Senegal, Serra Leona e Sudáfrica; e con aqueles outros que non o tiveron mais teñen sociedades mixtas: Alxéria, Camerun, Illas Malvinas e Togo.

8. Melloras sociais diversas (bonificacións fiscais, rebaixa de tarifas telefónicas, garantias no exercício do direito do voto aos mariñeiros, etc.).

IV.2.3.7 Ensino, investigación pesqueira e cultura mariñeira

A experiéncia acumulada en moitos anos de pesca en todas as augas do planeta, no marisqueo e na acuicultura non se ten traducido, dun xeito eficaz, na produción de tecnoloxia e know how (agás algo no sector mexilloeiro e na construción de barcos) que se poida traducir na criación de empresas con capacidade de resolver e facilitar as nosas demandas de grande poténcia pesqueira, asi como exportar os nosos produtos tecnolóxicos e coñecimentos.

A criación dunha atitude positiva cara ao mundo da pesca, marisqueo e acuicultura, de acordo co noso potencial e recursos, pasa por un coñecimento máis profundo e atractivo, coa apresentación das nosas posibilidades e problemas. Este coñecimento xa debe inxerir-se desde os primeiros anos de vida e debe ter a escola como foco inicial de promoción. A defensa do meio, a paisaxe mariña, a biodiversidade, todo iso conectado coa importáncia económica e a história das nosas pescarias e logros na acuicultura, teñen de deixar un pouso que despertar o interese e a preocupación pola defensa do mar e dos seus recursos na nosa xente.

É necesário complementar os centros de ensino dedicados ao campo das titulacións coa formación profisional e universitária, especialmente nos ámbitos das tecnoloxias asociadas ao mar (desde unha encordadora de mexillón á tele-detección de bancos pesqueiros ou sistemas de posicionamento en casos de naufráxio, mellores condicións de vida no mar, sistemas de salvamento máis eficaces, etc.). Ainda fica moito por facer sobre organización cooperativa, mellora da apresentación do produto, incremento do valor engadido en preparados, mecanización do sector marisqueiro, etc.

IV.2.3.7.1 Investigación

1. Todos os centros de investigación localizados no país galego deben depender do próprio país. Neste sentido, o BNG reclamará a transferéncia dos centros do IEO e do CSIC existentes en Galiza e procederá á coordenación de todos os centros de investigación de pesca, marisqueo e acuicultura que houber no país.
2. Promover a difusión, entre o público en xeral e os investigadores en particular, das liñas de traballo dos diferentes grupos e dos meios con que contan, principalmente de infraestruturas, co fin de fomentar un mellor aproveitamento dos recursos humanos e materiais para a resolución de problemas concretos.

3. Orientar a investigación aplicada prioritáriamente á resolución dos problemas e expectativas que podan apresentar pesca e marisqueo galegos, entre outros:
   - Estudos de posibilidades e ordenamento do litoral, impacto ambiental, para o aproveitamento máximo do marisqueo e a acuicultura.
   - Completar o ciclo biolóxico de espécies de interese.
   - Tecnoloxias asociadas á pesca, ao marisqueo e á acuicultura.
   - Sistemas para evitaren ou paliaren os efeitos das mareas vermellas.
4. Reordenar nunha única liña de investigación as espécies de áugas continentais e mariñas, asi como as de dobre ciclo, hoxe ubicadas abondantemente na Consellaria de Agricultura e outras na Consellaria de pesca.
5. Estabelecer procedimentos claros para a apresentación de propostas e critérios obxectivos e transparentes para a selección de proxectos de investigación subvencionábeis, que permitan priorizar determinadas liñas de investigación e garantan un mellor e mais áxil reparto dos fundos.
6. Regulación e axilización das concesións experimentais, de xeito que se facilite a investigación sobre novos cultivos e se impida a utilización fraudulenta das mesmas.

IV.2.3.7.2 Ensino

A experiéncia e o coñecimento acumulado en moitos anos de pesca en todas as augas do planeta, constituen un capital que debe ser valorizado polo sector pesqueiro galego, polas posibilidades que unha xestión adecuada dos mesmos pode oferecer en termos de cuotas de pesca, licenzas, contratos en asteleiros ou vendas na indústria pesqueira en xeral. O BNG propón as seguintes liñas de actuación para pór en valor estes coñecimentos:

1. Imersión das Escolas no sector pesqueiro.
2. Programas adecuados nos diferentes campos das pesquerias; elaboración, comercialización, etc. rexeitando a cativa visión actual de dedicar tres centros de ensino só o campo das titulacións.
3. Coordenación dos distintos níveis de ensino relacionados co mar e a pesca (formación profisional e universitário).
4. Realización dun Plano Nacional de Ensino Pesqueiro no eido da formación profisional, que sirva de base para a potenciación das escolas existentes no país (Vigo, Ferrol,..), e contemple a realización de cursos de especialización que faciliten a formación de traballadores e alunos galegos e mesmo contribuan a rendibilizar as instalacións e os coñecimentos mediante a admisión de alunos de outros países.

5. Solicitar a transferéncia do Centro de Formación Ocupacional de Bámio, hoxe dependente do ISM, asi como toda a programación de cursos que realiza este organismo en Galiza.

IV.2.3.7.3 Cultura mariñeira

1. Elaborará-se un plano de recuperación do património marítimo e embarcacións tradicionais.
2. Estabelecerá-se, con periodicidade anual, un programa de concesión de axudas a entidades culturais sen fin de lucro destinadas á recuperación de embarcacións tradicionais para uso en actividades de promoción sócio-cultural, contemplando a casuística concreta dos grandes buques e os gastos derivados do seu mantimento.
3. Declarará-se a exención de pago de taxas portuárias en matéria de atraque e/ou fundeo de embarcacións tradicionais nos peiaros do Ente Público Portos de Galiza.
4. Elaborará-se un inventário do património etnográfico de Galiza vinculado ao mundo do mar, cumprindo, asi, as previsións da Lei do Património Cultural de Galiza, de 1995.
5. Realizará-se unha campaña de divulgación e publicitación da nosa riqueza cultural no mundo do mar para a sua posta en valor social.

IV.2.4 ACTUACIÓNS NO MARCO COMPETENCIAL SUPRAESTATAL

A flota pesqueira galega leva 20 anos suportando unha reestruturación permanente. Asi a flota bacallaeira sofreu unha redución do 77,8%; a de fresco do *Gran Sol* do 56 %; e a flota conxeladora de pescada e pesqueiras várias do 64%.

Paralelamente ven-se constituindo unha flota de sociedades mixtas con grande participación de buques e capital galego. Porén, o saldo é negativo, desaparecendo multitude de empresas e milleiros de postos de traballo no sector extractivo. Reaxir perante esta situación estabelecendo políticas activas de defensa, especialización e diversificación da actividade do sector é de vital importáncia.

Para manter e reforzar a actividade da pesca industrial as actuacións do governo do BNG neste campo, terán como obxectivos o aumento dos apoios políticos nos distintos ámbitos (comunitários ou bilaterais) e o incremento dos meios humanos e materiais que permitan realizar as Campañas e estudos para defender, nos diferentes foros internacionais, as posicións da flota galega tencionando, ademais, aumentar a diversificación de espécies e caladoiros.

IV.2.4.1 Reforma da Política Pesqueira Común (PCP)

A integración do Estado español na Unión Europea incluiu de cheo ao sector pesqueiro galego no conxunto de medidas, critérios e regramentacións que conforman a denominada "Política Comun de Pesca" (PCP). Ninguén oculta a estas alturas que a PCP foi concebida inicialmente co obxecto de facer-lle frente á iminente integración do Estado español e Portugal na UE, pondo en marcha, en consecuéncia, unha série de medidas claramente discriminatórias contra estes dous estados, cunha especial relevância (do ponto de vista cualitativo e cuantitativo) para a flota pesqueira galega.

Quince anos de experiéncia son suficientes dabondo para avaliar o impacto da aplicación da PCP sobre o sector pesqueiro galego. Baste dicer que, neste período, e fóra de casos ou exemplos pontoais, non existe en toda a UE un caso de redución da flota e do emprego na pesca como o que ten padecido Galiza.

Na actualidade encontra-se en proceso de debate a revisión da PCP após o ano 2002. Á marxe das propostas que desde Galiza se podan elaborar e defender, cómpre caracterizar a nosa inserción na política comunitária de pesca, en base aos seguintes aspectos:

a) Un deseño estrutural marxinador para Galiza en matéria de política pesqueira, consecuéncia das condicións de ingreso do Estado español na UE.
b) Inexisténcia de canles institucionais directos en que veiculizar e defender as nosas propostas, isto é, auséncia de Galiza no proceso de toma de decisión política.
c) Contexto xeral, nos planos político, comercial e económico, de reestruturación e redimensionamento do sector pesqueiro no marco da UE, en benefício das flotas pertencentes aos estados hexemónicos e en prexuízo, singularmente, da flota galega.

IV.2.4.1.1 Un novo estátus institucional para Galiza

Galiza é a zona pesqueira máis importante de Europa e a máis dependente da pesca en termos sociais e de emprego directo e inducido, en termos económicos e de representación deste segmento da economia no conxunto do Produto Interior Bruto, estando, aliás, clasificada como "Rexión Obxectivo nº 1) pola UE, en función do noso nível de renda relativa. Porén, non existe nengunha relación entre a potencialidade pesqueira do noso país e a capacidade de incidir politicamente para tomar as decisións na UE que nos afectan máis directamente.

A nosa nación enfrenta-se na actualidade a uns problemas que só poden ser resoltos baixo unha perspectiva integral, indo á sua orixe, quer dicer, procurando canles de participación política directa na UE, fóra de voluntarismos ocasionais, e institucionalizando formalmente esta representación nos diversos

órgaos e foros decisórios da UE. A consecución deste obxectivo é posíbel de existir vontade política para o efectivizar, como o demostra o caso de Escócia.

Para o acadar, o BNG defende os seguintes critérios para a representación institucional de Galiza no marco da UE:

1. Adopción das medidas políticas necesárias perante o Governo español e a UE para o recoñecimento dun novo estátus institucional de Galiza na Unión Europea en matéria de política pesqueira, defendendo a presenza directa do Governo Galego na mesma, asi como en todas as estruturas que regulan esta actividade en pesquerias internacionais: NAFO, ICCAT, CCSBT, CCAMLR, IBSFC, NEAF, IOCT, etc.
2. Participación directa da Xunta de Galiza no Consello de Ministros de Pesca da UE e no Consello de Representación Permanente do Estados.
3. Xestionar, controlar e receber directamente os planos, programas e instrumentos de financiamento estrutural comunitário en matéria pesqueira.
4. Participación do Governo galego no Comité de Pesca hispano-portugués.
5. Na auséncia de acordos pesqueiros con terceiros estados, posibilidade de os estados membros, ou directamente a Xunta de Galiza, poida formalizar protocolos de cooperación pesqueira con calquer outro estado.
6. Solicitar, unha vez acadada a transferéncia a Galiza do Instituto Español de Oceanografia, a participación no Comité de Pesca da FAO e no Consello Internacional para a Explotación do Mar (ICES).
7. Iniciar, antes da negociación nos diversos foros, un proceso de diálogo e interlocución co segmento do sector pesqueiro galego máis interesado en cada un dos caladoiros, co obxecto de elaborar unha estratéxia negociadora comun.

IV.2.4.1.2 Conservación e xestión dos recursos pesqueiros

A nova PCP, após o 2002, debe rematar coa discriminación da flota pesqueira galega no acceso a augas comunitárias. Non é entendíbel como neste momento, en virtude da aplicación do **Princípio de Estabilidade Relativa**, os nosos buques non poden capturar unha tonelada de peixe en determinadas áreas comunitárias, mentres outros estados extra-comunitários faenan nesas mesmas augas ao amparo da legalidade vixente. Ou que, en base a ese mesmo princípio, só as flotas pesqueiras dalguns estados membros (curiosamente Franza, Alemaña, Reino Unido e Dinamarca), podan pescar en Groenlándia, mentres galegos e portugueses non. Cómpre, pois, rematar coa “Discriminación legal” en vixéncia actualmente, através das seguintes medidas:

1. Defensa da igualdade de acceso a todas as augas comunitárias, sen discriminación a nengunha flota por razón da sua nacionalidade. En concreto, ao Mar do Norde e Mar Báltico.

2. Derogación do princípio de estabilidade relativa.
3. Supresión dos Box existentes.
4. Sistema de cuotas e TACs multiespecíficos e plurianuais, evitando os descartes e a captura de xuvenis. O obxectivo prioritário é a recuperación de stocks de espécies comerciais en límites biolóxicos de seguranza.
5. Introdución do critério "zona altamente dependente da pesca" para Galiza nas decisións en matéria de política pesqueira.
6. Estudos científicos rigorosos e imparciais (en contacto co sector pesqueiro) que xustifiquen as decisións políticas, tamén en función da importáncia sócio-económica das zonas altamente dependentes da pesca.
7. Vinculación dos POP coa xestión do recurso, transferindo o remanente de cuota derivado das sancións aos estados cumpridores.

IV.2.4.1.3 Política estrutural

Un elemento clave na política estrutural é o representado polos POP, concebidos como método de control da flota pesqueira comunitária, no marco da política pesqueira comun.

O cumprimento das exixéncias contempladas nos sucesivos POP foi desigual nas diversas flotas comunitárias. Asi, ainda que o POP III significou unha diminución do 7% no global da flota comunitária, a flota galega reduciu-se notabelmente -máis ainda do estabelecido no POP-, mentres outros estados europeus non só non reduciron o seu esforzo pesqueiro, senón que mesmo o incrementaron, facendo ouvidos xordos ás limitacións previstas nos POP.

O seguimento do desenvolvimento dos POP fundamenta-se, na apresentación anual, por parte de cada estado, do nível de execución do seu correspondente POP, co control da Comisión através do "rexisto comunitário de buques pesqueiros". O fracaso do control que nunca chegou a exercer a Comisión, certifica-se cos pobres resultados acadados: Só o Estado español e Portugal cumpriron, e sobradamente, os obxectivos dos POP. Itália, por exemplo, non oferece dados sobre a sua flota (o crecimento desta flota no período en que Enma Bonino foi Comisária foi un elocuente exemplo da dupla moralidade comunitária); Bélxica, Alemaña, Finlándia, Irlanda e o Reino Unido son estados documentalmente incumpridores, embora os casos francés e holandés sexan os absolutamente escandalosos. Este último estado, só no período 1995-98, foi quen de triplicar a poténcia da sua flota pesqueira.

Simultaneamente mantén-se o Instrumento Financeiro de Ordenación Pesqueira (IFOP) como método de política estrutural dirixido ao sector pesqueiro. Só se pode calficar como inxustiza unha distribución de fundos, en función de cada obxectivo, esquecendo o cumprimento ou incumprimento, segundo os casos, das exixéncias incluidas nos POP.

Asi, formulan-se as seguintes propostas en relación coa política estrutural da PCP:

1. Primar, no reparto de fundos IFOP para modernización e renovación de buques, as flotas que teñen cumprido as exixéncias recollidas nos POP, como a galega.
2. A aplicación de fundos IFOP, FEDER e FSE non estarán vinculados, no caso galego, á consideración do noso país como "rexión con problema de reconversión económica e social".
3. Xestión e xustificación dos fundos IFOP directamente desde Galiza, a fin de non depender, para a sua execución, do degrau de cumprimento doutras zonas do Estado español.
4. Supresión da exixéncia de renúncia a direitos de pesca do Océano Atlántico para acceder a axudas para a construción de buques atuneiros conxeladores.

IV.2.4.1.4 Acordos con terceiros países e organizacións internacionais

Galiza conta, en relación co Estado español e mesmo coa Unión Europea, coa flota pesqueira de altura e longo alcance máis dependente de acordos pesqueiros con terceiros estados, ou regulados no marco de organizacións multilaterais de pesquerias. Esta situación fai-nos especialmente vulnerábeis canto ao resultado dos procesos negociadores pendentes, en marcha, ou que eventualmente se poidan producir.

Son coñecidas, neste contexto, as posicións dalguns estados da Unión Europea, contrários á política de acordos pesqueiros. Esta colisión de intereses diversos e contraditórios evidenciou-se no caso da negociación do acordo pesqueiro con Marrocos, que contou coa oposición expresa de vários estados comunitários.

Neste marco xeral, de hostilidade interna no seo da Unión Europea e de falta de peso político de Galiza, cómpre afianzar a aposta por unha política firme de acordos pesqueiros.

Os benefícios económicos obtidos pola UE através dos acordos pesqueiros son aproximadamente de 340.000 millóns de ptas. ao ano, por uns custos de 45.000 millóns no mesmo período. E aos benefícios cómpre sumar o efeito indirecto ou inducido de todas as actividades vinculadas á pesca: indústrias de transformación, transporte, comercialización, actividades portuárias, avituallamento, construción e reparación naval, investimentos en tecnoloxia, etc.

O próprio Consello Económico e Social indica que, no período 1995-99, os orzamentos comunitários de pesca permaneceron praticamente constantes,

conxelados, mentres que os xerais da UE se teñen incrementado nun 27% durante ese mesmo tempo.

O mesmo esquema é válido para afrontar unha análise sobre o papel comunitário nas chamadas Organizacións Rexionais de Pesca (ORP) en funcionamento, ou as que de xeito iminente se porán en marcha para regular a captura de peixe en augas internacionais.

Os obxectivos do BNG neste apartado da PCP serán os seguintes:

1. Reclamar a Inclusión da pesca nos acordos xerais de cooperación que asina a UE, evitando deste xeito a marxinación política que padece a pesca na UE.
2. Manter os acordos pesqueiros con terceiros estados, baixo a fórmula de acordos de primeira xeración, isto é, mantendo a titularidade das empresas, o pavillón dos buques, a tripulación embarcada, e a actividade das flotas. Este será o critério fundamental que guie as negociacións para a renovación dos acordos vixentes asi como para a sinatura de novos acordos.
3. Os orzamentos da Unión Europea deben incluir partidas específicas destinadas a sufragar economicamente os acordos pesqueiros.
4. Incrementar as prospeccións científicas en caladoiros susceptíbeis potencialmente de explotación pesqueira.
5. Diversificar os caladoiros en que actualmente faena a nosa flota, iniciando negociacións tendentes á consecución de novos acordos pesqueiros.
6. Posibilitar, no marco dos acordos pesqueiros xa subscritos, a actividade da flota pesqueira galega en augas de Gronelándia, Estónia, Letónia, Lituánia, Illas Feroe, Islándia, Polónia e Rúsia.
7. Os acordos contarán coas suficientes garantias xurídicas para a normal actividade da flota pesqueira.
8. Impulsar mecanismos que ponderen, no exercício do voto, a dimensión real da Unión Europea nas ORPs en que xa se participa (NAFO, ICCAT, NEAFC, CCAMLR, IOCT), e outras de posíbel criación: SEAFO, CIAT, etc.
9. Extremar os controis sobre as importacións de pesca procedente de buques con bandeira de conveniéncia.

IV.2.4.1.5 Pesca galega en augas internacionais extracomunitárias

1. Acadar os apoios na Comisión da Organización de Pesquerias do Atlántico Nor-Oeste (NAFO) para evitar as reducións da cuota comunitária e aceder a cupos de espécies cando a situación biolóxica o permita.
2. Realización de novas campañas de investigación científica na zona de Regulación de OPANO, que substenten a pesca galega a longo prazo e

contribuan a revisar as TACs (Capturas Totais admisíbeis). Estabelecer planos de campañas cuatrienais, especialmente para o fletán negro.

3. Acordar co sector un plano de campañas bio-económicas ou experimentais que permita obter información, ao longo do ano, dos recursos asociados ás montañas submariñas do Atlántico.
4. Apoiar as pesquerias do camarón boreal, no noroeste atlántico e no Mar de Barents, como recurso complementar da flota conxeladora.
5. Mantimento do número de tripulantes comunitários nos buques pertencentes a sociedades mixtas.
6. Ampliación de zonas e cuotas de pesca da flota bacallaeira, coa revisión e mellora da situación en Svalbard, conseguindo un aumento de cuota.
7. Acadar un acordo pesqueiro con Rusia.
8. Exixir a defensa por parte da UE e do Governo Central das posicións acadadas e dos direitos adquiridos pola flota do palangre de superfície, evitanto que na ICCAT se modifiquen os critérios de reparto.
9. Axudas para a diversificación desta flota nos novos caladoiros do Índico e do Pacífico.

IV.2.4.1.6 Réxime de seguimento e control

1. Exixir que a Xunta de Galiza xestione directamente os fundos para este cometido, rematando coa discriminación actual. As partidas que xestione a Administración Central deberán responder a unha orde de prioridades acordada de antemán, conxuntamente coas comunidades autónomas.
2. Instar a modificación do sistema obrigatório de localización via satélite de buques pesqueiros en augas comunitárias (coñecido como “caixas azuis”), a fin de evitar os prexuízos económicos derivados da comunicación automática da entrada das embarcacións en zona de pesca e a sua contabilización como “xornada efectiva de esforzo pesqueiro”, ainda atopando-se de rota ou sen realizar traballos extractivos.

IV.2.4.1.7 Componente social da PCP

Curiosamente, un aspecto esencial na actividade pesqueira, aquela que ten a ver coa distribución da riqueza xerada sobre o colectivo de traballadores que a substenta, pasou sempre inadvertida na PCP. Probabelmente existan poucos colectivos laborais que padezan unhas condicións de traballo, salariais e de protección social tan duras como a dos mariñeiros.

A manifestación máis evidente do problema descrito é a elevadísima taxa de sinistralidade no mundo pesqueiro, produto non só do estado do elemento en que se desenvolve a actividade, senón que tamén do deplorábel estado dalgunhas embarcacións, das xornadas de traballo excesivas, falta de descansos, caréncia de medidas de seguranza, falta de formación, inspeccións deficientes, inexisténcia de normativa aplicábel, etc.

Este novo apartado pretende “humanizar” a actividade pesqueira, dotando-a dunha normalidade homologábel a outros sectores laborais e mesmo introducindo aspectos de acción positiva que vincularen, nos seus mínimos, todos os estados membros. Entre outros:

1. Mantimento de emprego.
2. Condicións de homologación xurídico-laboral para os tripulantes europeus enrolados en buques de bandeira de conveniéncia ou de terceiros estados non comunitários.
3. Política efectiva e coordenada de seguranza e salvamento marítimo no ámbito da UE.
4. Habilitación de fundos para compensar economicamente os traballadores e armadores afectados por paros forzosos derivados de situacións biolóxicas non previstas, pola non renovación de acordos pesqueiros, por condicións metereolóxicas adversas continuadas, ou por causas en xeral non provocadas polo próprio sector.
5. Inspeccións laborais e de buques en alta mar, e en porto a calquer buque que enarbole pavillón dalgun dos estados da UE.
6. Modificación das características técnicas de construción de buques para acceder a axudas comunitárias, introducindo os critério de habitabilidade, seguranza e hixiene.

IV.3 COMÉRCIO

A estrutura comercial galega baseada até mediados dos anos oitenta no pequeno e mediano comércio, sofreu, desde entón, unha fonda crise motivada, fundamentalmente, pola implantación no país de grandes superfícies transnacionais ou grandes almacéns alleos ao control económico galego e á primeira liberalización de horários comerciais decretados no ano 1985 no Real Decreto 2/1985 que se coñece como o "Decreto Boyer".

A crise á que facemos referéncia foi superada en grande medida a partir do ano 1995, grazas á própria iniciativa do sector, que adoptou medidas inovadoras e modernizadoras dos estabelecimentos, se ben os medianos comerciantes desapareceron practicamente, agás no sector alimentário.

A renovación experimentada polo pequeno comércio fai que exista actualmente unha oferta diversificada tanto en produto como en prezo, que orienta ao consumidor ás pequenas tendas á diferenza do que podia ocorrer en anos anteriores.

Desde a perspectiva de defensa dos intereses económicos de Galiza, característica da opción política representada polo BNG, a defensa do sector comercial galego e unha defensa estratéxica e non só porque o 15% dos asalariados, asi como o 15% dos ocupados de Galiza, pertencen ao sector comercial, senón que o domínio no sector das grandes superfícies significa unha menor presenza de produtos próprios e consecuentemente unha menor capacidade de comercialización dos mesmos e por extensión unha repercusión negativa sobre os sectores produtivos do país en beneficio dos foráneos que conseguen ampliar a sua cuota de mercado en detrimento dos produtos galegos.

Esta postura do Bloque Nacionalista Galego é o que fai que se manteña unha actitude belixerante frente ao Decreto 6/2000 que, no seu artigo 40, fai unha liberalización horária praticamente plena, en que só as grandes superfícies poden estar interesadas, xa que unha das cousas que se pretende é mudar os hábitos de consumo, de tal maneira que estes estabelecimentos se viren favorecidos.

Partindo da importáncia que para a economia do País ten o sector comercial, o BNG afrontará as seguintes medidas de governo:

1. Estabelecerán-se negociacións co Governo central tendentes a derogaren o artigo 40 do Decreto 6/2000.
2. Reclamará-se a transferéncia, via artigo 150.2 da Constitución Española, da totalidade das competéncias en matéria de comércio interior, de maneira que o Parlamento de Galiza puder lexislar de acordo coas necesidades e características do comércio galego.

3. O Bloque Nacionalista Galego impulsará desde o governo de Galiza políticas tendentes a superaren a situación “crítica” por que pasa o comércio, nomeadamente unha nova Lei de Comércio Interior que se axustar ás necesidades sociais e económicas de Galiza e que desenvolvar aspectos como:
   - Definición flexíbel mais rigorosa da condición de comerciante, como garantia frente á proliferación de prácticas intrusistas e circuitos paralelos.
   - Limitacións escritas e control político a nível do governo galego do estabelecimento de grandes superfícies comerciais, en defensa do conxunto do sector e especialmente do comércio nas cidades e grandes aglomeracións urbanas galegas.
   - Axuste do marco legal ás peculiares exixéncias da función comercial no meio rural de hábitat disperso.
   - Potenciación da función comercial das vilas como cabeceiras de comarca.
   - Regulacións de horários a prol da normalidade de xornadas laborais, tanto dos empregados como dos comerciantes e negocios familiares, no pequeno e mediano empresariado que constitui a base maioritária do tecido do sector comercial galego.
   - Criación da Comisión para a Ordenación da Actividade Comercial, composta coa participación do empresariado do sector e as suas organizacións asociativas, das organizacións sindicais, e da Administración autonómica e local. Esa comisión terá preceptivamente carácter consultivo prévio aos acordos de governo e vinculante para as cuestións claves que atinxan ao sector.
   - Criación de comisións análogas á anterior a nível local (grandes cidades, comarcas ou concellos) para o axuste da normativa do comércio ás peculiares exixéncias do seu ámbito territorial.
   - Preparación e execución dun Plano de Reforma das estruturas comerciais galegas que reordene, modernice e poténcie o sector, coa participación do próprio empresariado e base laboral do mesmo, e co fomento das asociacións de comerciantes de carácter cooperativo.
   - Apoio activo á comercialización dos produtos galego en xeral, e en particular á dos produtos de calidade e produción artesá xenuínos do país.
   - Regulación do comércio ambulante.
4. Promocionarán-se as cooperativas de comerciantes.
5. Promoción do asociacionismo dos pequenos e medianos comerciantes en agrupacións de áreas de xestión de compra e promoción que lles permitan ser máis competitivos a níveis de prezos.
6. Estabelecimento de liñas de créditos e medidas de axudas económicas para afrontar a reordenación e reestruturación do pequeno e mediano comércio.
7. Artellarán-se medidas de apoio económico para a modernización e recuperación dos mercados de abastos.

8. Colaboración con os concellos coas correspondentes medidas económicas para o melloramento das zonas comerciais.
9. Potenciamento dunha grande distribuidora de produtos galegos.
10. Apoio a proxectos comerciais inovadores de iniciativa galega, tendo en conta o ordenamento e demanda comercial da zona onde vaian ser instalados asi como a repercusión favorábel na economia do País.
11. Impulsarán-se políticas tendentes á:
    - Modificación do sistema impositivo que substitua ao actual dos módulos e IAE.
    - Medidas fiscais que contemplen ao comerciante, autónomo e empresário, de maneira diferenciada.
    - Modificacións do réxime da seguridade social relativa aos autónomos.

IV.4 TURISMO

O maior problema para o aproveitamento e a sustentabilidade das potencialidades turísticas de Galiza é a auséncia total de planificación que apresenta a xestión da Xunta de galiza.

Estamos nun momento importante para introducir un cámbio de rumo na política turística e apostar decididamente pola ordenación do sector, o reequilíbrio territorial da oferta turística, a diversificación dos produtos turísticos e a participación de todos os sectores relacionados directa ou indirectamente coa oferta turística, a integración dos produtos turísticos na realidade histórica, cultural, etnográfica, gastronómica, paisaxística, etc., da comarca respectiva.

En definitiva, unha aposta polo crecimento cualitativo do sector, a partir da definición dun modelo turístico próprio que aproveite e poña en valor aquilo en que temos un grande património e unha grande especialización.

IV.4.1 OBXECTIVOS E MEDIDAS DE GOVERNO

O BNG marca-se como obxectivo inspirador da sua acción de governo na política turística a defensa da **sustentabilidade do sector**, a buscar o apoio e interese de todos os sectores que interveñen directa ou indirectamente nel, e a **diversificación** da imaxe turística de Galiza. A criación de emprego estábel debe ser un dos obxectivos da política turística e o resultado das medidas de desestacionalización e de apoio ao desenvolvimento do sector.

IV.4.1.1 Sustentabilidade ambiental

Aprobación dun Plano de ordenación Turística que definir o modelo de desenvolvimento turístico e a ordenación dos usos en relación co resto da ordenación do território. Regulación dos critérios de actuación en matéria de infraestruturas turísticas, a velar para que, en todo o momento, a actividade turística respeite, preserve e protexa a riqueza cultural e o património histórico artístico, o meio ambiente e a forma de vida da povoación de Galiza. Estabelecimento das zonas de protección e demais cautelas que conviñer adoptar para preservaren o turismo de usos, obras e actividades incompatíbeis con el.

IV.4.1.2 Sustentabilidade económica

1. Por meio da adecuación das infraestruturas e o estudo da tipoloxia das distintas ofertas básicas e complementares, e a estimulación cuantitativa e

cualitativa da mencionada oferta en función das previsións sobre a demanda e aptitude do território.
2. Busca de desestacionalidade da oferta turística. Elaboración de produtos turísticos integrados, que non contemplen só o aloxamento. Orientar a oferta turística cara segmentos e produtos que permitan incrementar a estadia e o gasto médio do turismo.
3. Apoio á diminución de custos empresariais mediante a criación de produtos e paquetes turísticos integrados que compartiren servizos comúns.
4. Medidas de fomento da calidade hoteleira baseadas nos critérios de calidade na concepción e na atención dos estabelecimentos.

IV.4.1.3 Sustentabilidade sócio-cultural

1. Medidas de recuperación e posta en valor do património cultural, produción artesanal e criación artística.
2. Respeito da identidade do destino turístico que permita a integración da actividade turística co resto das actividades económicas e sociais. A xestión dos fluxos turísticos debe realizar-se de tal maneira que fiquen salvagardados os usos do solo, a preservación do meio ambiente, a eliminación da contaminación acústica e estética e os direitos dos residentes.

IV.4.1.4 Diversificación da imaxe turística de Galiza

O BNG propón como segundo pear da sua actuación an matéria turística a diversificación da imaxe turística de Galiza –hoxe limitada ao Xacobeo- como unidade de destino turístico, orientada cara aos produtos turísticos que a identifican e a singularizan. Neste senso, o BNG promoverá:

1. A aprobación do Plano de Promoción Turística. Adecuación da promoción turística á imaxe de Galiza como unidade de destino turístico en base aos rasgos específicos que a identifican.
2. Aproveitamento de todos os recursos institucionais para a utilización coerente dos mesmos na promoción interior e exterior da imaxe de Galiza. Apoio á actuación promocional dos Concellos que permita agrupar áreas comarcais cunha oferta turística complementar e integrada.
3. Elaboración do mapa turístico de Galiza, onde se especifiquen as características, infraestruturas e vocación turística dos Concellos e Comarcas de Galiza.
4. Inventário e valoración dos recursos turísticos e fixación dos modos óptimos de aproveitamento dos mesmos e medidas a adoptar para a sua protección.
5. Elaboración de produtos turísticos temáticos e apoio para a sua intrudución en épocas de menor afluéncia turística (etnográfico,

gastronómico, de natureza, de saúde, museístico, histórico-arquitectónico, etc.).

6. Atención especial á relación de Galiza co mar e o turismo da costa, con medidas de preservación e saneamento das augas, praias e rias.
7. Programa de restauración, recuperación e posta en valor de bens de interese turístico, sexan culturais, históricos, arqueolóxicos, artísticos ou de calquer outro tipo.
8. Clasificación e condicións mínimas para o funcionamento das empresas turísticas.
9. Programa de formación turística e de calidade de xestión, dirixidos a empresas e profisionais, que incidan na maior satisfacción da atención ao usuário dos produtos turísticos.

IV.5 ARTESANIA

A artesania é un valor cultural popular arraigado na idiosincrásia xenuína de cada povo e de cada cultura. Á par diso, é un fenómeno económico que constitui unha forma de produción de valores de uso duradeiro outrora indispensábeis, é dicer, de consumo necesário na maior parte dos casos. As formas de produción industrial ocasionaron a substitución progresiva e mesmo a tendéncia á desaparición das producións artesás, asi como o esmorecimento do artesán como traballador nunha actividade viábel. Mais a continuación do proceso de desenvolvimento sócio-económico reabre perspectivas novas á produción artesá: de seren úteis como bens de consumo suntuário, polo seu valor cualitativo intrínseco, de “arte e ofício manual”, e mesmo pola sua utilidade cualitativamente superior á dos bens industriais de produción en série, a sua singularidade e a sua beleza como obxectos.

Recuperar o saber popular plasmado nas formas artesanais tradicionais, encarreirar a viabilidade económica desa forma de produción, promover o desenvolvimento de novas formas artesanais, estruturar e potenciar o sector dotando-o de institucións de apoio e garantia e estabelecer os resortes de comercialización e vitalización financeira da produción artesá son obxectivos prioritários do programa de governo do BNG.

IV.5.1 OBXECTIVOS

1. Estruturar o sector artesán galego e dotá-lo de institucións de apoio acaídas.
2. Recuperar, ordenar e promover ou potenciar as modalidades de actividade e produción artesá culturalmente xenuínas de Galiza.
3. Fomentar ou promover a criación ou desenvolvimento de novas formas de artesania.
4. Promocionar a formación de artesáns e máis a difusión e mellora das técnicas artesanais.
5. Promover a actualización tecnolóxica das actividades artesás, á par que garantir a calidade dos seus produtos e eliminar os atrancos que se poñan ao seu desenvolvimento.
6. Promover e ordenar as canles de comercialización necesárias para a axeitada difusión dos produtos artesáns no mercado, nas condicións máis favorábeis para os produtores directos dos bens artesáns.
7. Dotar o sector artesán do réxime de financiamento preciso para o seu desenvolvimento produtivo e expansión comercial.

IV.5.2 MEDIDAS DE GOVERNO

IV.5.2.1 Estruturación do sector e institucións de apoio

1. O BNG desde o Governo galego potenciará e desenvolverá as dotacións e as funcións das **escolas de artes e ofícios** e máis criará unha **rede de escolas-obradoiro de artesania**, en relación coa formación de novos mestres artesáns. Para a posta en prática destas escolas-obradoiro seguirán-se as seguintes pautas:
   - A escola-obradoiro será un centro de ensino, aprendizaxe e produción artesá conxuntamente.
   - Na escola-obradoiro impartirán o ensino e dirixirán técnicamente a aplicación prática do mesmo á produción no mesmo centro como mestres artesáns, traballadores artesáns popularmente acreditados e de prestíxio recoñecido na redonda da ubicación do centro, asi como titulados das respectivas especialidades polas escolas de artes e ofícios.
   - Os mestres artesáns e titulados docentes nunha escola-obradoiro terán un réxime laboral e retributivo estábel e acaido á sua función.
   - Os alunos da escola obradoiro terán o estátus de aprendices e a consideración de traballadores cos conseguintes efeitos de réxime laboral e económico durante o período da sua permanéncia na escola-obradoiro. Cando por razón de idade non lles sexa aplicábel aos alunos aprendices o rexime laboral en sentido estrito, en todo o caso a sua aprendizaxe será gratuíta no tocante á discéncia e remunerada no tocante ao seu labor prático.
   - A produción de bens artesáns obtida por unha escola obradoiro e que acade o nível estandar de calidade controlada será comercializada polo Centro de Comercialización da Artesania de Galiza (COMARTEGA). En función dos prezos de distribución polo COMARTEGA que resulten, estabelecerán-se retornos que reverterán na escola-obradoiro e nos artesáns activamente integrados nela.
   - O financiamento das escolas-obradoiro correrá a cargo da Xunta de Galiza, compartido mediante convénios coas Administracións Locais e sen prexuízo dos convénios complementares pertinentes coas oportunas pólas da Administración Central do Estado.
2. Criará-se o **Centro de Comercialización da Artesania Galega (COMARTEGA)** como ente de economia mixta que terá por obxecto a organización da distribución da produción artesá galega, tanto cara ao comércio interior de Galiza como cara ao exterior. O COMARTEGA enlazará a produción artesá coa rede comercial minorista sen a suplantar, mais poderá ter pontos de mostra e venda mediante acordos coas corporacións locais, coas escolas obradoiro ou con asociacións ou cooperativas artesás.
3. Criará-se o **Consello Regulador da Artesania Galega,** que estará composto por unha representación paritária da Administración Autonómica e do sector artesán. Coa participación das corporacións de ámbito territorial comarcal ou local, criarán-se os Consellos Reguladores nas demarcacións respectivas, que estarán funcional e organicamente conectados co Consello Regulador Nacional. O Consello Regulador de Artesania Galega terá como funcións primordiais as seguintes:

a) Centralizar os censos de actividades artesás de nível comarcal ou local.
b) Examinar, aprobar se é o caso, e elevar ao Governo galego as propostas de criación de escolas obradoiro asi como de promoción de novas formas de produción artesá remitidas polos consellos dos distintos ámbitos territoriais.
c) Elaborar propostas a respeito das cuestións ás que se refere o ponto precedente.
d) Estudar e propor as disposicións reguladoras da condición de artesán, para as submeter a aprobación polo Governo galego.
e) Estudar e elevar as propostas de inclusión e rexisto de actividades artesás procedentes dos consellos de ámbito comarcal ou local, ou actuar, se for o caso, por própria iniciativa neste respeito.
f) Levar en coordenación cos consellos de ámbito territorial o control de calidade dos produtos artesáns.
g) Elevar propostas ao Governo galego de disposicións e actuacións encamiñadas á promoción, protección e difusión da artesania galega.

4. O governo galego, coa participación do Consello Regulador da Artesania, en colaboración co sector artesán e coas suas entidades asociativas, elaborará as normas pertinentes para o estabelecimento dun **certificado de garantia** das diferentes variedades de produtos artesáns galegos.
5. En cada unha das unidades territoriais constituirá-se un **Consello Regulador de Artesania Comarcal ou Local** (municipal), que elaborará un censo de actividades artesás autóctonas existentes ou de existéncia recuperábel na sua demarcación, e elevará-lle ao Consello Regulador da Artesania da Comunidade Autónoma propostas tanto de criación de escolas-obradoiro de artesania como de promoción de novas formas de produción artesá.
   - Os Consellos Reguladores de Artesania Municipais estarán formados por unha representación paritária dos concellos e do sector artesán.
   - A nível comarcal, e mentres non estexan legalmente institucionalizadas as comarcas en desenvolvimento do Estatuto de Galiza, o Consello Regulador conformará-se por síntese a partir do nível municipal e co mesmo critério paritário estabelecido para o mesmo.
6. Criará-se o **Instituto de Deseño Artesán** como institución promocionadora do avance e da esculca anovadora e recuperadora de formas artísticas e funcionais artesás. Para a sua estruturación e funcións específicas concretas, que se desenvolverán regulamentariamente, contará-se coas escolas de artes e ofícios, co Consello Regulador de Artesania, coas corporacións locais que promovan escolas-obradoiros e coas asociacións de artistas plásticos galegos.

IV.5.2.2 Réxime financeiro

1. Estabelecerán-se as liñas de crédito preferenciais necesárias para financiar a estruturación e a promoción e o desenvolvimento do sector e a produción artesá. A tal efeito, o Governo galego estabelecerá os convénios acaídos coas caixas de aforro e demais intermediários financeiros que operen en Galiza.
2. As escolas-obradoiro terán prioridade na política de financiamento. A este respeito o governo galego estabelecerá os convénios económicos pertinentes coas corporacións de ámbito local que se mostren dispostas a colaborar na promoción da artesania galega.

V. POLÍTICA DE IGUALDADE E BENESTAR SOCIAL

V.1 POLÍTICA DE SAÚDE

V.1.1 PRINCÍPIOS DE POLÍTICA SANITÁRIA

1. A defensa e mellora da saúde da povoación galega é un obxectivo irrenunciábel para o BNG. O noso conceito de saúde parte do seu recoñecimento como un direito fundamental da persoa e, portanto ten de ser a Administración Galega quen a garantir, mediante os mecanismos de planeamento, xestión e de benestar social que considerar pertinentes no camiño de acadar o desenvolvimento dese direito. Para iso facemos noso o obxectivo permanente definido pola OMS no seu documento Saúde21 para a rexión europea onde manifesta como obxectivo "conseguir que todas as persoas acaden de xeito pleno o seu potencial de saúde".
2. O BNG fai seus os tres valores básicos que constituen os alicerces éticos de Saúde21 da OMS:
   - A Saúde como direito fundamental dos seres humanos.
   - A equidade en matéria de saúde e a solidariedade de acción entre todos os países, dentro deles e entre os seus habitantes; e
   - A participación e a responsabilidade das persoas, os grupos, as institucións e as comunidades no desenvolvimento contínuo da saúde.
3. Defendemos unha concepción da saúde que vai máis aló da asisténcia sanitária, pondo énfase no ámbito da promoción da saúde, no da prevención das doenzas, no da reabilitación e no da reinserción social desde unha perspectiva comunitária, ao longo de toda a vida da persoa, e garantíndomos que os galegos e as galegas teñan uns servizos públicos de calidade.
4. A sanidade pública é unha conquista social irrenunciábel que cómpre mellorar e defender máis que nunca. Para o BNG a saúde individual e colectiva é un ben social que os governos teñen a obriga de pular e priorizar, sendo o sistema sanitário público o instrumento fundamental para manter e mellorar a saúde da povoación polo que cómpre defendé-lo contra os continuados intentos de recortar as prestacións e os planos de privatización dos actuais governos do PP.
5. Entre os elementos que deben caracterizar os servizos sanitários públicos, temos de salientar: a sua equidade, efectividade, humanismo e eficiéncia. O BNG considera que o sistema sanitário público pode e debe mellorar a sua equidade, o acceso aos servizos para todas as persoas ten de se contemplar desde un plano de igualdade, independentemente dos seus recursos económicos ou do lugar en que residan. Defendemos unha política de saúde que camiñe cara á superación dos desequilíbrios entre as diferentes áreas sanitárias e a igualdade efectiva no acceso as prestacións dos servizos sanitários. Portanto, garantir a equidade será un dos obxectivos prioritários do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), para iso precisará-se dun planeamento que prime aquelas áreas con máis necesidades en función dos

problemas de saúde, os determinantes dos mesmos, a distribución dos recursos e a accesibilidade os mesmos.

6. Consideramos que o sistema sanitário precisa dunha fonda reforma que debe ter como obxectivo, entre outros, a mellora na humanización dos servizos sanitários, centrada en acadar un trato aos usuários e usuárias baseado na máxima consideración e respeito, e unha mellora na eficiéncia, é dicer, a obtención dos mellores resultados posíbeis cos recursos empregados.
7. A calidade e contia dos servizos sanitários asistenciais con que conta unha povoación é un dos determinantes dos seu nível de saúde. Contodo, hoxe sabemos que a sua contribución á mellora global da saúde é algo limitada e non superior o 20%, pois hai outros determinantes como son os factores xenéticos, nutricionais, medioambientais e de estilos de vida que xogan un papel esencial no nível de saúde dunha comunidade. De acordo con esta realidade, o BNG fai sua a estratéxia de "saúde para todos" preconizada pola OMS nas suas diferentes conferéncias e acordos internacionais.
8. O cerne desta estratéxia basea-se na premisa de que, se quixermos mellorar realmente o nível de saúde da povoación, debemos reorientar os esforzos para o acadarmos: a superarmos unha visión centrada no asistencial e nos hospitais como algo hexemónico dentro do sector da saúde e a pasarmos a potenciar o traballo de colaboración intersectorial entre o sector sanitário e os outros sectores que teñen influéncia na saúde (vivenda, educación, meio ambiente, etc.), a procurarmos a intervención da comunidade no desenvolvimento sanitário e a reorientarmos as actividades dos servizos sanitários. De acordo coa estratéxia de " saúde para todos", o BNG entende que os elementos fundamentais para a pór en marcha son, por unha banda, o firme pulo da Atención Primária de Saúde que debe constituir o alicerce do sistema e, por outra banda, a priorización das actividades preventivas e de promoción de saúde.
9. Os servizos sanitários públicos teñen de pasar de seren empresas de servizos que somente satisfacen demandas asistenciais a asumiren e garantiren unha asisténcia de calidade cun enfoque comunitário, con equipas de profisionais sanitários e non sanitários que traballan para melloraren a saúde dunha comunidade humana concreta e xeograficamente delimitada, e deben facer das actividades preventivas e de promoción da saúde un elemento esencial da sua actividade, a procuraren a participación da comunidade nos esforzos para melloraren a sua saúde.
10. O BNG impulsará a participación comunitária, tanto desde os servizos sanitários como desde a Administración e as organizacións sociais, tal como recomendan todos os expertos e organizacións de saúde internacionais.

V.1.2 A XESTIÓN SANITÁRIA

V.1.2.1 Principais problemas do sistema sanitário público

O BNG considera que a evolución, nos últimos anos, do conxunto da sociedade e do próprio sector sanitário ten feito agromar no seu interiror diversos problemas, entre os cais destacan os tres seguintes:

1. **A necesidade de racionalizar o gasto sanitário**. Os recursos dedicados ao sistema sanitário teñen apresentado un crecimento contínuo, que se debe ao:
   - Avellentamento da povoación
   - Cámbios na morbi-mortalidade povoacional condicionados pola aparición de doenzas crónicas ligadas aos estilos de vida
   - Desenvolvimento acelerado das novas tecnoloxias
   - A existéncia de ineficiéncias na xestión e no uso dos recursos sanitários, asi como o descoñecimento da efectividade de moitos procedimentos e tratamentos médicos.
2. **A necesidade de mellorar a accesibilidade ao sistema.** Os cidadáns perceben acotio as notórias dificuldades que teñen para accederen aos servizos, como un problema importante de falta de calidade: desde o problema de concertar unha cita telefónica nuns telefones que sempre comunican, até o gravísimo problema das listas de espera para accederen ás consultas, para realizaren probas complementares, para seren operados/as, etc.
3. **A necesidade de que a organización sanitária responda dun xeito flexíbel á demanda sanitária.** Isto sobretodo vén provocado polo novo rol do cidadán, que exixe un trato máis personalizado e con maior participación 'informada' na toma de decisións clínicas, que reclama como direito a cobertura das suas necesidades sanitárias e que considera que debe ter capacidade de eleición de proveedor de servizos sanitários. Demandas como a de consultas polas tardes nalgunhas zonas urbanas ou dunha de atención domiciliária de maior calidade son exemplos de novos retos que se lle apresentan ao sistema sanitário e aos cais este debe dar resposta acaída.

V.1.2.2 As opcións das políticas conservadoras

A resposta dos diferentes governos galegos e españois a estes problemas basea-se ideoloxicamente nun liberalismo que ten os seus alicerces fundamentais na pretensión de **limitar as prestacións sanitárias e de incrementar o copago** para aumentar os ingresos económicos do sistema, e na introdución de mecanismos de mercado na xestión da sanidade.

As denominadas "novas formas de xestión sanitária", tanto en Galiza como en España, son unha mistura das reformas practicadas no National Health Service (NHS) ingles, polos governos conservadores da Sra. Thacher, e a reforma

do sistema norteamericano, coa criación dos Health Maintenance Organizations (HMO), e obedecen ás seguintes estratéxias:

1. A separación das funcións de planificación, financiamento, compra e provisión de servizos sanitários. Esta separación de funcións teoricamente redundaria na autonomia das institucións sanitárias, que se dotarian das novas formas de xestión.
2. A competéncia regulada entre institucións do Sistema como estratéxia xeradora de eficiéncia no comportamento das mesmas. A introdución do mercado (interno ou externo), segundo esta estratéxia, aumentaria a produtividade e a eficiéncia das institucións sanitárias.

Cando aqui se está a iniciar a desregulación do sistema e a criación do mercado, o balanzo das repercusións práticas de semellantes receitas fai que o NHS certifique o **fracaso das reformas liberalizadoras** e cámbie a sua estratéxia. A experiéncia demostrou que o mercado non funciona.

Está demostrado empiricamente que o mercado, a competéncia regulada, non pode ser o fundamento da xestión sanitária, xa que foi un fracaso nos referentes máis imediatos. Se a competéncia non ten sentido, tampouco é necesária a separación de financiamento, compra e provisión de servizos. Non ten obxecto manter unha separación irreal de dispositivos e axentes.

O BNG considera que se non deben importar modelos de xestión fracasados e que a cooperación, e non a competéncia, debe ser o princípio rector do sistema sanitário público galego. Por isto, **reintegrará no SERGAS as novas formas de xestión actualmente en vigor en Galiza**: as fundacións hospitalárias, a empresa pública MEDTEC e as fundacións 061 e Centro de Transfusións e o Instituto Oftalmolóxico Galego.

V.1.2.3 O modelo alternativo de Xestión Sanitária do BNG

1. O BNG considera que tanto a **financiamento como a provisión dos servizos sanitários deben ser públicos**. Ademais, é conveniente fuxir de fórmulas tipo mutualista para preservar a equidade e facilitar o acceso igualitário a todos os cidadáns e cidadás.
2. **Non se debe introducir novos copagos**. O resultado dos estudos realizados sobre o copago indican que se limita a accesibilidade aos servizos sanitários gravados coas taxas, a afectar fundamentalmente os cidadáns con menos recursos económicos, sen conseguir unha redución real do gasto (que seria o obxectivo fundamental). Por outra banda, o copago non consegue racionalizar a demanda sanitária xa que tanto limita as demandas banais como as que son máis efectivas (por exemplo, as preventivas). Non mellora a eficácia nen a eficiéncia do sistema, diminui a equidade e afecta a satisfacción do cidadán.

3. A **cooperación entre centros e entre profisionais** debe ser a filosofia do SERGAS. O único modo de conseguir unha axeitada relación entre os diferentes axentes sanitários é interiorizar a cooperación como un valor intrínseco ao sistema sanitário galego.
4. A **potenciación da rede sanitária pública** é un obxectivo básico de cara á consecución da equidade para todos os galegos. Neste sentido fai-se necesário diminuir os concertos coa medicina privada dun xeito progresivo, incorporar a tecnoloxia máis avanzada á rede pública e diferenciar claramente a sanidade privada da pública.
5. Apostamos pola criación dunha **rede sócio-sanitária própria**, non concertada, a diminuirmos progresivamente o copago existente, até a sua eliminación, para a atención aos anciáns e ás persoas con discapacidade.
6. Debe-se **incrementar o Gasto Sanitário Público**, como mínimo nun 1% para se achegar á média europea. Consideramos que unha das características do financiamento dos servizos sanitários nestes anos é a persistente insuficiéncia orzamentária. Isto ve-se agravado en Galiza polo historicamente baixo gasto sanitário e pola aplicación de critérios inxustos no financiamento estatal da sanidade (povoación protexida). Sobre o orzamento do SERGAS para 2001, o 1% significa 3.800 millóns de pesetas. Con esa cantidade poderia-se contratar a máis de 500 médicos, coa posibilidade de reducir drasticamente as listas de espera, ou criar vários centros de saúde, ou reformar os hospitais, ou contar con escáner e resonáncia magnética nuclear en cada área sanitária, só a título de exemplos.
7. Debe-se impulsar a **pertenza única ao SERGAS de todos os seus profisionais**. Nesta lexislatura, e como inicio deste camiño, o BNG traballará para facer incompatíbel o traballo dos Xefes de Servizo na medicina privada e na pública, e incentivará a incompatibilidade ao resto dos profisionais.
8. A unidade territorial de xestión ten de ser a **Área de Saúde**, os obxectivos de saúde serán para esa zona xeográfica e deberán colaborar no seu cumprimento tanto as Unidades Hospitalárias como as Equipas de Atención Primária.
9. En consonáncia co anterior, o BNG, desde o Governo galego, criará a figura de **Xeréncia de Área e o Consello de Dirección de Área Sanitária**. Figuras administrativas de que carece hoxe en dia o sistema sanitário galego.
10. O **Consello de Saúde da Área** debe ser un órgao de participación con capacidade decisória dentro da Área e onde se deben integrar os municípios e outros axentes sociais cara a fixación dos obxectivos dos centros sanitários e no control da xestión sobre a estratéxia sanitária a seguir no seu ámbito territorial.
11. O BNG considera esencial a responsabilización de todos os traballadores, de modo especial o persoal facultativo, na xestión dos centros e recursos sanitários. A **participación dos traballadores** na microxestión sanitária é o instrumento máis eficaz de adaptación do sistema sanitário ás demandas

da povoación. O xeito de o acadar é mediante a confianza e a cesión do poder de decisión desde a dirección do SERGAS aos próprios traballadores.

12. Constituirá un obxectivo extratéxico a **mellora da calidade asistencial** do sector sanitário galego, tanto no campo de Atención Primária como de Hospitalária. Para mellorar esta calidade é fundamental que se doten de operatividade as xa criadas Comisións de Garantia da Calidade e, no campo hospitalário, que se revitalicen as Xuntas Técnico-Asistenciais. Estas Comisións teñen de ser democráticas e representativas dos diferentes centros ou servizos que as conforman e estaren dotadas de capacidade executiva.
13. A negociación e **pacto de obxectivos debe realizar-se para un período de tempo non inferior a tres anos** e os seus peares serán: os 'resultados de saúde' logrados, a 'accesibilidade' ao sistema, a 'calidade' con que se desenvolven os diferentes procedimentos asistenciais e a 'satisfacción' dos cidadáns. Cada Área debe, portanto, xestionar o seu *Plano de Saúde,* para priorizar as actuacións asistenciais, con indicadores medíbeis e operativos. É necesário criar un ***Sistema de Información*** áxil que permita información pontual dos problemas sanitários.
14. O BNG considera que a **motivación** é o motor máis poderoso para aumentar a produtividade e a calidade nos centros sanitários. Esta motivación pode-se descompor en tres variábeis: a xestión participativa (antes comentada), a incentivación individual ligada á carreira profisional (retribucións, cámbio de tarefas clínicas) e a incentivación colectiva, do EAP ou da unidade hospitalária, en función dos obxectivos acadados. Desaparecerá o Complemento de Produtividade Variábel, tal e como se aplica na actualidade.
15. É necesário **diminuir as cuotas de insatisfacción**, desánimo e desinterese que se dá nas institucións sanitárias da rede pública e que teñen de ver moitas delas coas condicións de vida e traballo na mesma. Neste senso, cómpre desenvolver os seguintes obxectivos cara á mellora das condicións laborais e de xestión do sector da saúde:
    - O direito a Negociación colectiva no sector.
    - A elaboración do Estatuto Marco.
    - O mantimento do carácter estatutário da relación laboral.
    - O deseño e posta en marcha da Carreira profisional.
    - O mantimento do poder adquisitivo.
    - A progresiva redución da xornada de traballo.
    - O control estrito dos fundos de transplante.
    - A convocatoria de prazas internas en base as reais dos diferentes servizos e níveis de saúde.
    - A selección do persoal en base a critérios de coñecimento,mérito e capacidade.
    - A redución da precariedade laboral: contratos temporais, interinos, etc.
    - A posta en marcha dos Comités de Saúde Laboral.

V.1.3 AS NOVAS TECNOLOXIAS

A introdución da tecnoloxia máis avanzada debe ser un obxectivo de primeira orde do sistema sanitário público, sempre baixo os critérios de racionalidade e eficiéncia. O uso racional da tecnoloxia implica que todas as Áreas de Saúde deben contar cos instrumentos tecnolóxicos necesários para poder desenvolver a sua actividade con critérios de efectividade e eficiéncia. É necesário proceder á informatización de todo o sistema, e o acceso a internet e ás bases de dados científicas debe poder realizar-se desde calquer ponto do mesmo. Para pór en marcha todos os procesos relacionados coas novas tecnoloxias no ámbito da saúde:

1. Criará-se a Axéncia Galega de Avaliación Tecnolóxica, que permita avaliar e coordenar as necesidades tecnolóxicas do sistema sanitário galego.
2. Desde o Governo galego, traballaremos para garantirmos a **calidade da información sanitária**, prestando especial atención, polo seu volume e crecimento previsíbel, á información sanitária que chega aos usuários através das novas tecnoloxias de comunicacións.
3. As **Redes de información** no sector dos profisionais sanitários teñen de ser unha ferramenta a xeneralizar dentro do Sistema Sanitário tanto nos procesos de información e comunicación como nos de formación, asi como en moitos dos procesos referidos á própria atención aos doentes.

V.1.4 ATENCIÓN PRIMÁRIA DE SAÚDE

O BNG defende un modelo de Atención Primária de Saúde (APS) que se basea nos diferentes documentos e conferéncias que a OMS ten definido para Europa. Consideramos que a situación, de retraso e falta de desenvolvimento por que está a atravesar a APS en Galiza evidéncia a necesidade de pór en prática este modelo, de maneira totalmente desenvolvida, tanto nos aspectos técnicos como estritamente sanitários e, para iso, non podemos esquecer todas as experiéncias por que ten pasado esta reforma do primeiro nível de sáude, desde a sua posta en marcha a finais da década dos 70.

En Galiza seguimos a padecer e sofrer, tanto por parte de usuários como de profisionais, un escaso desenvolvimento dos aspectos cuantitativos e cualitativos dunha Atención Primária de calidade, que deberia converter-se no verdadeiro alicerce do Sistema Sanitário Público e, que será o eixo fundamental a hora de articular a política de saúde do BNG no Governo de Galiza.

Partindo destas premisas, a política sanitária do BNG no campo da APS concretará-se nos seguintes pontos:

V.1.4.1 Os usuários/as

1. **Extensión a toda a povoación, tanto urbana como rural, do novo modelo de Atención Primária**. Hai que rematar coa discriminación que supón unha asisténcia en función do lugar de residéncia, temos de camiñar

cara a un desenvolvimento do sistema que faga desaparecer os consultórios con duas horas de atención.

2. Acadar, nesta lexislatura, o **100% de cobertura povoacional adscrita ás Equipas de Atención Primária** (EAP). A Equipa de Atención Primária debe ser a unidade organizativa, con área básica de saúde delimitada, e funcional no primeiro nível de saúde, ao que poden estar adscritos os seguintes profisionais: médico, enfermeiras, pediatras, matronas, odontólogos, hixienistas dentais, traballadores sociais, farmacéuticos, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, auxiliares de enfermeria e persoal de servizos xerais.
3. **Cada Zona Básica de Saúde estará atendida por un centro de saúde**, a se procurar que o tempo de acceso das povoacións máis distantes, en función das vias de comunicación, non superar os 30 minutos. Entendemos a Zona Básica de Saúde como a demarcación xeográfica e povoacional que constitui a unidade territorial da Atención Primária.
4. **Posta en prática dunha carteira de servizos ampla e de calidade**, en que cada Centro de Saúde poña a disposición dos usuários unha oferta de servizos integrais de saúde, que contemple os aspectos de promoción, prevención, asisténcia sanitária e reabilitación. Esta Carteira de Servizos deberá comprender os seguintes:

   - Programa de atención ao adulto.
   - Programa de actividades preventivas.
   - Programa de atención ás persoas maiores.
   - Programa de atención ao neno ou á nena sans.
   - Programa de atención á muller.
   - Programa de atención a domicílio.
   - Programa de prevención do risco cardiovascular (Obesidade,diabete, HTA, dislipemias, Exercício).
   - Programa de saúde bucodental.
   - Programa para desabituación tabáquica.
   - Programa de atención ao paciente con EPOC.
   - Programa de atención ás toxicomanias.
   - Programa de atención aos doentes da SIDA.
   - Programa de prevención secundária do risco cardiovascular.
   - Programa de atención aos doentes terminais.
   - Programa de cirurxia menor.
   - Programas de tratamentos fisioterapéuticos.
   - Programas de educación para a saúde a grupos de pacientes.
   - Programa de atención ao adolescente.

5. **Mellorar a posibilidade de eleición dos profisionais de Atención Primária por parte dos usuários**. Libre eleición dos médicos, pediatras e enfermeiros, que só deberá ver-se limitada de xeito excepcional pola aceitación do profisional e nunca por decisións de tipo administrativo ou burocrático.

6. **Implantación completa da Oferta de Atención Sanitária Continuada** (PACs) as 24 horas a todo o território de Galiza, a dotar os servizos dos meios humanos e técnicos necesários para prestaren este servizo coa necesária calidade que o mesmo requer.
7. **Integración nos labores das Equipas de Atención Primária do farmacéutico e veterinário** titulares das diferentes zonas de saúde.
8. **Mellora nos trámites administrativos**. Informatización dos centros de saúde. Conseguir a Ventá Única nos centros para acceso por parte dos usuários a todo o tipo de visitas ou exploracións, tanto no nível da atención especializada como nas cuestións referidas a inspección.
9. **Garantir a calidade da Atención Primária de Saúde**. Posta en marcha progresiva de programas de mellora contínua da calidade. Implantación da História Clínica informatizada e única para toda a APS de Galiza. Estabelecimento de estritos critérios que garantan o respeito á necesária confidencialidade que deben ter este tipo de documentos.
10. **Criación dunha rede integral de urxéncias**, dentro do sistema público, coordenada e con profisionais específicos tanto nos Pontos de Urxéncias de Atención Primária como nos Dispositivos para traslado e nos Pontos de Urxéncias Hospitalárias.

V.1.4.2 Os profisionais

1. Modificación do **sistema retributivo**, a incorpor conceitos ligados tanto á povoación atendida como a resultados de traballo.
2. **Carreira profisional,** que tiver en conta: antigüidade, capacidade profisional, formación continuada, investigación e docéncia. Deben incorporar-se igualmente incentivos non monetários cara ao cumprimento dos obxectivos pactados entre a Administración Sanitária e os traballadores.
3. **Mellora as tarefas de xestión**. É imprescindíbel profisionalizar estes níveis e rematar co critério político como único meio de acceso aos postos de responsabilidade na xestión.
4. **Aumento dos recursos informáticos e de conexión entre centros,** tanto de Primária como de Especializada, no camiño de acadar unha mellora tanto na calidade das prestacións sanitárias como na disminución da carga burocrática do traballo.
5. **Mellora nos programas de Formación Continuada** de xeito que esta sexa sistematizada, obrigatória, con cargo a Consellaria e relacionada cos obxectivos de saúde que se teñan marcado nos diferentes planos de saúde.
6. **É necesário pór fin a precariedade laboral** que existe dentro da APS en Galiza onde as percentaxes de persoal sanitário en situación de interinaxe son dos máis altos de todo o Estado e onde se levan máis de dez anos sen convocar nengunha oferta pública de emprego para este nível de saúde.
7. **Implementación de servizos en horários de tarde**, nas zonas que por elevada taxa de actividade ou presión demográfica asi o requiran,

mediante o estabelecimento dos denominados “turnos deslizantes”, frente ao modelo estabelecido pola Consellaria de Sanidade de impor turnos fixos nesta franxa horária.

V.1.5 ATENCIÓN ESPECIALIZADA

V.1.5.1 Un hospital manifestamente mellorábel

O BNG considera que a política sanitária que se definiu nas últimas décadas fixo que recaíse sobre o hospital a maior parte da atención sanitária, provocando o que se coñece como “hospitalocentrismo” do sistema sanitário. É este, portanto, o campo onde se teñen implantado os grandes cámbios tecnolóxicos e as principais partidas orzamentárias do campo sanitário, sendo o responsábel das grandes melloras que se teñen producido no tocante á atención sanitária.

No camiño de mellorar o nível de calidade, a comunidade, os traballadores sanitários, os xestores e os responsábeis políticos teñen de tomar a firme decisión de se implicaren na sua mellora, camiño que non consideramos doado, pois cómpre unha visión crítica non só dos níveis técnicos da institución senón do rol social e sanitário que a mesma ten de desenvolver.

Esta mellora ten de ser cuantificábel e medíbel e, para iso, é necesário dotarmo-nos duns parámetros obxectivos que nos permitiren avaliarmos os avances acadados e coñecermos os erros cometidos. Neste senso, o BNG pulará polo **emprego de indicadores, contrastados e asumidos pola comunidade científica internacionalmente**, utilizados por diferentes organismos internacionais como a OMS, que poden ser a guia que nos permita orientar este nível de saúde cara a unha mellora integral do sistema sanitário.

V.1.5.2 Humanismo dentro da rede hospitalária

O BNG ten presente que as melloras nos aspectos técnicos e na defensa dos direitos dos doentes son evidentes e a ninguén se lle escapa que na cidadania percebe-se máis nidiamente as melloras acadadas nos aspectos técnicos que as referidas a atención humana. De feito unha das críticas máis reiteradas a Sanidade Pública é a deshumanización no trato aos doentes e aos seus familiares.

Trataria-se de seguir na procura da mellora técnica mais sen esquecer que a problemática que no hospital se condensa é unha problemática humana, dun doente e dun colectivo. Para o BNG trata-se de levar a par estas duas melloras. Fomentar a empatia, a vinculación coa problemática do doente e o seu mundo sabendo que está vinculada inexorabelmente a unha atención profisional de

calidade que non se pode prestar se non se goza dun bon nível tecnolóxico e formativo por parte dos profisionais que atenden os doentes.

Entendemos que os direitos dos doentes e familiares están indisolubelmente ligados á defensa dos direitos de todos os traballadores do hospital. Non cabe un traballo eficaz no meio de condicións laborais indignas. Nese sentido a educación sanitária da povoación será tamén unha peza básica para fomentar o respeito ao traballo profisional.

O BNG quer facer realidade a palabra "hospitalidade" e, deste xeito, considera que se debe criar nos hospitais espazos de convivéncia onde for posíbel suportar as duras condicións vitais dos doentes e familiares e as laborais dos traballadores. A este respeito, os servizos de Atención ao usuário (SAU) que se criarán en todos os hospitais da rede pública galega, serán os organismos capaces de conciliar ambos os direitos.

V.1.5.3 Coordenación de níveis

Para o BNG un dos problemas que producen unha grande ineficiéncia no sistema é a falta de coordenación e cooperación entre atención primária e atención especializada. O aumento das listas de espera imposibilita a continuidade asistencial dos pacientes entre os diferentes níveis asistenciais e provoca un aumento do gasto sanitário e insatisfacción tanto dos profisionais como dos cidadáns.

As figuras da Xeréncia de Área e o Consello de Dirección de Área, son unha peza fundamental para atallar esta falta de coordenación entre níveis e posibilitar asi a imbricación destes níveis nunha soa peza. Dous níveis, por outra banda, imprescindíbeis e complementares entre si.

Desde o hospital ten de se asumir a nova atención primária como unha peza básica da sanidade pública; peza sen a cal non se poden levar adiante as funcións de atención integral do sistema sanitário.

Consideramos decisiva a elaboración do **Plano de Área** para coordenar os profisionais dos dous níveis de saúde. A elaboración de Protocolos e Guias de boa prática clínica de xeito conxunto contribuirán, en boa medida, á mellora desta imprescindíbel coordenación.

V.1.5.4 A infraestrutura hospitalária

1. **Completar a rede hospitalária pública**. O BNG considera que a rede hospitalária do SERGAS ainda non está completa e que una atención hospitalária de calidade debe incluir a oferta de **cama única por cuarto**. É

preciso a construción dun Hospital Único na Área Sanitária de Pontevedra Norte, a criar novas instalacións hospitalárias nos terreos de uso público existentes acarón do Hospital Montecelo. Na actualidade, 1/3 da povoación da Área Sanitária de Vigo ten como hospital de referéncia POVISA, un hospital privado concertado; o déficit de infraestrutura sanitária pública en Vigo é a causa desta anómala situación que debe ser superada: o SERGAS ten de contar coas infraestruturas precisas para garantir a cobertura de toda a povoación.

2. **Criación de novos servizos básicos**. Dentro dos hospitais é notoria a caréncia de certos servizos básicos que é preciso incorporar a sanidade pública. Se non se leva adiante esta implementación será a sanidade privada quen terminará a implantar este tipo de tecnoloxia e acabará a parasitar o sistema público neste ámbito. O BNG considera preciso criar os seguintes servizos:
   - Servizos de Isótopos.
   - Servizos de Imunoloxia.
   - Servizos de Xeriatria.
   - Servizos de Xenética.
   - Servizos de Bioloxia Molecular.
   - Áreas de Investigación
   - Especialidades Pediátricas.
   - Servizo de Radioterápia.
   - Unidades de Agudos e hospital de dia de Psiquiatria nos Hospitais Xerais.
3. **Estabelecimento de Áreas de Actuación Preferente**. Non é posíbel manter un mesmo nível de desenvolvimento de todas as áreas hospitalárias. Por diferentes razóns sempre vai haber certas áreas que acaden un maior nível de calidade e de proxección exterior, portanto, o BNG defenderá que a Consellaria de Sanidade defina área de actuación preferente. Estas áreas virán definidas por un estudo prévio feito conxuntamente coa Xeréncia do hospital de referéncia e a ter en conta a suas situación e necesidades. As áreas, caso de acadaren uns contrastados níveis de calidade, estarian en condicións de poderen ser áreas de referéncia para outras institucións hospitalárias.
4. **Mellora da xestión hospitalária**. Desde o BNG estamos abertos a novas experiéncias no eido da xestión hospitalária, sempre e cando se mantiveren dentro dos princípios sanitários que defendemos neste Programa. Asi, consideramos positivas certas modalidades de atención que melloran a calidade da atención sanitária, tais como:
   - Unidades de Curta estáncia médica ou cirúrxica.
   - Unidades de Cirurxia sen hospitalización.
   - Unidades de Hospitalización domiciliária.
   - Hotel de pacientes.

V.1.5.5 O proceso de selección de especialistas médicos e de enfermaria

1. O Governo Galego instará ao Governo Central a **incrementar o número de prazas MIR**, co obxectivo de acadar un mínimo de 6.000 prazas anuais. Somos conscientes da importáncia que ten o sistema MIR para manter a calidade de atención hospitalária e mesmo da Atención Primária, portanto, consideramos esta como a única via para a formación dos especialistas médicos, mais tamén coñecemos o raquitismo do número das mesmas, asi como a baixa acreditación docente dos Servizos existentes en Galiza. O impulso na criación de novos servizos tamén traerá un aumento e diversificación na oferta.
2. No BNG consideramos que os níveis e desenvolvimento profisional acadados pola Enfermeria, tanto hospitalária como de Atención Primária, conlevan necesariamente que se articule no eido lexislativo os dous procesos básicos que se lle teñen de recoñecer a estes profisionais: a **licenciatura** (ou estudos de segundo ciclo) **de enfermeria**, e a implementación dos programas de formación para as distintas especialidades que están contempladas para este sector sanitário, a completar as duas que actualmente están en vigor (Matroneria e Saúde Mental). Consideramos que, salvando as diferenzas, deben empregar-se para o acceso a estas especialidades os mesmos critérios que se empregan para a via MIR.

V.1.5.6 A consulta de enfermaria

Consideramos que é positivo camiñar na superación de contemplar a atención sanitária como única responsabilidade dun determinado sector sanitário. O traballo en equipa é hoxe en dia a ferramenta fundamental de calquer institución que pretender dar uns níveis de calidade axeitados no eido sanitário.

Ninguén pode negar o papel da Enfermeria dentro do hospital e no BNG vemos preciso incrementar a participación deste colectivo. Para iso ademais de recoñecer os seu papel nos órgaos de decisión do hospital, e preciso estabelecer programas de reciclaxe para o sector encamiñados á mellora da sua capacidade científico-técnica asi como a sua preparación nas tarefas de xestión e investigación no eido hospitalário, o que permitiria acadar maiores cuotas de responsabilidade e calidade na atención os pacientes e acceder a novas actividades de maior entidade profisional.

O BNG propón o **organización das Consultas de Enfermeria** para permitir este salto profisional que o sector vén demandando desde hai tempo. Estas Consultas están desenvolvidas, ainda que con contidos diferenciados, no nível da Atención Primária, mais nos Hospitais están sen se concretar. Trata-se, pois, de as pór en marcha, a permitir que a Enfermaria dispuxer dun espazo próprio para dar atención personalizada aos pacientes do nível hospitalário que precisaren dos seus coidados.

V.1.5.7 As listas de espera

No BNG sabemos que unha das principais críticas ao sistema sanitário público vén determinada polas listas de espera e polos tempos de espera na atención especializada, tanto para novas consultas, revisións, probas diagnosticas e terapéuticas, como para intervencións de tipo cirúrxico que ás veces acadan níveis alarmantes, ben sexa polo tempo de espera, ben sexa pola urxéncia da patoloxia a atender.

Una atención sanitária de calidade non pode funcionar con este lastre que a deslexitima e a desvalorizada ante aqueles que deberian ser os seus principias beneficiários. Como defensores dun sistema sanitário público de calidade tamén somos conscientes de que este problema incentiva a política de concertos coas entidades privadas e poténcia un sector sanitário privado que parasita ao sistema público. Alguns xestores están a empregar as listas de espera como escusa para a introdución modelos de xestión privada, prática que o BNG rexeita de maneira tallante.

Para solucionar este grave problema, o BNG propón as seguintes medidas:

1. Ser conscientes de que se trata dun déficit do sistema, e non de algo de tipo estrutural. Hai que pór en marcha medidas reais a longo prazo que promovan políticas sanitárias en que a **prevención e promoción** de saúde teñan un papel sobranceiro dentro do sistema.
2. Mellorar a eficiéncia do sistema. A falta de coordenación entre atención primária e especializada é outro dos eixos fundamentais sobre o que hai que actuar para diminuir esta problemática
3. A nível de xestión, a criación das figuras administrativas de Xeréncia de Área e Consello de Dirección de Área, son dous mecanismos que van redundar nunha mellora da coordenación de níveis asistenciais e, de xeito directo, na redución das listas de espera.
4. É necesário diminuir o hospitalocentrismo, de xeito que a atención primária e as equipas que a conforman atenda, en primeira instáncia, moitos dos problemas que hoxe se están a resolver nos hospitais
5. A potenciación e xeneralización de medidas como a pertenza única ao SERGAS de todos os seus profisionais redundará nunha mellor eficácia e eficiéncia do sistema.
6. Ao mesmo tempo, será precisa a criación dunha Comisión de control das listas de espera que conte coa participación dos usuários.

V.1.5.8 Os hospitais privados

Partindo do recoñecimento do direito á saúde como un direito fundamental, que debe ser garantido polas Administracións Públicas, non podemos esquecer a coexisténcia dunha rede sanitária privada que ten unha relación moi estreita co sistema sanitário público. Relación que nuns casos agroma pola via dos "concertos", e noutros, por outro tipo de relacións administrativas. Portanto, consideramos que nesta nova lexislatura, a relación entre a Administración sanitária pública e a rede sanitária privada, deberá axustar-se aos seguintes critérios:

1. Os hospitais privados que teñan algun tipo de concerto público, deben oferecer níveis de calidade, no referente a número de profisionais, ratio por cama, suficiénciatecnolóxica, condicións hoteleiras, etc. semellantes aos exixidos para os hospitais públicos do mesmo nível; para poder conseguir a acreditación que os faculte para prestar ese tipo de servizos aos usuários da sanidade pública.
2. Esta suficiéncia de calidade deberá estar submetida a controis periódicos por parte dos servizos de Inspección da Administración, para poder renovar a sua Acreditación.
3. Os hospitais privados con concertos deben ser centros dependentes dos públicos. Non se poden aceitar situacións de dependéncia do sector público como se están a dar na actualidade en áreas de Alta Tecnoloxia ou a existéncia de concertos privilexiados como o caso de Povisa en Vigo.

V.1.6 SAÚDE MENTAL

Desde a transferéncia das competéncias de sanidade á administración autonómica, non é ata o ano 1994 en que aparece a primeira referéncia lexislativa autonómica sobre Saúde Mental (*Decreto 389/1994*). O decreto recebeu un considerábel apoio no sector -apesar de manifestas caréncias-, ao supor unha esperanza de reforma e un enorme avance verbo da situación previa. Para o BNG os seis anos transcorridos desde a sua promulgación, a aplicación e desenvolvimento dos seus contidos foi, claramente deficiente. Unha avaliación, temen de signo negativo foi realizada pola *Comisión Asesora para Saúde Mental* nun documento público do ano 1997 da mesma Consellaria de Sanidade, e consideramos que nestes tres últimos anos non houbo cámbios significativos.

Podemos dicer que o decreto non foi desenvolvido e ficou obsoleto. As consecuéncias son, entre outras, os escasos recursos asistenciais e o actual desequilíbrio territorial dos mesmos; a precária atención á povoación infanto-xuvenil e xeriátrica, asi como a desatención á reabilitación e reinserción dos pacientes crónicos; a descoordenación entre dispositivos especializados e de atención primária e entre os próprios dispositivos de saúde mental; a falta dunha política sanitária de prevención e promoción da saúde mental; e a nula promoción da investigación neste eido.

A avaliación do marco legal actual obriga a unha superación do mesmo, dadas as caréncias que apresenta e aspectos francamente mellorábeis. Con todo, o BNG comparte, e manterá, a filosofia que se desprende da lexislación actual.

V.1.6.1 Propostas xerais

1. O Governo galego elaborará un *Plano Galego de Saúde Mental* (PGSM) que terá como obxectivo garantir a cobertura sanitária en saúde mental a toda a povoación, independentemente da idade, da patoloxia apresentada e da comarca de residéncia, facilitando todos os meios técnicos e humanos necesários para tal fin e dentro dun único sistema asistencial público.
2. Os alicerces da atención sanitária en saúde mental serán o traballo en equipas multidisciplinares, sobre a base dos coñecimentos e achegas científicas, e cunha abordaxe bio-psico-social da patoloxia mental.
3. Partindo do actual *Decreto (389/94)* e das propostas da *Comisión Asesora en Saúde Mental* do ano 1997, o Governo do galego tomará as iniciativas lexislativas necesárias para o correcto desenvolvimento da atención en saúde mental da povoación, sobre a base das propostas deste programa de governo.
4. Ademais, a asumir o atraso histórico na atención aos doentes mentais no noso país, as enormes deficiéncias do sistema asistencial, a elevada morbilidade que xera, os altos custos que supón en sofrimento humano e para o próprio sistema sanitário, e a sensibilidade social existente, o BNG asume o pleno compromiso de considerar a atención en saúde mental, Área de Acción Prioritária na sua política sanitária.

V.1.6.2 Organización

1. O PGSM terá un responsábel nacional, dependente da Consellaria de Sanidade encargado de deseñar a reforma e os obxectivos estratéxicos xerais e por áreas sanitárias. Constituirá-se un Consello do PGSM formado por técnicos das diferentes áreas en SM do Plano, coordenadores de área, responsábeis de Atención Primária e organizacións sociais (asociacións de familiares e doentes) que fará o seguimento do PGSM. O Consello do PGSM definirá cada tres anos os obxectivos xerais a cumprir polas diferentes áreas sanitárias, e pactará con cada unha delas os obxectivos concretos e tempos de cumprimento.
2. Todos os dispositivos de saúde mental dunha área sanitária constituirán o Servizo de Saúde Mental de Área, coordenados por un xefe de servizo. Haberá un Consello do Servizo, formado polos responsábeis de cada dispositivo asistencial, o coordenador de área, e o responsábel de atención primária, desde onde se realizará a dirección do mesmo, se definirán as necesidades e os obxectivos concretos da área e se realizará a avaliación anual da actividade asistencial.

3. O BNG asume como obxectivo para esta lexislatura que todas as áreas sanitárias dispoñan de todos os dispositivos: Unidades de Saúde Mental de adultos e infanto-xuvenils, Unidades Hospitalárias de Agudos (para adultos e infanto-xuvenils), Unidades de Reabilitación hospitalárias e extra-hospitalárias (meia e longa estáncia, tanto para adultos como para povoación infanto-xuvenil), Hospital de Dia, Unidade de Atención a Drogodependentes, Unidade Hospitalária para Drogodependentes, Unidade de Alcoolismo, Unidade de Psicodiagnóstico para deterioro cerebral, Centro de dia para Deméncias e Unidades de Longa Estáncia para pacientes psico-xeriátricos.

V.1.6.3 Actuacións sectoriais

V.1.6.3.1 Atención á povoación adulta

1. Unha Unidade de Saúde Mental de adultos por cada 50.000 habitantes, cunha dotación mínima de 1 psiquiatra por 25.000 hab. e un psicólogo clínico por 50.000 hab.
2. Hospitalización psiquiátrica de agudos: unha cama por 10.000 hab. Estas unidades estarán emprazadas, sempre, nos hospitais xerais.
3. Un Hospital de Dia por 200.000 hab.
4. Unidades Extra-hospitalárias de Reabilitación:
   - Centro coordenador para a reabilitación-reinserción psico-social (CCRP): Centro de Dia e Unidade de Continuidade de Coidados. Unha CCRP por Unidade de Saúde Mental.
   - Unidades de Apoio Comunitário: pisos protexidos, vivendas de transición, unidades de apoio social intermedio e unidades residenciais. O PGSM avaliará as necesidades de cada área e marcará como obxectivo prioritário o desenvolvimento destes dispositivos en colaboración co administración local, autonómica e coas asociacións de familiares.
5. Unidades Hospitalárias de Reabilitación-reinserción, integradas plenamente na rede sanitária pública. Unha Unidade de Reabilitación (meia e longa estáncia) por área. Os actuais centros manicomiais recorvertirán-se en centros de reabilitación, e non se realizarán externalizacións de pacientes sen garantias de integración sócio-familiar. As unidades de reabilitación de meia-longa estáncia terán unha axeitada dotación de especialistas: saúde mental, medicina interna e servizos centrais. Garantirá-se ás familias a descarga do coidado dos doentes crónicos, asumida plenamente polo servizo público de saúde.
6. Mantimento da actual financiamento dos talleres ocupacionais da asociacións de familiares.

V.1.6.3.2 Atención á povoación infanto-xuvenil

1. Unha Unidade de Saúde Mental Infanto Xuvenil por 150.000 hab. (a prevalecer o critério xeográfico e de accesibilidade, de tal xeito que as comarcas de menos habitantes tamén puderen dispor dunha unidade).
2. Unha Unidade de Hospitalización Infanto-Xuvenil de agudos por área, cunha cama por 75.000 hab. Estas unidades estarán emprazadas sempre nun hospital xeral, e en coordenación cos servizos de pediatria.
3. Un centro-escola de meia-longa estáncia para patoloxia comportamental infanto-xuvenil por área sanitária. Garantirá-se o correcto tratamento dos nenos con patoloxia comportamental grave, ao tempo que se mantén a sua escolarización.
4. Integrado no anterior dispositivo, estabelecerán-se unidades para nenos autistas e con trastornos xeneralizados do desenvolvimento. Serán unidades de avaliación diagnóstica e terapéutica, asi como centro-escola para aqueles casos en que non for aconsellábel a escolarización en centros escolares convencionais.

V.1.6.3.3 Atención á povoación xeriátrica

1. Unha Unidade de Psico-diagnóstico para o estudo do deterioro cerebral por cada 250.000 hab. Estas unidades realizarán a avaliación diagnóstica dos pacientes e a atención á reabilitación cognitiva-condutual, en coordenación coas USM, os Centros de Dia xeriátricos e as unidades hospitalárias psico-xeriátricas. Estarán compostas basicamente por un psiquiatra, un neurólogo e un neuro-psicólogo.
2. Unha Unidade de Hospitalización Psico-xeriátrica (meia-longa estáncia) por área. Garantirá-se o papel fundamental na mesma do médico especialista en xeriatria, ademais doutros especialistas.
3. Un Centro de Dia Psicoxeriátrico para a reabilitación, por área.

V.1.6.3.4 Dispositivos especiais

1. Unha Unidade de Dano Cerebral de referéncia para Galiza, para pacientes con secuelas neuro-psiquiátricas xeradas por traumatismo cranial e outras patoloxias.
2. A actual Unidade para os Trastornos da Conduta Alimentária do Complexo Hospitalário Universitário de Santiago (C.H.U.S.) estará hierarquizada co resto dos dispositivos asistenciais da rede.

V.1.6.3.5 Programa específicos

1. Desenvolvimento do Programa de Atención Psicolóxica á povoación para situacións de catástrofe ou emerxéncia sócio-sanitária no marco dos Planos de Protección Civil.
2. Potenciarán-se os programas específicos de psiquiatria e psicoloxia de enlace nos hospitais xerais e nas USM, nomeadamente aqueles en relación

á patoloxia oncolóxica, cardiopatias, transplantes e pacientes traumáticos.

V.1.6.3.6 Coordenación coa Atención Primária

1. Os responsábeis da Atención Primária participarán nos planos directores de saúde mental para a área e no PGSM.
2. Toda a USM disporá dun Plano Consultor para a Atención Primária e Pediátrica, cara á coordenación das equipas asistenciais.

V.1.6.3.7 Participación cidadá

1. Participación das Asociacións de Familiares e de Doentes Psíquicos na elaboración e seguimento dos planos asistenciais, ben através da participación no Consello do PGSM, ben da participación nos Consellos Municipais de Saúde.
2. Estimulación da sua participación, sobre de todo, no seguimento e execución da reabilitación e reinserción social.

V.1.6.3.8 Docéncia e Investigación. Promoción da Saúde Mental

1. Realizarán-se programas de formación continuada para os profisionais de SM e atención primária.
2. Desenvolverán-se liñas de investigación centradas no coñecimento e resposta ás especificidades que a problemática de saúde mental apresenta na nosa nación.
3. Realizará-se un Rexistro de Casos psiquiátricos, cara á realización de planos preventivos, de promoción da saúde e da avaliación de necesidades asistenciais por comarcas e áreas asistenciais.
4. Desde o PGSM deseñarán-se medidas encamiñadas á prevención e promoción da saúde mental.

V.1.7 DROGODEPENDÉNCIAS

O problema do consumo de drogas no campo da saúde debe-se afrontar desde unha perspectiva fundamentalmente preventiva como via de solución a meio e longo prazo. Isto debe implementar-se mediante a potenciación e promoción dos hábitos saudábeis. O BNG, desde o Governo galego, adoptará as seguintes medidas para atender esta problemática:

1. Desenvolvimento na rede de Atención Primária de Saúde de programas específicos para este tipo de pacientes, coordenados cos dispositivos de

Saúde Mental.

2. Integración da actual rede de drogodependéncias na rede asistencial pública de saúde mental.
3. A atención ao doente drogodependente debe estar encamiñada á reabilitación e reinserción sócio-laboral, polo que se manterán os dispositivos asisténcias xa en funcionamento para tal fin, e criarán-se novos naquelas comarcas deficitárias. Impulsarán-se programas comunitários de inserción laboral.
4. Dedicará-se unha intensa loita institucional para afrontar o problema do narcotráfico.
5. Favorecerá-se a colaboración cas organizacións sociais contra a drogadición.
6. Criará-se unha Unidade de Atención ao Alcoolismo por cada 200.000 habitantes, que se fai necesária, pola elevada prevalenza desta patoloxia na nosa nación.

V.1.8 FARMÁCIA

O BNG entende que a Lei de Ordenación farmacéutica aprobada na lexislatura que remata, apesar de constituir un avance na regulación do sector, apresenta importantes eivas que van supor, no futuro máis imediato, a aparición de vellos problemas que, con esta lei, continuan sen ter a resposta axeitada aos tempos que vivemos. En consecuéncia, o BNG promoverá a adopción das seguintes medidas correctoras:

1. Estabelecimento dun único tipo de Oficina de Farmácia, superando a situación actual en que coexisten dous tipos distintos de oficinas de farmácia, logo da aprobación da Lei de Ordenación autonómica.
2. Instar ao Governo Central para a fixación da edade máxima de xubilación obrigatória dos farmacéuticos titulares nos 70 anos.
3. A transmisión das oficinas de farmácia e a adxudicación das de nova apertura realizará-se por baremación de méritos dos aspirantes. No caso da transmisión criará-se unha Comsión de Xustiprezo, que estabelecerá o valor real das oficinas a transmitir.
4. Redución do número de habitantes por Oficina de Farmacia a 2.000.
5. Adscrición de farmacéuticos adxuntos e persoal auxiliar en función do volume de facturación e servizos prestados por cada Oficina de Farmacia.
6. Implantación progresiva e negociada de novos servizos por parte das oficinas de farmácia, a lle prestar especial atención ao seguimento farmacoterapéutico dos pacientes.
7. Promover a colaboración e a participación conxunta do sector farmacéutico coa Administración sanitária en campañas e programas sanitários de atención primária.
8. Desenvolvimento lexislativo da normativa que regula os medicamentos de uso animal.

9. Reestruturación do actual corpo de Farmacéuticos Titulares de Sanidade e incorporación no corpo de Inspección de Saúde Pública.
10. Elaboración dun Plano de Contención do Gasto en Medicamentos, en colaboración con todos os colectivos sociais e profisionais afectados.

V.1.9 SAÚDE PÚBLICA VETERINÁRIA

Entendemos que é necesário diminuir a burocrácia nas actuacións dos servizos veterinários de saúde pública, valorándomos a importáncia destes profisionais nos labores de promoción e prevención de saúde cara a diminuir os riscos sanitários. Os profisionais da veterinária teñen de ser verdadeiros axentes promotores de saúde nas empresas ou estabelecimentos de alimentación perfeitamente coordenados con outros profisionais da saúde. Con esta finalidade, o BNG promoverá a adopción das seguintes medidas:

1. Xeneralización da implantación obrigatória do sistema de "Analices de riscos e pontos críticos de control" nas empresas e estabelecimentos dedicados a venda ou fabricación de produtos alimentários. Os Servizos Veterinários Oficiais deben colaborar e asesorar a estes estabelecimentos para adaptar o sistema a sua idiosincrásia e despois supervisar o seu funcionamento.
2. Estabelecimento para toda Galiza de critérios mínimos de actuación para os Servizos Veterinários da rede de saúde pública para que se cumpran as diferentes regulamentacións técnico-sanitárias en todo o tipo de estabelecimentos tanto públicos como privados afectados por esta normativa.
3. Aumento do control sobre o uso de substáncias proibidas ou consideradas perigosas na alimentación animal; incremento e optimización dos recursos materiais e de persoal destinados a este fin.
4. Estabelecimento, como mínimo, dun laboratório por província para efectuar as analices básicas de alimentos.
5. Criación urxente, a nível galego, dun grande laboratório que conte cos meios tecnolóxicos e científicos suficientes para poder levar adiante as análises necesárias no sector tanto da alimentación como do control animal.

V.1.10 PARTICIPACIÓN SOCIAL NO SISTEMA SANITÁRIO

A participación dos usuários do Servizo Galego de Saúde nos órgaos de consulta e de xestión da Sanidade, nos distintos ámbitos territoriais, é un direito que está contemplado tanto na "Lei Xeral de Sanidade", como na Lei do SERGAS (de 1989).

Estabelece-se nelas a criación dos Consello Galego de Saúde e dos Consellos de Saúde de Área, como órgaos de participación social e comunitária, asi como o Consello de Dirección de Área de Saúde, como órgao de xestión nese ámbito. Cómpre indicar que se ben a Lei do SERGAS é máis restritiva que a LGS canto á participación social no sistema de saúde, o máis relevante é que desde a sua promulgación, o 2 de xaneiro de 1989, até o dia de hoxe, a Lei foi sistematicamente incumprida polos governos do PP, pois non se chegaron a

constituir os Consellos de Saúde de Área nen tampouco o Consello Galego de Saúde, polo que se substraiu á cidadania o direito á participación social na planificación sanitária, elaboración de programas, estabelecimento de prioridades, critérios de coordenación, etc.

Para o BNG, en consecuéncia, ha ser unha prioridade política de governo a criación imediata dos Consellos de Saúde da Comunidade Autónoma, dos Consellos de Saúde das Áreas de Saúde e a modificación da Lei do SERGAS para a criación dos Consellos Municipais de Saúde.

Propomos as seguintes medidas para fomentar a participación cidadá na política sanitária:

1. Criación e posta en funcionamento do Consello Galego de Saúde, coa composición e funcións asignadas na Lei do SERGAS.
2. Criación e posta en funcionamento dos Consellos de Saúde de Área e dos Consellos de Dirección da Área e a ampliación das competéncias dos últimos acordes co estabelecido na "Lei Xeral de Sanidade" (Proposta de nomeamento e cese do Xerente da Área de saúde; Aprobación do proxecto do Plano de Saúde de Área, dentro das normas directrices e programas xerais estabelecidos pola C.A.).
3. Modificación da Lei do SERGAS co obxecto de contemplar unha maior e máis efectiva participación social no ámbito sanitário, desde o nível da C.A. até o nível municipal, coa conseguinte reforma da estrutura e funcións dos órgaos de dirección e xestión, asi como dos órgaos de participación, contemplados na Lei do SERGAS,
4. Incluir na modificación da Lei do SERGAS a criación dos Consellos Municipais de Saúde, como órgao colexiado de participación comunitária para a consulta e o seguimento da xestión sanitária no ámbito do Concello, cunhas funcións semellantes ás dos Consellos de Saúde de Área, se ben circunscritas ao ámbito de cada Concello.
5. Fomento (mediante a información, o asesoramento e os incentivos axeitados) da constitución de asociacións de usuários da sanidade pública e da sua participación nos órgaos de dirección, xestión e participación dos distintos ámbitos territoriais.

V.1.11 A INVESTIGACIÓN NAS CIÉNCIAS DA SAÚDE

Consideramos que é necesário un reforzamento da investigación en Galiza que debe partir da confianza nas nosas posibilidades, a superar ancestrais pensamentos sobre a nosa incapacidade para investigarmos. Un dos xeitos máis importantes para diminuirmos a nosa dependéncia nos campos da tecnoloxia e no apartado da farmacoloxia é pularmos a investigación nestes campos que despois van ter unha considerábel repercusión nos ámbitos do diagnóstico e do tratamento.

Para o BNG a investigación sanitária conforma un sector estratéxico que abranxe un campo multidisciplinar en que confluen múltiplas especialidades, polo que é preciso realizar un grande esforzo administrativo e lexislativo, que sexa quen de estabelecer a necesária coordenación e a colaboración, o máis estreita posíbel, entre todos os sectores implicados na investigación. Con esta finalidade, desde o Governo galego, adoptaremos as seguintes medidas:

1. Un financiamento axeitado. Debe asumir-se un nível de financiamento sobre a base dunha percentaxe do PIB que nos aproxime aos países do noso entorno.
2. Todo o persoal sanitário ten de perceber a investigación como unha componente da sua prática. Ao mesmo tempo coidamos que debe haber persoal dedicado en exclusiva a tarefas de investigación.
3. A selección do persoal-multiidiscilinar baseará-se en critérios obxectivos e estritamente científicos.
4. Criación do Instituto Galego de Investigacións Sanitárias (IGIS) organismo dedicado a definir, financiar, coordenar, controlar e difundir a investigación xerada en todo o país. As Unidades Básicas de Investigación (UBI) que deberian asumir toda a investigación de área (tanto atención especializada como primária). O IGIS estará en estreito contacto cos organismos da investigación da UE, promovendo e recollendo liñas de investigación que fagan que Galiza se integre no circuito internacional da investigación

V.1.12 ÁREAS DE ACTUACIÓN PREFERENTE

Consideramos que nesta lexislatura teñen de se definir unha série de áreas de actuación preferente que afectan todo o sistema sanitário. Trata-se de áreas que, polas patoloxias que ocupan, teñen un impacto, tanto cualitativo como cuantitativo, moi importante sobre os índices de morbi-mortalidade no noso país. Para estas áreas requer-se a elaboración de planos interdisciplinares e coordenados que abranxeren toda a rede sanitária galega.

O BNG impulsará as seguintes medidas:

1. Definir un Plano para correcir as desigualdades en matéria de saúde.
2. Fomentar hábitos saudábeis de vida.
3. Programa de redución de mortes evitábeis.
4. Programa de prevención e tratamento de doenzas cardio-vasculares.
5. Programa contra o cancro.
6. Plano interdisciplinário frente á SIDA.
7. Definir un Plano para o desenvolvimento da Atención en Saúde Mental.
8. Programa contra a Tuberculose.
9. Programa de axuda e desenvolvimento farmacéutico.

V.1.13 NORMALIZACIÓN DO USO DO GALEGO NO SECTOR SANITÁRIO

Xunto a un uso xeneralizado do galego por parte dos doentes e de unha parte do persoal, persite no sector sanitário, un uso oficial moi escaso da nosa língua. O uso do idioma non debe ser só algo que “facilite a comunicación” na relación profisional/usuário, senón tamén idioma escrito, público e científico. No camiño de achegar-nos a este obxectivo, ademais das medias xerais que integran a política de normalización lingüística, o BNG promoverá as seguintes actuacións a prol dunha normalización completa do uso do galego na sanidade:

1. Realización de campañas activas de animación ao uso do galego no persoal sanitário
2. Xeneralización do uso do galego na escrita de toda a documentación e rotulación sanitária.
3. Aplicación no sector de todas as medidas de xerais de normalización do uso do idioma que sexan válidas para a sanidade
4. Avaliación periódica dos resultados.

V.2 SERVIZOS SOCIAIS

V.2.1 INTRODUCIÓN

Os Servizos Sociais na actualidade moven-se na indefinición conceitual, na auséncia de contidos dinamizadores, na incoeréncia e atomización estrutural, na inibición por parte da Xunta de Galiza coa concesión de competéncias por igual aos entes locais cando existe entre eles unha evidente desigualdade de recursos, no favorecimento á privatización con ánimo de lucro, na inexisténcia de planificación, na escaseza de equipamentos axeitados, na caréncia de programas de formación contínua, na conversión de institucións participativas en simples órgaos formais e propagandísticos sen utilidade nengunha.

En definitiva, os Servizos Sociais da Xunta de Galiza funcionan desde a apatia e a ineficiéncia, simplesmente por inércia, segundo ocorréncias ou imitación doutros ámbitos, cunha visión dirixista, burocrática e fundamentalmente asistencialista, a seguir a liña de a cada necesidade o seu recurso que, ademais, por seren estes tan escasos, rara vez satisfacen suficientemente aquelas.

Frente a esta situación o Bloque Nacionalista Galego propón uns Servizos Sociais baseados na racionalidade, a coeréncia, a eficiéncia e a eficacia, para ao cal apresentamos o seguinte Programa

V.2.2 BASES DEFINIDORAS

1. Os Servizos Sociais forman parte do sistema público de benestar social e das políticas de desenvolvimento sócio-económico e contra a desigualdade social en Galiza, a constituíren un elemento esencial para a transformación social da povoación galega.
2. Os Servizos Sociais deben contribuir á vertebración da sociedade galega con políticas de integración social, favorecedoras da interculturalidade, de xeito que posibiliten unha convivéncia máis tolerante e unhas relacións máis humanas e solidárias.
3. Os Servizos Sociais, dirixidos a toda a sociedade, deben ter por obxecto preferente, no entanto, a atención das persoas que se atoparen á marxe dos benefícios do sistema, a padeceren a pobreza e a exclusión social ou calquer outra situación de desvantaxe social, actuando non só sobre os seus efeitos senón fundamentalmente a se enfrentaren ás causas estruturais que os levaron a ese estado.
4. Os Servizos Sociais deben configurar unha rede única, integrada funcionalmente, homologada estruturalmente, equilibrada territorialmente e descentralizada na prática de intervención, combinando a coeréncia organizativa coa eficacia operativa.
5. Os Servizos Sociais somente se poden entender desde a participación cidadá, de xeito que son os cidadáns os que deben asumir o protagonismo no proceso do seu próprio cámbio através da sua intervención, mediante as

vias organizativas precisas, na elaboración e implementación das políticas de benestar social.

V.2.3 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. **Mellorar as condicións económico-sociais** dos máis desfavorecidos ou dos que padecen de certas desvantaxes personais de carácter natural de xeito que lles permita acadaren unha vida digna e máis satisfactória.
2. **Conseguir a integración social** das persoas e colectivos máis precários ou en situación de desvantaxe social, entendida como a recuperación dos direitos e liberdades que lles posibiliten actuaren como cidadáns activos e con capacidade crítica, a colaboraren na consolidación dunha sociedade realmente democrática.
3. **Lograr os recursos precisos** para satisfaceren as necesidades máis peremptórias da cidadania, a elevar os máis urxentes a categoria de direitos subxectivos.
4. **Comprometer á sociedade** en xeral sensibilizando-a sobre a sua cuota de responsabilidade na situación social dos máis desfavorecidos de maneira que estimule a solidariedade con estes e a implicá-la no cámbio social que repercutir na configuración dunha sociedade máis xusta.

V.2.4 LIÑAS DE ACTUACIÓN

V.2.4.1 Planificación

Propon-se a elaboración dun **Plano xeral de servizos sociais** que contemple:

1. Avaliación e diagnóstico da realidade social por meio de metodoloxias participativas, na liña de traballar **con** e non **para**.
2. O estabelecimento de obxectivos que emacaren tanto os progamas comunitários, co obxecto de reparar os déficits sócio-económicos que concorren nas situacións de deterioro e desigualdade social, como os planos sectoriais relativos á vellez, discapacitados, menores e outros colectivos.
3. A fixación dos meios estruturais e financeiros para cobriren os obxectivos, a proporcionar os recursos adecuados ás distintas circunstáncias colectivas e territoriais.
4. O desenvolvimento dunha rede sócio-sanitária para situacións que requeriren actuacións interdepartamentais entre sanidade e servizos sociais.

V.2.4.2 Coordenación

1. Propón-se a criación da Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais, de modo que algutine o conxunto das consellarias, para tratar todas as

cuestións relativas a esta matéria, actuando en conxunto ou sectorialmente en función dos temas que se abordaren.

2. Estabelecerán-se xuntas locais con participación autonómica, das deputacións e dos concellos para analisaren as necesidades e problemas relativos aos servizos sociais, daren-lles resposta e canalizaren as formulacións, alternativas e demandas da iniciativa social.

V.2.4.3 A Formación

Consideramos que o principal capital dos servizos sociais son os recursos humanos. A formación dos profisionais, portanto, resulta esencial para acadar os obxectivos convenidos.

1. Executarán-se Planos anuais de formación, en colaboración con deputacións e concellos, co obxecto de reciclar e complementar as capacidades e coñecimentos profisionais do persoal de servizos sociais, en función das necesidades e déficits detectados asi como das demandas e intereses dos próprios profisionais e a ter en conta as inovacions habidas neste campo no contexto internacional
2. Promoverá-se a dotación de novas tecnoloxias, especialmente internet, asi como servizos de documentación e publicacións para facilitaren a divulgación de coñecimentos específicos e a información entre os profisionais.

V.2.4.4 A Financiamento

1. Articularán-se os recursos económicos disponíbeis para os servizos sociais tanto das administracións públicas que participan no seu financiamento asi como da iniciativa privada (caixas de aforro, donacións, herdanzas particulares, etc).
2. Renegociará-se coa Administración Central o financiamento do Plano Concertado, ao menos en relación cos concellos máis pequenos, en base a critérios obxectivos de necesidade, co obxecto de conseguir unha mínima equipa de traballo social e ampliar substancialmente a cativa axuda a domicílio existente.
3. Estabelecerán-se acordos de financiación compartida entre consellarias en matéria de servizos sociais, para centros e programas sócio-sanitários e para a xeración de emprego, vivenda, educación, etc.
4. Rendibilización ao máximo dos equipamentos de xeito que se concentren o maior número de servizos nun único complexo a evitar a dispersión de edifícios máis encarecedora.
5. Optimización da xestión administrativa para reducir custos
6. Aproveitarán-se ao máximo os programas financiados pola Unión Europea, mais sempre conscientes da sua provisionalidade, a procurar, portanto, a

sua inserción nas estruturas normalizadas dos servizos sociais para garantiren a sua continuidade.

V.2.5 ACTUACIÓNS SECTORIAIS

V.2.5.1 Servizos sociais de carácter polivalente

Consideramos que a sua orientación para atender toda unha povoación multiproblemática lles confere unha importáncia esencial, sendo a sua función decisiva para avanzar nun proceso de cámbio, de maneira que somente desde a potenciación destes servizos se pode pretender uns Servizos Sociais realmente eficaces.

Asi e todo, na actualidade, coas excepcións que puder haber relativas ás cidades e vilas máis importantes, a maioria dos concellos galegos responsábeis destes servizos sociais, pola sua cativez e escaseza orzamentária, non teñen posibilidade, por si próprios, de se dotaren dunhas estruturas sólidas dos mesmos, e rematan a contar, normalmente, cun/ha único/a asistente social (ás veces a cobrir máis dun município) quen, abrumado/a polos trámites que lle demanda a Xunta de Galiza (PNC, Risga, axudas individuais, acollimento familiar, ingresos en residéncias, respiro familiar, turismo social, agora o cheque asistencial,etc), se funde nun traballo maioritariamente burocrático e asistencial sen se apenas poder dedicar a outros labores esenciais dos servizos sociais de intervención e dinamización social.

A consecuéncia realmente grave desta situación é que o sistema se desequilibra cunha clara discriminación cara aos concellos con menos recursos, a se producir un maior distanciamento cos demais recursos e a se acentuar, portanto, a desigualdade social entre ambos.

Desde a nosa perspectiva, consideramos que o governo galego debe suplir estas caréncias a proporcionar estruturas próprias que viñeren completar o labor dos servizos socias dos concellos, sen obviar a consecución dun mínimo de persoal que deba ter todo o concello, por pequeno que for, que sobrepasar o dun único técnico social para se adentrar na equipa interdisciplinar.

Para isto non se trata de criar nada novo senón simplesmente recuperar as *equipas técnicas de desenvolvimento integral comunitário,* de ámbito comarcal e carácter interdisciplinar, definidas e nunca aplicadas pola lei galega de medidas básicas para a inserción social (Risga), como mellor xeito de apoiaren o traballo social dos concellos, tendo como función principal a loita contra as situacións de marxinación, precariedade social e discriminación étnica ou de calquer outro tipo através dun **Plano de loita contra pobreza e exclusión social** que contemple:

1. A análise da realidade social do seu ambito de actuación.

2. A elaboración de proxectos orientados á mellora das condicións de vida, integración social e relacións interculturais das persoas e colectivos máis desfavorecidos entre as que se contan como básicas unha vivenda digna, a formación e a inserción laboral.
3. A implementación deses proxectos –a contar co equipamento necesário- desde unha metodoloxia comunitária, onde as persoas con que se intervén asuman un papel protagónico na resolución dos seus problemas.
4. A incentivación da participación social, a desenvolver a capacidade organizativa da comunidade e consolidando un tecido social activo e implicado na problemática dos seus respectivos concellos.
5. A coordenación e cooperación cos servizos sociais dos concellos na formulación e desenvolvimento de actuacións, asi como a relación con outras entidades sociais e de voluntariado.
6. O Servizo de Planificación da Dirección Xeral de Servizos Sociais –que na actualidade non planifica nada- será potenciado, de xeito que contará cunha equipa multiprofisional que ademais de realizar os labores próprios do servizo, actuará como unidade de apoio especializado en relación ás equipas técnicas comarcais e aos servizos sociais dos concellos que o demanden.

V.2.5.2 Servizos sociais de carácter específico

Consideramos que dentro dos servizos sociais dirixidos a colectivos con problemas que requeren un trato moi particularizado através de centros, servizos ou programas claramente definidos e apropriados aos mesmos, se debe prestar atención fundamentalmente aos seguintes:

V.2.5.2.1 Os maiores

Galiza posui un 18’59 % da povoación superior aos 65 anos (Estado: 15’98 %), e se contarmos a partir dos 75 anos, a percentaxe seria do 8 %, o cal nos indica que estamos perante unha comunidade moi envellecida e que, segundo todas as previsións, se acentuará nun futuro dado o incremento da esperanza de vida e a auséncia de relevo xeracional que estamos a observar pola baixa taxa de natalidade.

Adoita ser despois dos 75 anos, que representan 220.000 persoas, cando se intensifica unha série de patoloxias próprias da idade, de xeito que se pode calcular unhas 100.000 persoas con algunha dependéncia en Galiza e, destas, a maioria son-no de carácter cognitivo e arredor de 40.000 tipo alzheimer.

Para atender esta povoación, Galiza conta con 9.544 prazas en centros residenciais públicos (28) e privados (69), o que significa unha ratio de 1’90 prazas/100 persoas de máis de 65 anos (Estado: 3’03). Evidéncia-se unha falta enorme de prazas residenciais sobretodo para os vellos dependentes, os máis

necesitados. A escaseza de centros de dia tamén é considerábel e a asisténcia a domicílio representa o 1'1 %, cando se estima que unha cobertura adecuada oscila entre un 8-10%

Todo isto indica a precária atención á vellez por parte do actual governo da Xunta de Galiza, que deixou o tema fundamentalmente nas mans das famílias, de xeito que, na actualidade, a demanda insatisfeita canto a recursos e apoios é enorme.

O BNG desde o governo galego estabelecerá un ***Plano integral da atención á vellez*** que contemplará:

1. Programa de Centros

- Priorización de centros públicos sobretodo para vellos dependentes con prazas para válidos con problemáticas de soidade.
- Fixación dun modelo baseado na optimización de recursos, consistente nun complexo con diversas prestacións: residéncia de asistidos cun módulo de válidos co seu equipamento próprio e diferenciado, centro de dia con transporte, prazas temporais de curta e meia estáncia, colaboración cos concellos onde se ubiquen de ofertar servizos de comedor e lavanderia a domicílio, asi como outras actividades e prestacions.
- Relación coordenada sócio-sanitária.
- Revisión do actual baremo de ingresos en residéncias e da comisión de valoración de xeito que se axuste o máis posíbel á realidade sanitária e social do usuásrio, a ter en conta a experiéncia sobre o seu perfil, cualificada por expertos en ambos os campos.

2. **Programa especial para doentes de Alzheimer**

- Os ingresos en centros destas persoas poderá ser a calquer idade.
- Reserva de prazas en estáncias temporais e centros de dia
- Servizo especial de axuda a domicílio adaptado aos diferentes casos desta problemática e á sua situación rural ou urbana en colaboración coa administración local.
- Apoio formativo, técnico e de asesoramento aos servizos sociais dos concellos, asi como ás asociacións e coidadores familiares destes doentes, procurando facilitar a estes últimos posibilidadades de descanso e vantaxes para acadaren unha vida máis suportábel.
- Aplicación das novas tecnoloxias neste campo e difusión das mesmas entre as asociacións e familiares dos doentes.
- Atención específica para o meio rural.

3. **Programa de acollimento familiar**

- Reformar a actual normativa de cara a ampliar as formas de acollimento e precisar moito máis o baremo de valoración.
- Revisar a subvención proporcionada pola Xunta ao menos cada 2 anos para a axustar á suba do IPC nos ingresos do usuário.

4. **Programa de apoio para unha vellez activa**

- Promover as relacións interxeracionais para a comprensión e a valoración entre as diferentes idades que posibilite unha sua articulación enriquecedora.
- Estimular as capacidades criativas e de aprendizaxe dos nosos maiores nas diferentes ramas da arte, da cultura en xeral e do saber através do estudo ou da experiéncia que revalorice a sua autoestima.
- Favorecer as posibilidades de traballo e participación dos xubilados en tarefas que redunden en benefício da sociedade e reafirmen a utilidade social dos mesmos.
- Propiciar un lecer saudábel e instrutivo a impulsar a balneoterápia e o exercício para o mantimento físico, asi como as viaxes e excursións, para alén de todo o tipo de actividades que facilitaren as relacións sociais nestas idades e que evitaren situacións de isolamento e soidade.

V.2.5.2.2 Os discapacitados

A decidida opción dos Servizos Sociais que propugnamos pola igualdade social é a que xustamente nos fai respeitar o direito á diferenza que, lonxe de constituir un problema, debe observar-se como unha consecuéncia da complexidade social en que estamos imersos, sempre enriquecedora se se tratar de potenciar máis as capacidades que de se lamentar das limitacións.

As desvantaxes das persoas, caisquer que estas foren, en relación ao seu entorno deben ser solventadas por parte da sociedade a esta adaptar o seu sistema para a sua integración, de xeito que podan participar activamente na vida social desde a sua liberdade e responsabilidade.

Neste sentido propón-se a realización dun ***Plano integral para as persoas con discapacidades*** cos seguintes obxectivos:

1. Posibilitar a accesibilidade normalizada e autonomia social para este colectivo.
2. Potenciar a sua integración social.
3. Xerar unha rede asistencial coerente de atención a estas persoas en cooperación coa iniciativa social.

Para acadar estes obxectivos impulsarán-se as medidas que reflexamos a continuación:

1. Efectivizar a actual lei de accesibilidade e supresión de barreiras da Comunidade Autónoma de Galiza, a controlar o seu cumprimento.
2. Prestará-se especial atención ao acceso á vivenda adaptada e promoverán-se vivendas tuteladas
3. A integración social debe comezar desde a escola polo que se porán en prática programas de atención temperá, apoio escolar, seguimento familiar, reabilitación, etc.
4. Orientará-se aos discapacitados físicos sobre as posibilidades de traballo en funcións das suas aptitudes e capacidades, apoiando a sua participación na formación profisional e o emprego no sistema laboral ordinário, asi como o seu acceso ás novas tecnoloxias.
5. Axudará-se á criación de empresas solventes normalizadas para emprego de discapacitados físicos propiciadas polas suas próprias asociacións, ademais de favorecer o autoemprego.
6. Fomentarán-se actividades culturais, deportivas e recriativas, asi como programas de sensibilización social e voluntariado, para avanzar na integración social.
7. Artellará-se unha rede de centros territorializada, en colaboración cos concellos e coa iniciativa social privada non lucrativa, que contemplará:
   - **Servizos de Atención ás persoas discapacitadas.** Estabelecerá-se unha rede de centros de atención ás persoas discapacitadas, que se dotará de contidos específicos para unha atención físico-psico-social de xeito integral.
   - **Centros ocupacionais** para a capacitación laboral e axuste presoal e social das persoas minusválidas.
   - **Centros de profundos** para a atención de deficientes psíquicos severos e **Centros de psicóticos e autistas** que polas suas especiais características deben ter a sua própria atención con modalidades de prazas fixas, temporais e centro de dia.
   - **Centros Especiais de Emprego** para aqueles que polas suas condicións non poidan acceder a unha empresa convencional.

Para a realización de todas estas medidas e programas, contará-se coa participación das persoas con discapacidades e das suas asociacións e organizacións.

V.2.5.2.3 Os menores

A actuación cos menores, que pola sua vulnerabilidade deben ser o centro de interese da política sobra família por parte dos servizos sociais, significa tamén o traballo con esta para conseguir a sua normalización social.

Nesta liña, propón-se a realización dun ***Plano integral de atención ao menor*** que xirará arredor dos seguintes eixos:

1. Programas de coordenación coa Administración educativa para promocionar a escolarización na educación infantil (de 0 a 3 anos) e combater o absentismo escolar, fomentanto as escolas de pais.
2. Programas de prevención das situacións de desamparo e desprotección do menor e de intervención nas situacións de desestruturación familiar, a potenciar a coordenación e a dotación de meios técnicos e profisionais para o seu desenvolvimento no ámbito municipal.
3. Potenciación do acollimento familiar e da adopción de menores, particularmente daqueles en que concorran circunstáncias difíceis (por idade, discapacidades, etc.), a potenciar o asociacionismo neste campo asi como os incentivos económicos e sociais.
4. Incrementarán-se a dotación das equipas provinciais de menores con novos especialistas para o apoio aos servizos sociais dos concellos con programas específicos contra os malos tratos, abusos sexuais e todas aquelas cuestións que afecten de maneira grave a situación do menor, a estabelecer unha coordenación efectiva cos órgaos xudiciais, cos de seguridade e cos departamentos técnicos e políticos intervenientes nestes casos.
5. Adecuación da rede de centros ás necesidades de integración social dos menores que, polas razóns que fosen, deban permanecer nos mesmos como substitutos dos seus fogares, mediante o desenvolvimento de proxectos formativos e de cualificación profisional, en colaboración coa iniciativa social.
6. Estabelecimento dun programa de seguimento para os internados que por cumprir os 18 anos teñen de abandonar os centros, apoiando-os con aloxamento e incentivos económicos asi como na procura de emprego.
7. Actuacións dirixidas aos menores submetidos a medidas xudiciais:
   - Reclamar da Administración Central a dotación económica necesária para o desenvolvimento pleno das medidas contempladas na nova Lei de Responsabilidade Penal do Menor.
   - Programas para a execución das medidas en meio aberto.
   - Adecuación dos centros e ampliación dos recursos técnicos e profisionais que faciliten os obxectivos de resocialización.

V.2.5.3 Xestión

Ademais dos níveis expostos, os Servizos Sociais requeren unha inxente actividade xestora. Deste xeito, precisa-se unha rede administrativa que tramite as prestacións dos usuários coa eficiéncia debida, para o que son necesários: unha boa organización, recursos humanos suficientes, meios materiais adecuados, simplificación e axilidade burocrática, dilixéncia na toma de decisións e suficiéncia financeira. Polo que se propón:

1. A criación dun organismo autónomo o ***Instituto Galego de Servizos Sociais*** *(IGASS),* coa finalidade de garantir a eficácia administrativa na xestión dos Servizos Sociais.
2. A concentración dos servizos sociais nunha única Consellaria e a reforma da Lei de Servizos Sociais para viabilizar as propostas contidas neste programa.

V.2.5.4 Defensa dos direitos dos usuários

1. Criarán-se comités (vellez, discapacitados, menores, etc) que velarán polo respeito aos direitos das persoas e colectivos en desvantaxe social, á vez que fomentará neles a necesidade de os exerceren, influindo, deste xeito, na consecución dunha sociedade máis integrada.

V.2.5.5 Participación institucionalizada

A participación como pilar básico da actividade social, debe ser cuestión da cotidianiedade no traballo social. Non obstante, precisa-se a sua institucionalización para tratar os grandes temas que afectan os servizos sociais, é dicer, aqueles que teñen non só unha implicación técnica senón tamén política canto que deseñan modelos de actuación.

Actualmente, os consellos de servizos sociais estabelecidos pola Xunta resultan inoperantes e inutis como instrumentos de transformación social. Apesar de que os definen como órgaos de consulta e participación, non funcionan nen como o un nen como o outro e, na prática, o Consello Galego de Servizos Sociais, que leva anos sen se reunir (e por certo sen o ninguén botar en falta), limita-se a ser recepcionista do que a Xunta lle informa ou en tal caso se converte en lugar de queixas e reivindicacións a desvirtuar totalmente o caracter e os fins do mesmo.

Pensamos que debe haber dous níveis de participación institucionalizada: o local e o galego.

1. Incentivarán-se, portanto, a constitución de **Consellos Municipais de Servizos Sociais,** como os principais espazos de participación cidadá na consecución do benestar social e na mellora da calidade de vida local.
2. Impulsará-se o funcionamento do **Consello Galego de Servizos Sociais** como órgao efectivo de participación, dotando-o de capacidade para emitir informes por iniciativa própria e a definir os supostos que requeriren a sua información preceptiva.

V.3 POLÍTICAS DIRIXIDAS ÁS MULLERES

V.3.1 INTRODUCIÓN

O Bloque Nacionalista Galego ten definido o feminismo como un ben necesário, por ser expoñente dun pensamento e dunha prática liberadores a que non poden ser alleos os homes nen as organizacións políticas con vontade de transformación, mellora e superación das condicións de vida das galegas e galegos. Mais, por baixo das declaracións e dos recoñecimentos nominais, non é doado obxectivar politicamente testemuñas cargas de discriminación como as que, por moitas vias, continuan a padecer as mulleres como tais. Quen elabora leis, toma decisións políticas e xestiona administrativamente continua a ser, maioritariamente, hexemonicamente, xuiz e parte a un tempo, e continuan a ser imensa maioria as mulleres submetidas a regras de xogo que non deciden nen debaten.

A esta altura histórica e nunha sociedade como a galega, acumulan-se problemas do pasado con dificuldades do presente, en que, desde logo, mudaron moitas partes sociais, económicas e morais, sen que, en troca, teñan cambiado cualitativamente aspectos centrais da discriminación e da exclusión social das galegas. Hai dados elocuentes que informan da persisténcia da subordinación en moitas frentes diferentes: a taxa de desemprego das galegas dobra a dos galegos e, no caso de titulados superiores, a taxa case se triplica, co que o investimento en educación e a sua crecente feminización non se rendibilizan en absoluto; a igual posto de traballo, nos asalariados, as mulleres seguen a gañar unha média de case un 30% menos que os homes; verifica-se que o 21% das mulleres cun familiar que padeza Alzheiner (22.000 persoas en Galiza) abandonan o seu posto de traballo remunerado; a imensa maioria dos empregos a tempo parcial está ocupada por persoal feminino (o 80,96%), ao igual que no traballo precarizado, na economia submerxida ou desregularizada ou en todo o espectro dos infra-salários. O reparto de cargas doméstico-familiares continua a ser un belo propósito incumprido ou adiado para non se sabe qué mañá... A visibilidade pública das mulleres continua a ser limitadísima e sempre peneirada pola sua adesión prévia ao sistema que as utiliza de coartada redentora. E poderian encher-se páxinas e páxinas con memorial de agrávios moi levemente atenuado...

No entanto, dous grandes equívocos continuan a pairar na consideración xeral das políticas sobre e para as mulleres. En primeiro lugar, a sua sectorialización, a sua des-humanización: as mulleres seguen a ser o “Outro”, non a humanidade declinada en feminino. En segundo lugar, a utilización do marco xurídico-político, das lexislacións en concreto, como muro que paralisa e non como móbil de cámbio. A Lei, nominalmente, iguala (cando o fai) o que na realidade social continua a ser ostensibelmente desigualitário: no canto de acelerar a igualdade de facto entre mulleres e varón e de lexislar sobre a *diferenza* que o precise, cria-se unha realidade de papel que, obviamente, non dá conxurado os efeitos dun funcionamento económico, social e político que precisa

centralmente desa discriminación para a sua subsisténcia e reprodución. O "politicamente correcto" nesta cuestión revela-se, enfin, a cada paso máis farisaico e imobilista e devén en impostura cando se tenciona afirmar que *xa* non hai problema, non habendo mínimo interese real en tan sequer mudar as bases do que se dá por solucionado.

Se as mulleres aparecen, como maioria, en todos os indicadores sócio-económicos negativos, o lento camiño á igualdade só se poderá percorrer con medidas práticas e reais que garantan a tendéncia contrária. Hai outras vias: a metafísica, a idealista, a que confunde realidade obxectiva con percepción subxectiva ou vivéncia biográfica ou, simplesmente, a da cegueira ou o desprezo analítico. Tamén, a da eterna secundarización, cal árbore de folle perene, que sempre adia para non se sabe qué futuro ou sociedade ideal o que permanece incólome no presente. Calquer delas atenta contra os ampulosos princípios de democrácia, liberdade e solidariedade que adoito se manexan como incontrovertíbeis. Ou ben se reduce a maquinária verbal até adaptá-la á realidade ou ben se aplica a modificar esta, ao menos nos aspectos abordábeis e tratábeis politicamente. É esta a inspiración dos seguintes

V.3.2 CRITÉRIOS XERAIS

Somos conscientes de que un programa político, nacionalista e transformador, non pode abordar máis que unhas cantas faces do poliedro tan complexo. Pueril seria aspirarmos a que, milagrosamente, ficasen resolvidos, por decisión política, problemas tan vellos no tempo e na socioloxia do país, tan actuais nas suas cifras, tan vinculados a unha rede mesta de condutas, intereses machistas, visións masculinistas e atavismos de todo o tipo. Nen sequera que fiquen enunciados. O que segue, pois, cómpre le-lo na clave do factíbel, na lexislación e na xestión política, sempre na perspectiva actual e na aspiración de mudar condicións basilares (a emancipación económica, por exemplo; a represión da violéncia sexista; etc.) que permitan mudanzas ulteriores.

Neste sentido, cómpre aclararmos que o Programa de Governo que o Bloque Nacionalista Galego apresenta a respeito das políticas dirixidas especificamente ás mulleres –e que desenvolvemos a continuación– xira arredor do mundo laboral como eixo central e basilar do mesmo, abordando con seriedade e realismo a problemática feminina de acceso ao mercado laboral e a mellora das condicións de traballo, á vista das abrumadoras estatísticas de desemprego feminino e sabedoras/es de que é fundamentalmente a independéncia económica a que conduce á necesária autonomia persoal. Desde esta perspectiva, incluímos, tanto medidas que inciden directa e estritamente no mundo laboral, como medidas –denominadas aqui "indirectas"- dirixidas a liberaren ás mulleres de cargas – nomeadamente "domésticas" – que elas asumen ordinariamente case en exclusiva e que impeden ou dificultan a sua integración na vida laboral en condicións minimamente "normais".

Nesta liña, incidimos en:

a) Medidas lexislativas, tanto de ámbito competencial estatal como autonónomico que coadxuvaren na implantación da necesária igualdade real e efectiva inter-xéneros.
b) Utilización do dispositivo xurídico-político autonómico para a implantación de medidas concretas no ensino, na sanidade, no traballo asalariado, etc., dotadas do correspondente orzamento onde for preciso
c) Utilización dos meios de comunicación de titularidade pública para seren activos colaboradores das políticas anti-discriminatórias.
d) A noción, enfin, de que en todo canto problema sócio-económico de relevo se tratar, toparemos sempre o "corpo do delito", quer dicer, unha muller maltratada, excluída, discriminada salarialmente ou sobrecargada de tarefas que impeden a tan pregoada como incumprida promoción ou acceso no marcado laboral e á visibilidade pública

V.3.3 MEDIDAS LEXISLATIVAS

V.3.3.1 De ámbito competencial estatal

- Instar a reforma da *Lei 39 / 1999, de 5 de Novembro para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras*, na seguinte dirección:
    - Obrigatoriedade do permiso de paternidade, posterior ao parto, por un período de seis semanas, a desfrutar de xeito simultáneo ou sucesivo co da nai e coa percepción íntegra do salário.
    - Posibilidade de prórroga do permiso de paternidade de doce semanas máis, con percepción salarial nunca inferior ao 75 %.
    - Posibilidade de prórroga do permiso de maternidade até un ano, sen rebaixa da percepción salarial
    - Como medida de acción positiva, as baixas laborais por maternidade que significaren custo 0 para o empresário/a serán cobertas necesariamente por traballadoras, á vista do volume moito máis elevado de desempregadas ou aspirantes femininas ao primeiro emprego, a respeito dos varóns.
- Instar a reforma do artigo 153 da *Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro do Código Penal*, no sentido de suprimir o conceito de *"habitualidade"* como elemento constitutivo do delito relativo aos maus tratos.
- Instar a reforma da *L.O 9/1985 de 5 de Xullo, sobre Interrupción Voluntária da gravidez,* no sentido de: Estabelecer unha lei de prazo que garanta, en todo o caso, o direito das mulleres a decidir libre e voluntariamente a respeito da interrupción do seu estado de gravidez, a partir das 16 primeiras semanas de xestación, na rede sanitária pública e efectuada con todas as garantias – antes, durante e post-parto -, sen que motivos de obxección de consciéncia alegábeis polos facultativos podan impedir ou limitar o exercicio deste direito.
- Instar a reforma do *R.D. 1424/1985, de 1 de agosto*, relativo ao rexime especial do traballo doméstico, asi como das suas leis concordantes, nos seguintes aspectos:

- Que a vixente inclusión legal das traballadoras domésticas como *"relación laboral de carácter especial"*, pase a ser considerada como relación laboral ordinária.
- As traballadoras e traballadores domésticos con xornada completa, terán direito ás mesmas prestacións (desemprego, incapacidade temporal, xubilación, etc.) de que dispoñen o resto de asalariados acollidos ao rexime xeral da Seguridade Social.

- Elaboración dunha Lei que estabeleza un Fundo de Garantia para os casos de falta de pagamento das pensións alimentares e compensatórias xudicialmente determinadas por sentenza firme –ou en execución da mesma- recaídas en procesos de separación ou divórcio.

V.3.3.2 De ámbito competencial autonómico

- Estabelecimento dunha pensión non contributiva para mulleres de 60 e máis anos, que non dispoñan de rendas salariais nen patrimoniais próprias, en atención ao valor social do traballo realizado como "amas de casa" e á reprodución da forza de traballo desenvolvida ao longo das suas vidas.
- Determinación dunha axuda económica "*de emerxéncia"* ás mulleres vítimas de maus tratos que non dispuxeren de recursos económicos próprios, non inferior á renda de integración social (RISGA) e, en todo o caso, acumulábel a esta, durante todo o período en que non teñan accedido a un posto de traballo.

V.3.3.2.1 Traballo

A).- MEDIDAS DIRECTAS **para facilitaren o acceso das mulleres ao mercado laboral, asi como para melloraren a situación das asalariadas:**

- Criación dunha mesa sectorial, onde estexan integrados, tanto axentes sociais como empresariais, asi como a Administración Pública, que teña por obxecto potenciar entre as partes, medidas activas de emprego para as mulleres ao mesmo tempo que propiciar o debate a respeito da precariedade laboral que estas padecen, de tal xeito que se poidan romper as barreiras que actualmente existen, tal como a reticéncia empresarial á contratación de mulleres en idénticas condicións de traballo que os varóns.
- Elaborar un programa dirixido á Comunidade Educativa, especialmente relacionada cos ciclos formativos universitários, que incida no uso de políticas de acción positiva; concretamente cando se dirixan ás empresas ou viceversa, nos casos de posíbeis contratacións de mozas/os.
- Solicitar da Inspección de Traballo a criación dunha liña exclusiva para inspeccionar tanto as contratacións realizadas ás mulleres como as xornadas e condicións laborais ás que estas están submetidas.
- Criación dun servizo de inspección próprio, da Xunta de Galiza, para investigaren os contratos que se fan ás mulleres dentro das medidas de

fomento de emprego do Governo Galego, asi como para loitaren inflexíbelmente contra a economia submerxida ou face o abuso da contratación temporal.

- Eliminación nos convénios colectivos de todos aqueles incentivos que promovan o abandono do posto de traballo por mor do casamento. Asi mesmo, de calquer outra cláusula discriminatória referida a vestuário, división do traballo por xéneros, linguaxe, dote, etc.
- Todas as axudas públicas -baixo calquer modalidade-, a empresas galegas, existentes ou de nova criación, estarán condicionadas ao cumprimento estrito da igualdade salarial real entre traballadoras e traballadores, con vixiláncia da mesma nos convénios que se asinaren.
- Promoción e apoio de iniciativas de autoemprego e, concretamente, da criación ou formación de cooperativas de mulleres.
- Favorecer e impulsar políticas que incrementaren a participación feminina nos sectores vinculados ás novas tecnoloxias e, en xeral, naquelas actividades laborais en que as mulleres estiveren subrepresentadas.
- O Governo Galego premiará as empresas que efectuaren contratacións paritárias canto ao xénero das/os suas/seus traballadoras/es (é dicer, nen máis do 60 %, nen menos do 40 % para homes e mulleres).
- En todo o caso, o Governo Galego primará, no momento de efectuar contratacións, aquelas empresas que tiveren no seu cadro de persoal unha relación paritária de contratación mulleres/ varóns (nen máis do 60 %, nen menos do 40 % para homes e mulleres).
- A Xunta de Galiza criará un prémio con carácter anual para aquelas empresas que aplicaren medidas de acción positiva como meio de acadaren unha igualdade laboral real entre traballadores e traballadoras.
- Realizarán-se programas de formación profisional específicos para as mulleres que contaren, á sua vez, con programas de integración laboral.

B).- MEDIDAS INDIRECTAS **para facilitaren o acceso das mulleres ao mercado laboral, asi como para melloraren a situación das asalariadas:**

- Garantir a existéncia e correcto funcionamento de comedores escolares nos níveis obrigatórios de toda a rede pública de centros de ensino.
- Criación e ampliación de escolas infantis na rede pública.
- Estabelecer convénios de colaboración cos Concellos co fin de implantar unha rede pública de infantários cunha marxe flexíbel de horários, axeitados, en todo o caso, aos horários laborais.
- Estabelecer, dentro da Programación dos centros de ensino público, actividades extraescolares.
- Garantir a cobertura xeralizada en todo o território dunha rede pública de transporte escolar que funcione con eficácia e seguranza.
- Fomentar a criación de servizos municipais diurnos (“Centros de Dia”) de atención a anciáns, doentes e discapacitados, mediante a celebración por parte da Xunta de Galiza dos correspondentes convénios de cooperación cos concellos.

- Impulsar a criación de servizos municipais de asisténcia, atención e coidado a domicilio de nenas/os ("servizos de canguros"), através dos pertinentes convénios de colaboración da Xunta de Galiza cos Concellos.
- Outorgamento, por parte da Xunta de Galiza, de axudas económicas para á implantación –ou ampliación, no seu caso – de servizos de asisténcia a domicilio de persoas idosas, enfermas ou discapacitadas, e potenciar, en xeral, a atención aos casos de doentes crónicos e terminais.

V.3.3.2.2 Sanidade

- Asunción por parte do SERGAS da obrigatoriedade de prestar a todas as mulleres galegas, a garantir a accesibilidade e a equidade, **servizos específicos de saúde**.
- Posta en marcha dun Plano de Saúde que contemplar a **implantación en todo o território** de:
    - Equipas de atención primária que realizaren normativamente entre as suas prestacións básicas: control e planificación da fecundidade, control do embarazo, control de doenzas de transmisión sexual, atención á menopáusia e prevención e detección precoz do cancro xenital e de mama.
    - Servizos específicos, tanto a nível de atención especializada como hospitalária, que reforzaren e ampliaren estes coidados. O direito ao aborto será inexcusabelmente garantido nestes centros de referéncia.
    - Unidades de información sexual especialmente orientadas aos/ás adolescentes.
    - Campañas de formación e información que implicaren tanto a povoación como os sectores profisionais involucrados.

V.3.3.2.3 Educación

Esta área é de grande importáncia, pois ten capacidade para incidir na coeducación, a sentar as bases que impulsarán a transformación social que o BNG defende. Neste sentido, é fundamental a coordenación a nível de executivo tanto para a toma de decisións como para a aplicación de medidas concretas nesta área.

- Posta en funcionamento dun **Plano de Coeducación Xeral** en todos os centros de ensino e con aplicación en todos os tramos educativos, implicando o conxunto da comunidade escolar. Ao ser este un campo de intervención prioritário, terá-se en conta o traballo realizado por movimentos de renovación pedagóxica, asociacións e colectivos que traballen neste ámbito, redefinirá-se a **coeducación** e procurarán-se estratéxias para mudar as mentalidades, combater prexuízos e actitudes

sexistas e, en definitiva, camiñar cara a unha sociedade igualitária. A aplicación deste Plano de Coeducación como base de funcionamento en todos os tramos educativos (infantil, secundária, obrigatória, bacharelato e formación ocupacional, universidade, escolas especiais, etc.) fará necesário que se aborden, necesariamente, os seguintes aspectos:

  - Realización de convénios cos movimentos de renovación pedagóxica, sindicatos, editoriais, etc., para a aplicación nos libros de texto e nos materiais de aula de práticas coeducativas.
  - Posta en funcionamento nos níveis superiores (fundamentalmente nas Universidades) de estudos relativos á muller, a procurar unha aplicación prática dos mesmos e con capacidade para incidir nas políticas levadas a cabo nos diferentes ámbitos educativos.
  - Promoción e acceso das mulleres a todas as actividades de educación, estudo e formación, especialmente naquelas actividades do mundo laboral que conlevaren unha menor cualificación e unha situación profisional de máis discriminación para as mulleres e naqueloutras en que estiveron ausentes maioritariamente.
  - Potenciación do autocoñecimento e do recoñecimento dos valores femininos.
  - Apoio a todas as iniciativas de asociacionismo feminino, a potenciar a criación de "Grupos de Traballo" sobre temas feministas nos centros de ensino.

- Erradicación do analfabetismo funcional da povoación feminina adulta.
- Deseño de programas de formación integral de adultas.
- Desenvolvimento de programas de recuperación da memória feminina.
- Potenciación do deporte feminino desde a base, a combater caisquer tipos de discriminación neste ámbito.
- Desenvolvimento de programas específicos de formación sexual, a traballar a educación afectivo-sexual, sen ficar unicamente na faceta reprodutiva da sexualidade.
- Deseño de programas de integración e participación das mulleres en todas as manifestacións culturais, loitando contra a sua invisibilidade.

As políticas dirixidas ás mulleres, como grupo social específico, que propugna o Bloque Nacionalista Galego (BNG) non se esgotan no que aqui fica apontado como medidas xerais. A necesidade dun tratamento transversal destas discriminacións e da sua solución obriga a un compromiso de governo horizontal que garde a mesma concepción congruente inter-departamentos e que vixile o cumprimento das diferentes políticas sectoriais (traballo, sanidade, educación, pesca, agricultura, cultura, etc.) de forma homologada. Por isto, mencións específicas, de carácter sectorial, sobre a especificidade da problemática das mulleres - abordábel politicamente - van aparecer en diferentes áreas deste Programa de Governo.

V.4 MOCIDADE

V.4.1 INTRODUCIÓN

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) entende que a mocidade deste país é un dos sectores sociais máis desprotexidos e desfavorecidos polas actuais políticas da Xunta de Galiza, e que, portanto, esa mocidade precisa dun governo que lle der cobertura, que atender as suas necesidades e que der resposta ás suas inquedanzas e aspiracións, a conseguir, asi, a eliminación das actuais trabas para a sua normal integración no conxunto da sociedade galega.

Este apartado pretende dar resposta a unha situación que precisa dun cámbio de rumo. Deste xeito, a posta en común e recompilación de diversas liñas de actuación, deu como resultado a concreción das medidas a desenvolver por un governo nacionalista en matéria xuvenil. Todo este traballo, é o froito do contacto do BNG co tecido asociativo galego e cos seus diferentes axentes sociais, en aras de ter un coñecimento real e de primeira man de cais son as principais inquedanzas e preocupacións hoxe por hoxe da xente moza, e de que sexan precisamente os sectores máis dinámicos da mocidade galega os copartícipes da alternativa do nacionalismo galego.

Este apartado do Programa de Governo do BNG recolle unha série de medidas referidas a problemáticas especialmente significativas para o conxunto da mocidade galega como a situación do sistema educativo, o acceso ao mercado laboral da xente moza, a compra ou aluguer dunha vivenda, os transportes e as comunicacións, a sexualidade, as drogas, etc. Mais a alternativa do BNG para a mocidade non se limita a estas propostas específicas. Entendemos que a mocidade, como un sector social máis, e como parte integrante do conxuto da sociedade galega, melloraria as suas condicións de vida e veria solucionados moitos dos seus actuais problemas coa aplicación do conxunto do Programa de Governo do BNG, porque afectan a xente moza, por activa ou por pasiva, as demais políticas deseñadas para o país.

A mocidade galega é o futuro mais tamén o presente, un presente participativo e dinámico, con opinión sobre as cousas que nos acontecen, a xogar, pois, un papel vital para a transformación en común deste contexto desfavorábel. É por iso que, o BNG abordou a análise da suas alternativas dirixidas á mocidade desde unha perspectiva global e integral, e cunha clara intencionalidade de facer que a mocidade sexa verdadeira protagonista, criando e potenciando desde un governo galego, un movimento asociativo merecente de tal nome, que funcione como verdadeiro impulsor e motor das suas próprias iniciativas.

V.4.2 INSTITUCIONAL

1. Criación dunha **Secretaria Xeral da Mocidade** con capacidade para coordenar políticas de várias Consellarias, conforme aos seguintes

critérios:

a) Capacidade executiva para a posta en marcha da política xuvenil.
b) Coordenación interdepartamental.
c) Participación xuvenil.
d) Coordenación inter-institucional.

2. Instar a constitución dunha comisión non permanente de mocidade no Parlamento Galego.
3. Apoio, colaboración e coordenación cos concellos e deputacións para a implementación dunha política xuvenil municipal.
4. Coordenación e colaboración do Governo Galego co Consello da Xuventude de Galiza para o desenvolvimento das suas funcións legais en matéria de política xuvenil.

V.4.3 INFORMACIÓN XUVENIL

1. Reordenamento dos actuais sistemas de información xuvenil a garantiren facilidade no acceso, coordenación e eficácia.
   - A Secretaria Xeral da Mocidade coordenará e canalizará toda a información das administracións, asi como a que xere a própria Xunta de Galiza e as asociacións xuvenís da forma máis dinámica e descentralizada posíbel. A tal efeito, entre os suportes informativos a utilizar figurarán:
     - Pontos de información fixos en centros de ensino, casas da xuventude, estacións de transporte público e lugares de tránsito xuvenil.
     - Pontos de información móbeis que permitan transladar a información a pontos onde non sexa posíbel a situación de pontos de información permanentes.
     - Nestes pontos de información, alén de estaren dotados de persoal cualificado, impulsará-se o emprego de aplicación de técnicas e meios electrónicos, informáticos e telemáticos.
     - Promoción de seccións ou programas nos meios de comunicación dedicados á información xuvenil.
   - Dentro desta Secretaria Xeral, impulsará-se a criación dunha Área de Información coa función de verdadeira fonte de información interna e externa sobre matérias moi diversas: lexislación, convénios, convocatórias, ofertas de emprego público e privado, subvencións, publicacións, etc.
   - Dotará-se ao servizo de publicacións dunha maior eficiéncia na edición de libros, catálogos, boletins, folletos informativos, publicacións en suporte informático, etc. Levarán-se a cabo duas medidas:
     - Edición dun boletin de información da Secretaria Xeral de Mocidade en papel e suporte dixital complementar ao de outras administracións, co fin de dar maior difusión ás matérias que afectan a xente nova e cabida ás iniciativas e actuacións do tecido asociativo xuvenil.

        - Edición dun sítio web que recolla información sobre as actuacións dos departamentos da Administración autonómica relacionados coa mocidade, nomeadamente a Secretaria Xeral da Mocidade, e que permita á xuventude realizar consultas, enviar propostas, queixas, etc.
2. Garantirá-se a participación efectiva e activa do tecido asociativo xuvenil nestes sistemas como axente xerador e receptor de información, de maneira que a mocidade participe e sexa protagonista.

V.4.4 PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO

1. Elaboración e desenvolvimento dun Programa de impulso do asociacionismo xuvenil co obxectivo de potenciar o xurdimento de novas asociacións e a consolidación das xa existentes através de:
    - Medidas de asesoramento que actuen na tramitación da formación de colectivos, habilitando partidas a tal efeito.
    - Medidas de consolidación das asociacións xa existentes en base á xestión e ao desenvolvimento de actividades.
    - Permanente actualización dun censo de asociacións, o máis completo posíbel, que permita en todo momento analisar a realidade do movimento asociativo xuvenil galego.
2. Estabelecerá-se unha liña de axudas económicas que, baixo critérios transparentes, obxectivos e democráticos, permitiren ás asociacións e colectivos a realización de actividades. A Secretaria Xeral da Mocidade, coas entidades presentes no Consello da Xuventude de Galiza decidirán conxuntamente os critérios por que se concederán estas axudas, a criar unha normativa específica para este fin.
3. Dotación de infraestrutura e equipamento que servir de suporte para a realización de actividades sócio-culturais, para facilitar a reunión e asociación e para garantir a máis ampla información das mozas e dos mozos:
    - Racionalización do uso dos actuais equipamentos e infraestruturas a disposición da mocidade:
        - Ordenamento descentralizado: garantirá-se o equilíbrio territorial para superar a actual desatención de determinadas zonasdo País.
        - Participación: camiñará-se cara á auto-xestión das infraestruturas dependentes da Xunta de Galiza por parte das entidades usuárias.
        - Proximidade ao colectivo xuvenil: promoverá-se a apertura de todos os equipamentos dependentes da Xunta de Galiza a todas as asociacións xuvenis, co obxecto de seren centros promotores do asociacionismo xuvenil, e para que sirvan de suporte físico ás actividades e iniciativas da mocidade asi como centros de encontro, información e espazo público de lecer.

- Os equipamentos serán dotados de meios técnicos e económicos necesários para a implementación das actividades que se propuxeren.
- O funcionamento dos equipamentos para a mocidade será democrático e aberto a todos os mozos/as que queiran participar nas actividades organizadas nestes.

4. A Secretaria Xeral da Mocidade impulsará o Consello da Xuventude de Galiza (CXG), que terá como obxectivo fundamental o fomento do asociacionismo e da participación da xente nova. Con este fin, o BNG promoverá desde o governo galego:
   - A reforma da Lei do CXG.
   - A dotación de financiamento e dos meios necesários para se cumpriren os seus planos de actividades.
   - O apoio ao CXG para impulsar o seu papel como axente dinamizador e consolidador dos Consellos Locais e Comarcais da Mocidade.
   - O recoñecimento do CXG como interlocutor válido da mocidade perante a Xunta de Galiza como verdadeiro órgao consultivo.
   - A integración no CXG de todas as entidades representativas que traballaren en temas de mocidade ou que prestaren servizos a esta.

V.4.5 EMPREGO

V.4.5.1 Fomento do emprego e da estabilidade laboral

1. O futuro Instituto Galego de Emprego e Formación (IGAEF) deseñará un programa específico e permanente dedicado á prospección e ao seguimento da situación da mocidade no mercado laboral.
2. Apoio ás iniciativas empresariais xuvenis e ao cooperativismo:
   - Criación de organismos de asesoramento de acceso gratuíto, que permitan á xente moza, realizar de forma gratuíta estudos de viabilidade empresarial, estudos de mercado, asesoramento xurídico e fiscal, información sobre as diferentes axudas ás que pode ter acceso, etc.
   - Impulsarán-se convénios entre a Xunta de Galiza e as entidades bancárias para a concesión de créditos brandos e avais bancários para o financiamento destas iniciativas.
   - Fomentará-se a criación dunha rede estratéxica de viveiros de empresas, dotados das infraestruturas básicas que faciliten a constitución de empresas por parte da mocidade.
3. Elaboración de programas específicos de criación de emprego en obras e traballos de interese social que fomente a contratación da mocidade. En particular, estudarán-se as necesidades sociais cobertas na actualidade por prestacionistas e voluntários/as, de cara á crición de postos de traballo que cubran estas actividades de maneira remunerada e profisionalizada.
4. Promoción da continuidade laboral, a etabelecer axudas específicas para mozos e mozas que opten por continuar con explotacións gandeiras, pesca, ofícios artesanais, etc.

5. Control efectivo por parte da Administración, para garantir que o traballo da mocidade, especialmente entre 16 e 19 anos, se desenvolva baixo condicións de traballo dignas.

V.4.5.2 Orientación é búsqueda de emprego

1. Plano de desenvolvimento do Servizo Galego de Colocación (dentro do IGAEF) para o converter no verdadeiro referente no conxunto da mocidade que se atopar á procura de emprego. Este plano incluirá medidas encamiñadas a:
   - Mellorar a implantación territorial do Servizo Galego de Colocación.
   - Revisar o actual modelo de prestación de Servizos.
   - Afortalar as canles de comunicación e publicidade.
   - Dotar ao Servizo galego de Colocación dun servizo de información pontoal sobre os direitos laborais da xente moza, asi como dun servizo mínimo de asesoramento xurídico.
   - Mellorar a comunicación entre o SGC e as empresas privadas a promover que todas as empresas reciban información continuada das ofertas de emprego.
   - Promover os fluxos de información e a coordenación entre o sistema educativo e o Servizo galego de Colocación, de xeito que este poda adaptar as suas políticas á oferta formativa de cada momento.
   - O Servizo Galego de Colocación realizará un tratamento específico das novas formas de emigración que se están a dar no País e que repercuten especialmente na xente moza. A tal efeito, impulsará:
     - Medidas para garantir que todo emigrante galego poda dispor de información actualizada sobre as ofertas de emprego existentes en Galiza.
     - Convénios coas Administracións laborais doutras Comunidades Autónomas ou países especialmente receptores de emigración galega, para facilitar a difusión entre a povoación emigrada de información sobre oportunidades de emprego en Galiza e sobre medidas favorecedoras do retorno de emigrantes.
2. Dotación á Consellaria de Emprego dos mecanismos precisos para garantiren unha coordenación efectiva desta Consellaria con toda a rede galega de información xuvenil
3. Garantir a oferta da matéria “Formación e Orientación Laboral” (matéria recollida nos deseños curriculares pola LOGSE) en todos os centros de ensino médio do País, con persoal suficiente e especializado.
4. Adecuación de espazos nos meios de comunicación públicos para a difusión de medidas de orientación e busqueda de emprego.

V.4.5.3 Formación

1. Adaptación dos planos de estudo e da sua racionalización sobre a base das características sócio-económicas de Galiza.
2. Total gratuidade dos cursos formativos para xente nova desempregada.
3. Reformulación do papel das Escolas Obradoiro e Casas de Ofício.
   - Garantir que as escolas obradoiro e casas de ofício desenvolvan uns contidos vencellados á realidade sócio-económica galega.
   - Criación dun mapa nacional de escolas e casas de ofício, baixo critérios que teñan como base fundamental, para a ubicación e especialización das mesmas, a realidade sócio-económica de cada localidade ou comarca.
4. Fomento de bolsas formativas para xente moza e para a incorporación de xoves investigadores en actividades de I+D.
5. Deseño dun Plano Nacional de Formación Profisional, sectorializado territorial e funcionalmente. Reorientación e potenciación das escolas de formación profisional resolvendo as suas caréncias actuais, proporcionando-lles os meios materiais para o seu correcto funcionamento e para que aproxime ao estudantado á nova situación tecnolóxica.
6. Axeitamento dos cursos de formación ocupacional e de inserción laboral para a mocidade desempregada, ás necesidades presentes e futuras da economia e da oferta de emprego.

V.4.6 VIVENDA

V.4.6.1 Facilitar o acceso da mocidade á vivenda

1. Realización dun estudo, suxeito a actualizacións periódicas, sobre as posibilidades económicas, a demanda e as condicións de accesabilidade á vivenda por parte da mocidade.
2. Inclusión da mocidade dentro dos beneficiários da percentaxe de reserva de vivendas de protección oficial de promoción pública que lle corresponden aos concellos.
3. Facilitar o acceso da mocidade a vivendas desocupadas:
   1. Potenciación da vivenda rural no camiño de reabilitar e repovoar os núcleos rurais, actuando combinadamente co desenvolvimento das economias comarcais.
   2. Realización dun censo detallado das vivendas baleiras, con indicación daquelas vivendas que, polas suas crácterísticas, se adapten mellor ás necesidades da mocidade.
   3. Informar aos mozos/as que desexen adquirir ou alugar unha vivenda baleira.
   4. Fomento da reforma de vivendas e edificios baleiros, especialmente nos cascos historicos, mais tamen no resto de zonas dos concellos, para se adaptaren ás necesidades dos mozos e mozas do país que desexaren mercá-las ou alugá-las, através das seguintes medidas:

- Criación dunha liña especial de axudas e créditos subvencionados para a reabilitación de vivendas desocupadas.
- Dotar de asesoramento técnico solvente as actuacións de reabilitación.
- Fomentar a transformación de vivendas baleiras reabilitadas en vivendas-residéncia públicas para estudantes.

4. Adopción das medidas lexislativas, económicas e de asesoramento precisas para posibilitaren a constitución de cooperativas de vivendas por parte de xente nova.

V.4.6.2 Axudas públicas para aluguer e compra de vivendas

1. Elaboración e regulamentación dun "Programa de vivenda de protección pública en rexime de aluguer" destinado á mocidade (tanto universitária como non universitária).
2. Elaboración de convénios entre a Xunta de Galiza e entidades bancárias para facilitaren o acceso da mocidade á vivenda.
3. Facilitar o acceso da xente moza a vivendas de protección oficial.

V.4.6.3 Orientación, asesoramento e axuda na procura de vivenda

1. Potenciación dos servizos de información, orientación e asesoramento sobre as axudas, direitos e deberes no acceso á vivenda, sexa en réxime de propriedade ou aluguer.
2. Cumprimento estrito das condicións mínimas de habitabilidade e accesibilidade legalmente estabelecidas.
3. Colaboración cos concellos para a realización de inspeccións e controis que garantan o cumprimento das condicións mínimas de habitabilidade das vivendas alugadas a estudantes.

V.4.7 ENSINO

V.4.7.1 Ensino universitário

- Cumprimento do Plano de Financiamento Plurianual e elaboración dun novo plano de financiamento plurianual.
- Incremento do financiamento público e progresiva perda de peso relativo das taxas e do capital privado no financiamento universitário.
- Reforma do actual sistema de taxas. A reforma debe facer-se sobre a base dun critério progresivo en que o factor determinante sexa a renda.
- Reclamar a transferéncia da competéncia plena en matéira de bolsas para a Xunta de Galiza. Debera-se modificar os actuais critérios de concesión, para que a política de bolsas cumpra o obxectivo de igualación de oportunidades, sobre a base dos seguites elementos:
  a) Os critérios económicos terán máis peso na concesión que os académicos.

b) Adaptación dos critérios ao nível de renda e a estrutura de propriedade.
c) Aumento da contia média das bolsas.
d) Axilización na concesión e efectivización do pagamento.
e) Total transparéncia na concesión.

- Transferéncia completa das competéncias en matéria de ordenación universitária.
- Criación dunha rede de residéncias públicas, co obxectivo de cobrir, como mínimo, o 10% de matriculadas/os en cada cámpus.
- Modificación do CAP, incluindo a posibilidade de que esta formación pedagóxica se imparta dentro das titulacións universitárias, ben como matérias optativas ou como créditos de libre configuración.
- Homologación entre a componente educativa-foramativa e a profisional.
- Ampliación e mellora da rede de comedores universitários.
- Elaboración dunha normativa que regulamente os convénios de práticas do estudantado nas empresas, con participación sindical e das asociacións estudantis. Neste sentido pulará-se por que:
  a) As práticas serán remuneradas, a garantiren como mínimo o pagamento dos desprazamentos.
  b) Elaborará-se unha guia das actividades a desenvolver en cada unha das práticas, non só para unha mellor orientación do alunado, senón para un mellor control de que estas cumpriren o papel formativo que teñen asignado.
  c) Aumentarán-se os mecanismos de control sobre o desenvolvimento das mesmas.
  Reforzará-se a liña de axudas para promover o asociacionismo universitário.

V.4.7.2 Ensino non universitário

- Aumento do financiamento público.
- Gratuidade do transporte público en todos os níveis do ensino pre-universitário.
- Facilitar o acceso aos ciclos formativos (meios e superiores).
- Gratuidade progresiva dos libros de texto e material escolar no ensino obrigatório.
- Dotación de equipamento e infraestruturas no ensino médio e ciclos formativos.
- Reformulación da actual rede de centros a adapatá-la ás necesidades de cada zona.
- Racionalicación, extensión e gratuidade dunha rede de comedores públicos nos centros.
- Re-estruturación dos horários contemplando os grupos nocturnos.
- Redacción dunha carta de direitos e deberes do estudantado en que se recollan o direito á asemblea, á folga, á liberdade de estudo.

- Maior representación do estudantado nos Consellos Escolares de cada centro e no Consello Escolar de Galiza.
- Cumprimento do Decreto de noramlización Linguística 247/95 a fixar un seguimento por parte da Administración.
- Medidas tendentes a unha maior normalización do uso do galego no ensino.

V.4.8 ÓCIO E TEMPO DE LECER

1. A actuación neste ámbito levará-se a cabo mediante planos integrais de tempo libre ou programas de actividades, que terán, entre outras, as seguintes características e funcións: concretaren a racionalización das infraestruturas disponíbeis e abriren máis espazos para a animación sócio-cultural e o desfrute do tempo libre (centros cívicos, polideportivos, centros escolares, prazas, xardins, etc.), co obxectivo de se dinamizaren estes espazos como lugares de encontro de mozas/os dun mesmo entorno, como lugares de criación e suporte de iniciativas xuvenis ou da própria Consellaria, fomentando a participación e a auto-organización.
2. Os perfis dos planos serán flexíbeis e diversificados, tais como:
   a) Obradoiros de expresión manual, corporal, sexualidade, musical, teatro, etc.
   b) Saídas e excursións. Actividades relacionadas co coñecimento do meio ambiente, património..
   c) Realización de Festas: San Xoan, Maios, Antroidos, Magostos, etc.
   d) Concertos de grupos locais e comarcais, etc.
   e) Charlas, exposicións, conferéncias, etc.
   f) Posta en marcha de bibliotecas ou fundos de libros para empréstimo, campañas de animación á leitura, salas de leitura.
   g) Ludotecas dedicadas ao empréstimo de xoguetes, ao xogo colectivo, á criación de novos xogos, á recopilación e recuperación de xogos tradicionais (chave, carrilanas, estornela, etc.)
   h) Deportes e actividades físicas; tentando que haxa variedade. (brilé, voleibol, tenis de mesa, futbito, patinaxe, etc.).
   i) Outros. Actividades gastronómicas (cociña), artesania, etc.
3. Primar a galeguización en todas as actividades. Isto é, impulso dunha estruturación de contidos que teña en conta a realidade e a língua do país e, portanto, o entorno próximo da mocidade. O obxectivo é outorgar ao tempo libre o papel educativo que lle corresponde en relación coa necesária integración criativa da xuventude na sociedade galega.
4. Fomento da coeducación frente ao sexismo, através de charlas, xogos, obradoiros, equipas mixtas..., unha actitude e unha prática contrária ao estabelecimento de roles masculinos e femininos; tan comuns nos nosos hábitos de tempo libre, deporte, xogo, etc.
5. Colaboración e permanente diálogo co tecido asociativo xuvenil e cos mozos/as non asociados que estexan interesados/as en participar nos mesmos. Trata-se de promover a implicación da mocidade na planificación

e organización do seu tempo libre de forma activa, e que os planos resposten ás suas necesidades, ritmo de vida, horários, etc. Neste sentido é importante que o proceso de programación reciba a suficiente divulgación para dar lugar á maior información e participación posíbel entre a mocidade.

6. Colaboración entre a Xunta de Galiza e as Administracións locais para descentralizar a oferta, adaptandoa ás características de cada município e/ou comarca, e garantir a non discriminación dos concellos ou comarcas con menos recursos.
7. Realización de certames e/ou feiras e exposicións relacionadas coas actividades desenvolvidas.
8. Aumento da dotación orzamentária dedicada á contratación, formación e capacitación de educadores/as, animadores/as de rua, voluntariado, asociacións e entidades xuvenis. Este esforzo económico fará-se en catro direccións básicas:
    a) Liñas de apoio económico, con critérios obxectivos e avaliación de rendibilidade social, a proxectos concretos provenientes das diversas entidades e asociacións de animación sócio-cultural, para acampamentos, infraestruturas, excursionismo, teatro, guiñol, etc.
    b) Fomento das escolas de tempo libre, procurando ampliar a oferta pública e optimizar os investimentos que se fagan nas escolas privadas.
    c) Impulso á realización de práticas na rede pública de centros, do alunado de aqueles ciclos ou titulacións relacionados coa educación social e acción sócio-cultural, estabelecendo mecanismos de control e avaliación das mesmas.
    d) Realización de cursos, charlas, exposicións na rede pública sobre animación sócio-cultural, etc.
9. Maior planificación para abordar os múltiples programas europeus de intercámbio, actividades de tempo libre, etc., para extrair a maior rendibilidade posíbel destes programas e para os adaptar ás necesidades do País e das suas asociacións. O clientelismo e oportunismo con que se xestionan e con que se conceden moitas veces estes programas é un comportamento a erradicar de imediato, realizando un esforzo para divulgar, masiva e descentralizadamente, toda esta información e posibilidades nos concellos e asociacións, e introducindo claridade e critérios transparentes na xestión, utilización e/ou concesión destes recursos e programas.
10. Oferta própria de acampamentos, colónias, intercámbios, etc., para os períodos vacacionais. Neste sentido, ampliará-se o número de prazas, os contidos e actividades e a correcta divulgación da oferta (prazas, lugar, datas, actividades, prezos, etc.). A igualdade de oportunidades canto ao acceso a prazas será escrupulosamente garantida.

V.4.9 TRANSPORTE

V.4.9.1 Transporte colectivo

1. Medidas comuns para o ferrocarril e os autobuses.
   a) Horários: aumentar o número de liñas e adaptá-las ás necesidades da mocidade.
   b) Prezos: rebaixas no custo do billete a estudantes e desempregadas/os.
2. Medidas específicas en relación ás liñas de autobuses.
   - Aumentar a cobertura deste servizo, mellorando a comunicación das zonas rurais.
   - Campaña para fomentar o uso do transporte colectivo entre a mocidade.
   - Dotación de subvencións para que os concellos melloren os seus servizos de transporte no sentido de adaptar as liñas ás necesidades da mocidade e abaratar os prezos.
3. No relativo ao transporte para estudantes levarán-se a cabo as seguintes medidas:
   a) Mellora da cobertura do transporte escolar, prioritariamente nas zonas rurais do país.
   b) Maior control sobre o cumprimento da normativa que regula este tipo de transporte.
   c) Estabelecimento de convénios coas Administracións locais para o abaratamento dos prezos do transporte urbano para os estudantes.
   d) Estabelecimento de convénios entre a Xunta de Galiza, as Universidades e as empresas de transportes, para o abaratamento dos prezos dos desprazamentos cara aos cámpus universitários, camiñando cara á sua gratuidade.
4. Plano de actuacións para mellorar a comunicación da mocidade no meio rural.

V.4.9.2 Transporte particular

1. Abaratamento dos prezos dos seguros para a mocidade, mediante convénios entre a administración e as compañias aseguradoras.
2. Adopción de medidas para o abaratamento dos custos da obtención do permiso de conducir.
3. Medidas para reduciren a acidentalidade entre a xente nova:
   a) Campañas de conscienciación social sobre a necesidade dun maior respeito polas normas e sinais de tráfico.
   b) Mellora do estado da rede viária.
   c) Introdución ou achegamento da educación vial no ensino meio.
   d) Cursos de perfeizoamento da condución destinados á mocidade que se desenvolverán nas vilas e cidades galegas.
4. Fomento do uso da bicicleta entre a xente nova:

a) Campaña divulgativa nas escolas sobre as vantaxes deste meio de transporte.
b) Apoio á construción de carris-bíci nas vilas e cidades asi como á dotación de lugares de estacionamento para bicicletas.

V.4.10 SAÚDE

V.4.10.1 Alimentación e calidade de vida

O obxectivo é educar á mocidade para que sexa consciente da necesidade de levar uns hábitos de vida saudábeis, polo que se impulsarán estas medidas:

1. Campañas periódicas nos centros de ensino.
2. Edición de material didáctico para o profesorado.
3. Control das comidas nos comedores escolares.
4. Cursos orientados a pais e nais para unha educación alimentar axeitada.
5. Fomento das actividades deportivas.

V.4.10.2 Sida

1. Relización dun estudo sobre a Sida en Galiza atendendo critérios de idade, sexo, causa de contáxio, extracción social e distribución xeográfica.
2. Realización de campañas periódicas de información sobre a SIDA entre a mocidade, co obxectivo de educar no respeito e non discriminación das persoas afectadas.
   a) Estas campañas centrarán-se no ensino meio e universitário.
   b) Promoverá-se realización de cursos e a edición de material didáctico destinado ao profesorado para o dotar dos coñecimentos necesários que lle permitiren actuar como un axente informador nesta matéria.
3. Fomentar entre a mocidade o uso do preservativo e facilitar o seu acceso gratuíto.

V.4.10.3 Anoréxia e bulímia

1. Realización de campañas periódicas de información e sensiblización sobre a anoréxia e a bulímia, enfocadas prioritariamente cara ás mozas.
2. Mellora dos sistemas de detección destes transtornos.
3. Ampliación do número de unidades especializadas para o tratamento de transtornos alimentares dentro do SERGAS, proporcionando unha cobertura adecuada a todo o território galego.

V.4.10.4 Drogas

1. Elaboración dun estudo sobre o consumo de drogas entre a mocidade, que permita un coñecimento máis profundo da realidade galega, e que sirva de elemento básico para o deseño de políticas preventivas.
2. Plano de prevención do consumo de drogas:
   a) Este plano terá como obxectivos prioritários a prevención do consumo de drogas entre a mocidade e a transmisión de información obxectiva sobre as consecuéncias do consumo de drogas.
   b) Desenvolverá-se prioritáriamente nos centros de ensino obrigatório e post-obrigatório.
   c) Entre outras actuacións, o Plano comtemplará a edición de materiais didácticos específicos para cada tramo de edade do alunado, asi como para o profesorado.
3. Realización de programas de reabilitación física e social de persoas con drogodependéncias:
   a) Integración na rede pública sanitária da reabilitación física das persoas con drogodependéncias.
   b) Medidas de reinserción social: cursos de formación profisional, fomento da contratación de persoas que superaran unha toxicomania ou esten en planos de desintoxicación, centros de acollida, etc.
4. Campañas específicas para persoas con problemas de drogodependéncias cun alto índice de probabilidades de contáxio:
   a) Sensibilización sobre a necesidade de reducir ao mínimo as probabilidades de contáxio.
   b) Campaña de distribución gratuíta de xeringas.

V.4.11 SEXUALIDADE

V.4.11.1 Plano de orientación e información sexual

Este plano terá como finalidade capacitar á mocidade para ter unha sexualidade responsábel e plena, superando asi, os roles tradicionalmente marcados. Promocionará-se unha cultura de respeito ás distintas opcións individuais, que non violente a liberdade sexual das persoas.

Entre os obxectivos perseguidos por este plano, cómpre destacar, a diminución do número de embarazos non desexados e do índice de contáxios de doenzas de transmisión sexual.
Entre outras incluiria as seguintes medidas:

1. Realización dun estudo para determinar con máis exactidudade a problemática e as necesidades.
2. Realización de campañas de orientación e información, con material explicativo e charlas formativas, sobre sexualidade e anticoncepción.
3. Introdución da educación sexual no ensino obrigatório.
4. Formación e sensibilización do profesorado.

5. A rede de información xuvenil contará con información sobre anticoncepción e sexualidade.
6. Realización dunha campaña dirixida ao asesoramento de pais e nais sobre educación sexual.
7. Estabelecimento de pontos de información fixos nos centros de ensino médio e nas universidades.
8. Servizo telefónico para información e asesoramento da mocidade, garantindo o carácter anónimo dos usuários/as.
9. Páxina web con información sobre sexualidade e anticoncepción coa posibilidade de realizar consultas.

V.4.11.2 Extensión e dotación da rede de centros xovens de sexualidade e anticoncepción

1. Estabelecerá-se unha rede de centros xovens que cobrir as necesidades de asesoramento, información e asisténcia que ten a mocidade en matéria de sexualidade e anticoncepción.
2. Garantir a atención de urxéncia nestes centros.
3. Os centros contarán coas seguintes características:
    a) Centro de atención integral en sexualidade e anticoncepción para a mocidade.
    b) Non será necesário solicitar cita previa, nen levar nengun tipo de documentación.
    c) Oferecerá información sobre o aborto.
    d) Poderá recetar a píldora post-coital.
    e) Ofertará actividades educativas e de formación a institutos, escolas, asociacións xuvenís,etc..
    f) Servizo integrado dentro da rede pública sanitária.
    g) Contará cun servizo de información e consulta telefónico.

V.4.11.3 Homosexualidade

1. Elaborarán-se campañas que fomenten a autoestima e o coñecimento da problemáticas das mozas e dos mozos homosexuais e das suas famílias.
2. Desenvolverá-se un labor específico na conscienciación dos servizos sociais de menores para adaptá-los ás situacións de desprotección (violéncia homofóbica, suicídio, etc.) de moita mocidade homosexual.
3. Nos casos de expulsión do fogar familiar por razón de opción sexual, a Xunta de Galiza facilitará ás mozas e aos mozos a axuda necesária, tanto psicolóxico-emocional como material: apoio psicolóxico, orientación xurídica, pisos tutelados de acollida, bolsas de estudos, pensións de manutención, etc.

4. Incluirán-se, dentro das políticas de protección do menor, medidas que garantan a liberdade de expresión da sexualidade, co fin de evitar os problemas de inseguranza, baixa estima, depresión e outros problemas derivados do rexeitamento do ambiente familiar e social, que en non poucas ocasións derivan no intento de suicídio.

V.4.12 ANTIMILITARISMO E PACIFISMO

1. A Xunta de Galiza potenciará a educación para a paz e contribuirá á construción dunha cultura de paz.
2. Fomento da educación para a paz desde as institucións e no ensino: formación do profesorado, elaboración en colaboración coas organizacións de ensinantes (sindicatos) e de educación para a paz, de materiais didácticos, seminários, congresos e certames sobre a paz, a non violéncia, a tolerância e a solidariedade.
3. Incorporación da educación para a paz no curriculum como tema transversal de transcendéncia no sistema educativo.
4. Cooperación e apoio institucional ás organizacións que traballen no eido da educación para a paz e nas campañas de divulgación de valores antimilitaristas e pacifistas.
5. Elaboración de campañas institucionais e materiais didácticos sobre a paz e a resolución non violenta dos conflitos e os direitos humanos.
6. Demanda de indulto aos insubmisos galegos condeados.

V.4.13 CULTURA

1. Potenciar a expresión cultural da xuventude nas suas diversas vertentes.
2. Criación de espazos de expresión e intercámbio cultural. Para iso, resulta crucial o impulso e coordenación da rede de Casas de Cultura e/ou Xuventude onde se concentren as estruturas básicas para a actividade cultural (salas de exposicións, de conferéncias, etc.).
3. Oferta e impulso da formación para a acción sócio-cultural.
4. Apoio decidido tanto a nível material como financeiro ás manifestacións artísticas da xuventude.
5. Racionalización e expansión dos servizos de bibliotecas.
6. Realización de campañas institucionais de animación á leitura, con particular atención á valorización da tradición literária, realizando campañas específicas sobre as escritoras e escritores galegos clásicos.
7. Priorizarán-se as relacións culturais entre a mocidade galega e a portuguesa, praticamente inexistente a dia de hoxe.

V.4.13.1 Cultura popular: transmisión e revitalización

1. Revitalización da cultura tradicional, vista como unha herdanza dos xeitos de vida e de relación interpersoal das xeracións precedentes.
2. Recuperación das nosas tradicións populares (entroido, maios, lume novo, magosto, etc.), procurando a participación da xente moza.

3. Difusión da nosa rica tradición cultural, non prexuizadamente, non como produtos anacrónicos e desfasados, senón compreendida no seu contexto histórico e aproveitada no valor que mantén para o noso momento histórico.
4. Desenvolvimento da cultura popular (artesania, música, etc.), procurando a sua revitalización e o seu aproveitamento sócio-económico, mesmo como saída laboral viábel.

V.4.14 DEPORTES

1. Elaboración dun plano de infraestruturas territorializado que cubra progresivamente as necesidades existentes para a prática deportiva.
2. Xestión pública dos servizos deportivos, evitando a sua privatización.
3. Potenciación do deporte de base, sobretodo en idade escolar, dotando os centros educativos de persoal especializado, e incrementando a oferta de actividades extra-escolares.
4. Apoio económico e técnico ás escolas deportivas municipais. Promoverá-se a mancomunidade de instalacións deportivas municipais.
5. Achegamento do deporte ás zonas rurais, facilitando o acceso de toda a povoación ás instalacións deportivas.
6. Acondicionamento das zonas verdes para a prática do deporte libre (carris-bíci, correr, etc.).
7. Potenciamento e recuperación dos deportes tradicionais.
8. Apoio económico aos clubes e asociacións para a promoción e a difusión das práticas deportivas.
9. Potenciar o deporte por meio de campañas informativas como xeito de achegamento do mesmo á povoación, prestixiando-o sobre a base dos seus benefícios para a saúde.

V.5 LIBERDADE DE OPCIÓN SEXUAL

O BNG entende que a sexualidade é esencial para o desenvolvimento do indivíduo, como un xeito de comunicación (inter)persoal e fonte de pracer e satisfacción. Asi, as relacións homosexuais son unha opción plenamente lexítima para se unha persoa desenvolver física e afectivamente. Entendemos que se debe atallar a situación de violéncia –física ou simbólica- que padecen as persoas que non seguen o padrón heterosexual dominante. Por iso, propomos as seguintes medidas:

V.5.1 MEDIDAS DE GOVERNO

V.5.1.1 Normalización da realidade homosexual

1. A administración autonómica organizará, promoverá e colaborará en campañas que desmonten os prexuízos sociais existentes a respeito das persoas con opción homosexual.
2. Desenvolverán-se, de xeito específico, campañas que difundan unha cultura non homófoba: autoras e autores -da nosa literatura e doutras- que enfrentaron a homofóbia; difusión das figuras históricas que optaron por tais relacións, etc.
3. Todas estas campañas deben ter especial incidéncia no ámbito educativo. Asi, elaborarán-se materiais e garantirá-se a formación docente para incluir a orientación sexual na planificación transveral e na educación de valores do ensino obrigatório. Pensamos que o ensino non debe ser o lugar en que as raparigas e os rapaces sintan a sua opción sexual como un feito individualizado e culpabilizado pola (presunta) diferenza cos outros, senón como un espazo de asunción da sua opción.
4. Solicitará-se aos meios de comunicación un tratamento respeitoso e digno de todas as informacións que digan respeito ás e aos homosexuais (e ás e aos transexuais, ainda que estas e estes teñen unha problemática específica), baseando-se nos princípios de igualdade e libre desenvolvimento da personalidade.
5. Retirará-se ou denegará-se calquer axuda ou subvención por parte da Xunta de Galiza a aquelas entidades, públicas ou privadas, que pola sua ideoloxia ou actividade incorran ou promovan o ódio anti-homosexual.

V.5.1.2 Criación dun organismo público pola igualdade social para as diferentes orientacións e opcións sexuais

O seu labor será xestionar políticas activas contra a discriminación (derivadas, tamén, da nova lexislación europea). Encarregará-se, asi mesmo, de coordenar iniciativas entre as diferentes institucións para combater a discriminación en todos os ámbitos sociais.

Debe contar, como mínimo, cunha oficina antidiscriminatória, que contaria con asesoria xurídica (como implemento das campañas de información sobre direitos e como os exercer) e cun observatório que incluiria tamén todos os motivos de discriminación e que elaboraria informes e estatísticas. Tamén promoveria políticas que fosen alén da simples proibición da discriminación.

V.5.1.3 Direitos legais das parellas homosexuais

O BNG traballará en todos os ámbitos institucionais para que todas as parellas teñan os mesmos direitos, independentemente do xénero de quen as compoña.

V.5.1.4 Combate da homofóbia no mundo laboral

1. Desenvolverán-se políticas activas contra a discriminación no emprego a causa da orientación sexual.
2. Promoverá-se a inclusión nos convénios colectivos todas as empresas e organismos públicos dos direitos sociais e laborais que vaian sendo recoñecidos ás persoas e parellas homosexuais.

V.6 EMIGRACIÓN

No século XX, Galiza perdeu como consecuéncia da emigración perto de un millón de habitantes. As décadas dos 50 e dos 60 foron especialmente duras e viron como centos de millares de galegos e galegas partian para países de América e de Europa. Hoxe mesmo, a xente nova, con ou sen titulación, está a protagonizar unha nova vaga migratória cara a Andorra, Canárias e outras zonas do Estado. Andando o tempo, esta situación configurou unha Galiza exterior, homes e mulleres que, fóra do país, manteñen con orgullo a sua condición de galegos e de galegas e que reclaman tanto unhas condicións de vida dignas nos países de acollida, como información e facilidades para retornarnaren a Galiza e colaboraren deste modo no seu progreso.

Para o BNG, pois, o reto está absolutamente claro: lonxe da política de propaganda, esmolas e clientelismo que están a praticar os actuais governos da Xunta e do Estado, cómpre criarmos en Galiza as condicións políticas e económicas necesárias que permitiren o retomo dos galegos e galegas emigrados que desexaren voltar ao país, e, simultaneamente, é preciso promovermos unha igualdade real entre os galegos de dentro e os de fóra, tanto no campo social, como no cultural, no educativo, no económico ou no político. É dicer, que os galegos e as galegas de fóra non só voten, senón que tamén conten como verdadeiros cidadáns e cidadás para organizaren os servizos públicos –sanitários, educativos, sociais, etc.–, de determinaren o número de deputados e de senadores que a Galiza lle corresponden nas Cortes estatais e de fixaren, en función da povoación, o financiamento da Administración autonómica e dos Concellos galegos. Este é, para o BNG, o camiño de lograr máis peso político e máis recursos económicos para a emigración galega.

Para atender estes dous eixos –retorno e igualdade real -, un Governo galego do BNG deberá desenvolver unha activa política exterior e de presión dentro do Estado e da Unión Europea, enfiada ao logro dos seguintes obxectivos:

1. O estabelecimento dun **plano de asisténcia sanitária e de servizos sociais** que permita cobrer as deficiéncias dos sistemas sanitários e de protección social dos países de acollida, nomeadamente en países de America do Sul, e que garanta uns níveis asistenciais mínimos para todos os emigrantes orixinários de Galiza, posuan ou non a nacionalidade española. Este plano tenderá a igualar as prestacións sociais e sanitárias dos galegos do esterior con aquelas que teñen direito a receberen os residentes en Galiza.
2. A elaboración por parte do Governo galego dun **plano de retorno** para os galegos emigrados e os seus descendentes. Este plano atenderá as peculiaridades dos diferentes colectivos de emigrantes e América e en Europa e incluirá tanto medidas de información, reciclaxe e orientación profisionais, como tamén a concesión de prestacións sociais e económicas iguais ás percebidas polos residentes en Galiza. Este plano deberá tomar en

conta as necesidades do noso país canto a capital humano e terá como obxectivo preferente as novas xeracións de galegos e de galegas emigrados ou nacidos fóra do país, teñan ou non a nacionalidade española.

3. A elaboración dun ambicioso **plano de acción educativa e cultural**, de espallamento e normalización da nosa lingua, de intercámbio universitário, de edición de libros, de produción audiovisual, musical, de criación dun mercado de consumo cultural de produtos galegos que teña en conta o mercado potencial representado pola Galiza exterior.
4. O despregamento dunha **rexa presión política por parte da Xunta de Galiza** ante as instancias competentes para reformar aqueles Tratados Internacionais (Convénio UE-Suíza, Convénio Trilateral con Andorra) e aquelas leis estatais (Lei de Estranxeiria, Lei Eleitoral) lesivas para os intereses económicos, sociais e políticos dos galegos do exterior.
5. A integración das pequenas e medianas empresas criadas pola emigración galega dentro dun **plano de impulso á economia galega** mediante fórmulas tais como a asociación, as joint-ventures, programas de investigación e desenvolvimento, asociación para apertura de mercados de exportación ou achegas de capital para o investimento en Galiza.
6. A posta en marcha destes proxectos debe supor a apertura duna **nova xeira nas relacións entre a Administración galega e os centros galegos** espallados polo mundo, parceiros insustituíbeis na empresa de mellorar as condicións de vida dos galegos emigrados e de espallar a nosa língua e cultura. Esta nova xeira debe partir da reforma da Lei de recoñecimento da Galeguidade e dos órgaos de representación da emigración galega co fin de garantir unha distribución igualitária dos fundos entre todos eles e de asegurar unha representación fiel e democrática da vontade dos emigrantes galegos. Tendo en conta tamén que a acción da Administración galega debe chegar tamén aos nosos compatriotas que, pola razón que sexa – capacidade económica, lugar de residéncia - non están integrados nestes centros e que son, frecuentemente, os que mais axuda precisan.

VI. POLÍTICA EDUCATIVA, CULTURAL E DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

VI.1 POLÍTICA EDUCATIVA

VI.1.1 INTRODUCION: VALOR E IMPORTÁNCIA DA EDUCACION

A Educación constitui un dos valores máis determinantes para o desenvolvimento dunha sociedade, porque permite conquistar formas de progreso económico e cultural, e facilita a integración de cada persoa nas relacións do seu entorno social e laboral.

Considera-se ademais a Educación como unha das causas máis importantes dos desequilíbrios internacionais e da exclusión social, de aí que toda a acción de governo debe contemplar a política educativa como un obxectivo prioritário.

O Bloque Nacionalista Galego considera a Educación como un servizo social básico capaz de reducir as diferenzas sócio-económicas entre as persoas e como un factor esencial para o desenvolvimento integral de Galiza. Por este motivo a planificación educativa e a sua cobertura orzamentária, son considerados elementos estratéxicos do seu programa de governo.

Se ben é certo que as diferenzas non dependen unicamente do modelo educativo que se deseñe, resulta evidente que o sistema educativo será un factor determinante que agudice ou reduza esas diferenzas. Por esta razón será obxectivo prioritário do BNG a elaboración dunha **Lei de Ordenación do Sistema Educativo Galego** que contemple as necesidades de desenvolvimento social, económico, científico e cultural que Galiza demanda.

VI.1.2 A SITUACIÓN EDUCATIVA EN GALIZA

No ámbito lexislativo produciron-se historicamente unha série de disposicións legais que condicionaron o desenvolvimento do sistema educativo galego. A este feito cómpre engadir que os sucesivos governos do Partido Popular careceron de interese político para planificar fórmulas próprias de desenvolvimento, o que converteu ao sistema educativo galego nun instrumento subordinado e dependente de normas xerais que non se axustan ás demandas e necesidades da sociedade galega.

A isto debemos unir a existéncia dunha débeda histórica con Galiza en matéria educativa (estimada en 100 mil millóns de pesetas) que impediu efectivizar moitos dos proxectos e obxectivos do novo sistema educativo.

Estas e outras circunstáncias influíron negativamente nunha planificación que, ademais, tivo unha execución improvisada, mecanicista e restritiva, tal e como se poido observar nos procesos de implantación da ESO e

da ESPO, nos planos de financiamento universitário, na perda de peso económico dos orzamentos educativos, etc.

O BNG considera que o governo galego debe utilizar o máximo das suas competéncias en matéria educaiva para planificar un sistema acorde cos obxectivos dun desenvolvimento economico e sócio-cultural ao tempo que exixir a ampliación destas competéncias que sexan necesárias para este desenvolvimento. Neste sentido será obxectivo prioritário do BNG, renegociar o desenvolvimento lexislativo e a débeda histórica para efectivizar o cumprimento dos compromisos contraídos con Galiza e para dotar o sistema educativo galego dos níveis de calidade exixíbeis.

VI.1.2.1 Unha privatización progresiva

A privatización progresiva do sistema educativo é unha das consecuéncias da situación descrita no apartado anterior e constitui un elemento de referéncia clave e preocupante da política educativa do Partido Popular.

Baste citar que no ano 1989 as subvencións ao ensino privado importaban 7.500 millóns de pesetas, e no ano 2001 ascenderán a 25.622 millóns. Ou lembrar que nos últimos cinco anos o incremento dos orzamentos para o ensino público foi do 22,9 %, mentres o incremento das subvencións ao ensino privado foi do 56,5 %.

Dous son basicamente os argumentos que se esgrimen para xustificar esta privatización progresiva do sistema educativo: o direito á libre eleición de Centro, e o descenso demográfico do alunado.

Canto ao primeiro aspecto, resulta inegábel que representa un direito das persoas a libre eleición de Centro, mais igualmente certo é que o Partido Popular está a facer un uso perverso dese direito para xustificar e encobrir o progresivo desmantelamento do ensino público en benefício da sua privatización.

A supresión dos servizos complementares, a escaseza da oferta educativa, a falta de atención e apoio ás actividades complementares, as condicións dos centros, etc. Son factores que influíron decisivamente no trasvase de alunado dos centros públicos aos privados, porque as famílias optan loxicamente por solucións para os seus fillos e fillas que lle resultan máis cómodas e acordes coas suas circunstáncias.

En base ao recoñecimento dun direito lexítimo non se pode xustificar a precariedade e deterioro da ensinanza pública que dificulta o acceso do alunado ás posibilidades educativas e agudiza as diferenzas sociais. O governo galego debe optar prioritariamente, e asi o prescribe a lexislación, polo mantimento dunha rede educativa pública de calidade dotada de todos os meios e servizos necesários para o seu correcto funcionamento.

Canto ao segundo aspecto, o descenso demográfico deberia servir para cobrir unha série de necesidades do sistema educativo que non se cobriron con anterioridade tais como, por exemplo, unha atención máis personalizada, a presenza de profesorado de apoio, atención á diversidade, un aproveitamento diferente do espazo escolar, etc.

Cómpre, pois, entender que a privatización do sistema educativo forma parte esencial da alternativa programática do neoliberalismo económico que o Partido Popular está a aplicar nas empresas e nos servizos públicos. Este proceso, aplicado ao ensino, ten consecuéncias moi graves para amplas capas da sociedade, que se ven privadas de accederen a un sistema educativo de calidade e con menores posibilidades de reduciren as suas diferenzas económicas e sociais.

VI.1.3 AS SOLUCIONS ALTERNATIVAS

O modelo educativo debe ser coerente co modelo global de país que se pretende. Desde o primeiro acceso á escolarización necesitamos que o alunado teña a posibilidade de coñecer, interpretar e explotar todos os recursos do seu entorno imediato para se integrar progresivamente no mundo da ciéncia e da cultura universais. Este aproveitamento permitirá-lle incorporar todos aqueles coñecimentos que puderen contribuir ao seu desenvolvimento persoal e ao progreso de Galiza.

Neste sentido resulta especialmente preocupante a “contrarreforma” que se pretende implantar desde o governo central por parte do Partido Popular que resulta lesivo para os intereses culturais, científicos e políticos da sociedade galega, asi como para a metodoloxia e prática pedagóxica.

Urxe corrixir con axilidade os fracasos que se detectan como consecuéncia da aplicación do novo sistema educativo, mais isto non pode ser a causa de retomar temários e metodoloxias desfasadas senón a base de introducir novos enfoques e mecanismos de corrección que actuen como revulsivo da dinámica educativa.

O BNG abordará durante a lexislatura a elaboración dun sistema de avaliación do sistema educativo que permita corrixir e mellorar o seu funcionamento.

VI.1.3.1 A calidade educativa e a redución do fracaso escolar

O conceito de calidade educativa é un dos argumentos máis manidos no ámbito da Educación que se utiliza reiteradamente como recurso renovador. Contodo, apenas se concreta en medidas que corrixiren as deficiéncias do sistema ou que contribíren a mellorar o seu funcionamento.

Pola contra, a planificación educativa ten ido a remolque dos acontecimentos económicos e das demandas sociais, aplicando medidas moi condicionadas pola caréncia de investimentos que dificultan unha modificación substancial. Calquer cámbio na planificación educativa resulta habitualmente un parche ou adaptación mediocre a unhas demandas que superan amplamente as posibilidades da oferta educativa, convertindo a ésta nun produto desfasado e de valor moi reducido.

O BNG considera que a rendibilidade no ámbito da Educación non pode ser medida cos critérios de rendibilidade económica aplicábeis noutros ámbitos da actividade produtiva, senón con critérios de rendibilidade social que nun futuro, aliás, formarán parte fundamental do valor engadido dunha nación. Para o BNG, o critério de calidade constitui a pauta fundamental da planificación educativa, mais considera absolutamente necesário precisar os obxectivos que configuran o conceito de calidade e os mecanismos da sua avaliación.

Neste sentido, o BNG considera obxectivos da consecución da calidade educativa os seguintes:

1. O acceso de todos os galegos e galegas á sociedade do coñecimento, o que se concreta nunha sólida formación de carácter xeral e permanente que sirva de base á profundización en calquer campo de estudo e á actualización dos coñecimentos en función dos cámbios científicos e culturais.
2. Unha formación encadrada nun proxecto de desenvolvimento global de Galiza que sirva funcionalmente para o seu desenvolvimento económico e sócio-cultural.
3. Unha formación relacionada co tecido produtivo e impulsora do mesmo que facilite o acceso de todos os galegos e galegas a formar parte do mesmo.
4. Unha atención máis personalizada do alunado para favorecer as condicións da sua aprendizaxe e da recuperación académica.
5. Unha maior confluéncia entre a realidade educativa e a realidade social, incentivando o traballo das tutorias e fomentando os mecanismos de colaboración cos servizos sociais municipais e as famílias.
6. Unha formación sólida e permanente do profesorado que permita a sua actualización metodolóxica e científica.
7. Unha programación específica de adaptación dos Centros ás novas necesidades tecnolóxicas, científicas e culturais, tanto na distribución e aproveitamento dos seus espazos como na actualización do seu equipamento.

8. Unha posta en funcionamento de mecanismos de avaliación da calidade educativa con participación activa dos sectores implicados na mesma.

Todas estas medidas deben ter como obxectivo e consecuéncia a redución do fracaso escolar.

VI.1.4 A PLANIFICACIÓN EDUCATIVA

A planificación educativa galega está condicionada pola implantación e aplicación da LOXSE, que non é unha Lei pensada en función dos intereses de Galiza. Por este motivo, a planificación educativa galega debe corrixir e mellorar as múltiplas eivas que se derivan da sua aplicación.

VI.1.4.1 Princípios xerais de planificación

VI.1.4.1.1 Unha oferta educativa territorialmente equilibrada

A dispersión demográfica galega obriga a territorializar o sistema educativo apartir dun proxecto de comarcalización, no cal a educación debe contribuir a vertebrar o país en lugar de ser un factor que contribua a sua desertización. Nun contexto demográfico tan disperso como o galego, fai-se necesário levar a Educación Infantil e a Educación Obrigatória o máis perto posíbel da residéncia do alunado. Este critério xeral, non debe afectar a calidade educativa porque debe ir acompañado da dotación dos meios materiais e humanos para acadá-la.

Para o BNG resulta evidente que **a calidade non depende só do lugar onde se impartir a docéncia, senón tamén dos recursos que se dispuxeren para o seu exercício.**

No que atinxe á educación post-obrigatória, planificará-se a nível comarcal, ampliando a oferta educativa dos novos Bachaleratos, ciclos de formación profisional, ensinanzas artísticas e especiais, asi como de todas as modalidades que afectan esta etapa.

VI.1.4.1.2 As condicións dos Centros educativos

Os centros educativos arrastan unha série de deficiéncias que dificultan a consecución dos obxectivos que o própio sistema educativo ten formulado. Estas caréncias exixen tomar medidas orzamentárias para os centros acadaren, como mínimo, as condicións requeridas polo R.D. 1004/91 de requisitos mínimos para impartiren as ensinanzas non universitárias.

Igualmente, fai-se necesária a revisión das plantillas e cadros de profesorado para dotar os centros do persoal necesário para impartir as novas ensinanzas e atender o conxunto do proceso educativo.

O BNG compromete-se ao longo da próxima lexislatura a:

1. Incrementar as partidas orzamentárias destinadas a reformas, ampliacións e melloras.
2. Incrementar anualmente a partida para Gastos de funcionamento.
3. Pór en marcha un Programa específico de Bibliotecas escolares.
4. Revisar as plantillas e cadros de profesorado.

VI.1.4.1.3 A xornada escolar e o calendário

O BNG prestará unha especial atención a este tema por entender que unha definición da sua función e da sua distribución horária contribuirá a incrementar o prestíxio social da educación.

A xornada escolar foi estabelecida á marxe dunha planificación con obxectivos e critérios definidos. Isto provoca situacións moi dispares nos Centros que afectan de forma desigual a comunidade educativa e tamén o funcionamento dos centros.

Polo que atinxe ao calendário escolar, o BNG compromete-se a estudar en profundidade e analizar a incidéncia do calendário escolar no funcionamento do sistema educativo e as modificacións que faciliten unha mellor consecución dos obxectivos.

VI.1.4.1.4 Os servizos complementares

Os servizos complementares, noemadamente o comedor e o transporte escolares teñen-se convertido desde hai anos nunha cobertura imprescindíbel dentro do funcionamento do sistema educativo. Tanto é asi que a desaparición, precariedade ou inexisténcia destes servizos está a afectar de xeito moi negativo a escolarización do alunado e a provocar un trasvase desde a rede educativa pública á privada.

O governo galego debe introducir como prioridade esencial a planificación destes servizos ampliando a sua cobertura e dotando-os de maiores medidas de confortabilidade, seguridade e hixiene.

Dentro deste marco global de actuación, o BNG compromete-se durante a lexislatura a:

1. Revisar a rede de transporte escolar e a sua cobertura para non supeditar os horários dos centros aos horários do transporte. O servizo de transporte fará-se extensíbel ao segundo ciclo de educación infantil.
2. Estabelecer un sistema de axudas ao transporte escolar para o alunado de educación post-obrigatória.
3. Ampliar a rede de comedores escolares para que os centros podan ofertar este servizo, a velar escrupulosamente pola sua calidade.
4. Promover un Convénio cos Concellos para mellorar aspectos que afectan tanto o transporte como o funcionamento dos comedores.

VI.1.4.1.5 As actividades complementares e extraescolares

A educación, o mesmo que outras esferas da actividade social, ten experimentado profundos cámbios que afectan tanto o seu conceito como as suas fontes. Neste sentido, as actividades complementares e extraescolares constituen elementos de enorme eficácia para unha formación integral do alunado que abren posibilidades extraordinariamente ricas.

Actualmente estas actividades realizan-se de xeito precário pola escaseza de financiamento asi como de xeito descontrolado e voluntarista, resistindo en moitos casos grazas ao apoio das ANPAS, do profesorado, dos Concellos ou dalgunha outra institución.

O BNG valora estas actividades como elementos educativos básicos para a formación do alunado e por este motivo dedicará especial interese durante a lexislatura aos seguintes aspectos:

1. Ampliar a partida de gastos de funcionamento dos centros para estas actividades.
2. Garantir a existéncia en todos os centros de -como mínimo- duas actividades extraescolares gratuítas.
3. Promover Convénios coas Administracións locais e outras institucións que podan contribuir á realización destas actividades.
4. Realizar unha planificación e potenciación do Deporte Escolar, priorizando eminentemente o seu carácter participativo.

VI.1.4.1.6 A incorporación das novas tecnoloxias

A incorporación das novas tecnoloxias á educación constitui un dos grandes retos da planificación educativa porque permitirán mellorar as condicións da aprendizaxe e a utlización dos coñecimentos.

As novas tecnoloxias non deben suprimir nen substituir a adquisición de destrezas intelectuais básicas, nen compromisos históricos e culturais que son a

base da nosa existéncia como povo, mais si poden ser un factor de vital importáncia para a sua amplificación.

O BNG promoverá durante a próxima lexislatura un **Plano específico de incorporación das novas tecnoloxias** á educación que permita unha mellor adquisicación e manexo da información, dotando os centros do material e meios humanos necesários para excutar este plan.

VI.1.4.1.7 As relacións cos Concellos

A educación é un proceso cada vez máis interrelacionado que necesita da cooperación institucional para acadar unha maior rendibilidade social. Apesar de ser unha competéncia do governo galego, é necesário planificar estratéxias de cooperación que faciliten a optimización dos recursos públicos. Esta cooperación estabelecerá-se con todas as institucións públicas e privadas que podan contribuir a mellorar a calidade do sistema, salientando neste ámbito o papel e a importáncia das administracións locais.

O BNG é consciente da febleza e tensión en que actualmente se producen as relacións en matéria educativa entre o Governo galego e os Concellos, razón pola cal considera prioritário estabelecer un marco global de actuación conxunta. Neste sentido, e a ter en conta o marco legal actualmente vixente, o BNG promoverá un Acordo cos Concellos en matéria educativa que contemplar, como mínimo os seguintes aspectos:

1. A delimitación das obrigas en matéria de reparación dos centros escolares e do seu mantimento.
2. A dotación de persoal auxiliar e subalterno.
3. A cooperación na planificación e construción de novos centros.
4. A cooperación nas dotacións e funcionamento dos servizos complementares.
5. A cooperación no funcionamento das actividades complementares e extraescolares.
6. A utilización das instalacións escolares e municipais.
7. Singular importáncia merecerá estreitar e profundizar na colaboración cos servizos sociais municipais, para atender os nenos e nenas con problemas sociais ou familiares.

VI.1.4.1.8 A función social da educación. A loita contra a exclusión social

O BNG reitera como princípio básico da sua actuación a función social do sistema educativo. Neste sentido, é necesário reducir a discriminación que se produce por razóns dunha oferta desequilibrada, por motivos económicos, por cuestións sociais,etc.

Para acadar este obxectivo, o BNG compromete-se a realizar as seguintes actuacións de carácter xeral:

1. Dotar a rede pública do sistema educativo dunha oferta equilibrada territorialmente e dunha cobertura de servizos que facilitaren a integración nela do alunando.
2. Ampliar a cobertura de Becas e axudas ao estudo.
3. Acadar progresivamente a gratuidade do material escolar básico.

VI.1.4.1.9 A loita contra a exclusión social

Resulta cada vez máis evidente que o sistema educativo debe enfrentar-se a amplos grupos de alunos e alunas con graves caréncias formativas e atitudinais en situacións de grave risco de exclusión social. Por este motivo, o BNG considera prioritária a regulación de accións dirixidas á compensación das desigualdades na educación e a posta en marcha de programas e medidas de educación compensatória e intercultural.

Durante a próxima lexislatura, o BNG elaborará un Plano de escolarización de nenas e nenos con necesidades de compensación educativa en base aos seguintes obxectivos:

1. Favorecer a incorporación e integración social, educativa e cultural de todos os grupos.
2. Fomentar a participación de todos os sectores que forman a comunidade educativa e facilitar a incorporación das famílias provenientes doutras culturas ou con especiais dificuldades sociais.

A tal efeito, tomarán-se, como mínimo, as seguintes medidas:

1. Implantación de Programas de compensación educativa en todos os centros e seguimento escolar dos mesmos nun proceso de loita contra o absentismo escolar.
2. Gratuidade completa do sistema educativo para as famílias máis necesitadas.
3. Dotación de profesorado de apoio á compensación educativa e de programas de reforzo educativo.

VI.1.4.2 Princípios xerais de carácter pedagóxico

O BNG aspira, co seu Programa de Governo e cos princípios políticos que o estruturan, a posibilitar o acceso a unha sociedade plural, respeitosa e solidária, máis equilibrada e xusta, en que as persoas puderen acadar un grau de benestar

que lles permitir ser, en suma, máis falices. No conxunto deste proxecto global, a política educativa vai xogar un papel decisivo porque constitui un instrumento chave para atender a diversidade, recoñecer o pluralismo e paralelamente favorecer a igualdade de oportunidades. O sistema educativo vai reflectir e fomentar, sen dúbida, atitudes e valores que favorezcan a consecución destes obxectivos, contribuindo asi a mellorar as condicións de vida.

Independentemente de discrepáncias pontuais ou solucións singulares para determinados problemas, o BNG considera que existen cuestións como a loita contra a xenofóbia e a discriminación sexista, a defensa do meio ambiente, a defensa da paz, etc., onde é imprescindíbel un consenso, porque favorecen e melloran a convivéncia e o desenvolvimento global do país.

Do mesmo xeito, non podemos esquecer que sermos galegos e galegas é un atributo esencial da nosa instalación no mundo e que a educación non pode prescindir da história, do contexto e das aspiracións do país que lle serve de referéncia.

Por estas razóns, o BNG potenciará expresamente no sistema educativo:

VI.1.4.2.1 Unha educación ao servizo de Galiza

Procurando un sistema educativo ao servizo do seu desenvolvimento científico, económico e social. O coñecimento e valoración positiva do próprio e imediato será quen nos permita integrarmo-nos racionalmente nos valores da cultura e da ciéncia universais, incorporando á nosa vida os avances que favorezan un pleno desenvolvimento.

O BNG incorporará de xeito concreto e progresivo nos programas educativos o uso do idioma e o coñecimento da cultura galega, asi como do potencial económico e científico do noso país para mellor aproveitar os recursos que posuimos como povo. A cultura galega, reflexo das nosas aspiracións, será valorada como património colectivo que nos define no marco dunha relación inter-cultural.

VI.1.4.2.2 Unha educación non discriminatória nen sexista

Unha educación que pretender ser non discriminatória debe incluir na programación educativa un plano de actividades e contidos conceptuais encamiñados a recoñeceren os diferentes mecanismos, formas e procesos de discriminación, introducindo alternativas e fomentando actitudes que contribuan á sua superación. Singular atención merecerá neste sentido o recoñecimento e atención á diversidade cultural e ao pluralismo ideolóxico.

Igualmente serán obxecto de especial atención a coeducación e a loita contra o sexismo e as suas graves consecuéncias sociais, para mudar actitudes e

evitar a interiorización de estereotipos e valores a respeito de temas como o traballo doméstico, o coidado dos fillos e fillas, os valores asociados aos sexos, etc.

VI.1.4.2.3 Unha educación para a paz, a solidaderiedade e a xustiza

Incluindo propostas curriculares e metodolóxicas a favor da paz e do desarme, e a favor dunha maior comprensión e cooperación entre os povos que permita unha solución pacífica dos conflitos nacionais e internacionais.

Promoverá-se especialmente o rexeitamento de conceitos e práticas conducentes a actitudes belicistas, racistas, insolidárias e violentas, que repercuten negativamente no desenvolvimento dos povos e atentan contra o exercício das liberdades individuais. Neste sentido requerirá unha especial atención a valoración crítica de certos procesos de globalización, que baixo a aparéncia dunha nova forma de progreso agochan realmente unha nova manifestación do imperialismo e do submetimento dos países menos desenvolvidos.

VI.1.4.2.4 Unha educación para protexer o meio ambiente

A escola que defender o meio ambiente ten de potenciar unha conservación e utilización racional dos recursos naturais como meio para acadar altos níveis de calidade de vida. Neste sentido, ampliarán-se, con carácter xeneralizado, os temas relacionados coa conservación e protección meio-ambiental e contra a exploración irracional e destrutiva do património ecolóxico. Neste sentido, programarán-se exercícios específicos e práticas relacionadas coa defensa e utilización do meio natural, asi como os estudos e ciclos formativos que tiveren a ver con este tema en relación coa economia, coa alimentación, coa arquitectura, coa enxeñeria, etc.

VI.1.4.2.5 Unha educación para a saúde

Introducindo, con carácter xeneralizado, temas e programas relacionados coa protección da saúde, o coidado corporar e mental e a prevención de doenzas.

Serán obxecto de especial interese os temas directamente relacionados coa mocidade que poden afectar moi directamente a sua saúde, tais como o tabaquismo, o alcoolismo ou as drogodependéncias. Prestará-se igualmente especial atención á información e á educación sexual, como elemento fundamental na vida dos xoves.

Potenciarán-se os estudos e ciclos formativos relacionados con esta área, en conexión coas suas saídas profisionais.

VI.1.4.2.6 Unha educación para a reflexión e a criatividade

Prestando unha singular atención na metodoloxia educativa aos mecanismos pedagóxicos que permitan estruturar a información e integrá-la activamente nunha comprensión criativa e dinámica da reakidade.

Na situación actual, influída por profundas revolucións científico-tecnolóxicas, a metodoloxia do sistema educativo debe superar o esquema de mera transmisión/receición dos coñecimentos, que provoca excesiva pasividade e non fomenta a capacidade criativa do alunado.

VI.1.5 A ORDENACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

Un sistema educativo debe adaptar-se ás singularidades do país a que vai dirixido e servir de motor para o seu desenvolvimento. Neste sentido, o BNG entende que a política educativa do Partido Popular está moi lonxe de acadar estes obxectivos por razóns que foron expostas nos parágrafos anteriores. Será obxectivo prioritário do BNG durante a lexislatura revisar en profundidade a ordenación actual, elaborar unha Lei de Ordenación do sistema educativo galego e introducir, como mínimo, as seguintes modificacións:

VI.1.5.1 A Educación infantil

A modificación das circunstáncias sócio-económicas e laborais das persoas supuxo paralelamente un incremento da importáncia da Educación Infantil, que se convertiu nunha necesidade social de carácter prioritário. Mais desde a perpectiva educacional, a importáncia da Educación Infantil non depende só da sua función social, senón do seu valor como etapa en que se integran os primeiros elementos de socialización fóra do ámbito familiar que terán enorme influéncia no futuro da aprendizaxe e da convivéncia social.

O BNG compromete-se a realizar unha Reforma da situación da Educación Infantil en Galiza mediante a aplicación das seguintes medidas:

1. Elaboración dun Plano Galego da Educación Infantil que contemplar:
   a) A consideración da etapa 0-6 anos como unha unidade educativa dependente da Consellaria de Educación e Ordenación universitária.
   b) A elaboración da Rede de Centros de Educación Infantil en Galiza.
   c) A revisión e adaptación dos deseños curriculares desta etapa, a promover meios específicos para o desenvolvimento da mesma.
   d) A adaptación progresiva dos Centros de Educación Infantil aos requisitos mínimos para impartiren estas ensinanzas.
   e) A revisión do catálogo de profesorado e persoal técnico e auxiliar necesário para estes Centros.

   Neste Plano terá singular importáncia a relación coas Administracións locais de Galiza para estabelecer un sistema de axudas e cooperación na criación e funcionamento das escolas infantis.

2. Escolarización de todo o alunado correspondente ao ciclo 3-6 anos.
3. O Governo galego porá en marcha durante a lexislatura un Plano Galego da Escola Rural, centrado nos seguintes pontos:
    a) Recuperación das escolas nas aldeas, en relación coa planificación económica e territorial.
    b) Reordenación da Educación Infantil no meio rural.
    c) Deseños curriculares e formación do profesorado específica.
    d) Elaboración de materiais educativos e proxectos pedagóxicos específicos.
    e) Acondicionamento dos Centros e dotación do persoal necesário para os atender.

VI.1.5.2 A educación primária

O BNG considera que a Educación Obrigatória debe constituir un dos temas de atención prioritária na planificación educativa, tanto pola sua función académica e formativa dentro do sistema educativo como polas franxas de idade que engloba.

Por se tratar precisamente dunha etapa "obrigatória", representa a base comun e xeneralizada do sistema que debe ser ofertada en condicións de igualdade para todo o alunado galego. Cómpre dedicar por iso un esforzo singular para reducir/eliminar un fracaso escolar nesta etapa de irreparábeis consecuéncias posteriores.

Temos observado que durante os anos de governo do Partido Popular, a Educación primária ten sofrido unha séria míngua canto a servizos que resultan fundamentais para o seu bon funcionamento, nomeadamente no referido aos servizos complementares (transporte escolar e comedores escolares) que actualmente representan un factor decisivo e de primeira necesidade no desenvolvimento do sistema educativo.

Teñen-se suprimido multitude de comedores escolares con graves consecuéncias para facilitaren a conxunción da vida familiar e da xornada escolar, asi como para racionalizaren o horário do alunado. Este feito resulta singularmente grave nas cidades, onde a rede pública de Centros non oferta praticamente comedores escolares.

Polo que se refere ao transporte escolar, resulta especialmente grave a sua redución percentual nos últimos anos. Isto reflecte-se no feito de que moitos nenos e nenas continuan a sofrer recorridos moi longos, pasan longos períodos de espera nos Centros e noutras ocasións o próprio horário escolar depende do transporte. A isto cómpre acrecentar a falta de persoas que podan atender os nenos e as nenas durante o recorrido do transporte.

As actividades complementares e extraescolares permanecen á marxe da planificación e do interese da Administración, ficando ás primeiras a expensas do voluntarismo dos Centros, e as segundas dependendo igualmente do voluntarismo do profesorado, das ANPAS, dos Concellos, etc.

Por outra banda, o descenso do número de alunos e alunas, non serveu sempre para mellorar a dotación dos Centros de Educación Primária, senón que se utilizou para pechar Escolas ou reducir aulas, sen incrementar a dotación de profesorado especialista ou de apoio que permitise ampliar e mellorar a oferta educativa.

Urxe abordar unha solución ás relacións entre o Governo e as Administracións Locais en matéria educativa, para evitar que -como ocorre na actualidade- moitos centros estexan nunha situación deficiente ou carezan de personal non docente, ben por falta de atención ou por discrepáncia de critérios entre as Administracións no momento de se afrontar o gasto.

Por estas razóns, o BNG compromete-se a revisar profundamente a situación da Educación Primária para mellorar o seu funcionamento através da aplicación das seguintes medidas:

1. Adaptación dos Centros aos requisitos necesários para impartir as ensinanzas deste nível.
2. Revisión do catálogo de profesores dos Centros de Educación Primária.
3. Elaboración dun novo catálogo de equipamento dos Centros de Educación primária para se dotaren progresivamente de meios acordes coas necesidades educativas.
4. Incremento/ ou dotación progresiva dos servizos de comedor e transporte.
5. Dotación progresiva de persoal Administrativo e laboral.
6. Elaboración de planos específicos de actuación en Zonas Educativas Preferentes.
7. Incremento da partida destinada a Gastos de funcionamento.
8. Dotación de profesorado de apoio e de personal técnico cualificado para o labor de orientación educativa.
9. Supresión das barreiras arquitectónicas.
10. Promover un Acordo coas Administracións Locais para:
    a) Homologar as condicións de todos os Centros educativos.
    b) Mellorar a oferta e funcionamento dos servizos complementares.
    c) Realizar unha Planificación mínima en matéria de actividades extraescolares que contemple, como mínimo, a realización de duas actividades gratuítas e con carácter xeneralizado en todos os Centros e para todo o alunado.
    d) Utilización e aproveitamento dos Centros educativos e das instalacións municipais.

VI.1.5.3 Educación Secundária Obrigatória

A implantación xeneralizada da ESO trouxo unha série de problemas novos que están a afectar de maneira importante o funcionamento do sistema educativo e á vida dos Centros: sistemas de avaliación, fracaso escolar, desenvolvimentos curriculares, convivéncia e períodos de permanéncia nos centros, etc. Estas circunstáncias exixen actuacións rápidas e concretas para evitar un deterioro irrversíbel do sistema educativo.

Nesta etapa, confluen unha série de circunstáncias que non só afectan aspectos pedagóxicos ou curriculares senón tamén a cuestións formativas e asistenciais de carácter máis global que deben ser atendidas.

Singular atención merecen nesta etapa os servizos complementares, que por seren dunha etapa educativa obrigatória deberian ter un carácter xeneralizado.

Especial mención merece a necesária revisión da Orde por que se implanta a ESO en Galiza, especialmente no que se refere á regulamentación das matérias optativas, programas de diversificación curricular, matérias afins, etc.

O BNG atenderá tamén de xeito singular a situación e funcionamento da figura dos CPI, especialmente no que se refere á sua dotación e mantimento das instalacións, asi como a necesidade de regular as relacións entre o alunado e o profesorado das diferentes etapas educativas.

En base a estes critérios, o BNG abordará durante a lexislatura as seguintes medidas:

1. Revisión da Rede de Centros da ESO para a adaptar ás condicións específicas de Galiza.
2. Adaptación dos Centros aos requisitos exixidos para impartiren estas ensinanzas.
3. Revisión da Orde de implantación da ESO, nomeadamente no referido á impartición de matérias optativas, programas de diversificación curricular e cualificación do profesorado para impartir determinadas matérias.
4. Elaboración dun novo catálogo de equipamento dos Centros de ESO.
5. Incremento dos servizos de comedor e transporte no camiño de conseguoir a sua xeneralización nesta etapa.
6. Incremento anual da partida para Gastos de funcionamento.
7. Impartición de programas de garantia social.
8. Supresión das barreiras arquitectónicas.
9. Promover un acordo coas administracións locais para:
    a) Homologar as condicións de todos os centros.
    b) Incrementar e mellorar os servizos de comedor e transporte.
    c) Utilizar e aproveitar os centros educativos e as instalacións municipais.

d) Planificar as actividades complementares e extraescolares que contemplaren, como mínimo, a realización de duas actividades gratuítas e con carácter xeneralizado en todos os Centros.

VI.1.5.4 A educación post-obrigatória

A ESPO ten adquirido nos últimos anos unha importáncia singular porque debe proporcionar unha titulación e nível de cualificación axeitados, ben para o acceso ao mundo laboral, ben para o acceso aos estudos superiores. Por esta razón sempre representa un tránsito completo que debe combinar o seu carácter propedeútico cunha formación de carácter terminal e válida en si própria.

A implantación desta etapa educativa está-se a facer de xeito restritivo e economicista, reducindo de xeito moi notábel a igualdade de oportunidades para acceder a determinados estudos de Bachalerato ou a Ciclos formativos de Formación Profisional. Esta circunstáncia provoca consecuéncias sociais importantes que afectan o desequilíbrio territorial, inciden no futuro do alunado e agudizan os mecanismos de selección económica e social.

Por estes motivos, será un obxectivo prioritátio do BNG abordar unha implantación da Ensinanza secundária post-obrigatória territorialmente equilibrada e pedagoxicamente acorde coas ensinanzas universitárias, co mercado laboral e co tecido produtivo galego. A tal efeito, o governo galego promoverá:

1. A revisión da normativa que regula a implantación xeralizada da ESPO, tanto no que se refere ás condicións de acceso como ao funcionamento dos Centros educativos.
2. A reelaboración da Rede de Centros da ESPO, ampliando a oferta educativa en todas as Comarcas galegas.

VI.1.5.4.1 O Bachalerato

A existéncia de Catro Modalidades de Bachalerato, de dous itinerários diferentes en tres delas, e de múltiplas matérias optativas, provoca dificuldades para unha programación completa e produz diferenzas e desigualdades entre os centros educativos e as comarcas. Cómpre ter-se en conta que para cursar determinados ciclos de Formación Profisional, ou para acceder a determinadas carreiras universitárias, exixe-se ter cursado determinadas matérias.

O BNG considera proritário que o alunado galego poda acceder en condicións de igualdade aos estudos de Bachalerato. A tal efeito, ampliará-se a oferta educativa en relación coa demanda asi como en relación co mapa de

titulacións universitárias. Resulta imprescindíbel, neste sentido, estabelecer mecanismos de coordenación e cooperación entre o sistema universitário e os estudos de Bachalerato.

Asi as cousas, serán obxectivos do Governo galego durante a lexislatura:

1. Ampliar a oferta educativa para impartir en todos os Concellos as modalidades de Bachalerato científico, tecnolóxico e humanístico.
2. Garantir comarcalmente unha oferta de Bachalerato de Artes que permita cobrir a demanda existente neste ámbito. Para cobrir os casos pontuais desatendidos por esta via promoverá-se un sistema específico de axudas ao estudo.
3. Regular a impartición de matérias optativas, facilitando a impartición das mesmas, nomeadamente as que podan ser chave para estudos posteriores.
4. Ampliar a dotación dos Departamentos de Orientación.
5. Reforzar a función das titorias.
6. Incrementar as actividades de apoio e recuperación para o alunado con problemas de aprendizaxe.

VI.1.5.4.2 A Formación profisional

A Formación Profisional é un dos obxectivos máis importantes dentro da planificación educativa porque permite unha cualificación profisional que capacita para o acceso ao mundo laboral.

Durante anos, e apesar de sucesivas reformas e proxectos, a Formación Profisional non ten acadado os obxectivos previstos e continua a ser un intento fallido por caréncia de meios e por un enfoque pedagóxico e social manifestamente mellorábel.

No caso da implantación dos novos ciclos formativos é precisamente onde se observa un critério fortemente restritivo tanto no que se refere ao volume da oferta como ás características da mesma. Neste sentido a oferta concentra-se nos ciclos xa existentes (administrativo, mecánica do automóbil, etc.) e resulta insuficiente e precária no relativo ás novas profisións e as demandas do tecido produtivo e laboral. Igualmente resulta xeograficamente moi desequilibrada e singularmente escasa en determinados ciclos.

Outro factor que continua a afectar negativamente a Formación Profisional é a sua fragmentación en diferentes níveis e modalidades (inicial, ocupacional, contínua, etc)

Estes e outros factores exixen a revisión en profundidade do marco actual da Formación Profisional que o BNG abordará através da acción de governo en base aos seguintes critérios e obxectivos:

1. Elaborar un Plano Galego de Formación Profisional que coordene e integre os diferentes sub-sistemas de F.P. e estabeleza as suas correspondentes validacións.
2. Ordenar a planificación da Formación Profisional de acordo cos sectores estratéxico-produtivos nacionais e comarcais, para que alunado poda acceder a tais estudos con posibilidades reais de se integrar no mundo laboral.
3. Revisar a actual Rede de Centros da ESPO para ampliar e racionalizar a oferta dos ciclos formativos en relación cun equilíbrio territorial e co desenvolvimento comarcal.
4. Incrementar a oferta educativa en relación coas novas profisións e coas novas posibilidades laborais.
5. Garantir a realización do Módulo de formación en centros de traballo em condicións axeitadas para acadar os seus obxectivos.
6. Reformar o papel das titorias.
7. Dotar progresivamente aos Centros de meios e instalacións para que alunado realice as práticas onde non existan empresas axeitadas, mediante procesos de “simulación empresarial”.

VI.1.5.5 Os programas de garantia social

Constituen un dos aspectos fundamentais para atender o alunado que por algunha circunstáncia abandonou o sistema educativo ordinário. Neste sentido, os Programas de garantia social deben representar a posibilidade real dunha “escola de segunda oportunidade” para conectar cunha posíbel reintegración no sistema educativo. En todo o caso, deben representar a posibilidade de obter uns coñecimentos mínimos que permitan o acceso a unha cualificación profisional.

O BNG compromete-se a realizar unha planificación territorial dos Programas de garantia social elaborando uns deseños curriculares teóricos e práticos en relación co tecido produtivo galego e relacionado coas posibilidades de acceso ao mundo laboral.

Esta planificación realizará-se en colaboración cos Concellos, coas empresas e con aqueles institucións e organismos converxentes na potenciación da formación e o emprego.

VI.1.5.6 As ensinanzas artísticas

As ensinanzas artísticas contribuen ao desenvolvimento das persoas propiciando unha formación cualificada para a criación e a investigación. Paralelmente as suas posibiidades laborais incrementaron-se como manifestacións dunha sociedade que valora cada vez máis a expresión artística.

Lamentabelmente durantes os anos de governo do Partido Popular as ensinanzas artísticas foron vítimas do abandono e da improvisación porque non se tivo en conta a sua importáncia, valor e funcionalidade, sendo relegadas a un lugar moi secundário dentro da planificación educativa. De aí o retraso na elaboración dos deseños curriculares, na formación do profesorado, na adaptación dos centros, etc.

Cómpre lembrar ademais que o próximo governo galego deberá planificar e implantar os ciclos superiores como base dunha cultura artística máis elaborada e capaz de nutrir os cadros das formacións artísticas galegas cada vez máis numerosas e de maior calidade.

Por estes motivos o BNG consiera que as ensinanzas artísticas representan un dos grandes retos do sistema educativo e promoverá desde o governo de Galiza as seguintes actuacións:

Con carácter xenérico, e para todas as ensinanzas de Música, Danza, Arte dramática, Artes plásticas e Deseño, abordarán-se as seguintes actuacións:

1. A criación progresiva de Centros Integrados de Ensinanzas Artísticas, como meio para que o alunado poda compatibilizar este tipo de estudos cos estudos do sistema xeral.
2. A potenciación dunha política específica de Becas para favorecer a mobilidade do alunado.
3. A elaboración dentro do Estatuto do Profesorado, dun apartado específico para o profesorado de ensinanzas artísticas que contemple a sua formación, cualificación e sistema de acceso.
4. A elaboración dos Regulamentos de organización e funcionamento dos Centros de ensinanzas artísticas.
5. A elaboración, dentro do sistema de avaliación da calidade educativa, dos mecanismos de avaliación da calidade das ensinanzas artísticas.
6. A elaboración e desenvolvimento dos Deseños curriculares.
7. Promoción específica de Programas de garantia social e de formación de persoas adultas relacionados coas ensinanzas arísticas.

VI.1.5.6.1 Música e Danza

1. Elaboración dunha rede de Centros territorialmente equilibrada con especial interese pola criación das Escolas de Música e Danza.

2. Impulsar a criación dos Bachaleratos de Música e Danza definindo os itinerários de acceso as ensinanzas superiores.
3. Dotación aos Centros do persoal e material necesários para impartir este tipo de ensinanzas.
4. Estabelecimento de convénios específicos con Institucións e formacións profisionais para o fomento das ensinanzas de música e danza.

VI.1.5.6.2 Arte dramática

1. Criación progresiva de Escolas Superiores de Arte Dramática, adquirindo o compromiso, como mínimo, da criación en Galiza da primeira delas.
2. Potenciación das matérias relacionadas coa arte dramática como matérias optativas e actividades complementares ao longo do sistema educativo.
3. Promoción experimental, en relación con Institucións e formacións teatrais, de ensinanzas de formación profisional específica relacionadas coa arte dramática.

VI.1.5.6.3 Artes plásticas e deseño

1. Implantación dos estudos superiores de Deseño.
2. Aproveitar e adaptar os recursos humanos e materiais das Escolas de Artes para impartiren os Estudos superiores, co fin de incrementaren e territorializaren a oferta.
3. Criación progresiva de Escolas Superiores de Deseño para aqueles estudos que non puderen ser asumidos polas Escolas de Artes.
4. Elaboración dos deseños curriculares en relación co tecido produtivo galego e coas potencialidades de desenvolvimento económico e laboral, definindo as validacións e relación con estudos doutros ámbitos e níveis educativos.
5. Publicación do Decreto de especialidades que determine a impartición dos diferentes módulos por parte do profesroado, con especial atención á figura dos mestres de taller.

VI.1.5.7 As ensinanzas especiais de idiomas

O ensino e aprendizaxe de idiomas ten acadado nos últimos anos unha importáncia singular debido ao seu valor sócio-cultural e a sua importáncia crecente no ámbito laboral.

Por este motivo resulta imprescindíbel incrementar a número e capacidade das Escolas Oficiais de Idiomas e mesmo aproveitar os recursos existentes para favorecer a aprendizaxe de Idiomas ali onde non sexa posíbel a criación dunha escola oficial.

De acordo con estes critérios, o BNG abordará durante a próxima lexislatura a criación de novas escolas de idiomas asi como a potenciación de centros asociaidos en relación coa rede de centros de educación secundária.

VI.1.5.8 A educación de persoas adultas

Esta modalidade formativa representa unha inestimábel axuda para quen desexe acceder a unha formación elemental ou ben para quen desexe incrementar a sua formación como meio para unha promoción profisional ou laboral. Neste sentido, contempla duas estratéxias de actuación que serán coordenadas a partir do Plano Galego de Formación non regrada.

A situación actual permite introducir importantes melloras técnicas e asistenciais nesta modalidade formativa que deben ser aproveitadas por un governo galego que politicamente estea disposto a cobrir este importante aspecto.

O BNG, através da sua acción de governo, promoverá as seguintes actuacións:

1. Elaboración dun Plano específico para a erradicación do analfabetismo en Galiza.
2. Elaboración dunha planificación educativa para a formación permanente de adultos.
3. Utilización e aproveitamento dos recursos educativos existentes na educación regrada para efectivizar esta formación.
4. Incluir esta formación no Convénio que se estabeleza cos Concellos galegos en matéria educativa.

VI.1.5.9 A formación a distáncia

Mención aparte merece a formación a distáncia, que posui carácter regrado e que está suxeito a outras circunstáncias e intereses específicos. En exercício da autonomia é necesário reforzar o papel dun Instituto Galego de Formación a Distáncia, que planificará e coordenará esta modalidade educativa mais que estará moi relacionado e coordenado co sistema educativo ordinário.

A tal efeito o BNG promoverá desde a sua acción de governo unha profunda revisión da educación a distáncia en Galiza reorganizando estas ensinanzas, incorporando as novas tecnoloxias e aproveitando os recursos educativos existentes para facé-la máis operativa e asequíbel ao seu potencial alunado.

VI.1.6 ATENCIÓN A DIVERSIDADE E ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Nengunha sociedade pode ser moralmente lexitimada senón dedica o seu máximo esforzo á atención das persoas ou colectivos con necesidades educativas especiais. O sistema educativo é -sen dúbida- un dos lugares imprescindíbeis para exercer esta atención que o BNG considerará absolutamente prioritária dentro da sua acción de governo. Porque se ben é certo que non se lle pode exixir á escola a solución de todas as deficiéncias sociais e administrativas, si é verdade que -funcionalmente- é un instrumento idóneo para reducir os seus efeitos.

As actuacións educativas neste ámbito teñen-se que afastar da visión negativista e patolóxica que historicamente ten suxerido o termo de "educación especial". Este conceito non só ten de abranxer os tratamentos terapéuticos correctores de deficiéncias, senón que se ten de emarcar nunha visión global da orientación educativa, dirixida a todas as persoas que precisen atención especial psico-pedagóxica ou que apresenten algunha necesidade educativa de tipo social.

Apesar da importáncia que nos programas e campañas electorais se lle dá nominalmente a este asunto, persiste unha ampla lexislación por desenvolver e os recursos son manifestamente insuficientes para atender este segmento da política educativa.

Resulta inaprazábel abordar un Plano Estratéxico de Atención á Diversidade que aborde no seu conxunto unha problemática cada vez máis extensa que xorde mesmo antes da própria escolarización mais que apresenta nesa etapa unha especial dificuldade. Urxe por esta razón dotar os centros dos meios materiais e persoais necesários, adaptar os espazos educativos e abordar as novas construcións absolutamente imprescindíbeis.

O BNG, en base a estes critérios e prioridades, abordará na próxima lexislatura as seguintes medidas:

VI.1.6.1 Atención ás necesidades educativas especiais

1. Elaboración dun Plano Galego de atención ás persoas con necesidades educativas especiais que contemple os tres níveis de atención: temperá, equipas zonais de base e especialistas nos centros. Este Plano contemplará a avaliación anual da Educación Especial en Galiza.
2. Redución da ratio de alunos e alunas con necesidades educativas especiais mediante o incremento de profesorado especialista.
3. Incremento de persoal non docente para a atención e coidado do alunado.
4. Posta en funcionamento do Centro Galego de Recursos para a Educación especial e potenciación progresiva dos Centros de recursos comarcais.

5. Supresión das barreiras arquitectónicas nos centros educativos.
6. Elaboración de programas específicos en relación coas empresas, especialmente orientados á integración laboral das persoas con algunha discapacidade.

VI.1.6.2 A orientación educativa e profisional

1. Reforzo dos programas de recuperación académica e diversificación curricular mediante a potenciación das “aulas de segunda oportunidade”.
2. Criación de departamentos de orientación en todos os centros, con dotación de persoal, espazo físico imprescindíbel e persoal cualificado.
3. Potenciación do traballo das titorias como elemento imprescindíbel para acadar os obxectivos que pretende o sistema educativo.
4. Potenciación de programas “non regrados” de cualificación profisional para que o alunado que abandone o sistema educativo puder acadar unha cualificación básica que lle permitir a sua integración laboral.

VI.1.6.3 Os programas de compensación educativa

As accións de compensación educativa dirixirán-se ás persoas que en razón de condicións de hospitalización, internamento, familiares, sociais, culturais, étnicas, itineráncia ou territoriais se atopan en situación de desvantaxe a respeito do acceso, permanéncia ou promoción no sistema educativo, para favorecer a incorporación e intgración social, educativa e cultural de todos os grupos sociais, étnicos ou culturais, promovendo a aparición de exemplos positivos e previndo a exclusión social.De acordo con estes critérios, o BNG abordará as seguintes medidas:

1. Programas e accións concretas de loita contra o absentismo escolar en relación coas famílias, institucións e os servizos sociais municipais.
2. Implantación progresiva de programas de compensación educativa en todos os centros con profesorado de apoio especializado.
3. Estabelecimento de medidas administrativas para acadar unha estabilidade do profesorado dedicado á educación compensatória.
4. Elaboración de material curricular en relación coa educación compensatória e a educación intercultural.
5. Elaboración e avaliación anual do plano da educación compensatória en Galiza.

Todas estas medidas relacionadas coa atención á diversidade serán abordadas desde unha nova Subdirección Xeral da Consellaria de educación e Ordenación Universitária, por entendermos que se debe elevar o rango administrativo nun tema de tanta trascendéncia que incremente a sua dotación orzamentária e favoreza a sua funcionalidade.

VI.1.7 A FUNCIÓN DOCENTE E A FORMACIÓN DO PROFESORADO

Para o BNG a función docente é, sen reservas, o aspecto máis importante do sistema educativo. Resulta óbvia a imposibilidade de pretender o éxito de calquer programa ou planificación educativa sen contar cun profesorado motivado, xustamente remunerado e debidamente preparado para afrontar os retos que a Educación demanda.

Durante os últimos anos temos asistido a un progresivo deterioro da profisión docente que sobarda aspectos meramente educativos porque ten a sua orixe nunha perda da valoración social da mesma. Somos conscientes que as causas desta situación son complexas e obedecen a factores que van desde o económico ao profisional.

Por estas razóns, o BNG priorizará entre os seus obxectivos a recuperación do prestíxio social da función docente mediante unha revalorización do próprio conceito de Educación e unhas medidas para mellorar a situación laboral, económica e profisional do profesorado que permitan acadar un sistema educativo de calidade. Este obxectivo abordará-se através dun compromiso ético e político entre o governo galego e o profesorado que se plasmará na elaboración dun Estatuto da función docente en colaboración cos traballadores e traballadoras do sector.

VI.1.7.1 A formación do profesorado

O BNG sempre entendeu a formación do profesorado como un direito e unha obriga que debe afectar positivamente todo o colectivo e constituir-se en peza fundamental para a consecución da calidade educativa.

Esta formación terá un carácter bi-direccional para respostar tanto ás exixéncias da planificación educativa como as demandas do colectivo de persoal docente e investigador.

A planificación da formación contemplará a posibilidade de que se realice tanto no próprio centro (formando parte do horário laboral), como fóra del, facilitando nese caso a asisténcia dos colectivos ás actividades de formación.

A planificación da formación será descentralizada co fin de que todas as zonas educativas posuan unha oferta ampla de actividades. Aplicarán-se medidas de apoio específico para asistiren ás actividades que pola sua singularidade e importáncia non puderen ser obxecto desta descentralización.

Para acadar estes obxectivos, o BNG elaborará un Plano Galego de Formación do Profesorado que anualmente, e antes do comezo de cada curso, determine as actividades que se van realizar en base aos seguintes critérios:

1. Actualizar e profundizar os coñecimentos do profesorado nas suas áreas prestando especial atención a matérias cuxa importáncia faga prever a sua incorporación ao sistema educativo.
2. Permitir a reciclaxe do profesorado para impartir novas áreas de coñecimento.
3. Profundizar na investigación de novas técnicas e metodoloxias aplicábeis á educación.
4. Seleccionar as actividades e o profesorado axeitado en función dos seus coñecimentos e capacidade de contribuir, a permitir, se for necesário e temporalmente, a sua liberación da actividade docente.
5. Repercutir ás actividades de formación na própria prática do centro educativo.
6. Recopilar e distribuir anualmente nos Centros educativos as actividades e conclusións relacionadas coa formación do profesorado, asi como os traballos realizados por equipas ou persoas que disfruten dalgunha axuda da Xunta de Galiza para a sua execución.
7. Facilitar a edición e divulgación daqueles traballos e experiéncias de especial interese.
8. Avaliar anualmente os resultados do Plano galego de formación do profesorado facendo públicas as conclusións e definindo as liñas de rectificación necesárias

VI.1.8 PROGRAMACIÓN EDUCATIVA E POLÍTICA LINGÜISTICA

Un sistema educativo de contido e carácter críticos é o o meio para que o alunado acceda a un coñecimento, comprensión e interpretación da realidade e para extrair os instrumentos de análise que lle permitirán situar-se na sociedade e construir o seu próprio espazo. Será tamén un sistema educativo desas características quen lle permita disfrutar dos beneficios da cultura, adquirir unha cualificación profisional e acceder ao mundo laboral.

Neste contexto, o deseño e programación das matérias que configuran o sistema constituen un elemento fundamental do mesmo.

O BNG considera que a programación educativa galega debe ser especialmente sensíbel con todas as posibilidades científicas e culturais, integrando aqueles níveis do saber e do coñecimento que permitan acadar o nível intelectual máis elevado posíbel. Desta maneira, a integración do alunado galego poderá producir-se en condicións especialmente favorábeis.

Mais un sistema educativo ten de se ligar, ademais, ao desenvolvimento do país en que se experimenta. Neste sentido resulta imprescindíbel que o alunado aprenda a coñecer, interpretar e aplicar o seu saber en consonáncia coa realidade material e cultural en que está imerso. Unicamente desde o

coñecimento do imediato se pode estabelecer unha relación coerente e frutífera con entornos e realidades máis distantes.

O progreso dun país non pasa por negar o valor do imediato en benefício da incorporación do alleo; senón precisamente en acertar na potenciación do própio mediante a incorporación daqueles aspectos que poden contribuir máis favorabelmente ao progreso. Mais este feito, tan facilmente asimilado por outras nacións, carece de prioridade para o governo galego no actual sistema educativo, o que provoca un descenso da autoestima e un desaproveitamento dos próprios recursos que empobrecen cientifica e culturalmente Galiza.

Especial mención merece neste asunto a "contrarreforma" ideolóxica e marcadamente involucionista que pretende o governo español mediante o recorte das competéncias das comunidades autonomas en matéria educativa e o abuso dunha programación centralizada en valores e contidos que non respeitan o carácter plurinacional do Estado.

O Governo galego ten a obriga e responsabilidade política de defender a comprensión de Galiza como realidade existente e coas potencialidade suficientes para estabelecer inter-relacións de igualdade e paralelismo científico e cultural co resto do mundo. O BNG, en base a estas consideracións, promoverá as seguintes actuacións:

1. Garantir a presenza nos deseños curriculares de contidos referidos ao coñecimento do meio natural, da ciéncia e da cultura galegas, como meio para acadar un progreso científico e cultural autocentrado.
2. Incorporar e promover no sistema educativo os coñecimentos e valores que puderen servir para o progreso e desenvolvimento de Galiza. Potenciarán-se os estudos e coñecimento de idiomas e das novas tecnoloxias.

A existéncia dun idioma próprio converte á POLÍTICA LINGÜÍSTICA nun tema de especial importáncia dentro do sistema educativo, porque o idioma galego é o veículo natural de expresión oral e escrita en que se poden reflectir todos os elementos científicos e culturais que configuran o sistema educativo.

Este obxectivo foi esquecido sistematicamente polos sucesivos governos do Partido Popular. Cómpre lembrar que, até o momento, a Xunta de Galiza nen sequer tivo a vontade política de cumprir e facer cumprir a "sua" legalidade vixente en matéria de política lingüística referida ao ensino. Tampouco se prestou o apoio suficiente e necesário á elaboración e promoción de materiais curriculares deseñados en galego e na própria Galiza que servisen de apoio ao profesorado que desexase impartir a sua docéncia no noso idioma. A isto haberia que engadir, entre outros factores, o abandono económico e loxístico que sofren as equipas de normalización lingüística dos centros educativos.

Estes feitos unicamente veñen corroborar a falta dunha vontade normalizadora e a desconfianza nas posibilidades dun idioma capaz de realizar todas as funcións necesárias e exixíbeis a un sistema educativo.

En base a estes critérios e reflexións, o BNG promoverá as seguintes actuacións:

1. Abordar un plano de galeguización do ensino, entendendo por tal o uso do idioma próprio do país, dotando este plano de meios materiais e humanos e implicando-se activamente no deber e na responsabilidade de conducir e mellorar esta política.
2. Aplicar o Decreto 247/1995 que regula a utlización do galego como língua veicular en determinadas matérias do ensino e ampliar regulamentarmente a sua aplicación na Educación Infantil.
3. Incrementar o seu apoio económico á produción e difusión de materiais curriculares relacionados co sistema educativo.
4. Incrementar a seu apoio a formación do profesorado no ámbito da normalización lingüística.
5. Realizar programas de apoio específico á normalización lingüística para o alunado procendente doutros lugares.
6. Incrementar o seu apoio financeiro e loxístico ás equipas de normalización lingüística dos centros.

VI.1.9 BOLSAS E AXUDAS AO ESTUDO. A GRATUIDADE DO MATERIAL ESCOLAR

A lexislación vixente exixe da Administración educativa a provisión de recursos para desenvolver Programas de compensación para persoas, famílias, grupos ou comarcas que se atopen en situacións desfavorábeis. Tendo en conta as características sócio-económicas, xeográficas e demográficas de Galiza, o BNG considera prioritária unha série de actuacións concretas para impedir que o sistema educativo agudice as diferenzas que outros factores producen.

Durantes estes anos ignorou-se esta situación e mesmo o alunado galego tiña dificuldades para acceder a unha axuda porque as explotacións agrícolas e gandeiras eran valoradas como património que superaba os baremos e excluia as persoas desa posibilidade. A implantación do novo sistema educativo implicou maiores costes e dificuldades para acceder a determinados estudos de Bachalerato e moi especialmente a determinados ciclos de Formación Profisional e ensinanzas artísticas. A todos estes problemas cómpre engadir problemas económicos e sociais de moitas famílias que teñen dificuldades para custearen o material escolar dos seus fillos e fillas.

En base a estes critérios, o BNG promoverá ao longo da lexislatura as seguintes actuacións:

1. Regular mediante un Decreto as axudas á Educación dotando partidas económicas específicas para a adquisición de material escolar, transporte, comedor, residéncias e taxas académicas no ensino post-obrigatório e Universitário.
2. Gratuidade progresiva do material escolar básico no ensino obrigatório.
3. Solicitar do governo do Estado a transferéncia completa de todas as partidas relacionadas con becas, bolsas e axudas ao ensino.
4. Construción de residéncias de estudantes e posta en funcionamento de comedores universitários.

VI.1.10 ATENCIÓN AO ALUNADO

O alunado é o outro grande pear sobre o que pivota o sistema educativo como o receptor directo dos seus benefícios científicos e culturais. A ningúen se lle escapa que a idade estudantil é conflitiva e exixe unha permanente recomposición para perfilar e coordenar os intereses do estudantado cos obxectivos do sistema educativo.

O BNG considera que este sistema non só debe atender a formación académica do alunado, senón tamén favorecer o seu desenvolvimento dentro dunha formación máis global e máis motivadora para as suas expectativas.

Sendo conscientes das dificuldades que implica, urxe acometer unha série de actuacións capaces de motivar ao alunado para estabelecer un marco de convivéncia e aceitación colectiva do sistema educativo como benefício social que se percebe a consecuéncia do esforzo do conxunto da sociedade.

En base a estes critérios, o BNG abordará na próxima lexislatura as seguintes medidas:

1. Actualización da lexislación en matéria de direitos e deberes do alunado, asi como dos critérios de representación nos organismos académicos.
2. A supresión de calquer mecanismo discriminatório para o acceso e permanéncia nos estudos.
3. A revisión do sistema de acceso aos estudos universitários que racionalice as probas, elimine as discriminacións e as dote dun maior grau de coeréncia.
4. A progresiva redución do número de alunos e alunas por aula.
5. A promoción do asociacionismo estudantil.
6. O incremento da oferta de estudos nocturnos e a distáncia para favorecer ao alunado que traballa.
7. O estabelecimento de convénios e axudas para o transporte.
8. O incremento da oferta de actividades complementares e extraescolares.
9. O incremento dos benefícios sócio-económicos e culturais derivados da condición de estudante.

VI.1.11 A PARTICIPACIÓN SOCIAL NA EDUCACIÓN

Por ser un servizo público esencial, o BNG considera que a implicación e participación sociais son un elemento que contribui ao seu mellor funcionamento. Moi especialmente no ensino non universitário resulta imprescindíbel que as famílias e as institucións políticas e sociais participen activamente na formulación de propostas e na solucións dos problemas.

Coidamos que a cidadania, como usuária dun servizo público esencial, ten direito a información e atención por parte do profesorado e as equipas directivas dos Centros, asi como a obriga de colaborar cos mesmos no mellor funcionamento do sistema.

Para o BNG é unha cuestión prioritária promover un clima de convivéncia nos centros educativos que respeite e garanta os direitos de todos os colectivos que forman parte da comunidade educativa. Existen moi claras atribucións que corresponden a cada colectivo, mais existen tamén direitos e deberes comuns que é necesário ensamblar para evitar enfrentamentos inúteis claramente prexudiciais para o funcionamento do sistema.

De acordo con estes critérios o BNG promoverá as seguintes actuacións:

1. O funcionamento regular dos organismos de participación nos Centros e no sistema educativo.
2. O fomento da participación na actividade dos centros.
3. O estabelecimento de canles de información e reclamación precisos, sobre os asuntos que afecten a planificación, programación e financiamento do sistema educativo.
4. Revisión do funcionamento das tutorias, a reforzar o seu labor e a facilitar a sua relación coas famílias.
5. Criación dun marco de relacións estábeis entre as ANPAS e a Consellaria de Educación
6. Revisión dos obxectivos e funcionamento do Consello Escolar de Galiza para o dotar dun carácter realmente asesor e consultivo acerca dos grandes temas da política educativa.

VI.1.12 O SISTEMA UNIVERSITÁRIO GALEGO

A política universitária do BNG basea-se nos seguintes princípios:

- **O recoñecimento do valor estratéxico da educación superior nas sociedades actuais**, en termos de civilización, cualificación para o traballo, adecuación ás demandas da inovación tecnolóxica.
- A necesidade dun **novo modelo de Universidade no marco da chamada "sociedade do coñecimento"**, enxergada no cámbio social e tecnolóxico, as futuras demandas de ensino virtual, a necesidade da formación continua, a competéncia das universidades corporativas, etc.

- Un compromiso global de **defensa dunha universidade pública de calidade**, adaptada aos novos marcos educativos e económicos mais tamén defendida das novas tendéncias privatizadoras que están avanzar no seu seo.
- A concepción da Universidade como un instrumento de formación e produción de coñecimento, mais tamén de **desenvolvimento** do país e de **igualación social**.
- A definición de obxectivos e a planificación de futuro, centrada na necesária **converxéncia de calidade cos estándares europeus.**
- A consideración de que maiores níveis competenciais e de recursos en matéria de política universitária e de investigación son claves para o desenvolvimento autocentrado do País.
- A necesidade de aplicar unha **política universitária expansiva**, mais tamén de submeter os seus resultados e unha avaliación rigorosa.
- O compromiso de **incentivar o emprego do idioma galego no ensino universitário**, co obxectivo de garantir que o ensino superior non quede fora da aplicación da Lei de Normalización Lingüística.

VI.1.12.1 Titulacións

VI.1.12.1.1 A temporarización do proceso

O mapa de titulacións non pode permanecer permanentemente aberto nen se cerrar de xeito indefinido. Propón-se marcar períodos de catro-cinco anos, en que se faga un reparto de titulacións, coa correspondente previsión extraordinária de financiamento e avaliación de resultados. Aquelas titulacións que, unha vez decidida a sua localización, non fosen implantadas no período indicado poderian ser obxecto de revisión para o próximo reparto.

VI.1.12.1.2 A participación na decisión do reparto

Para contribuir á toma de decisións equilibradas debe fuxir-se tanto do "corporativismo universitário" como do "localismo". Por iso cómpre buscar a participación, nun debate sereo, doutros colectivos da sociedade que contribuan á racionalización de intereses plurais. En calquer caso, esta visión de conxunto significa que deben ter-se en conta as peticións de Universidades e cidadáns que poden considerar-se un ponto de partida para a análise de conxunto.

Concebemos o Sistema Universitário Galego (SUG) como elemento de unidade de calquer actuación razonábel; calquer proposta ten de servir para mellorar o conxunto do sistema, non só para arranxar un cámpus ou universidade. Esta idea está presente na própria LOSUGA e xoga en favor da concepción dun país articulado, sen por iso renunciar ás realidades e peculiaridades comarcais/metropolitanas nen aos problemas concretos.

VI.1.12.1.3 Critérios de implantación de titulacións para o conxunto do S.U.G.

1. **Completar a oferta**. A tendéncia debe ser a de oferecer todas as titulacións do catálogo actual e máis aqueloutras que, pola sua importáncia sócio-económica, puderen ser precisas como titulacións próprias en Galiza, acompañadas sempre do adecuado financiamento público. En todo o caso, a implantación de novas titulacións nunca deberá ir en detrimento da consolidación das titulacións actuais.
2. **Evitar as duplicacións ou multiplicacións de titulacións.** En calquer caso, a implantación de novas titulacións exixe un estudo en que se tiveren en conta as seguintes consideracións:
   a) Custo económico da titulación e necesidade de especialización do profesorado.
   b) O interese e a demanda social realmente coberta e mais a necesidade de favorecer o acceso a titulacións demandadas.
   c) O efeito sobre o conxunto das titulacións do cámpus ou universidadade respectiva e sobre as xa existentes no S.U.G.
3. **Corrixir as desigualdades entre cámpus** e favorecer o desenvolvimento dos máis débeis.

VI.1.12.1.4 Critérios para o reparto de titulacións por cámpus e Universidades

1. **Criación de pólos de atracción e referéncia** (de especialización). Os cámpus, sobretodo os máis novos, teñen de se dotar dun conxunto de titulacións non duplicadas que lles deren entidade e personalidade no conxunto do S.U.G a atender os seguintes critérios.
   a) Situación actual do cámpus no que se refere a número de estudantes, persoal e recursos.
   b) Tradición e masa crítica disponíbel en cada cámpus; interrelacións e sinérxias entre titulacións.
   c) A interacción co entorno sócio-económico.
   d) Que as novas titulacións permitan dar-lle ao cámpus personalide própria no conxunto do S.U.G e convertir-se en pólo de referéncia especializado.
2. **A "completude" dos cámpus**. A criación de pólos de referéncia non debe cair na "superespecialización" dos cámpus. Debe procurar-se que existan titulacións das cinco grandes áreas científicas tanto de grau médio como superior.

VI.1.12.1.5 Planificación estratéxica

Nestes momentos, abrir o mapa con racionalidade significa facer unha aposta por implantar aquelas titulacións de grande futuro estratéxico de que todos os países avanzados son deficitários, como as tecnolóxicas vinculadas ao sector da comunicación, da computación e da cultura; aqueloutras que incomprensibelmente ainda non están implantadas no sistema universitário

galego e teñen de cobrir necesidades evidentes en calquer país, como Topografia, Comunicación audiovisual, Património, Turismo, Antropoloxia Social, Enoloxia, Dietética e Nutrición, entre outras, asi como outras das áreas tecnolóxicas (incluidas as aeronáuticas) ainda non implantadas.

VI.1.12.1.6 Titulación próprias, cursos de posgrau, mestrado e terceiro ciclo

1. Considera-se necesário **evitar a proliferación** (máis que previsíbel) de **titulacións próprias de primeiro e segundo ciclo** no S.U.G. con financiamento privado, e con prezos privados dentro do sistema público, que conducen ao estabelecimento dunha selectividade económica perturbadora do princípio de igualdade de oportunidades. Pola contra, propón-se a apertura do mapa de titulacións e, no seu caso, o financiamento público de titulacións próprias (fóra do catálogo estatal) sempre que se consideren necesárias no marco do Consello Universitário de Galiza.

   As titulacións próprias son xa unha realidade dentro do Sistema Universitário Galego; no exercício da sua autonomia as universidades poden estabelecé-las sen os trámites exixidos para á impartición de titulacións oficiais. Precisamente por seren estudos de pregrau e non conduciren á obtención dun título oficial deben extremar-se as condicións de planificación, colaboración das Universidades, elaboración dos planos de estudo, etc. A sua calidade é mostra da excelléncia e do prestíxio dunha universidade ou do Sistema Universitário Galego. Por iso propón-se:

   - Implantación coordenada polo Consello Universitário Galego
   - A sua impartición deberá atender campos non abordados polas titulacións oficiais, con demanda social e onde a universidade ten docentes experimentados e grupos de investigadores consolidados, que podan impartir a calidade exixida.
   - Debe asegurar-se a igualdade de oportunidades no acceso e estes estudos mediante uns prezos públicos de matrícula e unha axeitada política de bolsas.
   - Tanto a elaboración dos Planos de Estudo como a dedicación docente debe seguir as mesmas canles e ter as mesmas garantias de dedicación que as dos títulos oficiais, con que non debe haber diferenza nengunha na prática.

2. A crecente complexidade da formación e as demandas do mercado de traballo, dos sectores produtivos e de intereses e necesidades sociais, exixen o desenvolvimento de **cursos de posgrau e de mestrado** co máximo rigor e calidade. Mais isto non debe facer-se en detrimento do terceiro ciclo e, en todo o caso, deben avaliar-se os seus resultados.

Actualmente está-se a producir unha grande oferta de cursos de postgrau nas Universidades galegas polo que parece necesária unha regulación dos mesmos. Dalgun xeito a oferta de cursos de postgrau compite coa de terceiro ciclo desde o momento que este inclue un título de estudos avanzados unha vez rematados os dous anos do programa. O obxectivo comun dunha oferta de postgrau, ben sexa terceiro ciclo ou especialización e mestrados, debe ser a sua calidade. Polo que, en princípio debe ser contemplada como unha actividade docente máis dos grupos de traballo capacitados para a impartiren e contemplada como tal dentro do P.O.D.

3. Elevar a calidade do **Terceiro Ciclo** é consubstancial á vocación de utilizar este instrumento para formar investigadores e tecnólogos capacitados. A avaliación dos programas e o impulso de programas de calidade, interdisciplinares e interuniversitários, constitui un obxectivo central. Neste sentido poden-se estabelecer contratos-programa vinculados ao compromiso de formación de doutores. Contempla-se, ao cabo, o Terceiro Ciclo como o ámbito principal de desenvolvimento dos estudos de posgrau.

A Universidade ten a obriga de formar aos seus profisionais ao ser a única institución capacitada para impartir o Título de Doutor, imprescindíbel para acceder aos corpos de profesores. Parte da formación dun Doutor son os estudos de terceiro ciclo que incluen cursos de especialización e traballos de investigación tutelados, prévios á realización dun traballo de investigación orixinal que constituirá a tese de Doutoramento.

Cómpre potenciar os estudos de Terceiro ciclo a estendé-los a todos aqueles que quixeren especializar-se e non só doutoraren-se como sucedia anteriormente. Aumentar a oferta incrementando o número de programas interuniversitários para aproveitar as capacidades que ten o Sistema Universitário Galego. Asegurando asi unha oferta de calidade e que cubra non só as demandas de Doutores senón tamén a de especialistas. O aumento desta oferta paliaria en parte a excesiva presenza doutros cursos de postgrau organizados sobre o princípio de autofinanciamento, con prezos de matrícula moi superiores aos públicos e con dificuldades de consolidación.

O conxunto da oferta de postgrau debe ser orientada e avaliada. Para manter o princípio de igualdade de oportunidades deben incluir unha política de bolsas e de préstamos subvencionados. A actividade docente dos profisionais que participen na oferta de postgrau debe incluir-se como parte da sua dedicación a tempo completo. A avaliación periódica da oferta de postgrau resultará imprescindíbel para asegurar a sua calidade e a sua optimización, xa que polas características próprias deste tipo de estudos permite correccións flexíbeis cara á consecución dos obxectivos.

VI.1.12.2 A Universidade Aberta Galega

En exercício da auotonomia, é necesário reparar desde Galiza na oportunidade de criar unha Universidade a Distáncia galega, para atender as necesidades, xa actualmente elevadas e potencialmente moi amplas nun futuro próximo, de docéncia superior a distáncia que se ampliarán coas posibilidades que as novas tecnoloxias da comunicación oferecen cara so futuro (docéncia virtual, formación permanente, etc.). Esta nova institución deberia interaccionar e apoiar-se nas universidades existentes, alén de cobrir un ámbito docente que a docéncia convencional non cobre, tal como fai hoxe a UNED.

As razóns que xustifican a criación da Universidade Aberta de Galiza (UAG) son de moi diversos tipos; entre outras:

1. A crecente demanda social de estudos universitários, que se pon de manifesto no elevado incremento -máis do 100% nos últimos 10 anos- dos estudantes das Universidades de Galiza; e parellamente nos centros galegos da UNED.
2. A aparición de novas demandas de ensino superior e de formación contínua, veiculizábeis a distáncia con novos sistemas.
3. A conveniéncia de que o sistema universitário galego sexa completo e accesíbel a toda a povoación.
4. As características sociais da povoación que demanda estudos universitários, moi diversificada en idade, actividade, lugar de residéncia e situación persoal.
5. A crecente irrupción das novas tecnoloxias da información na nosa sociedade posibilitan unha via accesíbel (desde o próprio domicílio) á formación básica e especializada sobre diversos ámbitos do saber.
6. As necesidades de formación universitária de persoas con determinadas discapacidades físicas poden ver-se mellor atendidas cun sistema de ensino non presencial.
7. As posibilidades de coordenación da UAG que oferecen tres Universidades para optimizar os meios humanos e materiais con que conta o sistema universitário galego para conseguir os fins da UAG.
8. A conveniéncia de regulación lexislativa dos estudos a distáncia co fin de evitar que entes privados e corporativos, sen a acreditación debida, puderen ofertar ensino universitário a distáncia.

Concebe-se a Universidade Aberta de Galiza cos seguintes obxectivos e contidos:

A **Universidade Aberta de Galiza (UAG)** pretende ser un novo tipo de Universidade pública que ten como obxectivo básico o de oferecer un ensino universitário non presencial, de calidade, mediante a utilización de sistemas pedagóxicos inovadores e o uso de tecnoloxias multimédia e interactivas.

VI.1.12.2.1 Princípios Xerais da U.A.G.

1. Complementar o sistema universitário galego, poñendo os estudos universitários ao alcance de sectores que non poden acceder ao ensino presencial
2. Estar arraigada na realidade cultural, social e lingüística de Galiza.
3. Estar aberta ás diferentes características dunha sociedade moi diversificada en idade, actividade, lugar de residéncia e situación persoal.
4. Ter un modelo didáctico inovador, eficaz e eficiente.
5. Aproveitar as posibilidades que oferecen as novas tecnoloxias da información e as comunicacións.
6. Cooperar e coordenar-se coas demais universidades públicas galegas e co conxunto do sistema educativo de Galiza, de cara a optimizar programas, persoal e meios.
7. Estar distribuída amplamente no território de Galiza, mediante centros de apoio.

VI.1.12.2.2 Sistema Educativo

O sistema educativo en que se basea a UAG ten tres piares básicos: o conceito de **Cámpus Virtual**: configurado como unha rede de docentes e estudantes interconectados mediante as tecnoloxias apropriadas, entre si e cos recursos globais; os **materiais de estudo**: de tipo multimédia, con características que faciliten a aprendizaxe e o acceso a amplas fontes de información complementares; e os **encontros presenciais**: na rede de centros de apoio de Galiza, e mesmo fóra, que deben servir para acoller actividades culturais abertas.

VI.1.12.3 Potenciación do Sistema Universitário Galego

A Universidade ha ser un **instrumento** non só **de formación** senón tamén de **desenvolvimento** do país e de **igualación social**, garantindo a igualdade de oportunidades. Cómpre rachar coa xestión clientelar que moitas veces preside nos últimos anos a toma e decisións respeito do sistema universitário galego, sexa na implantación de titulacións ou na elaboración dos critérios de financiamento, investimentos, etc.

A este respeito, considera-se fundamental a potenciación do Consello Universitário e mesmo a sua ampliación para poder cumprir máis adecuadamente coas funcións que o autogoverno exixe, a todos os níveis, a incluir o estabelecimento de mecanismos de avaliación da calidade e do uso dos recursos.

A potenciación da autonomia das universidades revela-se como un bon critério para desenvolveren libre e adecuadamente as funcións que delas demanda a sociedade, polo que esta debe complementar-se coa necesidade de que rendan contas da sua actuación. E dita potenciación da autonomia das universidades pasa necesariamente polo estabelecimento dun financiamento coñecido e transparente.

VI.1.12.4 Reforma da L.R.U.

O anteproxecto da Lei Orgánica de Universidades (LOU) que propón o Governo Central non pode ser mais que criticado polo carácter retrógrado, recentralizador e privatizador que emana das suas orientacións. No caso de ser aprobada a Lei na intervencionista formulación actual, coa eliminación fáctica de competéncias das CC.AA. e a erosión da autonomia universitária que aponta, seria necesário interpor un recurso diante do Tribunal Constitucional por parte do Governo galego.

As posibilidades de asumir máis competéncias en matéria de universidades por parte da Comunidade Autónoma nunca foron exploradas, máis ben foron cercenadas, polos governos do PP. Non só poden asumir-se máis competéncias senón tamén lexislar en matéria de universidades como teñen feito outras comunidades, co obxectivo de exercer de modo máis efectivo, e eficiente, o autogoverno. Procederá-se á constitución da Mesa Sectorial de Unviersidades, dando cabo a unha vella demanda que repetidamente ten negado este governo.

VI.1.12.4.1 Financiamento

As cifras de financiamento do ensino superior e a investigación do noso país manteñen grandes diferenzas cos países europeus e mesmo da OCDE, aparecen inclusivemente importantes diferenzas á baixa coas médias do estado español. De xeito que constitui unha prioridade política do BNG o incremento do esforzo orzamentário global que garanta unha mellor dotación de recursos para lograr que a universidade pública galega as funcións e as exixéncias que a sociedade actual e do futuro lle demandan.

Desde o BNG entendemos que os recursos públicos proporcionados para a educación e para a investigación son un investimento produtivo imprescindíbel para garantiren a capacidade de competéncia e competitividade do país. Se ben é posíbel mellorar os critérios para o reparto do financiamento das Universidades Galegas, asi como mellorar os controis de calidade de eficácia no gasto, cos dados disponíbeis hai que partir sempre de **mellorar significativamente as cantidades actuais de financiamento público.** As cifras galegas actuais continuan a estar moi afastadas das médias europeas, entre un 40 ou 50%, e

impeden formular seriamente melloras que nos achegaren á calidade de docéncia e investigación das Universidades de referéncia.

O financiamento do sistema universitário do Estado español frente a OCDE pode resumir-se nas seguintes cifras: o gasto total é do 1,1 % do PIB, mentres que a média da OCDE é do 1,6% con países como Suécia co 2,3% ou Canadá 2,8%. O gasto por estudante no Estado español é en 1995 de 4.944 $ frente os 8.134 $ da média da OCDE. O sistema universitário galego ten ainda cifras un 13% menores que as médias do Estado español, polo que por estudante galego investimos menos que a mitade da média da OCDE.

Segundo dados recollidos no informe Bricall, canto ás cifras de bolsas, o 75% dos estudantes de Reino Unido, Holanda e países nórdicos recebe unha bolsa, no caso de España só no 17.3% (1997-1998). A percentaxe galega é mesmo inferior, as percentaxes de axudas sobre o gasto público total tamén son das máis baixas dos países occidentais. Por outra aparece nas universidades do Estado español, e en maior medida nas universidades galegas, unha clara desproporción entre os recursos públicos e as cantidades correspondentes a outros recursos, sendo do 24 % estes recursos no Estado español frente o 7 % de Alemaña, 10 % de Reino unido ou o14 % da média da OCDE, provocando importantes problemas para o financiamento da infraestrutura básica.

Do ponto de vista dos instrumentos, cómpre reformar o plano actual de financiamento para estabelecer obxectivos de converxéncia, asi como implantar a fórmula de contratos-progama, de xeito que as universidades foren en parte financiadas en función do cumprimento de obxectivos estabelecidos en matéria de docéncia, investigación, formación de titulados, etc.

En suma. Tanto a contia como os critérios de financiamento do Sistema Universitário galego deben ser revisados, estabelecendo obxectivos de converxéncia de calidade cos estándares europeus, para o que resulta imprescindíbel estabelecer un horizonte de incremento da percentaxe de gasto en relación co PIB. Cómpre ir alén da posición cicateira e ruin do actual governo do PP que fai depender a calidade do futuro dunha situación lamentábel como é a baixa de alunado por mor da caída de natalidade. Partindo do máis que aceitábel nível que acadou o sistema universitário galego, trata-se de acrecentar a calidade da educación superior en Galiza atendendo a sociedade e o alunado como usuários de formación, de coñecimento e de tecnoloxia.

O estabelecimento de contratos-programa e o financiamento por obxectivos pode constituir-se en instrumento adecuado. As universidades galegas xa acadaron unha percentaxe de financiamento privado moi elevada, moi por riba das sociedades europeas do benestar, o que demostra a necesidade de incrementar o finanaciamento público, tendo en conta sempre os resultados, en función das necesidades que se lle marcan á educación superior e ao seu sistema de investigación.

En calquer caso, un programa de calidade debe ter en conta:

- O incremento das bolsas e axudas ao estudo nos tres ciclos universitários,
- o incremento e mellora de calidade dos servizos,
- a redución da ratio alunos/ profesor e Pas/profesor,
- a mellora das infraestruturas docentes e investigadoras,
- o estabelecimento dun complemento galego a semellanza doutras comunidades,
- a dotación de programas de formación de persoal docente e investigador,
- a consideración das institucións universitárias como o principal entramado investigador do país.

VI.1.12.5 Política de bolsas e servizos universitários

A atención específica a este aspecto deriva da importáncia que lle damos á Universidade como **instrumento de igualación social** e a necesidade de que, para cumprir este obxectivo, se garanta a igualdade de oportunidades no acceso á formación universitária. Neste sentido, a experiéncia demostra que aliviar alomenos as discriminacións económicas e sociais que limitan o acceso ao ensino universitário pasa necesariamente por pular unha política de bolsas e de servizos. Isto resulta especialmente decisivo en Galiza pola dispersión e o espallamento da povoación, mesmo apesar da existéncia dos sete cámpus e as tres universidades. A libre eleición exixe desprazamentos e sempre resultará máis doado financiar desprazamentos e residéncia que duplicar titulacións. O impulso que supuxo neste sentido o plano de financiamento de 1990-1995 foi perdendo vigor desde o seu remate e mesmo antes pola xestión do PP.

Un obxectivo imprescindíbel é garantir que os novos cámpus e as novas universidades acaden un nível de prazas de residéncia e comedor equiparábel ao que hoxe disfruta Santiago. E mesmo estabelecer un horizonte dun 10% de oferta de prazas de residéncia, a respeito dos alunos matriculados en cada cámpus.

Alguns dados da situación actual:

A falta dun estudo detallado sobre a composición sócio-económica do estudantado das universidades galegas, e da medida en que este se corresponde coa realidade sócio-económica do país, hai alguns dados que cómpre ter en conta

- O número de estudantes que acceden á universidade se ten incrementado considerabelmente desde o ano 90, pasando dos 40.000 aos 95.000. Este incremento é percentualmente moi superior ao do conxunto do Estado.
- A percentaxe de gasto público en ensino superior dedicado a axudas ao estudo situa-se, no Estado Español substancialmente por baixo da média da

OCDE (7% en España frente ao 18% da OCDE en 1995).

- As axudas públicas ao estudo están compostas case en exclusiva polas bolsas do MEC; estas axudas chegan aproximadamente (incluindo bolsas e taxas) a un 17% dos e das estudantes.
- A Consellaria de Educación carece dunha política própria de axudas ao estudo de carácter xeral, tras a desaparición da convocatória de bolsas complementar ás do MEC (as coñecidas como 'bolsas de comedor') que se puxeran en marcha a raiz da aprobación do Plano de Financiamento do SUG do ano 90.
- As axudas para estudar noutros estados da UE son escasas, en número e contia. Por outra banda, neste ano abriu-se desde o MEC unha convocatória para cursar estudos fóra da CA de residéncia da que non se coñece ainda o número de beneficiários/as nen a sua distribución xeográfica.

A política de axudas ao estudo a realizar desde o governo autónomo ten de contribuir, no marco das suas competéncias e daquelas que puder reclamar, a igualar as posibilidades e condicións de acceso ao ensino superior dos mozos e mozas galegos aos dos países do seu entorno (nomeadamente da UE). Asi mesmo, debe buscar que o acceso a este nível de ensino e ao tipo de carreira non se vir determinado pola situación sócio-económica familiar. Por último, é relevante fomentar a posibilidade de cursar parte dos estudos noutros lugares da UE.

Entre as medidas que se deben adoptar neste terreo destacamos:

1. Aumentar a información sobre posibilidades de acceso a axudas ao estudo entre os sectores de menores níveis de ingreso e a povoación máis afastada dos cámpus universitários.
2. Dotar unha convocatória de axudas específica para cursar estudos fóra de Galiza naquelas titulacións non ofertadas polo S.U.G.
3. Ampliar substancialmente as axudas para cursar parte dos estudos noutros países da UE, ou mesmo noutros territórios do Estado, incrementando o número de axudas e dotando-as dunha contia suficiente para cobrir os gastos reais.
4. Avaliar a necesidade de dotar unha convocatória de axudas que complemente ás do MEC para ampliar a cobertura desas bolsas e incrementar o número de estudantes bolseiros.
5. Deseñar un plano de axudas indirectas para residéncia, de acordo coas universidades. Este plano debe incrementar as prazas de titularidade das universidades ali onde sexan máis deficitárias, e impulsar un programa de convénios Xunta-Universidades-Concellos para a habilitación de vivendas de titularidade pública e/ou privada en rexime de aluguer, que cumpran unhas condicións de habitabilidade adecuadas, e a prezos regulados no convénio.
6. Fomentar unha política de concertación de créditos bancários para axuda os estudos, concebe ndo-a cun carácter complementar e nunca substitutivo

da política de bolsas, dirixida a aqueles estudantes que opten por non repercutir nas suas famílias o custo da sua formación superior e para cursar estudos de postgrau. O reintegro dos créditos adiará-se até que o estudante consiga un emprego con remuneración salarial suficiente.

VI.1.12.6 Política de Investigación: criación da AGAP e o REGACINDE

Unha política de investigación en Galiza debe ter o realismo que permiten as condicións e os novos meios da globalización e a ambición das posibilidades baseadas nas próprias capacidades. O obxectivo é empregar a infraestrutura de investigación máis importante do país- a universitária- en benefício dun desenvolvimento autocentrado e aberto ao mundo. Partir do que se ten e se sabe facer para avanzar a níveis initernacionais no ámbito da investigación selectiva garantindo que se cubran todos os demais ámbitos da investigación que poden ser estratéxicos ou nos cais hai desenvolvimentos importantes.

A política de investigación en Galiza debe encadrar-se dentro do proxecto de "Espacio europeo de I." que pretende criar as condicións para aumentar o impacto da investigación no desenvolvimento económico e social, que hoxe se afirma como un dos motores fundamentais do progreso económico e social e, portanto, un factor clave da competitividade das empresas, do emprego, da calidade de vida e do benestar dos cidadáns. Porén, en Europa, en España e máis profundamente en Galiza continuan a se exibir as mesmas debilidades estruturais en matéria de investigación. Mentres que en Xapón e Estados Unidos emprega-se o 3,1% e ao 2,7% do PIB na investigación, en Europa dedica-se o 1,8%, en España apenas se chega a o 1%, e en Galiza estamos por debaixo da média do estado. Por iso cómpre un esforzo en reforzar o apoio a investigación, ao tempo que debemos seducir aos cidadáns para que teñan confianza en que a aventura do coñecimento pode facer posíbel no noso país un progreso tecnolóxico próprio e á vez global.

A mundialización da economia e das comunicacións, a aceleración do progreso científico e tecnolóxico e a multiplicación das suas consecuéncias sociais, fan inevitábel que a nosa política de investigación non sexa allea ás tendéncias do espazo europeu de investigación, en que se basearán o desenvolvimento, entre outras, das accións do VI Programa Marco da Unión Europea (2002-2006). Xunto cos critérios próprios, a partir das nosas necesidades e posibilidades. Por todo isto, defendemos as seguintes propostas:

- PROMOCIÓN DA INVESTIGACIÓN.- Co obxetivo fundamental de mellorar os resultados da investigación en Galiza, principalmente criando redes de traballo entre investigadores e grupos de investigación, e coordenando os distintos tipos de programas que fagan posíbel, por unha banda, a execución de grandes proxectos, principalmente de investigación orientada a sectores estratéxicos do noso país, e por outra, acadar o nível de

competéncia para formar parte das redes de excelléncia no ámbito estatal e europeu. Para isto é imprecindíbel a identificación dos grupos de referéncia (excelléncia), criación de redes de excelléncia de tipo temático, disciplinário e en moitos casos interdisciplinário. Simultaneamente é necesário desenvolver un programa de estímulo para que os grupos de investigación acaden os níveis de cualidade requeridos pola Unión Europea.

Para garantir o estabelecimento de grupos de referéncia cumpriria deseñar liñas de actuación, transversais, con sólidas bases de partida e vinculadas ao tecido produtivo, para aspirar a ter algun centro de competéncia en Galiza (capaz de situar a nosa investigación nun nível europeu). Neste sentido hai duas liñas estratéxicas que poden permitir avanzar nesa dirección: unha vinculada á pesca-recursos mariños-construción naval e outra ao agropecuário-silvopastoril-(se se preferir, mar e agro); con elas converxerian numerosas liñas hoxe xa desnvolvidas de múltiples áreas científicas e tecnolóxicas e conta-se ademais cunha sólida base infraestrutural de partida. Tentaria-se colocar asi a nosa investigación no mundo, frente á dificuldade para aspirar a posuir centros de excelléncia europea. Estas preferéncias, folga dicé-lo, non irian en nengun caso en prexuízo de liñas consolidadas e xa existentes que estexan radicalmente á marxe destas duas liñas.

O que se propón é un cámbio radical, porque non se pode identificar a investigación de calidade, mellor e dotada con máis fundos que se propón, cos critérios, as orientacións confusas, auséncia de pioridades e formas de xestión que a investigación padeceu en Galiza na última década nas mans do PP.

- TRANSFERÉNCIA DE RESULTADOS E INOVACIÓN.- Apoio á xeración de tecnoloxia própria, á sua difusión e á sua transferéncia ás empresas. Este apoio debe centrar-se na investigación e inovación para as PYMES, que constitúen a maioria do sector empresarial de Galiza e carecen de meios para ter un I+D próprio, e na criación de empresas tecnolóxicas. Asi como o apoio decidido ás poucas empresas que xa realizan I+D. Iniciativas como a inclusión en redes de investigadores, de empresários e entidades financeiras, criación de “spin-off” ou desenvolvimento de “incubadoras” de empresas tecnolóxicas ou investigacións cooperativas que respondan ás necesidades dun número de PYMES, son algunhas vias que poden axudar a acadar este obxectivo. O obxectivo que presida estas tarefas ha ser o de transferir efectivamente os resultados da investigación e non a criación de empresas de servizos que podan interferir no tecido empresarial.

- INFRAESTRUTURA DE INVESTIGACIÓN.- Neste senso fai-se necesário un maior desenvolvimento con programas específicos para completar e mellorar as condicións da investigación e, sobretodo, a utilización, por parte da comunidade científica, das redes electrónicas de alta velocidade. Tamén resulta imprescindíbel unha optimización dos recursos, de xeito

que se fomenten os Centros de apoio á Investigación das distintas Universidasdes e OPIS, evitando a multiplicación inecesária das grandes e medianas infraestruturas.

- FORMACIÓN DE INVESTIGADORES E RECURSOS HUMANOS. O ponto débil das nosas equipas de investigación é a falta de persoal que os apoie, polo que é absolutamente necesário desenvolver un ***plano de emprego científico técnico*** harmonizado coa formación dos nosos investigadores, dando ao mesmo tempo ***solución á precaricación*** que se está a producir coa excesiva e pouco axeitada utilización das bolsas. Para iso, este plano debe contemplar a criación de contratos de investigación a distintas escalas ou graus (FP2, licenciados, doutores) e restrinxir as bolsas ao período claramente formativo (estudos de terceiro ciclo, período en práticas, etc.). En todo o caso, os investigadores non deben superar como bolseiros o período de formación e a sua continuidade na carreira formativa debe veicular-se através dun contrato. Finalmente, as bolsas deben ser compatíbeis con remuneracións pontuais e extraordinárias e ter unhas maiores prestacións sociais.

- AMPLIACIÓN DA REDE DE IDT GALEGA E DA CAPACIDADE DE INVESTIGACIÓN EN GALIZA: REGACINDE E AGAP. É imprescidíbel, para desenvolver todas estas propostas, que se t**ransfiran as competéncias estatais sobre investigación**. Asemade, os fundos FEDER que a Unión Europea destina a Galiza como rexión Obxetivo I, deberian ser xestionados enteiramente no noso país e non secuestrados de xeito sistemático por Madrid para engordar as espectativas das rexións máis ricas do estado. Trata-se de *evitar a subordinación e marxinación do país que o novo centralismo do PP está a producir pola via de reducir a capacidade de control de recursos que garantan o autogoverno, tamén en termos tecnolóxicos*. Cun ***maior autogoverno tecnolóxico***, seria operativa a rede de IDT considerada no seu conxunto. Apesar da importáncia decisiva que ten a Universidade, incluen-se propostas relacionadas cos centros de investigación non universitários existentes hoxe en Galiza.

  Neste sentido cómpre formular a criación dunha rede galega de centros de investigación e desenvolvimento (REGACINDE) que contemplar os centros que hoxe dependen xa da Comunidade autonónoma (Investigacións Agrárias de Mabegondo, Investigacións Pesqueiras, Forestais, Enolóxica, CIT-madeira) e outros de recente criación e nula operatividade) e que formular a transferéncia doutros que dependen do CSIC (Misión Biolóxica, Sarmiento, etc.) ou doutros organismos (Oceanográfico). Trata-se de criar un auténtico Sistema Nacional de I+D.

  A Criación dunha Axéncia Galega de Avaliación e Prospectiva (AGAP), como xa existe en Euskadi, contribuiria decididamente aos obxectivos indicados, evitando a actual dependéncia dos critérios da ANEP (Agencia

nacional de evaluación y prospectiva) estatal, que mesmo condicionan a política de investigación própria e o reparto e asignación de recursos da política de IDT da Xunta. Esta axéncia elaboraria os critérios e prioridades próprios e cinguidos á realidade e necesidades do noso país, avaliaria os seus resultados de contado, para o que contaria cun panel de avaliadores externos de ámbito mundial tan amplo como fose necesário.

Esta axéncia encarregaria-se do seguimento, avaliación e control de calidade de todos os ámbitos da investigación, non só da universitária e da integrada no REGACINDE, tamén da realizada noutros centros de investigación como os sanitários. Non menos importante é que desta axéncia dependeria tamén da avaliación da calidade educativa, atendendo tanto os estudos regrados como aos posgraus, terceiros ciclos e titulacións próprias (hoxe proxectada polo PP na limitada forma dunha Axéncia de Avaliación da calidade educativa).

Os planos e accións que aqui se expoñen deben de ter en conta os princípios de precaución, ética, desenvolvimento sostíbel e discriminación positiva que deben modular a consecución dos obxectivos. As chaves para o desenvolvimento tecnolóxico en Galiza non residen tanto hoxe nos recursos como na xestión, na capacidade para estabelecer prioridades e liñas de referéncia e aplicar políticas. O actual governo galego dilapida recursos imprescindíbeis, por escasos e, sobretodo, limitados no tempo, facendo perder ao país e aos seus sectores produtivos un tempo precioso, ampliando o diferencial tecnolóxico cos demais países e ancorando-nos na periféria económica. ***Porque na IDT non avanzar é retroceder.***

VI.2 POLÍTICA CULTURAL

VI.2.1 INTRODUCIÓN

Non cabe dúbida de que o proceso autodeterminante que Galiza coñeceu desde a segunda metade do século XIX comeza pola recuperación e visibilidade da sua cultura, por lle procurar un lugar autónomo no concerto das culturas europeas e do mundo, por revelar a face específica dun contributo á humanidade desde Galiza. A empresa cultural que montan os nosos antecesores do XIX e da primeira metade do XX ten todas as trazas dunha vindicación histórica e dunha proclamación do ser: é, con efeito, unha **arenga ontolóxica**, porque, através do produto público, trataba-se de iluminar a nación negada como tal e subordinada aos poderes económicos e políticos españois. Subordinada tamén dentro, con grave quebranto da auto-percepción e da auto-estima por parte da própria povoación galega, quer por auto-ódio, quer por mimetismo colonizado. Esta empresa de construción cultural resultou, asi, colosal, ao ter de bater cun poderoso aparello institucional do Estado que existia mesmamente para desprezar e oprimir o País e cunha indiferenza –cando non hostilidade- interna ao próprio país, por parte das clases sociais que, en condicións normais, terian de asumir a exibición e a publicidade da cultura própria.

Esta defensa e vindicación da cultura nacional foi a **forma** que adquiriu a **matéria** que era a nación, a modalidade através da cal se expresou a consciéncia sobre a identidade, a aspiración de dar resposta política e cívica aos problemas e necesidades do povo, a apoloxia da dignidade e a necesidade de publicidade e propaganda das suas producións materiais e imateriais. O aparecimento en primeiro plano do idioma galego na escrita literária vai ser a revolucionária metonímia utilizada para dar conta da existéncia do país e do seu direito a un futuro liberado de tanta carga de explotación e de desprezo.

Quer-se significar, portanto, que o movimento político nacionalista está umbilicalmente ligado, filialmente, ao despertar e reaxir cultural. A prática pública da língua e a defensa da cultura própria abren a porta ás outras formas de consciéncia sobre o país. Funciona como unha constante que chega até o nacionalismo contemporáneo. Non é, por isto, estraño que o Primeiro Manifesto do nacionalismo histórico definido como tal (o da I “Asembleia Nazonalista de Lugo”) proclame o princípio da “soberania estética da Nación Galega” que se exerceria sobre a arquitectura e urbanismo rural, vilego e urbano; na reapropriación de monumentos e paisaxes e na organización do ensino artístico, con criación dunha escola musical galega. Se antano a cultura determinou a política, agora esta inclui e priviléxia aquela.

Para ben e para mal, o binómio cultura-política chega aos nosos dias con mudanzas significativas. Para ben, porque se incrementou notabelmente o produto cultural galego, porque se diversificou e se ampliou a recepción. Para

mal, porque, en parte, se converteu –baixo a batuta de governos autonómicos nada autónomos e ben pouco galegos- en obxecto de propaganda, compra de vontades e recurso (hipócrita) de lexitimación. Esquematicamente, no canto de se culturizar a política, politizou-se a cultura, sen que condicións esenciais da sua promoción e da sua reapropriación social teñan cambiado. O desfase entre criatividade, potencial cultural e artífices, dunha banda, e institucionalización recoñecedora e protectora, doutra banda, é ainda moi grande, e agravado polo desleixo na utilización dos meios de comunicación de titularidade pública, megáfonos pontuais de diglósia e de estrañamento e raquíticos sempre na exibición e difusión plural do producido no país.

Por isto, obriga fundamental do nacionalismo é recuperar e pór a funcionar, modernizadoramente, aqueles princípios de recoñecimento da cultura nacional como peza basilar da consciéncia galega, da identidade e da política pensada por e para a nación; considerarmo-la non un coplemento prescindíbel senón un centro do que irrádien outras transformacións. De por parte, é vital pensá-la como unha actividade dinámica e evolutiva, non como unha entidade cerrada e caducada, con direito e necesidade de se aclimatar en todas aquelas novas artes, novas canles de difusión e novos suportes comunicativos, incluídos os de vocación masiva. Se nada galego nos debe ser alleo, nada de validade cultural debe ser alleo ao feito, producido e distribuído desde Galiza. Por isto, recordamos os seguintes como

VI.2.1.1 Critérios xerais

1. É imperativo do nacionalismo galego, na hora actual, loitar contra a sua disolución en fórmulas neo-culturalistas; potenciar todo o que reforce e valorice o auto-coñecimento, a auto-estima en termos colectivos, a consciéncia de que somos un povo con história merecente de ser estudada e divulgada; asegurar a sua diversificación, en termos cuantitativos e cualitativos; procurar a sua orixinalidade (non reñida co legado da tradición nen coa criación de produtos “modernos”).
2. É urxente romper a perversa dicotomia rural/urbano, con produtos culturais diferenciados, que se impuxo internamente no país; conceber Galiza como unha unidade e reforzar todo o que tenda a acentuá-la.
3. O critério, enfin, da bilateralidade e do intercámbio en igualdade debe presidir a difusión exterior da cultura galega. Portugal e os países de língua portugesa deben ser interlocutores privilexiados, pola vantaxe da comunicación lingüística. O equilibrio entre recepción de produtos estranxeiros e difusión do galego fóra de Galiza será norma a ter en conta, tanto do ponto de vista económico como cultural.
4. Todo o até aqui exposto xustifica –por se non abondar a própria existéncia actual do país- a necesidade dunha política cultural, definida ou programada desde as institucións públicas, que coadxuve e faga medrar todo o realizado na sociedade canto á sua produción cultural. Falarmos de

cultura equivale a falarmos de diversidade, pluralidade, debate crítico e asentamento nacional. Tamén de recepción e consumo o máis democráticos posíbel, en tempos que, de certo, axudan ben pouco á liberación do alienante, do estupefaciente e do individualista. Nunha nación como a galega, tan fortemente submetida a des-institucionalización, ao auto-desprezo e á xenoestima, este esforzo vira fundamental, imprescindíbel, para erguer a própria nación. Excitar a positividade do que fomos e somos, como cultura diferenciada –e con aspiración a contiuarmos a se-lo– non reportará máis que benefícios colectivos. Por isto, a atención cultural resulta ser un dos eixos estratéxicos dun Governo galego de dirección ou intervención nacionalista, en congruéncia co resto de obxectivos e medidas que integran a definición das outras áreas de governo.

5. Critério básico será tamén, en matéria cultural, a procura da mellor cooperación institucional entre os diferentes organismos e entidades, xa existentes, que operan neste campo. Consello da Cultura Galega, Real Académia Galega, Fundacións Culturais, Universidades, Concellos, Deputacións, Consellaria, IGAEM, Asociacións Culturais, Arquivos privados, etc.; tanto nas temáticas que tratan como na sua produción bibliográfica deben actuar coordenadamente e de mans dadas, a fin de se evitaren redundáncias e malgasto no diñeiro público.

VI.2.2 INFRAESTRUTURAS E INSTITUCIÓNS CULTURAIS

Acabamos de nos referir, como critério xeral da política cultural que propugna o BNG, á necesária coordenación e colaboración inter-institucional. Referiremo-nos –mesmo que sexa esquematicamente- ao estado das infraestruturas culturais e á complexidade das institucións culturais que inciden, directa ou indirectamente, na produción e na recepción cultural. Non cabe dúbida –polos motivos apontados na Introdución- da necesidade dunha política cultural pública, promotora e non dirixista, facilitadora de recursos e de patrocínio e non autoritária, en simbiose coa produción e a actividade cultural xeradas na própria sociedade e non fagocitadora de diñeiros públicos para a sua própria propaganda e permanéncia. Tal política ainda non existiu na história de duas décadas da Comunidade Autónoma galega. Sendo imprescindíbel unha política que clama por que se tome o país como centro e como destinatário –e non como pretexto manipulado da especulación e do benefício de intermediários-, a especificidade deste sector definido como estratéxico merece o lugar correspondente, específico, no organigrama administrativo do Governo galego. Mais sabéndomos que de pouco valeria esta atención específica se non garda simetria e congruéncia co resto de actuacións governamentais, nomeadamente en áreas como obras públicas, meio ambiente, dotación de infraestruturas, comunicación viária, educación ou meios de comunicación de titularidade pública. De por parte, o Estado ten contraídas débedas e obrigas para coa Galiza, que está moi lonxe de ter satisfeito e que unha desídia cúmplice

dos diferentes governos autonómicos habidos até agora non fixo máis que acentuar.

Se as pás e as escavadoras que funcionan con diñeiro público arrasan un castro, un monumento megalítico, unha ponte medieval ou un peto de ánimas, etc., de nada valerá que se proclame retoricamente a importáncia dos bens culturais e do legado que a história nos transmitiu. Se se dedican orzamentos de luxo a fastos, eventos e comemoracións de dubidoso proveito cultural, fica claro que non vai haber orzamentos regulares para o bon, ou normal, funcionamento de bibliotecas, arquivos, teatro ou grupos de música. É esta perversión a que explica, por exemplo, que co mesmo desembarazo e tranquilidade se podan prever máis de vintecinco mil millóns de pesetas para unha "Cidade da Cultura" e se destinen cinco millóns *(sic)* á promoción da discografia galega; que se podan prever, e gastar, continuadamente, milleiros e milleiros de millóns de pesetas no "Xacobeo" e se destinen cento vinte millóns aos "Circuítos Culturais" ou, enfin, que nun evento estival se fundan catro ou cinco veces os diñeiros públicos que poda ter o IGAEM para todo un ano de programación das artes escénicas e musicais de Galiza.

En matéria de conservación de património arquitectónico, edifícios de valor histórico ou, simplesmente, de conservación merecida, a política oficial non estivo, en absoluto, á altura das circunstáncias. Moitos danos inflixidos son xa irreversíbeis. Se a política europea –que tanto se nomea- foi conservacionista e protectora do pasado (re)utilizábel, na nosa nación consentiron-se e perpetraron-se todo o tipo de atentados urbanísticos e arquitectónicos: a visión do mar pasa a ser asi unha carreira de obstáculos verticais; o desfrute do campo, un sorteo de depósitos incontrolados de lixo; a contemplación da paisaxe humanizada (castelos, xacimentos arqueolóxicos, património etnográfico, monumentos megalíticos, cruceiros, etc.), unha busca ventureira que nen a política cultural nen a turística coidan e patrocinan. Naufragan, neste mar de especulación e de cimento, teatros conservábeis, locais de cinema reabilitábeis, escolas, casas reitorais, asilos, etc., todos eles de reutilización posíbel como centros cívicos ou sócio-culturais. Non hai –asegura-se- diñeiro para os conservar e reabilitar. Si o hai para obeliscos de *dublé*, esculturas da máis ráncia e paiola arte decimonónica, cidades da cultura, importación de produtos do mercado estranxeiro de calidade ruin ou, naturalmente, para fundacións e infraestruturas de escritores multipremiados que se lembran de Galiza para a degradaren, ou ben "si la bolsa sona", etc.

Non é doada a dotación infraestrutural nun país como Galiza con critérios capitalistas e de fachada. Aqui deu-se brillo á purpurina e esqueceu-se o ouro que xa existia. Esa dificuldade, en termos de política capitalista, non foi aliviada, antes ben foi agrandada pola política oficial, que descobre, por exemplo, asemade a UNESCO baralla a posibilidade de declarar a Muralla de Lugo Património da Humanidade (mercé ao esforzo cívico e político, desde abaixo e desde as institucións sensíbeis, etc.), que aquela cidade foi Lucus Augusti,

testemuña viva da história que nos modelou. O desbaraxuste é grande, tamén, na distribución espacial de infraestruturas culturais: redundantes e desaproveitadas nuns casos, desatendidas noutros; non existe equidade xeográfica, en simetria, iso si, cunha política de ordenación do território que deita un mapa absolutamente desequilibrado: grandes manchas de concentración da povoación, desorganizada e con caréncias ben visíbeis de servizos e de prestacións sociais, face a grandes ocos de desertización populacional e despovoamento galopante.

Desde o BNG, en matéria de oferta cultural, aspiramos, en primeiro lugar, a que esta exista, de forma repartida, xeográfica e demograficamente, con posibilidades de acceso e recepción para todas as galegas e os galegos, co mellor aproveitamento das infraestruturas existentes e coa posta en funcionamento daquelas infrautilizadas; coa mancomunación de servizos, onde for preciso, e coa vista posta no aumento necesário de público consumidor. Ao servizo deste obxectivo serán fundamentais as campañas de difusión e divulgación de toda a riqueza que alberga o país. Os continentes (Casas da Cultura e similares) sen contidos son caricatura triste da sua función: a "cultura" non é construir un edifício destinado a idem, que, despois, non se enche con programación e oferta periódica e variada. Unha política conservacionista e utilitária, que permita: (a) o consumo cultural democrático; (b) a oferta de cultura galega e en galego garantida como obriga das institucións galegas; (c) a mellora do produto cultural existente; (d) a criación de canteira que asegure a continuidade no futuro e crie o adecuado sedimento profisional, amador e industrial.

Como primeiro anacronismo institucional, citamos a necesidade da constitución do Fundo Cultural Galego (previsto estatutariamente, xunto co Consello da Cultura Galega) que nunca se abordou. O "mapa" cultural galego, do ponto de vista institucional, está falto, como se dixo, de aclaración e de coordenación. Non é boa, en conxunto, a relación gasto-produto. Nestes momentos –e fóra da pseudocultura estupefaciente e invasiva que engorda os mercados-, son, como mínimo, titulares de centros culturais e programadores culturais os seguintes: Xunta de Galiza; Consellaria de Cultura e outras; IGAEM; Centro Galego de Arte Contemporánea; Centro Galego das Artes da Imaxe; Consello da Cultura Galega; Real Académia Galega; outras Académias; Centro Ramón Piñeiro; Universidades; Concellos; Deputacións; Fundacións Culturais e outras; Bancos e Caixas de Aforros; operadores privados, en solitário ou con detracción de diñeiro público; federacións ou asociacións sectoriais; editoras; áreas comerciais; clubes e asociacións da base, con raquítica ou nula axuda pública se non están afiliadas ao grémio clientelar da Xunta de Galiza; bibliotecas, arquivos e centros escolares con moi poucos meios; a RAG e a TVG, ben en horário "pornográfico", ben con tempo limitadísimo. Sobreposta a esta rede –que, por veces, é faramalla-, a Xunta de Galiza impón a construción dun macro-complexo, en Santiago de Compostela, denominado "Cidade da Cultura" –na cidade en que, mesmamente, hai máis arte, máis história, máis infraestruturas, máis "cultura", etc. por metro cadrado-, que hipotecaria

gravemente, tanto política como orzamentariamente, a atención a calquer das necesidades e das actividades culturais que ten o País: eficaz maneira de demostrar dilixéncia e entreguismo para satisfacer intereses nada culturais e desatender, simultaneamente obrigas políticas (estatutariamente recoñecidas), competéncias e necesidades ben básicas en matéria cultural.

A fotografia existente é en exceso dispersa, non coordenada, con resultados redundantes e con cultivo predominante dun "tipo" de cultura: a servidume do foráneo; a pequenez e contracción do "doméstico", case nunca elevado á dignidade do "universal"; a oferta do dispositivo galego ao servizo de empresas de fóra de Galiza., etc., son trazos, non exclusivos, que definen esta oferta cultural, sen que a promovida, financiada ou patrocinada pola Xunta de Galiza acade a ocupar o seu lugar no espazo nen o menor "equilíbrio harmónico" entre a denominación de orixe galega e o produto foráneo que tan boa aclimatación atopa nesta terra. O BNG, desde o Governo Galego, procurará que esta marca diferencial exista e que toda a peseta pública gasta en patrocínio cultural non merme a necesária protección e divulgación do produto e da actividade cultural galega. Unha política que non se extasie compracentemente nas nosas caréncias e deficiéncias, senón que sirva á sua corrección e máis á expansión e mellora do que hai e do que pode haber. Unha política, enfin, que, por vez primeira, considere a galega unha cultura adulta e precisada de modernización, non un subproduto "doméstico" e "entrañábel", tanto como prescindíbel.

VI.2.3 PATRIMÓNIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

O artigo 1 do Título Preliminar da Lei do Património Cultural de Galiza, promulgada no outono de 1995, reza asi: "O Património Cultural de Galiza é constituído por todos os bens materiais e imateriais que, polo seu recoñecido valor próprio, deban ser considerados como de interese relevante para a permanéncia e a identidade da cultura galega através do tempo". Tal declaración cobra valor real se a actuación do Executivo, en matéria de património histórico-artístico, se pon "mans á obra" e se dirixe a asegurar a conservación, reabilitación, posta en valor, desfrute social e garantia de transmisión ás xeracións futuras deste património, que é selo de valor imenso da personalidade nacional de Galiza e espello da história como povo singular e diferenciado. O primeiro compromiso do governo galego, subsecuentemente, ha ser pór en obra prática a letra da lei é desenvolvé-la regulamentariamente, a fin de que se cumpran as suas prescricións. A tal fin, e no prazo temporal dunha lexislatura, o governo galego abordará:

1. No Património Histórico-Artístico de titularidade autonómica, procederá-se á completude da sua catalogación e inventariado. Estabelecerá-se un Plano de Restauración e de Usos, con prioridades e prazos marcados, tendo presentes as necesidades máis urxentes, a curación das deficiéncias máis

notorias, e en coordenación coas outras Administracións afectadas e cos titulares privados.

2. No Património Histórico-Artístico de titularidade eclesiástica, asegurará-se a redacción de convénios coa Igrexa Católica que supoñan doazón de diñeiro público en termos de utilizar o acordado no convénio; garantir a apertura ao público dos monumentos; dispor, se é o caso, usos alternativos aos eclesiásticos; garantir a utilización da lingua galega en rotulacións e informacións e, en calquer caso, homologar as intervencións previstas ás realizadas noutros monumentos ou pezas do património histórico-artístico, segundo a lei.
3. Elaborará-se, de acordo co estipulado na lei, un plano de coordenación e colaboración coas Administracións Locais, con vista a facer frente ás necesidades máis urxentes e a non permitir o estrago de Bens de Interese Cultural radicados nos municípios e dependentes deles. Ao tempo, programará-se unha guia de itinerários e rotas culturais, de ámbito nacional.
4. O Governo galego instará o traspaso da titularidade e xestión dos monumentos, lugares, contornos e pezas do património histórico-artístico de titularidade estatal. Oporá-se a calquer venda, en subasta pública, de bens procendentes do Ministério de Defensa, desafectados de usos militares.
5. A respeito dos bens culturais de titularidade privada, o Executivo utilizará as vias previstas na lei para evitar a ruína, estrago, deterioración ou expólio destes bens; impedirá a sua destrución e procederá á negociación correspondente, se for o caso, que asegure o seu transvase á administración autonómica ou o seu adecuado desfrute social, baixo as mesmas condicións que o património público.
6. Criará-se, segundo prevé a Lei de Património Cultural de Galiza, o corpo de inspectores do património histórico-artístico.
7. Manterán-se as normas da Lei do Solo (1/1997), para que as construcións proxectadas e autorizadas se ateñan aos princípios de protección paisaxística e monumental e de harmonización con este património.

VI.2.4 PATRIMÓNIO ARQUEOLÓXICO E ETNOGRÁFICO

O Título II da actual Lei do Patrimonio Cultural de Galiza, dedicado ao património arqueolóxico, é o que contén un maior desenvolvimento do articulado. Tal extensión non se corresponde, porén, nen co realizado até o presente nen cunha aplicación decidida das suas prescricións e orientacións. A primeira necesidade que amosa a existéncia do património arqueolóxico é, obviamente, a da sua conservación e preservación. Mais esta necesidade cómpre vinculá-la á sua “rendibilidade” social; ao aproveitamento, coas debidas cautelas, por parte do público escolar, dos usos turísticos e do público en xeral. Ao tempo, requere o coidado da protección adecuada do espazo en que se acha e, moi especialmente, dunha ordenación urbanística que non o destroce nen o isole. A

tal efeito –e para lle dar efectividade e completude á lei citada –propoñen-se, como prioritárias, as seguintes medidas:

1. Constitución, segundo prevé a Lei do Património Cultural de Galiza, da Comisión Técnica de Arqueoloxia. Participación dos departamentos técnicos das universidades como órgaos asesores e consultivos.
2. Os ditames das Comisións de Património han ser vinculantes a respeito das actuacións e planeamentos urbanísticos, co fin de preservar os xacimentos ou bens arqueolóxicos existentes e mais de protexer a aparición de novos achados.
3. Ao igual que no património histórico-artístico, elaborará-se e porá-se en marcha un Plano de Conservación, acompañado dun programa de prospección e habilitación de xacimentos, priorizando as necesidades máis urxentes, tanto na arte rupeste como nos bens móbeis.
4. As excavacións e intervencións autorizarán-se sempre conforme ao regulamento estabelecido pola Consellaria de Cultura e en convénio cos departamentos técnicos das universidades galegas e doutras entidades investigadoras. Farán-se públicos os critérios de adxudicación de proxectos e de contratación de empresas, asociacións ou particulares de arqueoloxia.
5. Ditarán-se as disposicións que permitiren unha acción coordenada coas entidades locais, a atenderen, con carácter de urxéncia, a prevención de destrozos, estragos ou deterioros producidos no património arqueolóxico.
6. Face a unha política punitiva (quen destruir ou estragar património, pagará a sanción correspondente), aplicará-se unha política preventiva, para, sobre a base legal, impedir que o destrozo –irreversíbel- se producir.
7. Elaborará-se un Plano de Xestión do património rupestre que atender as urxéncias máis visíbeis e dispuxer a sua preservación e reabilitación.
8. Estabelecerán-se convénios ‘ad hoc’ cos departamentos de Educación e de Política Territorial e co organismo que se ocupar das actividades turísticas, para homologaren e coordenaren actuacións que redundaren na consecución dos obxectivos descritos e que permitiren o desfrute social que non altere nen dane o património.
9. Procederá-se á catalogación e inventariado dos bens do património etnográfico, a garantir a sua conservación, rexisto e investigación, tanto nos seus aspectos materiais como imateriais. Vixilará-se que as concentracións parcelárias autorizadas non supuxeren perda de materiais de valor etnográfico ou de microtoponímia non recollida nos nomenclator.
10. Programará-se a sua conservación e difusión como un instrumento de grande importáncia para o coñecimento da história de Galiza: o pasado en diálogo co presente.
11. Dará-se-lle ao património etnográfico todo o aproveitamento didáctico que merecer para o seu arquivo e rexisto daren pé á investigación, actualización e formación de especialistas. Neste sentido, publicarán-se coa maior dilixéncia posíbel as Memórias de excavacións e intervencións arqueolóxicas.

VI.2.5 A CULTURA ESCRITA

VI.2.5.1 Arquivos e património documental

A necesidade de protexer, conservar, acrescentar e divulgar o património cultural da nación galega, os bens materiais e imateriais, artísticos, históricos, arquitectónicos, arqueolóxicos, etnográficos, documentais, etc., que nos identifican como povo e como cultura singular e diferenciada, cómpre entendé-la como unha necesidade político-cultural, que precisa da atención humana, técnica e financeira adecuada, mais tamén como unha necesidade social, que como tal sexa sentida por toda a sociedade, afin de evitar máis destrozos, perdas, deterioracións ou mal trato para un legado da nosa história que a Galiza do presente debe coñecer e valorizar. Dentro do Património Cultural Galego, o documental e arquivístico sofre unha especial marxinación, por, entre outras, as razóns seguintes: falta de articulación entre os centros que conforman as diferentes redes; falta de desenvolvimento regulamentar do Decreto que regula o Sistema de Arquivos e Património Documental; actuacións arbitrárias, discrecionais ou non coordenadas das diferentes administracións de que dependen os arquivos; caréncia ou escaseza grande de persoal técnico que os atenda e mellore; nula pretensión de criar, a partir do Arquivo do Reino de Galiza, un Arquivo Nacional, como corresponde á amplísima e riquísima documentación que encerra; impasse no proxecto de consolidar un Arquivo Central da documentación da Xunta de Galiza, desde a constitución da Comunidade Autónoma...

Ante este estado de cousas, serian prioritárias as seguintes medidas:

1. Desenvolvimento do Sistema de Arquivos de Galiza, contemplado no Decreto 307/1989, nomeadamente nos seguintes pontos:
   a) Criación da Comisión Técnica de Arquivos e Património Documental, como órgao asesor na matéria.
   b) Coordenación inter-centros, que permitan a información, localización e consulta dos fundos existentes.
   c) Criación do Centro de Microfilmado e Reprografia.
   d) Criación do Arquivo Xeral da Administración da Xunta de Galiza, coordenado cos centros administrativos e cos arquivos das Consellarias.
2. Estruturación plena do Sistema, conectando as distintas redes de Arquivos, definindo o Arquivo do Reino de Galiza como Arquivo Nacional de Galiza e delimitando o ámbito territorial e temático dos Arquivos Histórico-Provinciais, dos cais só funciona o de Lugo.
3. Dotación adecuada, en persoal, recursos técnicos e económicos, dos arquivos, a fin de permitir o seu funcionamento manifestamente mellorábel, tanto no que atinxe a recolla e custódia dos materiais canto ao

servizo de consulta da documentación depositada e á formación dos profisionais.

4. Canto aos arquivos da administración local, a primeira tarefa seria a informativa sobre os fundos (quer administrativos, quer de documentación histórica) depositados neles, con vista á sua catalogación, procura da idoneidade dos locais, dotación de peroal especializado, se é o caso, accesibilidade de consulta, divulgación dos seus fundos...
5. Seria tamén obriga das administracións públicas a procura de información (e eventual cesión ou negociación) sobre a documentación histórica ou bibliográfica, de interese galego, que pertence a proprietários particulares, con vista á sua desexábel integración no sistema de arquivos público. Asi mesmo, a Administración galega procuraria a información sobre a documentación de interese para Galiza que existe fóra do país, con vista á sua localización, direito de uso ou reprodución –ou traslado á própria Galiza. Igualmente, para a localización da documentación existente nos arquivos eclesiásticos.
6. Xeneralizar o uso do galego non só no funcionamento administrativo dos arquivos, senón tamén na produción bibliográfica, atención a público e investigadoras/es, divulgación académica ou doutro tipo. A produción editorial vinculada aos depósitos arquivísticos canalizaria-se através do servizo centralizado de publicacións da Xunta de Galiza ou Editora Nacional, e privilexiaria aquelas publicacións de fundos que máis interese histórico e nacional tivesen, pola necesidade do seu coñecimento e divulgación, a sua singularidade ou o seu carácter especializado, non apto para outro tratamento editorial.
7. O Governo galego iniciará decontado as xestións pertinentes cos responsábeis políticos do Governo español e cos arquivos e centros técnicos correspondentes para a recuperación de todos os materiais documentais de interese galego que se encontran en arquivos, bibliotecas ou hemerotecas estatais, a fin de conseguir a sua devolución a Galiza ou a sua versión reprografada e/ou filmada.

Até aqui, expuxemos demandas e necesidades non satisfeitas, ínsitas todas elas no que teria de ser –e non foi até agora- cumprimento das disposicións legais, en matéria de arquivos e mellora do funcionamento destes centros despois de moitos anos de política autonómica. A esta altura do tempo, cómpre falarmos tamén de actualizacións técnicas non abordadas e que non son indiferentes ao futuro dos arquivos e de toda a documentación que acollen. En duas palabras, non funciona ben nen o vello (a arquivística tradicional, por falta de funcionamento do sistema no seu conxunto, nen das comisións de valoración e selección documental), nen o novo (aplicación de Internet, por exemplo). Por isto, e como *aggiornamento* necesário, son precisas medidas como:

a) a completude do proceso de informatización da descrición dos arquivos e dos seus fundos, tanto dos provinciais como do Arquivo do Reino de

Galiza;

b) a accesibilidade dos fundos documentais, tanto dos albergados en centros galegos como do património documental galego situado fóra de Galiza, através de Internet, dentro dun programa de Descrición Arquivística Codificada;
c) o desenvolvimento dun programa de Arquivos Electrónicos, que permita a xestión e consulta, através deste novo suporte comunicativo, do património documental.

VI.2.5.2 Bibliotecas

Várias das deficiéncias e marxinalidades que asinalamos no capítulo anterior para os arquivos e o património documental son aplicábeis ás bibliotecas do noso país, que tamén se teñen resentido –como tantas outras actividades ou producións culturais- da míngua orzamentária da Consellaria de Cultura e dunha falta de atención política a esta área de governo, concebida moito máis como pantalla de propaganda partidista do que impulsora da auto-estima, da recepción cultural na língua do país e do desenvolvimento nacional, en definitiva. Consoante con esta caréncia de princípio, a Lei de Bibliotecas, de 1989, non alcanzou desenvolvimento regulamentário nen sequer se puxeron a funcionar os órgaos que nela se contemplan. Citámos a Lei 14/1989, como base legal incumprida e –engadimos- como síntoma dunha situación que dista moito de ser non xa a desexábel senón a posíbel, desenvolvendo a lexislación e demonstrando vontade política de atención e mellora dun dos peares fundamentais da cultura deste país: a oferta e recepción da escrita. O sistema bibliotecário galego, na prática, non existe. As bibliotecas son, na maior parte, illas, con sistemas informáticos diferentes, horários diversos, meios persoais e técnicos insuficientes, deficiente implantación de Internet, falta de orzamento para actividades de divulgación e de extensión bibliotecária., etc. Estas caréncias teñen sido asinaladas, repetidamente, polos profisionais do sector, non solucionadas até o presente e precisadas, portanto, de atención prioritária.

Para alén delas, debera abrir-se paso a concepción das bibliotecas como centros de información e como auxiliar precioso para combateren o analfabetismo funcional que as chamadas novas tecnoloxias, mal utilizadas, ainda poden aumentar. A biblioteca pública, con efeito, pode moi ben contribuir para facilitar a igualdade de acceso á información de todos os cidadáns e cidadás. É, por isto, urxente que o sistema bibliotecário galego pase do papel á realidade; que se coñeza circunstanciadamente a realidade das bibliotecas públicas en cada município; que se adecuen funcións a fins; que se profisionalice a xestión; que exista a necesária (e non censurada) dotación de libros e outros fundos; enfin, que se deseñe o modelo de biblioteca pública que se considere preciso para cumprir aqueles obxectivos de información, formación e igualación social. De por parte, non se coñecen convénios de colaboración entre a Consellaria de Educación e Ordenación Universitária e a Consellaria de Cultura,

para a mellora do funcionamento das bibliotecas escolares. Estas distan moito de seren os servizos de información e de formación complementares que os centros de ensino deberan oferecer, por falta de horário adecuado, falta de persoal e, na maioria dos casos, escaseza de fundos, que uns orzamentos minguados ainda acrecentan. O Ministério de Educación e Cultura iniciou no curso 1997-1998 un Plano de mellora das bibliotecas escolares, levado a cabo en 32 coléxios de Educación Infantil e Primária e en 31 Institutos de Educación Secundária. En Cataluña, País Basco, Comunidade Autónoma de Madrid, Canárias, etc., programaron-se planos de fomento da leitura e, dentro destes, contemplou-se a mellora das bibliotecas escolares como servizo común básico do sistema educativo. En Galiza, até o momento, non se realizou nada semellante. Funcionan grazas ao interese, ao voluntarismo ou ao empeño dos docentes que quixeren atendé-las, sen recursos, sen equipamento e sen orientación formativa nen dedicación horária adecuada.

A povoación galega, en cantidades masivas, non le ou le predominante ou exclusivamente, como única oferta escrita, en español. Esta caréncia é determinante, por exemplo, para explicarmos preconceitos ainda vixentes sobre o idioma, a sua prática limitada e as expectativas que se lle conceden. É ben certo que a falta de leitura non se debe exclusivamente a razóns de índole cultural, senón, e de forma determinante, a razóns económicas, laborais e de imposición ideolóxica através da utilización dos meios de comunicación de masas. Mais non é menos certo que calquer política que se reputar democrática, non clasista, responsábel e galega, na sua planificación e na sua xestión, ha de procurar remédio a eivas históricas e a alienacións actuais, non se compracer na miséria nen se resignar a que o que é minoritário o sexa cada dia máis. Moito menos, a dar por boa unha situación iletrada e ágrafa, para cinicamente mellor controlar unha povoación ignorante. Por isto, propomos como medidas básicas e prioritárias as seguintes:

1. Cumprimento da Lei de Bibliotecas e desenvolvimento regulamentário preciso para dar efectividade ás suas disposicións, nomeadamente no que atinxe á constitución dos órgaos nela previstos e ao contacto permanente cos profisionais do sector.
2. Estabelecimento dun plano de coordenación entre todas as bibliotecas da rede, que permita o coñecimento e a información sobre os fundos de cada unha delas e a constitución de centros nodais que centralicen e distribuan a mesma. Así mesmo, coordenación de normas técnicas e material de traballo das/os bibliotecárias/os, con atención, tamén, ás necesidades de normalización de uso da língua galega.
3. Dotación, para todas as bibliotecas, dun fundo editorial galego, que procure a existéncia de toda a bibliografia galega e sobre a Galiza disponíbel e que, ao menos, conste dunha biblioteca galega básica.
4. Dotación de persoal suficiente para permitir o adecuado funcionamento das bibliotecas e a abertura ao público.

5. O Centro de Documentación Bibliográfico debe recoller e ampliar toda a bibliografia e documentación non arquivística sobre Galiza, con vista á constitución dunha Biblioteca Nacional e dunha Hemeroteca Nacional, que achegue todos os fundos existentes e inície o proceso de reprodución ou microfilmación de todo o editado en Galiza, en formato libro, revista, xornal, folletos, etcétera.
6. As axudas, subvencións ou caisquer tipo de convénios das administracións públicas para as bibliotecas farán-se desde unha orde única e sobre a base dun programa que estabeleza prioridades e prazos.
7. A criación de novas bibliotecas responderá a un programa nacional, que teña en conta a distribución xeográfico-demográfica, o reparto comarcal e as necesidades máis urxentes por cobrir.
8. Estabelecerá-se un plano de formación continuada do persoal técnico e auxiliar das bibliotecas e un programa unificado de informatización e intercámbio de información entre os diferentes centros.
9. Iniciará-se un proceso de diálogo e negociación con aquelas institucións públicas e/ou privadas que posuíren bibliotecas de interese para Galiza, con vista á sua utilización como património público, para evitar o seu traslado fóra do país e para permitir a sua consulta a investigadoras/es e particulares, coas debidas garantias.
10. Acordará-se, coa Consellaria de Educación, un plano para articular unha rede de bibliotecas do ensino obrigatório, comezando por cobrir as caréncias ou deficiéncias máis notórias. Asi mesmo, programarán-se campañas de animación á leitura para todo o tipo de públicos. Procurará-se a máxima utilización didáctica das bibliotecas para converté-las en centros vivos e non en simples depósitos de libros.
11. Estabelecerá-se un plano de coordenación coas Bibliotecas universitárias, que permita o intercámbio de información sobre os seus fundos e a consulta dos mesmos.
12. Potenciarán-se os servizos bibliotecários e procurará-se que os centros sexan tamén utilizados como infraestruturas para actividades de extensión bibliotecária.
13. Para o cumprimento do ponto 10, procederá-se a iniciar a mellora, en recursos, horário lectivo, formación do profesorado responsábel, equipamento e fundos, das bibliotecas escolares, a fin de poderen cumprir o papel de servizo básico do sistema escolar.
14. A Consellaria de Cultura manterá contacto permanente cos profisionais do sector e coas asociacións que as/os agrupan e representan, tanto de carácter xeral como referidas ao undo escolar.

VI.2.5.3 Política editorial, de fomento do libro e da leitura

Le-se moi pouco, como dicíamos no capítulo anterior, e venden-se moi poucos libros. No mercado do libro, o galego non chega ao 10%, excepción feita duns poucos volumes de leitura obrigatória no ensino ou que gozan da

publicidade e patrocínio dos meios de comunicación. Tamén neste capítulo cultural, como noutros, se acusa a incúria dunha política oficial que, a desprezar as suas próprias competéncias na matéria, non aplicou medidas activas para protexer, publicitar e valorizar o libro e a leitura. Tal esforzo, en que terian de resultar coordenadas a política lingüística, a política cultural, a política económica e a utilización dos meios de comunicación de titularidade pública, non se realizou ou ben disolveu-se en mínimos de intervención de escasa rendibilidade social.

Se recordarmos a extrema postración que sofreu a língua do país, a sua desinstitucionalización, a teimosa erradicación de calquer uso secundário, a falta de imaxes escritas, etc., constitui un tópico da análise sobre a situación histórica da língua galega, todo isto debera ser motivo máis que suficiente para empregar todo o dispositivo autonómico, con esforzos redobrados e persistentes no tempo, ao servizo dunha política que curase paulatinamente todas aquelas feridas. Unha política de restauración do idioma que privilexiase a sua expresión escrita, en todos os suportes e que permitise funcionar a ecuación língua escrita = galego, e viceversa. Nesta política, a edición en galego, o coñecimento e difusión das obras das escritoras e os escritores galegos, o libro galego, as librarias, o aumento de leitoras e leitores, etc., terian de ser obxectivos fundamentais dunha xestión positiva que fortalecese o mercado interior, publicitase arreo o valor e a necesidade do produto e protexese intereses de editores, comerciantes e consumidores do país. Medidas políticas exteriores ao mesmo –como a liberalización do prezo do libro de texto, a venda indiscriminada en grandes áreas comerciais ou a ofensiva reespañolizadora que os governos españois, desde 1996, acometeron- non fan máis que aumentar a necesidade dunha política galega autónoma, decididamente proteccionista e moi activa na defensa dun sector vital para a cultura e a economia galega no seu conxunto. Noutras nacións como a catalá e a basca si se realizou este esforzo, partindo de situacións sociolingüísticas en que, quer por alta povoación imigrante e por ser sede de importantes editoras españolas ou multinacionais, quer por descoñecimento para un alto número de nativos do próprio idioma, o ponto de partida teórico non era, en absoluto máis favorábel do que o galego. Nós, en Galiza, contamos con vantaxes, de ponto de partida, imellorábeis: coñecimento pasivo do idioma por parte de toda a povoación; rápida alfabetización e escolarización en galego desde as impostas en español; unha canteira valiosísima de literatura clásica, moi variada e atractiva; unha produción actual obviamente mellorábel mais perfeitamente “competitiva” en moitos campos do abano bibliográfico; un grande auxiliar e, ao tempo, mercado potencial en Portugal e nos países de língua portuguesa que axudarian moito á necesária percepción do universo galego como valor nacional e internacional, etc. Estas vantaxes cómpre pasá-las da teoria á prática, da poténcia ao acto, e aproveitá-las para unha nova e desacomplexada política de promoción directa do feito no país, cultural, industrial e comercialmente.

A Xunta de Galiza é, na actualidade, das primeiras editoras do país, por volumes publicados. Para alén da obrigada bibliografia administrativa, os critérios de edición do governo galego son cousa descoñecida. Non asi os resultados: publicacións, en español sen a menor necesidade nen xustificación; edicións de luxo absolutamente supérfluas; colisión ou redundáncia de publicacións a respeito da oferta editorial privada, etc. Una-se a isto unha deficiente política de distribución, que permite que moitas publicacións durman o sono dos xustos nas gavetas ou armacéns oficiais ou non cheguen a bibliotecas e centros escolares. A relación calidade-necesidade/prezo, en moitas publicacións financiadas con diñeiro público, é nefasta; valla como exemplo: só co que se ten gasto nun diário de viaxe dun peregrino xaponés, ou noutras publicacións de luxo do Xacobeo, poderia financiar-se a cobertura regular de materiais necesários para as bibliotecas escolares. Tamén non existe coordenación interinstitucional entre organismos oficiais con capacidade editora, que poderia aforrar gastos, evitar redundáncias e rendibilizar as edicións. Afinal, non existe un só centro en que se podan consultar e/ou mercar, conxuntamente, todas as publicacións ou materiais editados pola Xunta de Galiza.

A concesión de axudas ou subvencións a editoras privadas, ou a empresas xornalísticas ou a grupos de comunicación non está presidida polos necesários critérios de obxectividade, ecuanimidade e respeito á pluralidade ideolóxica. Non houbo o menor interese en examinar as caréncias do editado en galego, para planificar a sua paulatina solución nen tampouco se cultivou, ao longo de tantos anos de xestión autonómica, a tan conveniente relación bilateral con Portugal e países de língua portuguesa.

En complementariedade estreita coas medidas propostas no capítulo anterior, anotamos as seguintes, como prioritárias do Governo Galego na política editorial e no necesário fomento do libro e da leitura:

1. Criación dunha Distribuidora Central ou Libraria que distribua toda a produción editada pola Xunta de Galiza, tanto de carácter administrativo como de calquer outra índole, tanto venal como non venal. Neste centro, ofereceria-se tamén información sobretodo o universo editorial galego, de todo o tipo, tanto en formato libro como noutros suportes, asi como sobre os catálogos de publicacións doutras Administracións (entidades locais; outros governos; documentación das Comunidades Europeas e do Parlamento Europeu...).
2. A Administración autonómica empeñará-se nunha decidida política de promoción do libro e de fomento da leitura que contemplará, como mínimo, as seguintes medidas:
    a) A utilización favorábel dos meios de comunicación de titularidade pública, con presenza directa de escritoras e escritores; programas que informen dos movimentos da literatura galega actual;

documentais sobre a literatura galega clásica; edición, no seu caso, de material fonográfico ou audiovisual de interese.

b) A organización de feiras ou salóns monográficos do libro galego, xunto coa participación patrocinada do mesmo en caisquer outras exposicións nacionais e internacionais.

c) A realización de campañas institucionais, periódicas, de propaganda e promoción do libro galego, en convénio coas asociacións de editoras e de libreiros e para fomentar a profisionalización do sector e a consolidación do comércio, as librarias, dedicado fundamentalmente á venda de libros.

d) A realización de campañas de animación á leitura dentro do sistema escolar e do sistema bibliotecário galego, en conexión cos responsábeis de bibliotecas e cos docentes máis directamente relacionados coa língua e a literatura, asi como de campañas monográficas dirixidas a sectores de idade ou laborais concretos, sen excluir as dirixidas a colectivos de estadia forzosa, como reclusos, doentes hospitalizados ou asilados.

3. Toda a produción bibliográfica da Xunta de Galiza se centralizará nun único centro. Esta Editora Nacional, que pode ser unicamente entidade pública ou ben tomar a forma dunha sociedade mixta, con presenza do sector editorial galego, asumiria, ademais, a edición daquelas obras que, pola sua necesidade, a conveniéncia de que existan traducidas ao galego, o seu custo ou a sua non rendibilidade comercial (e si cultural) deben ter asento e circulación no mercado editorial galego. O Governo galego prestará atención a aqueles ramos científicos e técnicos máis orfos de bibliografia en galego e procurará o seu asentamento en galego, ben de forma orixinal, ben através da utilización de bibliografia en Portugués ou realizando as oportunas traducións doutras línguas, se for preciso.
4. Colaboración e diálogo coas Asociacións de Escritores, para as involucrar na difusión da literatura galega, difusión plural en todas as direccións. Esta política favorecerá a dotación de axudas a escritoras-es, investigadoras-es, sempre sobre proxectos que conten coa documentación e xustificación precisas.
5. Política de apoio á oferta editorial privada, apoio que deberá realizar-se con total transparéncia, respeito á pluralidade ideolóxica, publicidade dos critérios que determinan a subvención e sempre na liña de que esta repercuta no prezo final do libro ou volume editado, para favorecer tanto o/a consumidor-a como a/o comerciante (librarias).
6. Coordenación coa Dirección Xeral de Política Lingüística, para favorecer de forma directa a familiarización do público galego coas escritoras e os escritores galegos.
7. Patrocínio de edicións non venais ou ben a prezo abaratado, que permitan o seu consumo masivo, de obras ou textos fundamentais da leitura e da história de Galiza.
8. Convénio con outras institucións, empresas e entidades financeiras e/ou culturais para a edición e circulación dos seus fundos. Atenderá-se

especialmente a atención e patrocínio da edición e consulta dos fundos da 'Real Academia Galega' e daqueloutras bibliotecas de especial interese galego, por teren fundos de valor para caisquer aspectos da história, da ciéncia ou da cultura galega.

9. O "Dia das Letras Galegas" deixaria de ser feriado para o converter en data principal dun mes especialmente (nunca exclusivamente) dedicado á promoción da leitura e do libro galego, con benefícios para compradores e con actividades monográficas no ensino obrigatório.
10. Política activa de colaboración e intercámbio co sector editorial, científico e académico de Portugal e países de língua portuguesa, a fin de rendibilizar unha fonte de coñecimento e información valiosa para o noso país e que redundará en benefício da própria percepción do idioma.

VI.2.6 INSTITUTO GALEGO DE ARTES ESCENICAS E MUSICAIS (IGAEM)

Antes de propormos medidas de mellora e expansión do teatro, da música e da danza, apontaremos duas notas sobre o organismo oficial que, nominalmente, ten estas artes ao seu cargo, desde a lei que o criou, en 1989. Encanto outros organismos oficiais ou que receben fundos públicos actuan como unha sorte de micro-consellarias, con traballos e funcións que debera asumir a própria Consellaria ou cos cais, ao menos, debera coordenar-se, este Instituto foi sempre o parente pobre dunha Consellaria que máis "atura" do que promove que haxa teatro, música, danza, etc., con selo galego, con denominación de orixe galega. Ou ben a Consellaria asume unha decidida promoción destas artes, ficando reservados para o IGAEM outros labores de documentación e asesoramento ou ben se procura que este Instituto poda xestionar as áreas de traballo artístico que o seu nome recolle. Neste segundo suposto, que o BNG xulga conveniente, o IGAEM deberá contar con orzamentos e mais recursos humanos e técnicos moito mellorados, a fin de poder atender as funcións que ten asignadas.

Cómpre, en primeiro lugar, unha reforma da Lei que o criou, a fin de actualizar as suas funcións e obxectivos e de adecuar a eles o seu organigrama de dirección e de xestión. O Centro Dramático Galego, como o resto de entidades de que se ocupa, deberán estar coordenados coa dirección do Instituto. O abano de actuacións que o IGAEM debe promover ha ser moito máis amplo, dotado financeiramente e repartido territorialmente do que até agora pudo atender: son claramente insuficientes, cativas, as axudas concedidas ao teatro non institucional, o mesmo que á danza ou a todas as modalidades de música que se compón e interpreta no noso país. A produción discográfica e a videográfica son inexistentes ou raquiticas. O servizo de documentación é manifestamente mellorábel.

Trata-se, portanto, de fortalecer o IGAEM, de lle dar toda a dignidade que o seu cometido merece e de dotá-lo dos meios precisos para que poda servir

moito máis eficazmente ao desenvolvimento, protección e mellora do teatro, da música e da danza nacionais, sempre en conexión funcional con profisionais, artistas, técnicos implicados económica e culturalmente na sua criación, representación, interpretación e difusión. Nesta liña, é fundamental, tamén, a colaboración activa cos meios de comunicación de titularidade pública, rádio e televisión autonómicas, para eles contribuíren á mellor difusión das producións escénicas e musicais, en horários de boa audiéncia e coa dignidade de tratamento precisa. O IGAEM debe facilitar a accesibilidade aos espazos xa existentes a grupos de teatro, de música, de danza ou asociacións culturais, tanto para actuacións ou espectáculos como para ensaios que o precisaren. Así mesmo, facilitará-se a dispoñibilidade de recursos humanos e meios técnicos, co fin de facilitar a programación cultural de grupos privados. O IGAEM –reforzada a sua estrutura, meios técnicos e orzamento- pode impartir cursos de formación, en matérias relacionadas coas artes escénicas, musicais e audiovisuais, que persigan a consolidación dunha canteira profisional galega e o aumento da calidade do espectáculo ou do produto final.

VI.2.6.1 Teatro

Un repaso á história da dramática galega evidéncia que os diversos esforzos encamiñados a criaren e consolidaren un Teatro Galego foron realizados polos homes e mulleres máis lúcidos e comprometidos coa causa da dignificación social e política de Galiza. No caso galego, como noutras nacións de Europa ou do mundo, teatro e consciéncia nacional camiñaron intimamente unidos: concebia-se aquel como un óptimo instrumento de dignificación do idioma nacional, de representación cultural própria, de contributo ao coñecimento e estima da história do país, de recipiente das necesidades, sentimentos e aspiracións da sociedade que o producia. En Galiza, por isto, os sucesivos intentos que, con maior ou menor fortuna, se levaron a termo para criaren unha dramatúrxia galega própria, foron sempre parellos á configuración e organización do nacionalismo, como necesidade política e cultural. Tal aconteceu xa na segunda metade do século XIX, na fundación das “Irmandades da Fala”, durante a ditadura primorriverista (como alternativa, o teatro, ás dificuldades da organización política) e co Partido Galeguista (Exemplos significados temo-los nos casos de Castelao, Cunqueiro e de Otero Pedraio. *Os vellos non deben de namorarse*, do primeiro, é unha obra que aspira a recoller, combinadamente, todas as artes escenicamente utilizábeis á altura; Otero é autor do moito máis teatro do que del se coñece ou se representou; Jenaro Marinhas del Valle, na nosa contemporaneidade, cunha inxente cantidade de obras escritas, ainda en fase de edición, é un dos máis prolíficos, inovadores e proteicos dramaturgos do século XX, etc.). Tal carácter histórico cómpre lembrá-lo para valorizar unha produción artística que, en Galiza, cobra unha importáncia histórica que vai máis aló do estritamente cultural. E, porque, na actualidade, e despois de sucesivos governos autonómicos, ainda non temos articulada unha política teatral estábel e adecuada ao papel que o teatro deberia

cumprir para o público galego de hoxe. A criación e recuperación de espazos que posibilitaren unha actividade teatral regular, para a faceren habitual ao menos nas cidades e vilas principais, seria a primeira tarefa a emprender, en simultaneidade coa ampliación e mellora da rede galega de teatros e auditórios que permitan un traballo estábel e continuado para as diferentes compañias e grupos teatrais do país.

Tanto desde o próprio sector (asociacións; encontros de profisionais; foros de teatro; grupos amadores; teatro de rua...) como através de demandas parlamentares e de propostas existentes no próprio IGAEM, se ten insistido na necesidade de acometer unha nova política teatral que, coa necesária participación dos axentes artísticos, políticos e sociais implicados na sua realización e difusión, permita converter o teatro galego, e en galego, nunha oferta cultural moito máis visíbel e continuada do que é hoxe, unha arte que resulte habitual e non excepcional nas cidades e vilas do país.

A tal efeito, e na intelixéncia de corrixir as deficiéncias actuais –ao menos, as máis notábeis- e mais de lle dar ao teatro galego e en galego permanéncia e solidez para o futuro, propomos as seguintes medidas:

1. Plano de estabilización do teatro, que abordaria o IGAEM con concellos do país, cunha programación prevista para tres-catro anos e que permita o intercámbio de actuacións das diferentes compañias por todo o país.
2. Criación da Escola Superior de Arte Dramática, que concederia títulos habilitantes para a profisión teatral, aseguraria a formación continuada, a criación de canteira renovada, e que funcionaria, tamén, como centro de documentación, investigación e divulgación teatral.
3. O Centro Dramático Galego incrementaria as suas producións e actuacións, para facer do teatro galego e en galego feito habitual nas cidades e vilas do país.
4. Atención ás ensinanzas de teatro que contempla o ensino obrigatório e o ensino universitário: política de fomento destas ensinanzas, consolidación dos grupos existentes, criación de novos grupos de teatro escolar e difusión do seu labor polos centros de ensino do país, en colaboración coa Consellaria de Educación.
5. Cumprindo funcións complementares, diferenciaria-se entre grupos de teatro profisional e grupos de teatro amador ou afeizoado, entendendo por profisionalidade competéncia e experiéncia acumulada e non un trámite burocrático. Un plano de actuacións e programacións para un e outro permitirian o seu reforzo recíproco.
6. A política de axudas públicas ao teatro debe aspirar a estabelecer concertos directos e particulares con cada grupo ou compañia para unha campaña concreta, da cal se realizaria o correspondente seguimento e avaliación.
7. Os chamados Circuítos Culturais contarian cunha programación estábel de teatro galego, en conexión coas programacións culturais dos concellos,

tendo a subvención ou oferta de actuación concedida carácter finalista para esta actividade.

8. Tarefa imediata do IGAEM, en conexión co traballo da Escola Superior de Arte Dramática e o Centro Dramático Galego, seria a plena dotación e apertura ao público do arquivo das artes escénicas e musicais, así como a recuperación e progresiva escenificación do teatro clásico galego, en grande parte inexistente na escena actual.
9. Fomentaria-se o intercámbio bilateral co teatro de países como Portugal e outros da língua portuguesa, para favorecer a actuación de compañias galegas nestes países e de grupos destes en Galiza.
10. A programación teatral, tanto pública como privada-cofinanciada, aseguraria a escenificación dun volume significativo de obras de teatro galego, tanto histórico como actual.
11. Para suprir, onde for necesário, a caréncia de locais públicos aptos para a actividade teatral, procuraria-se estabelecer convénios de utilización de locais, tanto doutras institucións diferentes da autonómica canto de entidades ou empresas privadas.
12. Aseguraria-se a política de colaboración coa Rádio e a Televisión públicas, para lle dar á actividade teatral a máxima difusión e rendibilidade.
13. Política de patrocínio da edición e difusión de todo o teatro galego clásico – en grande parte, ainda inédito- e da edición e difusión de teatro contemporáneo, asi como da investigación e documentación teatral.
14. Inclusión do teatro galego nos proxectos ou investimentos de carácter cultural.
15. Política de patrocínio directo de máis funcións, máis dias, máis, necesária, criación e consolidación de público, tanto para o teatro profisional como para o amador, de rua, de bonecos e infantil. Facilitación a estes grupos de materiais, *atrezzo* e recursos do teatro institucional.

VI.2.6.2 Música e danza

O actual Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), como xa se dixo, polo seu orzamento reducido e polas actividades que con este pode cobrir, non responde á programación e promoción de actividades culturais que o seu nome engloba: teatro, danza, música. Na realidade, funciona como un centro ou macro-asociación cultural que xestiona a programación do Centro Dramático Galego (máis un capítulo de subvencións destinadas aos grupos ou compañias privadas de teatro), o "Ballet Gallego Rey de Viana" (e as bolsas para bailarinas e bailarins) e a Escola de Altos Estudos Musicais. Todo o que neste estreito marco de actuacións non cabe recebe, teoricamente, atención orzamentária doutras partidas da Consellaria de Cultura. Dicemos "teoricamente", porque, na prática, a música tradicional (bandas, grupos de música popular), a música moderna en galego, os grupos de danza, os grupos de música clásica (alén das duas orquestras sinfónicas) subsisten polos seus próprios meios ou merecen un trato ventureiro, sen o menor interese político en consolidar a sua existéncia,

familiarizar o público galego coas suas actuacións e conseguir o seu afianzamento e difusión na sociedade que os produciu.

O IGAEM, portanto, para responder ao seu nome e funcionar como o centro que se ocupa específicamente das artes escénicas e musicais, teria de ver notabelmente ampliada a sua capacidade de actuación e de programación, co conseguinte aumento orzamentário que o fixer posíbel.

A existéncia da arte musical está intimamente ligada ás posibilidades do ensino musical, que, no noso país, dista moito de responder a un esquema racional. A meio prazo, seria obxectivo do governo galego a configuración dunha rede galega de centros de ensino da música, seguindo critérios como a distribución da povoación, a estrutura comarcal do país, a preexisténcia de agrupacións instrumentais ou de corais, o estudo das necesidades de profisionais da música, a vertebración asociativa de Galiza verbo dos centros de ensino para amadores. A "pirámide" de estrutura do ensino musical constaria dunha larga base de Escolas de Música, ben repartidas por todo o país (quer da titularidade municipal, en convénio coa Xunta de Galiza, quer de carácter asociativo), no "trapécio" médio os conservatórios profisionais e no "triángulo" superior o Conservatório Superior.

A música tradicional, elemento diferencial da nosa cultura, requer un forte apoio con vista á sua recuperación, potenciación e difusión. Cómpre, pois, dinamizar a ensinanza da nosa música tradicional, tanto nas escolas de música como nos conservatórios.

Canto ás Bandas de Música e ás suas "Escolas", cómpre lembrar que elas son as primeiras interesadas no estabelecimento de Escolas de Música co-patrocinadas pola Xunta de Galiza e os Concellos: contan, ademais, con agrupación própria, a Federación Galega de Bandas de Música Populares e, cunha adecuada promoción e coordenación governo autonómico-governos municipais, poderia iniciar-se a constitución de orquestras de cámara xuvenis e amadoras dentro das Escolas.

Xunto á Federación Galega de Bandas, que agrupa a máis de 3.500 músicos afeizoados, realiza un importante labor de difusión musical e de fomento da participación popular a Federación Coral Galega que aglutina unhas 150 formacións corais espalladas por toda a nación, cunha média de cuarenta membros por coral. Non requeren as Corais os meios materiais das Bandas, mais son os grupos que, por próprio interese e polo do público a que se dirixen, son incardinábeis nos planos formativos e mais nas actividades das Escolas de Música de promoción pública, desde as que se lles poderá garantir a dirección competente. Procede lembrar aqui que o coralismo galego foi historicamente un instrumento de expresión do galeguismo. Sen renunciar á difusión do repertório coral universal, mesmo na sua vertente clásica, moita música galega –tradicional ou debida ás composicións dos liederistas do post-Renacimento- pervive hoxe

grazas ao labor destes grupos, que deben merecer o apoio en todos os sentidos das institucións autonómicas.

O mesmo nacimento, no ano 2000, da "Asociación de Músicos en Língua Galega" dá fe do interese dos criadores e intérpretes por fortaleceren a sua arte e/ou a sua profisión; o mesmo potencial criativo de grupos, conxuntos, grupos, solistas, intérpretes de música clásica, membros de bandas (a cada paso, máis acompañadas de mozas e mozos) e de corais, gaiteiros e gaiteiras, etc., é afortunada expresión dunha realidade cultural moi viva e en expansión, que, mesmamente por todo o esforzo e mérito que representa, debe contar coa adecuada protección e promoción oficial. Os poderes públicos galegos deberian orgullar-se de seren megáfonos dunha arte que, en moitos casos, triunfa fóra de Galiza máis do valor que dentro dela se lle concede por parte das institucións e dun público que descoñece, por oferta raquítica ou secundarizada, os produtos orixinais do país.

De por parte, unha necesidade básica –de que se resente a música, en todas as suas formas, como o teatro, a danza e, en xeral, todas as artes- é a criación de canteira e a sedimentación do traballo acumulado. Non se fabrican "xénios": elas e eles aparecen cando se favorece un traballo continuado, que permita coñecer e dialogar co que fai no interior do país, e fóra del, difunda o produto, mellore as condicións formativas, permita resultados máis completos, asegure a continuidade histórica das artes, dé traballo e remuneración ás traballadoras e traballadores do sector e evite a emigración forzosa delas e deles, á busca de ofertas e demandas que os admitiren.

Aliás, é preciso romper coa prática perversa de moitos concellos que, coa conivéncia ou actuación caciquil da Consellaria de Cultura, veñen facendo uso dos Circuítos Culturais para cobriren programas de festas ou financiaren irregularmente agrupacións musicais locais, mesmo con pagamento de actuacións que non se realizan. A programación e verificación de actuacións dos Circuítos Culturais correria a cargo da Consellaria de Cultura. Debe garantir-se sempre que o emprazamento dos concertos de Bandas e Corais sexa o idóneo acústica e infraestruturalmente. As Bandas deben ter acceso aos teatros e aos auditórios das cidades. Deben primar-se os concertos fóra da estación, dinamizando a vida cultural das vilas e das próprias agrupacións. Todo concerto debe gardar as mellores formas instrutivas: edición en galego de carteis e programas de man; información didáctica sobre obras e autores. Ademais, un programa nacional de Festivais de Bandas e Corais seria un complemento excelente para a promoción do labor destas formacións.

As axudas e colaboración coas duas orquestras sinfónicas existentes en Galiza (a Orquestra Sinfónica de Galiza, dependente do Concello da Coruña, e mais a Real Filharmonia, de Santiago de Compostela) deberia alcanzar a maior rendibilidade social posíbel, na idea de abrir novos públicos, familiarizar un número crecente de espectadores coa música clásica, promover o coñecimento e

a interpretación de músicos clásicos galegos, potenciar o labor de compositores e compositoras galegos novos e oferecer en galego toda a información académica ou divulgativa relativa a autoras e autores, pezas, movimentos estéticos, etc.

Na danza, do ponto de vista da promoción pública, Galiza é case un ermo. Unha Orde da Consellaria de Educación e Ordenación Universitária de Marzo de 1993 contempla a posibilidade de que as Escolas de Música a que se refere sexan de Música e Danza, co que boa parte das propostas anteriores verbo da formación musical (colaboración das institucións e de asociacións promotoras, uso de instalacións...) son aqui aplicábeis, na intelixéncia de que o ponto de partida é moito máis deficiente. A meio-longo prazo, a Consellaria de Educación e Ordenación Universitária, en solitário ou en convénio coa Consellaria de Cultura, deberia criar unha Académia Nacional de Danza.

No entanto, cómpre apoiar tanto os grupos de danza que xa existen e que, nalguns casos, canto á música e á danza tradicionais, están a desenvolver un importante labor de recuperación e difusión de pezas, bailes, indumentária e, mesmo, coñecimento etnográfico. Primordial importáncia tén a promoción da danza contemporánea, moi necesitada de criación e exibición.

Desde a Consellaria de Cultura debe promover-se, mediante concursos e bolsas, a criación musical galega: para orquestra sinfónica, para banda, para coral, para orquestra e coro, para o teatro, para agrupacións de música de cámara, para a música moderna e realizada por grupos xóvens, etcétera.

Afinal, asinalaremos que é fundamental, para todo o programa apontado, a colaboración dos meios de comunicación de titularidade pública. A aparición de bandas e corais secundarizada, pexorativamente folklorizada, debe rematar de vez. A dignificación da aparición e exibición da música galega debe ser o primeiro requisito: franxa horária non marxinal; programas que eliminen trapalladas e mal trato; información complementar; desaparecimento do grimoso paternalismo e concepción residualista; procura da mellora da calidade das formacións; gravacións promovidas pola CRTVG das bandas e coros de maior calidade, que permitiria iniciar unha colección de música galega, tanto na sua vertente tradicional como clásica. A Libraria ou Distribuidora Central da Xunta de Galiza (que temos mencionado no apartado IV.3) difundiria tamén os produtos fonográficos e/ou videográficos.

En resumo, recapitulándomos e concretándomos as propostas anteriores, anotamos:

1. O IGAEM, como xa se dixo, debe ampliar a sua cobertura e as funcións, en matéria musical, cunha efectiva política de (re)coñecimento de todas as modalidades e formas de música que se fan no país e cunha política de facilitación de edición, difusión e aumento de actuacións e produtos, en convénio con concellos e a programación da própria Consellaria.

2. Mellora da Escola de Altos Estudos Musicais e colaboración coas iniciativas de orquestras sinfónicas que xurdiron no sul do país, para alén das duas formacións sinfónicas xa existentes.
3. Edición de partituras (e libretos, no seu caso) da tradición clásica galega, asi como das óperas con que ela conta, con vista ao seu coñecimento, difusión e ulterior interpretación e/ou representación. Favorecerá-se a inclusión de compositores nacionais nos programas de estudo dos conservatórios. Preverán-se bolsas para favorecer a criación musical de obras de cámara e orquestais.
4. A Lei de Símbolos de Galiza inclui as catro estrofes de que consta o Hino de Galiza e a sua partitura completa. Sendo habitual a sua reprodución mutilada e incorrecta (canto a alguns elementos da letra do poema de Eduardo Pondal), procederá-se imediatamente a editar masivamente a letra íntegra e restituída e a música completa, para coñecimento xeral e, nomeadamente, para coñecimento, uso e interpretación de orquestras, bandas, coros, asociacións e centros de ensino.
5. As Escolas de Música municipais, de que se falou, receberán apoio e financiamento autonómico, en convívio co financiamento municipal e o particular de alunas-os/nais-pais, con baremos claros, públicos e adecuados ao número de escolas que xa funcionan. Promoverá-se a inclusión normalizada, dentro dos programas destas Escolas de matérias de instrumentación musical galega, alén doutras que aproximen o alunado ao labor de investigación e recuperación do folclore galego.
6. O artigo 41 da LOGSE contempla a criación de centros integrados de música onde se poden simultanear os estudos de educación secundária cos estudos de grau médio de música, o que permite o acceso ulterior ao Conservatório Superior das alunas e alunos que o desexaren. Programarán-se, portanto, estes centros integrados dentro do sistema escolar xa existente.
7. A chamada música tradicional ainda precisa dunha política de valorización e de dignificación, que a eleve ao lugar que o seu valor merece. O seu coñecimento e estudo ha de estar garantido nas Escolas de Música e nos Conservatórios profisionais, onde se incorpore e sistematice o estudo e prática de todos os instrumentos que a caracterizan, e o correspondente apoio á edición musical e á discografia.
8. O Governo galego manterá regularmente relacións de interlocución e colaboración con todas as asociacións presentes e actuantes no sector.
9. Sendo claramente insuficiente a nómina de compañias de danza e, en xeral, a preparación coreográfica da oferta do noso país, a Consellaria de Cultura, en colaboración indispensábel coa de Educación, comezaria a inclusión de ensinanzas das diferentes modalidades de danza nas Escolas de Música e procuraria a colaboración coas compañias e escolas privadas que existen, para ampliaren a sua formación, a sua oferta e a difusión dos seus espectáculos.
10. Esixirá-se o cumprimento real das cuotas de emisión de música galega na Rádio Galega e na TVG.

11. Promoverá-se a realización de grabacións discográficas en colaboración coa Rádio Galega.

VI.2.7 ARTES PLÁSTICAS, MUSEUS E CENTROS DE ARTE

Várias das consideracións de carácter xeral que levamos expostas nos apartados anteriores son de aplicación tamén para as artes plásticas e para a rede de museus que existen no país. Recordamos de novo a necesidade de que as diferentes actividades e producións culturais sexan *matéria viva*, quer dicer, sexan coñecidas, "consumidas", desfrutadas pola sociedade onde se criaron e que as recebe.

Neste aspecto, como noutros, existe fronteira clara entre unha concepción da cultura "impermeábel", encerrada en compartimentos estancos, compracente no seu carácter elitista e minoritário, sen vocación de se abrir a novos públicos, a novos receptores, e unha outra, que, mesmo sendo moi prudente na análise do ponto de partida político e social –tan pouco favorábel a unha cultura formadora e desalienada, tan influído por estupefacientes de toda a índole, tan controlado ideolóxica e economicamente, tan prexudicado pola hipertrófia televisiva-, pretende o contrário: abrir a recepción; tender a familiarizar o público cos produtos artísticos, do pasado e de hoxe; fomentar e estimular o debate aberto, crítico e plural sobre a arte, o seu consumo e a sua funcionalidade social.

De novo, é lamentábel que, en vinte anos de xestión autonómica, non se teña utilizado o dispositivo político e competencial existente para pór orde e concerto, e rendibilizar en benefício da cultura galega e do seu público, todo o que se move arredor das artes plásticas, tanto no que di a respeito de artistas canto á valorización e difusión do noso pasado ou da potenciación da arte contemporánea. Mesmo se procede á derrogación –por non dicermos destrución- de leis valiosas que comezaran a intervir de forma positiva nesta promoción da arte contemporánea. Tal aconteceu, por exemplo, coa Lei 11/1984, relativa aos traballos de dotación artística en edifícios e construcións públicas da Comunidade Autónoma de Galiza, que ficou derrogada pola Lei 12/1991, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da Comunidade de Galiza. Esta lei, na prática, deixa sen efeito o destino orzamentário do 1% do custo dunha obra pública á adquisición de traballos artísticos de decoración, embelecimento, dotación de obras de arte ou restauración das mesmas. Do 2% que a lei vixente prevé, as tres cuartas partes van destinadas á Consellaria de Cultura, para a restauración dos monumentos ubicados nos tramos galegos dos camiños de Santiago e a Consellaria de Relacións Institucionais "para o financiamento investidor do Plano Xacobeo 93". De uns e outros investimentos e desembolsos non existiu información –como prescrebe a lei- en sede parlamentar, asi como tampouco dos critérios que determinaron a compra de obras de arte, para património público, en todos estes anos.

A política de recoñecimento, valorización e promoción das artes plásticas non se debe supeditar á celebración de eventos extraordinários, como o Xacobeo, a capitalidade cultural ou calquer outro semellante. Ha de ter entidade por si própria, con continuidade no tempo e sen submeter a desígnios do mercado internacional impostos desde fóra de Galiza. Ha de ser autónoma, libre e atenta a fortalecer a exibición e o mercado nacionais. As seguintes medidas contribuirian para unha política racional e positiva neste ámbito:

1. Reforma da Lei 12/1991, na liña de restituir a obriga legal de dotación artística dos edifícios e obras públicas.
2. Política de colaboración técnica, artística e promotora coas asociacións do sector, como a "Asociación Galega de Artistas Visuais", criada en 1997.
3. Actuación institucional, perante o Governo español, para procurar a racionalización de política fiscal inxusta que pesa sobre a obra de arte e a/o artista; a aplicación da lexislación vixente en matéria de direitos de autor; a política de compras institucionais e a proxección internacional da arte galega.
4. Coordenación e redefinición dos museus pertencentes á rede, con identificación de museus que teñan o carácter de nacionais; coñecimento facilitado dos seus fundos e campañas de divulgación dos mesmos.
5. Reorganización das coleccións institucionais e do papel dos Centros de Arte Contemporánea que existen no país.
6. Política "de portas abertas" que dé a coñecer ao público galego en xeral, e ao escolar, en particular, toda a riqueza histórico-artística que alberga a rede de museus galega.
7. Facilitación do labor investigador, formativo e criador, através de bolsas de estudo *ad hoc*, para Galiza e para o estranxeiro.
8. A promoción decidida das artes plásticas realizadas por artífices galegas e galegos e que traballan no país.
9. A recompilación e recuperación do legado artístico galego, cunha catalogación centralizada que permita a localización e información sobre todos os fundos existentes.
10. O Centro Galego de Arte Contemporánea deberia funcionar como o Centro nacional de Artes Plásticas de Galiza, como centro nodal dos demais museus que teñan pintura e escultura contemporánea e con especial atención ás artistas e aos artistas galegos, tanto nestas artes como en arquitectura, fotografia, deseño, etc. Ao tempo, seria a ponte que unise Galiza co máis notábel da arte actual realizada fóra dela, en calquer das artes citadas, e na procura do aproveitamento didáctico, investigador e de conexión con outras actividades culturais.
11. O Museu do Povo Galego, en atención á sua natureza e función, funcionaria como o museu central que recollese e ampliase todos os bens culturais de carácter etnográfico e como órgao asesor daqueles centros que existisen con carácter local.

12. É prioritário dotar de sentido, co cumprimento das prescricións do Título V da Lei do Património Cultural de Galiza, o legalmente estabelecido para os museus, as funcións que deben cumprir, a facilidade de acceso aos mesmos, o seu importantísimo didáctico, a preservación e digna exibición dos seus fundos.
13. Todos os fundos de arte galega, dispersos en diferentes centros do país, deberian poder consultar-se e coñecer-se (en caisquer dos suportes gráficos ou audiovisuais existentes) en todos os museus da rede.
14. En colaboración coa Consellaria de Educación e Ordenación Universitária programarian-se campañas estábeis de visitas escolares que contribuísen a estudar a arte galega "*in situ*", a coñecer as novas producións e a valorizar o producido, e producíbel, no próprio país.
15. A efeitos de transmisión informativa, disporian-se os convénios oportunos coa CRTVG a fin de a rádio e a televisión públicas galega contribuíren, en espazos, non marxinais, ao coñecimento e aprezo da arte galega, histórica e moderna.

VI.2.8 CINEMA, AUDIOVISUAL E FOTOGRAFIA

Apontamos, no apartado referido á música, a presión invasiva que, en detrimento dos produtos galegos ou doutros produtos musicais da humanidade diversos dos anglosaxóns, padece a recepción e o coñecimento musical no noso país. Esta presión existe tamén no que adoitamos denominar imaxe, coa pexa engadida de que nunha sociedade como a actual, fotografia, vídeo ou cinema son unha poderosa arma de poder e de control ideolóxico. Por isto, coidamos que é tarefa prioritária estimular e divulgar unha cultura visual que fortaleza o potencial criativo galego e ofereza visións sociais e humanas dirixidas a un mellor coñecimento das persoas, do mundo en que se achan e da sociedade en que viven.

Entre 1997 e 2001 produciron-se importantes novidades que cómpre termos en conta. No verán de 1999, foi promulgada a Lei do Audiovisual de Galiza, serodiamente aprobada no Parlamento Galego, despois de duas Proposicións de lei do Grupo Parlamentar do BNG sobre a cinematografia e o audiovisual galego, apresentadas en senllas lexislaturas e rexeitadas, na sua toma en consideración, polo grupo maioritário do PP. A lei vixente prevé a criación dun consórcio das diversas administracións e con participación de institucións e empresas que coadxuvaren á potenciación da indústria audiovisual galega. Aínda non se constituiu. Sobre o Consello Asesor de telecomunicacións e do Audiovisual de Galiza non houbo información oficial nengunha, en sede parlamentar, acerca do funcionamento, previsións, seguimento do sector e/ou outros cometidos deste Consello Asesor. O artigo 15.3 da Lei prevé que este Consello propiciaria como "tarefa imediata" a criación da Comisión do Cinema de Galiza. Até hoxe, non se criou e, portanto, os seus fins

(asesoramento sobre planos, medidas, accións, programas e proxectos de apoio e impulso ao sector non se puderon cumprir. Descoñecemos, por unha información no Parlamento de Galiza, cais foron as actividades de fomento do sector audiovisual previstas por lei.

No entanto, está a se tramitar, no Congreso dos Deputados, a reforma da Lei da Cinematografia e o Audiovisual, que prevé deixar o sector desvalido de axudas públicas e en situación de competéncia moito apiorada a respeito do grande império cinematográfico norteamericano;non se considera o necesário fomento das diferentes áreas do sector audiovisual; non existe apoio para a produción de longametraxes para televisión; non figuran axudas previstas para o desenvolvimento e produción de documentais e de séries e especiais de animación; non existen critérios claros na oferta de axudas públicas ao sector; non se prevén actividades de formación inicial e continuada...Aliás, elimina-se a cuota de pantalla, co cal o cinema norteamericano vai incrementar a sua hexemonia. O control da taquilla tamén desaparece e, enfin, todo conspira para virar anorexico un sector que a lei galega declara “estratéxico” e en que vai incidir –se non se remediaren- as medidas de redución e de desregulación descritas.

A despeito desta negatividade legal e institucional, o sector, en Galiza, está dotado dunha grande criatividade e potencial artístico e industrial. Como noutros, de que xa tratamos, a iniciativa privada e o empeño de criadores, produtores e técnicos é o que está a impulsar e dar corpo a unhas artes absolutamente imprescindíbeis nunha cultura galega adulta e moderna. O BNG aposta decididamente por unha política de promoción e protección deste sector, que contempla as seguintes medidas:

1. Desenvolvimento normativo da lei do Audiovisual de Galiza e posta en marcha dos organismos que contempla.
2. Incremento do orzamento da TVG que forneza a produción e distribución do audiovisual galego.
3. Colaboración do futuro Instituto Galego de Desenvolvimento, con préstamos directos para financiamento das produtoras.
4. Plano de coprodución estábel entre a TVG e emisoras estranxeiras, para a produción de séries de animación e documentais, con especial atención á colaboración con emisoras portuguesas.
5. Previsión dunha produción estábel de entre tres e cinco longametraxes por ano, con participación maioritária de produtoras galegas.
6. Convénio entre a TVG e as produtoras multimedia, para a adaptación dos formatos televisivos ás novas formas de emisión (Internet).
7. Convénio entre a CRTVG, Consellaria de Cultura e produtoras de son para sonorizaren en galego filmes estranxeiros.
8. Favorecimento do tecido industrial-comercial galego, canto á produción e distribución de campañas publicitárias institucionais.

9. Recoñecimento, por parte dos poderes públicos de Galiza, da importáncia cultural, económica e social das actividades cinematográficas e do audiovisual, do papel que podan desempeñar como criación artística, información, coñecimento e imaxe de Galiza, vital para a consecución da normalización cultural e lingüística, polo que as consideran sector estratéxico e prioritário.
10. Fomento da actividade cinematográfica e a produción audiovisual galegas, da sua comercialización e difusión, asumindo as competéncias destas actividades en Galiza, asegurando o seu cumprimento, coordenando as relacións entre cinema, vídeo e TV en Galiza e espallando o seu coñecimento no interior e no exterior do país.
11. Regulación da actividade cinematográfica e videográfica e o apoio á produción, comercialización e difusión do cinema e do vídeo galego e en galego, asi como as relacións destes cos outros meios audiovisuais.
12. Asunción de faculdades directas da Consellaria de Cultura para impulsar o desenvolvimento da indústria cinematográfica e audiovisual galega, divulgar as suas producións no próprio território, no Estado español, en Portugal, na Unión Europea e en todos os territórios con emigración galega.
13. Impulso de coproducións, nomeadamente con Portugal e países de língua portuguesa.
14. Divulgación do cinema galega en salas comerciais, asi como a dobraxe ou a lendaxe en galego do cinema estranxeiro.
15. Impulso dos estabelecimentos técnicos galegos destinados á produción cinematográfica e audiovisual.
16. Consolidación dun Arquivo do cinema e do audiovisual galegos e en galego.
17. Coordenación da produción, distribución e exibición destas producións coa CRTVG.
18. Fomento do ensino das artes da imaxe, e da cultura cinematográfica, audiovisual e fotográfica no sistema educativo obrigatório e, de forma específica, na formación profisional e no nível universitário.
19. Actualización e aggiornamento dos profisionais en activo, nomeadamente no relativo a novas tecnoloxias e á investigación en todos os aspectos relacionados o audiovisual.
20. Potenciación do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) para que cumpra os obxectivos de conservación, restauración e divulgación non comercial do património fílmico, audiovisual e fotográfico galego, asi como a función de cinemateca, videoteca, fototeca, museu e biblioteca nacionais, en todo o relativo a obras e actividades cinematográficas, de vídeo, e de fotografia.

VI.2.9 ASOCIACIONISMO CULTURAL

Na década dos sesenta xorde un fenómeno cultural sen antecedentes no país: o asociacionismo cultural que co seu labor organizativo e divulgativo asumiu a representación cívica e cultural de Galiza, en tempos de imposibilidade de organización e circulación política legal. Como noutras moitas actividades, o traballo e o selo do nacionalismo socialmente actuante foi decisivo na

conformación dunha rede de asociacións culturais que, metonimicamente, estaban a defender e a dignificar a nación no seu conxunto. Elas foron a plataforma e o recipiente que permitiron dar a coñecer a alarma pola subordinación total en que se atopaba o idioma do país; as que contribuíron a normalizá-lo na prática, coa utilización xeral para calquer tema de debate ou de información; as que propiciaron a información sobre cuestións vitais da nosa existéncia colectiva, como a economia, a história, a arte, a literatura, os direitos sociais, o feminismo, a ecoloxia, o teatro, a defensa social do idioma., etc. Mais o asociacionismo cultural non debe ser aprezado unicamente polo seu mérito histórico e polo inxente labor de conscienciación e de organización desenvolvido. Hoxe continua a ser unha necesidade, porque en boa medida, o problema social e política de Galiza, visto desde nós, os seus habitantes, o povo que a constitui, continua sendo un problema de identificación, de recoñecimento, de consciéncia de si, de auto-estima normalizada. Aliás, a vocación desta prática cultural foi sempre democrática e social, anti-culturalista, portanto, cun forte empeño por familiarizar o público galego sen "cláusulas de exclusión" coas personalidades sobranceiras da nosa história, coas nosas riquísimas (canto dominadas) producións culturais, co noso direito, en suma, a continuarmos a existindo, a producir e a nos desenvolver.

O trato que as institucións públicas galegas dispensaron, e dispensan, ao movimento asociativo cultural non está en absoluto á altura das circunstáncias: falta de diálogo regular; marxinación persistente das asociacións e as suas federacións; ignoráncia das mesmas nas decisións institucionais; exclusión de organismos estatutários como o Consello da Cultura Galega; escaso, e sempre raleado, apoio económico e infraestrutural; intento, en definitiva, de provocar a agonia inducida, para, ainda, funcionarizar e concentrar ainda máis a oferta cultural. Outros factores, que teñen a ver cunha forte ofensiva ideolóxica, patente desde comezos dos anos oitenta, desprezadora da cultura plural, aberta e libre, exacerbadora do individualismo, que multiplicou vertixinosamente todos os produtos alienantes e estupefacientes, asi como defeitos de funcionamento e rotinas que afectaron negativamente a vida asociativa cultural, influíron e condicionaron criticamente as actividades e, ás veces, a própria subsisténcia das asociacións culturais.

Pensamos que continua a ser fundamental a existéncia dunha acción sócio-cultural que actue na base da sociedade, que teime nunha oferta e nunha distribución cultural ampla e con vocación maioritária e que continue a ser factor de dinamización cultural por todo o país. Para cumprir este obxectivo -e polo que toca ás institucións públicas-, propomos as seguintes medidas:

1. O diálogo continuado poderes públicos-movimento asociativo, con inclusión das asociacións culturais, através das suas representacións, nos organismos consultivos ou decisórios que existiren na matéria (Consello da Cultura Galega, por exemplo).

2. A atención política e orzamentária precisa para garantir un funcionamento normalizado das asociacións culturais, en aras do interese social recoñecido que o seu labor ten.
3. As axudas, subvencións, convénios., etc. ou caisquer apoios que se concederen desde as administracións públicas ás asociacións culturais han de reunir os seguintes requisitos: transparéncia e publicidade dos critérios utilizados; exixéncia de apresentación de proxectos concretos e, no seu caso, verificados; seguimento e avaliación da(s) actividade(s) realizada(s) co financiamento ou a subvención de diñeiro público.
4. A colaboración institucional na formación e actualización de animadoras e animadores culturais.
5. O impulso do labor asociativo na mocidade, con facilitación de locais, recursos técnicos e humanos.
6. A colaboración dos meios de comunicación de titularidade pública na exibición, dignificación e difusión das actividades das asociacións culturais.
7. O favorecimento da investigación e a recuperación de actividades lúdicas e festivas da tradición cultural galega.

VI.2.10 DEPORTE

VI.2.10.1 Introdución

Ante o incremento que se está a producir na sociedade, de demandas que tocan o ámbito da educación física e do deporte, entendido como un aspecto imprescindíbel para o desenvolvimento integral da personalidade, a mellora da condición física e psíquica, a socialización através das relacións persoais e a mellora de resultados en competicións de todos os niveis, e vistas as distintas vertentes que cada vez máis se están a desenvolver neste campo, consideramos necesário aplicar políticas que se axustaren ás particularidades de cada unha, e que serviren para posibilitaren á cidadania un aproveitamento do deporte en todos os seus ámbitos, a marcarmos como princípios xerais os que a continuación se citan.

VI.2.10.2 Princípios xerais

O B.N.G. na sua política deportiva terá en conta princípios básicos que a seguir se expoñen e que abarcan todos os ámbitos do deporte, en atención ás particularidades específicas de cada un.

- Definir o papel das institucións públicas sobre e para o deporte.
- Garantir a participación deportiva e o acceso ás instalacións a todas as persoas sen distinción de sexo, raza, relixión, ideas políticas ou doutra índole.
- Fomentar e facilitar o desenvolvimento de programas deportivos dirixidos a melloraren o estado físico das persoas, repercutindo na mellora da saúde

e calidade de vida.

- Garantir que todos os xovens de Galiza podan praticar actividades deportivas e de educación física que lles garantan a aprendizaxe e o desenvolvimento das aptitudes deportivas básicas do ponto de vista recriativo e educativo.
- Apoiar, através de programas específicos, que deportistas con aptitudes para o rendimento deportivo podan potenciar e melloraren nas suas disciplinas a lles facilitar os meios necesários para alcanzaren o nível óptimo de competición, e salvagardando e desenvolvendo os fundamentos morais e éticos do deporte.
- Fomentar a investigación científica en todos os campos que afectaren o deporte adoptando medidas que facilitaren a difusión e o intercámbio da información e dos resultados da investigacións.
- Utilizar todo o anterior para a xeneralización das actividades físico-deportivas.

VI.2.10.3 Deporte de base, educativo ou de iniciación

5. Promoción deportiva.

    - O B.N.G., desde o Governo galego, colaborará e potenciará o traballo que actualmente veñen realizando as federacións deportivas para programas de promoción, desenvolvimento, tecnificación e competición.
    - Impulsará-se a colaboración cos concellos e comarcas para garantir, a través de escolas deportivas supervisadas por persoal técnico cualificado, o acceso á práctica físico-deportiva, para calquer cidadán, sen distinción de sexo, condición física ou lugar de residéncia.
    - Facilitará-se que todos os xovens puderen desenvolver capacidades físicas para adquiriren hábitos e destrezas, e a fomentar a prática deportiva. Para iso desenvolveran-se programas deportivos e recriativos facilitando o uso das instalacións en horários adecuados ás demandas.
    - Posibilitará-se a continuidade da prática fóra do horário lectivo, vinculando escolas con clubs, federacións, asociacións, etc.
    - Facilitará-se e alentará-se o acceso as instalacións existentes.
    - Promoverá-se a colaboración de pais, profesores, adestradores e dirixentes para a adecuación da oferta deportiva aos verdadeiros protagonistas.
    - Inculcara-se na actividade deportiva valores como xogo limpo, vida san, solidariedade...

6. Asociacionismo deportivo.

- Alentará-se e impulsará-se o movimento asociativo voluntário, solidário e sociabilizador para favorecer as relacións persoais e de integración social.

7. Educadores deportivos.

   - Velará-se para estas actividades estiveren dirixidas por persoal cualificado, competente e con formación homologada por universidades ou federacións.

VI.2.10.4 Deporte de competición e alto rendimento

1. Deporte de alto rendimento e o apoio aos deportistas de elite.

   - Buscará-se a cooperación cos deportistas de alto nível, a aplicar actuacións específicas encamiñadas a lles ofereceren a posibilidade de desenvolveren as suas capacidades deportivas e humanas, sempre respeitando a sua personalidade e a sua integridade física e moral.
   - Prestará-se especial atención á sua inserción na sociedade unha vez abandonada a etapa de alta competición.

2. Organización e promoción do deporte de competición.

   - Impulsarán-se competicións de carácter local, comarcal e nacional, como elementos vertebradores do deporte galego, confiando a organización e coordenación ás federacións correspondentes, co obxectivo de dinamizar as relacións entre deportistas, sócios, mundo comercial, meios de comunicación, etc.

3. Impulsarán-se políticas de cooperación empresarial na “sponsorización” do deporte de alto nível en Galiza.

VI.2.10.5 Deporte como mellora da saúde e a calidade de vida

1. Promoción e coñecimento por parte da sociedade dos benefícios que ten para a saúde a prática habitual de exercício físico.

   - Promoverá-se a prática deportiva na cidadania, con fins de mellora da saúde, deporte como ócio e deporte como rendimento.
   - Fomentará-se a prática de actividades no meio natural sempre a respeitar e a conscienciar os participantes da importáncia da conservación dos espazos naturais.

VI.2.10.6 Dotación e equipamento de instalacións deportivas

1. Estudo, coñecimento da realidade e dotación de instalacións deportivas.

   - Fará-se un censo de instalación deportivas adoptando medidas que poidan garantir que todos os cidadáns teñan posibilidade de praticar o deporte, e na auséncia das mesmas tomarán-se medidas complementares que palien posíbeis situacións desfavorábeis.
   - Os centros escolares deberán dispor das instalacións e o material necesário e adecuado para a prática das actividades físicas e deportivas.
   - Terá-se en conta a eliminación de barreiras arquitectónicas, integrando e facilitando o uso das instalacións e dos equipamentos ás persoas con discapacidades.

2. Respeito polo meio ambiente na construción de instalacións deportivas.

   - Velará-se para que -tanto no entorno urbano como no meio rural- os espazos naturais e as instalacións ao aire libre se habiliten e sexan accesíbeis a respeitaren o meio ambiente, a fin de garantir unha utilización duradeira das recursos naturais.
   - Dará-se especial importáncia á construción de instalacións deportivas, sempre a se ter en conta o respeito polo meio natural e os valores da natureza.
   - Farán-se cumprir as normas vixentes canto a hixiene, acceso, seguridade, controis de calidade, etc.
   - Os responsábeis da planificación, o deseño e a xestión das instalacións deportivas deberán ter unha formación que lles permitir velar para que ditas instalacións responderen ás necesidades dos usuários.
   - Realizará-se unha planificación global, tendo en conta costumes próprios de cada zona, garantindo asi a boa xestión e plena utilización das instalacións coas medidas precisas para daren un servizo coa seguridade necesária.

VI.2.10.7 Lexislación deportiva

1. Desenvolvimento da Lei Galega do Deporte

   - Levará-se a cabo o desenvolvimento regulamentar da Lei Galega do Deporte.

2. Formación e ordenación do ámbito laboral dos profisionais do deporte.

- Propiciará-se o desenvolvimento do regulamento laboral que estabelecer os campos de actuación dos profisionais da educación física e do deporte. Con esta finalidade elaborará-se un Organigrama Racional de Titulacións de Técnicos Deportivos.
- Propiciará-se a integración definitiva do INEF no ensino universitário.
- Fortalecerá-se o contido das titulacións destinadas ao ensino da educación física no ensino secundário, primário e infantil, a se homologaren contidos e capacitacións para os distintos cursiños, monitores de base, elementais e superiores.
- Fomentará-se a organización de cursos de formación impartidos polas institucións competentes.

3. Outros aspectos relacionados coa lexislación.

- Simplificará-se e facilitará-se ás entidades e os clubes o acceso á declaración de entidades de interese público.

VI.3 POLÍTICA LINGÜÍSTICA

VI.3.1 INTRODUCIÓN

A primeira aclaración conceptual que cómpre facer a respeito do idioma ten a ver coa própria natureza da língua: ela é a institución social por antonomásia; é, portanto, empresa de todos, de toda a sociedade, asunto xeral que compete a todo o mundo, porque todas e todos facemos uso dela e de todas e todos depende a sua restauración definitiva. En segundo lugar cómpre recordar que a língua de Galiza, o galego, continua subordinada ao español: o seu uso público é ainda moi escaso; non goza da naturalidade de uso social precisa; permanece, en grande medida, a ecuación usos formais e "sérios", incluída a língua escrita = uso do español; todos os esforzos normalizadores -de antano e de hoxe- non renden o suficiente, ao non teren correspondéncia nen protección institucional.

O dispositivo autonómico si ten política lingüística, que pasa por desprezar a sua própria lexislación, considerando-a simples papel desiderativo, por non aproveitar nada da virtualidade favorábel ao galego das leis existentes e por reforzar, en definitiva, o statu quo diglósico e hexemónico do español. De por parte, unha lexislación que abunda na concesión de direitos de uso do galego para os cidadáns que, logo, non se poden exercer na prática, ao tempo que non estabelece obrigas para as institucións públicas garantes daqueles, terá un valor testemuñal ou puramente declarativo (o galego, língua própria de Galiza...), mais comprometerá escasamente o deber de o Executivo praticar unha planificación lingüística dirixida á expansión do uso do galego, á diversificación do mesmo en ámbitos variados, á sua implantación en domínios novos...

Estes continuan a ser os obxectivos normalizadores ausentes da acción de governo que até agora tivo Galiza. Normalizar non é usar o galego nos lugares e funcións consabidas e redundantes: é facé-lo aparecer en todo o que hoxe lle falta clamorosamente e que debe funcionar como un imán que manteña falantes e atraia novos locutores, reintegrábeis, desde o español inicial e ambiental, á língua do país. Nestas circunstáncias, a política lingüística estará orientada a virar a tendéncia ao abandono polas novas xeracións, isto é, a conseguir a transmisión familiar da língua de modo que adquira carta de natureza nos ambientes primários. Asemade estará orientada ao impulso oral e escrito no seo da sociedade e nas institucións, coa poténcia dabondo como para se converter nun modelo en que se ampararen os utentes do galego. Finalmente trata-se de paralisar o deterioro do sistema lingüístico do noso idioma, derivado da presión españolizadora e da falta de poder institucionalizado do galego en Galiza.

Por todo isto a política lingüística normalizadora do uso do galego deberá atender os seguintes:

VI.3.2 CRITÉRIOS BÁSICOS

1. Na intelixéncia de que o idioma é causa de todos e de toda a sociedade, o Governo galego dirixirá a toda ela a sua política lingüística, sen praticar divisións internas no meio social, habida conta do coñecimento pasivo xeneralizado e, portanto, da potencial prática e recepción do galego en calquer lugar do país e en calquer segmento social.
2. O Governo galego atenderá e protexerá a dinámica normalizadora existente na sociedade galega; alentará a participación social (en todas as idades e en todos os grupos) na política de normalización e coordenará esforzos dispersos para mellor confluíren ao fin comun.
3. A non sectorialidade. A política normalizadora compromete, horizontalmente, todas as áreas de governo, todas as actuacións administrativas, burocráticas e públicas, en calquer ámbito de actuación política: debe ser, logo, compromiso de todo o governo e non matéria, en exclusiva, dun departamento ou organismo.
4. O Governo galego privilexiará, na sua planificación, aqueles ámbitos máis necesitados de urxente (por incumprida) galeguización: toponímia; administración autonómica; ensino obrigatório e infantil; meios de comunicación de titularidade pública; uso no funcionariado adscrito á Administración Autonómica; cumprimento do lexislado por parte das entidades locais.
5. No prazo dunha lexislatura (catro anos) porá-se en valor a lexislación existente, virando-a de letra morta en prescricións de tradución prática e aplicando-a nos ámbitos respeitivos, dotando-a de todo o desenvolvimento regulamentário preciso para que cobre efectividade na vida social e cotiá.
6. A gradualidade de implantación do galego inaugurará unha tendéncia ao uso crecente; non terá, en consecuéncia, carácter limitativo nen restritivo: será a primeira pauta para a consecución dunha maior utilización. Á luz da experiéncia e dos resultados, estudará-se a necesidade da promulgación dunha lexislación de maior alcance.
7. O diñeiro público destinado finalistamente á normalización do uso do galego debe cumprir esta función. Será, por conseguinte, avaliado e controlado segundo os seus resultados práticos e non nominais ou inverificados.
8. Executivo galego, en aras do cumprimento dos obxectivos descritos, promoverá a reunión dos organismos técnicos competentes, con vistas ao debate e ulterior acordo en matéria de normativa gráfica e fixación léxica. As institucións e organismos oficiais manterán unha interpretación aberta e non restritiva da normativa, especialmente no tocante á asunción da riqueza léxica.
9. O Governo galego manterá unha política activa de intercámbio de produtos culturais entre Galiza ,Portugal e outros países de língua portuguesa, na liña de naturalizar nun e noutro o necesário intercoñecimento e fluxo de comunicación bilateral.

10. O Governo galego dirixirá-se, no uso das suas faculdades e competéncias, a todas cantas institucións públicas e privadas operaren en Galiza para as animar e para as comprometer na necesária utilización do idioma do país nas suas actuacións. Nos contratos e convénios con terceiros das administracións públicas de Galiza, figurará o deber do uso do galego nas actuacións derivadas destes.
11. O Governo galego prestará especial atención á introdución crecente do idioma galego nos domínios do audiovisual, o cinema, a informática e todos cantos suportes de comunicación viñeren impostos polo uso de novas técnicas.

VI.3.3 MEDIDAS PRIORITÁRIAS

VI.3.3.1 Meios de comunicación

1. A Xunta de Galiza fará cumprir nos meios de comunicación públicos galegos o mandato legal de uso total do galego para calquer emisión, publicidade incluída.
2. En nengun caso se consentirá caricaturización de idioma do país nos meios de comunicación de titularidade pública.
3. Manterá-se o galego por parte do/a entrevistador/a naquelas entrevistas realizadas a persoas que utilizaren o español.
4. Non se admitirán, na Televisión Galega, programas que reduciren a presenza do galego a simples saúdos, introducións ou despedidas e a manteren o corpo do programa en español.
5. A utilización do idioma do país vinculará-se ao aumento da produción própria en Televisión, na dirección de inverter a relación actual entre produción própria e produción allea, e favorecer abertamente aquela, realizada no idioma do país.
6. O Governo apoiará os meios de comunicación privados, en calquer tipo de suporte, que tiveren o galego como língua veicular.
7. O Governo fomentará o cinema de produción própria e a distribución en galego, dentro de Galiza, de todo o tipo de material audiovisual de interese.
8. O Governo fomentará a elaboración de ferramentas informáticas próprias con adaptación lingüística, de ser o caso. Tamén promoverá a elaboración de contidos en galego para as novas tecnoloxias, e mellorará a sua difusión e o acceso a eles.

VI.3.3.2 A función pública

As funcionárias e os funcionários dependentes da Xunta de Galiza acreditarán o uso do idioma galego, oral e escrito, para o aceso ao desempeño da sua función. A administración autonómica galega funcionará uniformemente en galego, en caisquer manifestacións, escritos, actividades, personacións ou actos xurídicos.

O catálogo de postos de traballo fará-se a ter en conta a necesidade de cumprir o obxectivo devandito. Os cursos de capacitación en língua galega para os funcionários terán como obxectivo a sua preparación para a normalización de usos na administración e a sua integración na cultura do país.

VI.3.3.3 O ensino

1. A Xunta de Galiza iniciará no ensino unha política real, non nominal, de galeguización, entendendo por tal o uso do idioma próprio do país, do galego, nas diferentes matérias, dotando esta política de toda a atención financeira e humana precisa e implicando-se ela própria no deber e na responsabilidade de a conducir e de a mellorar.
2. O Governo galego fará cumprir o Decreto 24711995, que regula a utilización do galego como língua veicular en determinadas matérias do ensino obrigatório e ampliará, regulamentarmente, a sua aplicación no ensino infantil. O catálogo de postos de traballo e concursos de traslado terán en conta a prescrición estabelecida no antedito decreto.
3. O Governo galego potenciará as equipas de normalización e a sua coordenación comarcal e nacional como elementos de dinamización da política lingüística para ser aplicada.
4. O Governo galego programará campañas específicas para o uso do galego como língua de docéncia e da discéncia nas Faculdades e Escolas Universitárias.

VI.3.3.4 A Administración de Xustiza

O Governo tomará as medidas para que o galego for unha língua normal na administración de Xustiza. Con este fin impulsará o coñecimento do idioma polos seus funcionários, ao paso que impedirá con todos os meios ao seu alcance a discriminación dos utentes do galego nas actuacións xurisdicionais de todo o tipo. Asemade, advogará pola modificación da L.O.P.J. de forma que xuíces e maxistrados teñan o deber do coñecimento do galego para desenvolveren a sua función no território de Galiza.

VI.3.3.5 Corrección e restauración da toponímia

1. O Governo, no uso das suas faculdades, fará cumprir a lei aos concellos que a conculcaren no referido á denominación correcta do município e a todos os lugares onde tal nome aparecer (Estacións de Autobuses, impresos, etc.).
2. O Governo fará cumprir a lei no mesmo sentido aos meios de comunicación (orais, escritos ou audiovisuais), empresas de transportes, axéncias de publicidade e caisquer outros servizos que utilizaren oralmente ou por escrito os nomes dos lugares do noso país: Correos, Telégrafos, RENFE, compañias de aviación, etc.

3. O Governo vixilará o cumprimento da lei en todas as rotulacións, viais dependentes das Xefaturas de Tráfico, e ordenará a sua corrección, caso de infracción ou uso de nomes españolizados nas estradas e camiños do país.

VI.3.3.6 Fomento e impulso da escrita en galego

Co fin de dar cumprimento ao artigo 6º.3. da Lei de Normalización Lingüística, o Governo galego atenderá a promoción, publicidade e difusión de toda a produción escrita en galego, distribuindo as axudas a este obxectivo con critérios públicos, de interese e necesidade social, e na procura da maior ecuanimidade e respeito pola pluralidade e diversidade existente no país, sen as restricións e discriminacións actuais.

VII. POLÍTICA DE REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA E INSTITUCIONAL

VII.1 O PAPEL INSTITUCIONAL DE GALIZA

Unha das eivas graves que tivo o noso país foi a escasa relevância na prática para configurar a vontade política do Estado. Non é unha situación fácil de cambiar, cando, ademais, os partidos de ámbito estatal asumiron e asumen dentro e fóra ese papel residual que se nos ten asignado aos galegos. A acción de governo debe ter un obxectivo claro para tentar modificar o cativo peso político de Galiza no concerto estatal e europeo. Tendo presente que Galiza é unha nación histórica e sen perder a perspectiva da reformulación do Estado sobre o princípio do seu carácter plurinacional, debemos ter a aspiración de acadar para o noso país o máximo nível competencial e de poder, un poder suficiente sobre os nosos recursos naturais, as nosas infraestruturas, a nosa indústria, a nosa língua e a nosa cultura... enfin, sobre todas aquelas matérias de que depende o ben-estar dos galegos e das galegas.

Pola mesma razón, defendemos que Galiza debe contar co poder suficiente para participar e influir directamente en todos os ámbitos onde os seus intereses estexan envolvidos. Asi será necesário a presenza nos órgaos decisórios da Unión Europea en que se negocien tratados e convénios internacionais que afecten os galegos e as galegas, tanto da terra como do exterior.

Acreditamos en que unha interpretación diferente do bloque da constitucionalidade, é dicer, unha atitude menos centralista por parte do Tribunal Constitucional español, permitiria dar avanzos substanciais neste proceso: por exemplo, interpretando de forma axustada o que se debe entender por normas estatais básicas e restituindo, deste modo, o carácter exclusivo de moitas competéncias que no Estatuto aparecen con tal carácter (asi en matéria de urbanismo e vivenda, agricultura e gandaria, marisqueo e acuicultura, comércio, etc.).

Do mesmo xeito, un Senado realmente territorial, con representación diferenciada de nacións e rexións, seria o foro óptimo para debater e decidir todos aqueles asuntos que, non sendo de plena competéncia autonómica si fosen de interese para Galiza, tais como o seu financiamento ou a representación galega nos diferentes órgaos constitucionais do Estado, do tipo, entre outros, do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Consello de RTVE, do Tribunal Constitucional ou da Xunta Eleitoral Central.

Mesmo asi, o marco constitucional e estatutário vixente oferece aínda posibilidades para avanzar, posibilidades que o futuro Governo galego do BNG aproveitará promovendo, entre outras, as seguintes iniciativas:

1. Con base no artigo 36 do Estatuto, solicitar a ampliación do campo de competéncias sobre a ordenación, promoción e aproveitamento dos sectores básicos na nosa comunidade. En especial:
   a) Augas continentais que descorran ou teñan a sua orixe na comunidade.
   b) Rexime mineiro e enerxético.
   c) Política de emprego.
   d) Empresas Públicas.
   e) Fundo de Cooperación Local.
   f) Lei de Contratos Públicos.
   g) Vertidos contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego.
   h) Aplicación das posibilidades que abre o artigo 46 do Estatuto para corrixir déficit históricos en determinados servizos e infraestruturas.
   i) Xestión de Portos de interese xeral.
   j) Xestión dos aeroportos galegos.
2. De conformidade co disposto no art. 131.2 CE, a participación na elaboración de todos os planos e programas económicos, xerais ou sectoriais, que afectaren Galiza.
3. Ao abeiro do disposto no art. 150.2 CE, a transferéncia progresiva á Administración galega das funcións executivas e de xestión que aínda detenten os órgaos periféricos estatais, e a delegación doutras competéncias.
4. Defenderemos a reforma do Senado para que se convirta nunha cámara territorial e que a representación na mesma sexa como tal, definindo o mesmo como unha cámara onde esten representadas as nacionalidades (Estado plurinacional) e as “rexións” (Estado autonómico). A estes efeitos as nacionalidades estarán caracterizadas pola existéncia dunha língua própria, a aprobación de estatutos por referendo noutras etapas históricas ou o carácter insular e a distáncia á península.
5. Supresión definitiva das funcións de inspección e control que ainda conserven os Subdelegados governativos.
6. Estabelecimento de comisións que aseguren a participación de Galiza na toma de decisións para a negociación de acordos internacionais que nos atinxan directamente.
7. Definiremos unha política exterior tendente a garantir a presenza do executivo galego en todas as zonas e países onde existan intereses para o pais propiciando as relacións necesárias tendentes a fortalecer a presenza institucional de Galiza.

VII.2 INSTITUCIÓNS GALEGAS DE PODER LOCAl

Na perspectiva de vertebrar institucionalmente o país sobre a base dos seus sinais de identidade, a actuación do Governo articulará fundamentalmente as seguintes Institucións: Parróquia, Concello, Comarca e Xunta de Galiza.

Nesa dirección será fundamental estabelecer un Plano para reducir paulatinamente o papel das Deputacións provinciais, exercendo desde a Xunta un eficaz labor de coordenación das mesmas e distribuindo paulatinamente as suas competéncias entre o executivo galego e as comarcas. O horizonte político dentro do actual marco seria a desaparición das deputacións como resultado final da modificación do actual mapa provincial galego. Tendo en conta que esa reforma deberia levar aparellado, cando menos, decisións políticas en duas direccións: por unha banda, que a modificación do mapa provincial non leve aparellado a perda de representación institucional, de todo o tipo, a Galiza e, por outra, que se garantirá a pervivéncia dos servizos de carácter provincial hoxe vinculados á existéncia das deputacións, e estenderán-se ás areas de influéncia das sete grandes cidades que sobrepasan os 50.000 habitantes.

Asi pois, dotará-se paulatinamente de personalidade xurídica ás parróquias e ás comarcas cos seguintes critérios:

VII.2.1 PARRÓQUIA

Estabelecerá-se un proceso de dotar, paulatinamente, as parróquias de personalidade xurídica, a comezar polas que tiveren existéncia e virtualidade social xa na actualidade. O proceso poderá-se iniciar a instáncia da parróquia en cuestión ou do concello a que pertencer. Tamén o poderá iniciar a própria Xunta de Galiza. En calquer caso deberá ser escoitado o concello.

VII.2.1.1 Competéncias

- Xestionar, de acordo cos concellos, o uso dos locais parroquiais.
- Participar, através do Consello Municipal de Parróquias, na elaboración da política municipal de investimentos que se decidir no pleno do concello.
- Xestionar as masas comuns resultantes das Concentracións Parcelárias.
- Ser escoitada nas decisións municipais que afecten directamente a parróquia ou os servizos municipais que se prestaren nesta.
- Obras menores de carácter parroquial abordadas cos seus próprios recursos.
- Aquelas que delegar o concello na entidade parroquial.

VII.2.1.2 O Consello Parroquial

- Elixirá-se en proceso convocado ao efeito polo alcalde do concello respectivo, podendo asistir un representante de cada forza política con presenza na corporación municipal. O consello parroquial elexerá tamén un presidente.

VII.2.1.3 Financiamento

- O financiamento asignado polo concello a cada parróquia será decidido pola corporación municipal en pleno. As parróquias poderán contar cos financiamentos producidos pola xestión do seu património ou as achegas que voluntariamente fixeren os viciños.

VII.2.2 COMARCA

A concepción da Comarca será a dun ente flexíbel no plano administrativo e mesmo competencial, para poder dar respostas ás distintas tipoloxias existentes no territorio galego, desde as máis rurais, até as máis urbás que contan cunha grande cidade como cabeceira.

- Estabelecerá-se por lei un proceso escalonado de dotar de personalidade xurídica as comarcas como instrumentos actuantes imprescindíbeis para dinamizaren social e economicamente o país, na perspectiva de se modificar a actual tendéncia demográfica e de desvertebración social que se está a producir; tendo en conta os seguintes critérios:
  a) O proceso contaria cos concellos afectados e teria como horizonte rematar coa comarcalización efectiva na próxima lexislatura.
  b) Comezaria-se polas comarcas xa perfeitamente definidas no social, cultural, económico e xeográfico e con capacidade de actuación para dinamizar sectores produtivos básicos.
  c) Incentivariase-se que as mancomunidades existentes, agrupacións de municípios, consórcios e territórios urbanos das cidades fosen confluindo progresivamente e enchendo de contido as comarcas ao tempo que se produciria unha simplificación administrativa.
  d) Ampliación e dotación de servizos de que hoxe carecen os concellos e que aproveitando as economias de escala e cos incentivos da Xunta de Galiza se poden proporcionar a nível comarcal.
  e) Asunción de actividades hoxe desenvolvidas polas Deputacións.

VII.2.2.1 Competéncias

- Elaboración baixo as directrices estabelecidas pola Xunta de Galiza de un Plano de Desenvolvimento Comarcal. Participación na xestión e seguimento do mesmo.
- Ordenación, xestión e coordenación, segundo os casos, dos servizos comarcais que se oferezan: transporte comarcal, urbanismo, política sobre os resíduos sólidos, bombeiros, etc.
- Aprobar o orzamento comarcal.

VII.2.2.2 Órgaos

- O Consello Comarcal será o órgao reitor da Comarca e será elexido sobre a base dunha fórmula mixta; por unha banda, un representante de cada un dos concellos afectados e, por outra, unha representación proporcional das

forzas políticas que obtiveren representación na comarca nas eleicións municipais.
- A estrutura administrativa estará en función das competéncias e dos servizos que oferecer a comarca, mais en calquer caso aproveitaria a estrutura cedida polas próprias Deputacións.

VII.2.2.3 Financiamento

- Os que se transfiran de outras administracións para xestionaren servizos que adquiren o carácter comarcal.
- Os que orzamentariamente determine a Xunta de Galiza para desenvolver as accións previstas no Plano de Desenvolvimento Comarcal.
- A participación nos ingresos provinciais derivados da asunción de competéncias e servizos deste tipo que se determinen.

VII.2.3 AREAS METROPOLITANAS

Na perspectiva de dar resposta eficiente a problemas comuns no entorno das grandes cidades impulsará-se a criación de Areas Metropolitanas que acabaran convertendose en Comarcas cunha tipoloxia própria e unha problemática específica e uns servizos e necesidades cidadás que atender.

VII.2.4 PACTO LOCAL

O BNG entende o chamado pacto local como a necesária redistribución competencial entre as administracións públicas galegas dentro do proxecto global do pais. Hoxe os concellos xa estan a exercitar “de facto” moitas competéncias que legalmente ainda non teñen recoñecidas e para que as que precisarian o financiamento público necesário. Dentro destes conceitos o BNG propón:

- O refortalecimento da relación institucional Xunta-Concellos a minimizar o chamado “Pacto local de ambito estatal” que pretende reviver unha relación institucional concellos-administración do estado con nostálxia do máis ráncio centralismo.
- Dignificar a autonomia municipal recoñecendo legalmente os concellos as competéncias que hoxe xa executan de facto e dotando os presupostos xerais da Xunta de Galiza cun fundo non finalista para os financiar.
- Dotar as comarcas das competéncias e recursos suficientes para abarcaren servizos e dotacións que complementaren as dos concellos, sobretodo aquelas entidades locais de menor tamaño e recursos.
- Propiciar un novo modelo de financiación municipal que permita a participación dos concellos nos ingresos do Estado tendo en conta os critérios de extensión do territorio e número de núcleos de cada concello e non só os critérios de povoación.
- Exercer unha efectiva coordenación das deputacións no ámbito competencial e orzamentário na perspectiva da progresiva perda do seu

papel actual e desconcentrando fundamentalmente o seu rango competencial cara a concellos e comarcas.

VII.3 O PARLAMENTO GALEGO

A realidade actual do Parlamento Galego é a dunha institución pouco máis que ornamental. A utilización perversa da maioria absoluta pon-se ao servizo dunha descarada infravaloración da institución parlamentária, reducindo á mínima expresión a actividade lexislativa, como síntoma claro da caréncia dunha acción de governo que precisa lexislar, anulando na prática a función de impulso e escamoteando cualitativamente a función de control, esquivando os debates ou facendo que estos se celebren extemporaneamente e sen relación coa realidade social. A proba máis evidente destes feitos é a pertinaz negativa de Fraga a comparecer no Parlamento. Este comportamento obedece, entre outros motivos, a non conceber a necesidade de Galiza contar con poder político real e auténtico autogoverno e, subsecuentemente, non sentir a necesidade de que o Parlamento xogue un papel fundamental nesa dirección

Se en calquer circunstáncia o Parlamento é a institución central dun sistema democrático, para un país, que ainda precisa fortalecer moito as suas institucións de poder e que xoguen un papel vertebrador da consciéncia colectiva, a sua relevância debe ser ainda maior.

Nese sentido revitalizaremos o papel do Parlamento como institución central do país. E eso se contempla nas tres funcións básicas que lle corresponden á institución parlamentar:

- Incentivando a actividade lexislativa como mecanismo imprescindíbel para sustentar unha acción de Governo que mereza o nome de tal.
- Garantiremos o seu papel básico como institución de control do Executivo, estabelecendo mecanismos que aseguren a presenza do Presidente da Xunta para participar periodicamente nas sesións do Pleno da Cámara.
- Fortaleceremos a acción de impulso que lle corresponde ao Parlamento coas modificacións que aseguren unha axilización dos debates de xeito que estos respondan á realidade cotiá do País, como mecanismo para garantir a estreita relación entre o Parlamento e a sociedade galega.

VII.4 GALIZA ANTE A UNIÓN EUROPEA

VII.4.1 A PARTICIPACIÓN COMO NACIÓN

Despois da Conferencia Interguvernamental de Niza a Unión Europea entrou nun período crucial. Convocada para reformar as institucións para facelas máis aptas para a incorporación de novos Estados, a reunión de Niza confirmou que os governos dos Estados poden ser o maior obstáculo para a construción da Europa política e social. O Consello de Niza non foi quen mesmo de incorporar aos Tratado unha Carta de Dereitos Fundamentais aprobada polo

Parlamento e xa de por si de alcance limitado, limitandose a proclamala sen outorgarlle un carácter xurídico coercitivo.

O fracaso da Conferencia de Niza non pudo evidenciar máis claramente a crise do sistema que prevalece na Unión Europea, isto é, a crise dun sistema de governo que non conta coa participación da sociedade e das institucións representativas, tomando decisións transcendentais sen transparencia e mesmo en segredo. Carentes os Estados máis poderosos dunha visión común sobre o proxecto da Unión Europeu, a Conferencia viu como todo se reducía ao cálculo da capacidade de bloqueo de cada Estado sobre as decisións dun Consello que continuaría contando coa plena capacidade executiva e lexislativa.

Agora o negativa irlandesa a aprobar o Tratado de Niza e as propias propostas de primeiros ministros de Alemaña e Franza, chegando a recoñecer a necesidade dunha Constitución Europea, confirmaron o fracaso da reunión de Niza, coa que só parece estar de acordo o Partido Popular español, e abriron un debate que pode resultar decisivo sobre o futuro da Unión.

No período que estamos a vivir porase en causa o manifesto defice democrático existente nas súas estruturas institucionais, evidenciaranse as limitacións orzamentarias impostas pola Axenda 2000 para o período 2000-2007, modificaranse a Política Común de Pesca e a Política Agrícola Común, iniciarase o proceso de alargamento a Estados do Leste e o Mediterráneo europeus, poranse en marcha as reformas dos Tratados por meio dun debate transcendental na perspectiva da Conferencia do ano 2004, todo no marco dunha globalización que afecta tanto á presenza da UE no mundo como ao modelo de sociedade interna, así como ás relacións coas organizacións políticas e económicas mundiais e cos paises hoxe excluidos do Terceiro Mundo.

O alargamento ao Leste e o Mediterráneo, pudendo a Unión Europea chegar a integrar máis de trinta Estados, cambiará todos os dados cuantitativos da Unión e pode mudar tamén o seu carácter político. A incorporación prevista de doce novos Estados, incrementaría nun 50% a población da UE, reduciría notabelmente a renda media por habitante, dado que nos Estados candidatos non pasa do 40% da media comunitaria, e condicionaria a política a levar a cabo no horizonte da Europa política e social.

O debate preparatorio da Conferencia para a reforma dos Tratados prevista para o 2004 cria un campo de loita política singular. Tendo como obxectivo a reforma dos Tratados e eventualmente a aprobación dunha Constitución da Unión, tratarase nel da función das institucións europeas, da inserción institucional dos Estados e das nacións e tamén das competencias das entidades politicas internas dos Estados no seu exercicio ante a Unión Europea.

Para as nacións sen Estado como, en xeral para as entidades políticas territoriais internas con competencias executivas e lexislativas constitucionais, teñen na Conferencia unha oportunidade de avance. Mais a Conferencia tamén pode constituir a ocasión para os Estados confirmaren a UE como unha entidade

intergovernamental e para determinados Estados, como o español, trataren de frear as aspiracións das nacionalidades e de limitar ou reducir o alcance das competencias autonómicas.

Na perspectiva da Conferencia do ano 2004, o BNG, apresentará propostas constitucionais para Unión Europea confederal dos povos e dos cidadáns, na que conxuren tanto o deficit democrático actual como o perigo dun super-Estado centralizador.

O BNG, xunto cos representantes das nacións sen Estado no Parlamento Europeu, reclama circunscricións eleitorais europeas que aseguren unha adecuada representación para cada nación. Desta maneira, o mapa eleitoral europeu deberia ser reformado para adecuar-se á estrutura territorial das nacións, sexan xenuínos Estados-nación ou territórios nacionais con autogoverno político e lexislativo. Exixen que a ampliación a novos Estados debe ser reflectida no incremento do número de escanos no Parlamento Europeu, de xeito que non sufra a actual representación das diferentes nacións e territórios da Unión.

A defensa da língua galega na Unión tanto como propia de Galiza como pertecente ao sistema linguístico universal galego-portugués é unha cuestión prioritaria na acción do BNG na Unión Europea.

A Europa sen fronteiras propiciará a consecución de facto dunha relación especial entre o Estado portugués e a nación galega, que procura o BNG.

VII.4.2 AS TENDENCIAS RESTRITIVAS NO ORZAMENTO DA UNIÓN: A AXENDA 2000

Como estan a pór de manifesto os propios relatorios da Comisión, o poder ecónomico e demográfico da Unión se concentra hoxe nun espazo que, indo de Londres a Paris e Hamburgo, ocupa apenas un séptimo da sua superficie mais goza de un tercio da povoación e da metade do rendimento económico anual, cunha densidade urbana e industrial que constitue en si mesma un grave perigo para o desenvolvimento sustentábel da sociedade europea. Esta tendencia vai acompañada doutra igualmente grave: tanto na renda por habitante como no emprego, manteñense ou agravanse as diferencias entre os territorios da Unión. O agravamento das diferencias non só se manifestan entre territorios de diferentes Estados, senon tamén no interior dos Estados menos desenvolvidos como o Estado español.

Neste marco, a crecente absorción de competencias polas institucións da Unión Europea non vai acompañada dos recursos orzamentarios precisos para garantir a coesión social e o equilibrio territorial nun espazo económico único e sen fronteiras. De feito, a Axenda 2000, que contén as decisións tomadas no ano 1999 en Berlín durante a presidencia de Alemaña responde a posicións insolidarias dos Estados máis ricos, limitando drasticamente as previsións para o período 2000-2007, de maneira que o Orzamento debe en todo caso ficar por

debaixo do 1,27% do Produto Interior Bruto da Unión Europea. Agora aparecen mesmo tendencias políticas destinadas a recortar substancialmente os recursos destinados á Política Agrícola Común e a limitar a cuantía dos Fundos Estruturais, en especial na perspectiva do alargamento a novos Estados do Leste e do Mediterráneo.

Contra estas tendencias, o BNG reclama un incremento substancial do Orzamento da Unión, considerandoo como unha estrita necesidade para a propia existencia da Europa política e social.

VII.4.3 OS FUNDOS ESTRUTURAIS E DE COESIÓN

Na situación que vive a UE, os situación na que os Fundos Estruturais e de Coesión poden ser postos en causa tanto pola política orzamentaria expresamente restritiva dos Estados acreedores netos da Unión como, na súa aplicación aos actuais paises membros e se non se incrementa o Orzamento da Unión, polo alargamento ao Leste e o Mediterráneo. Frente a esta situación e, mesmo, frente á política do Governo español do Partido Popular, máis preocupado pola conservación do Fundo de Coesión destinado aos Estados como tais que pola permanencia dos Fundos Estruturais, mais cuantiosos e destinados principalmente ás CCAA do Obxectivo nº1 como Galiza, o BNG defende a permanencia dos FFEE para alén do ano 2006, de maneira que se estableza unha política de coesión destinada por unha parte aos territorios menos desenvolvidos da actual Unión de 15 Estados e unha politica suplementaria e específica para os novos Estados membros do Leste, co conseguinte incremento do Orzamento destinado á política de desenvolvimento territorial e de coesión social.

En todo caso, Galiza debe recibir o apoio dos Fundos Estruturais no caso de encontrarse na Unión dos 15 nunha situación económica relativa semellante á actual, con independencia e sen perxuizo das axudas que reciban os novos Estados membros.

A Unión enfrentase, por outra parte, a un grave problema de desemprego, que pode agrandarse coas entrada dos paises do Leste e que, como indican inequivocamente as estatísticas, afecta singularmente aos territorios menos desenvolvidos.

O BNG reclama que a política de emprego debe contar con fundos comunitarios específicos propios que deben ser aplicados en coordenación cos Fundos Estruturais.

VII.4.4 A POLÍTICA COMÚN DE PESCA E A POLÍTICA AGRÍCOLA COMÚN

Vexan-se os apartados “IV.1. Política Agrária e de Desenvolvimento Rural” e “IV.2. Política Pesqueira”, deste Programa de Governo.

VII.4.5 AS REDES TRANSEUROPEAS DE TRANSPORTE

A plena incorporación as Redes Transeuropeas de camiños de ferro, estradas, portuarias e aeroportuarias, coa prioridade actual da construción da rede interna e de relación con Europa e Portugal e das comunicacións aéreas internacionais constitui unha liña reivindicativa irrenunciábel do BNG, como o é da sociedade galega. O BNG demanda que o fundamental destas reivindicacións, tal como foron sistematicamente formuladas polos seus deputados e deputadas en todas as institucións representativas de Galiza, do Estado e da UE sexan satisfeitas dentro do período de programación 2000-2006.

VII.5 DEMOCRATIZACIÓN DA ESTRUTURA DE PODER

A lexitimidade da Administración galega depende tanto da sua eficácia na resolución dos problemas da sociedade que a sustenta e á cal ten de servir como tamén do rigor con que na sua organización e funcionamento cotiáns se pratiquen valores como a transparéncia, a igualdade e a obxectividade.

Por estas razóns, a modernización e democratización da Administración galega será unha das prioridades do futuro Governo do BNG, para a facer máis accesíbel aos cidadáns, para garantir a plena vixéncia no seu seo dos princípios de igualdade, mérito e capacidade, enfin, para converté-la nunha organización profisionalizada e eficiente, quen de xestionar con eficácia as políticas deseñadas e plenamente fiscalizábel e responsábel.

Será pois imprescindíbel estabelecer as reformas normativas pertinentes destinadas a asegurar o trato igualitário, sen priviléxios, nos distintos níveis da administración. Asi mesmo, é necesário estabelecer os mecanismos que dificulten enormemente a utilización do poder con práticas caciquis. Isto concretará-se cando menos nas seguintes medidas:

No terreo da Administración terán por obxecto sentar as bases para que a función pública estexa ao servizo do país, abordando os seguintes aspectos:

- Simplificación administrativa, achegando os trámites aos cidadáns, flexibilizando as relacións interinstitucionais e axilizando os procesos de resolución. Facilitando, ademais, mecanismos de acceso aos dados técnicos que obren en poder das administracións públicas que podan ter unha utilidade técnica, profisional ou de estudo. Emprenderá-se, aproveitando a experiéncia humana e organizativa actual, un aperfeizoamento dos seus procedimentos de xestión asi como dos instrumentos de formación do persoal ao seu servizo, nunha dupla dirección:

  a) Estudando as consecuéncias que a aparición de novas ferramentas técnicas teñen sobre a forma de traballo e as dinámicas de

funcionamento organizativo da Administración galega para aproveitar a sua aplicación. Tenderá-se a que sexa posíbel realizar telematicamente todas aquelas actuacións e trámites que os cidadáns teñan de cumprimentar perante as Administracións Públicas de Galiza, salvo as que inexcusabelmente precisen da presenza do interesado.

b) Redefinindo o papel da EGAP como institución encarregada da formación do persoal ao servizo das Administracións Públicas galegas, actualizando os seus programas de estudo de conformidade coas necesidades da Administración e as esixéncias sociais. Dado que as Administracións galegas contan cos recursos humanos necesários para formaren o seu persoal a todos os níveis, reducirán-se as subcontratas de formación que agora se están a realizar sen prexuízo dos programas e convénios de colaboración que a EGAP poda subscreber coas Universidades Galegas. Asi mesmo a actividade formadora da EGAP deberá contribuir de maneira efectiva a unha real galeguización da administración coa mellora na sua eficiéncia.

- Revisión da normativa reguladora do recrutamento e contratación de persoal ao servizo da Administración, a fin de que os diferentes procesos selectivos obedezan íntegra e exclusivamente –desde a composición das comisións e tribunais de selección até a fixación das bases e o desenvolvimento das probas- a critérios de igualdade, mérito e capacidade. Axilizando os trámites de resolución e primando o carácter profisional da selección. Asi mesmo, deberá garantir-se que o persoal seleccionado acredite o uso oral e escrito do idioma galego.
- Asegurar o Control do Parlamento sobre os rexistos de actividades e património dos altos cargos.
- Racionalizar as Libres Designacións circunscrebendo-as aos postos de carácter claramente político ou de confianza.
- Inclusión nas RPT das relacións contractuais que iniciando-se como contrato de obra ou servizo respondan a un traballo habitual.
- Potenciar a función do Consello de Contas para que poda exercer o seu labor fiscalizador e de control sen a demora que se está a producir.
- Limitar e reducir ao mínimo imprescindíbel as actividades que se externalizan por meio de Estudos e Asisténcias Técnicas restrinxindo-as exclusivamente ás que non podan ser desenvolvidas realmente dentro da función pública.
- Nas empresas públicas, organismos autónomos ou calquer outra entidade que funcione en base a fundos públicos, estabelecer mecanismos de contratación de persoal sobre a base de critérios públicos, obxectivos, equitativos e de capacidade, realmente similares aos que se deben producir na Administración.
- Elaboración dun Plano Único de Obras e Servizos para Galiza relativo a infraestruturas básicas de carácter local, que unifique, racionalice, evite duplicidades, e tenda a homologar servizos para todos os cidadáns. Plano que coordenaria a actuación das distintas administracións, que deberia contar coas propostas dos concellos, e mesmo tendo presente un mapa da

realidade social da povoación galega, canto a servizos se refere, na perspectiva de tender á sua estandarización.

- Estabelecimento, con dotación suficiente, dun Fundo de Cooperación Local que dote os distintos concellos dunha capacidade de actuación e investimento mínima que permitir mellorar a cualidade e cantidade dos servizos que prestan.

A respeito das accións de governo desenvolvidas polas distintas consellarias que requiran da execución de unha Política de Obras e Infraestruturas de Carácter Local, Comarcal, ou doutro tipo, estabelecimento de critérios obxectivábeis para cada período orzamentário, con prioridades coñecidas publicamente, transparéncia e publicidade na contratación, nas realizacións e nas liñas de actuación a seguir, e canalización institucional contando coa opinión dos concellos e comarcas afectadas.

No que se refere á Política de Subvencións -entendendo estas como un recurso non arbitrário do executivo-, debe-se reducir o marcado carácter discrecional que teñen na actualidade, para as inscreber, en todo o caso- nunha acción de governo, estabelecendo critérios públicos que orientaren cada liña de actuación e que permitiren participar a todos en pé de igualdade, con publicidade de todas as concedidas e rexeitadas, coa canalización institucional sempre que o permitir a subvención, e, cando menos, eliminación de todas as que non foren urxentes caso fosen convocadas unhas eleicións.

Canto á Política Publicitária, redución drástica do enorme gasto que significa na actualidade, cando se recorre a ela como propaganda política. Debe-se impulsar que esta responda exclusivamente a critérios de información ao cidadán, eliminando a que sexa de “autobombo” das institucións, garantindo que toda a que se faga por parte da administración ou dependente directa ou indirectamente de capital público, se faga no idioma galego.

En relación á Política de Apoio e Subvención a organismos, asociacións, fundacións, etc., asegurar, cando menos, a sua funcionalidade social, transparéncia e publicidade en todas as liñas de actuación que inclúan achegas do erário público, estabelecimento de baremos que puderen facer obxectivábeis os contributos concedidas e onde se primar a utilización do idioma galego, e garantias de control sobre as mesmas por parte do Parlamento.

No referente á Lei de Fundacións, impulsará-se unha reforma que asegure que, naquelas que crie o Executivo, que é quen ademais exerce o protectorado, haxa garantias de control, seguimento e fiscalización da sua actividade por parte do Parlamento. Asi mesmo, en todas, permitir o acceso aos grupos parlamentares a toda a documentación que as fundacións teñen de enviar ao Executivo para que este poda exercer o protectorado.

Impulsaremos a revisión da normativa que regula o funcionamento das entidades públicas de diverso tipo, que funcionan acollidas ao direito privado, para que en matéria orzamentária, de persoal e contratación, utilicen procedimentos transparentes, obxetivos e o trato igualitário. Asi mesmo tenderemos a eliminar as que existen en servizos públicos como a sanidade, servizos sociais e educación.

Elaboración dunha nova política de contratación pública que, alén de tomar en conta critérios de carácter ambiental e social, opere como un elemento dinamizador das empresas e producións galegas.

A respeito da Lei eleitoral, impulsaremos unha reforma que acentue o seu carácter democrático e contemple mecanismos que tendan a garantir a liberdade efectiva do voto: obrigatoriedade de recoller a papeleta no local eleitoral e imposibilidade da sua distribución con anterioridade; limitar a presenza intimidatória de axentes eleitorais nas imediacións dos locais, claridade e rigor no voto por correo para que realmente se limite aos doentes ou ausentes.

Canto á Reforma do Regulamento da Cámara, impulsaremos que esta incremente o papel do Parlamento como a institución básica do poder lexislativo, que acentue os seus instrumentos de control e que estabeleza mecanismos de axilidade para vincular máis os debates á realidade cotiá.

No tocante á Criación dun Estatuto do Cidadán/a, defendemos que nel se contemplen de xeito explícito os direitos, os distintos mecanismos de participación cotiá na vida política, as relacións coa administración e as garantias para un trato igualitário.

VII.6 MEIOS DE COMUNICACIÓN DE TITULARIDADE PÚBLICA

A Lei 9/1984, do 11 de Xullo, determina a criación da Compañia da Rádio-Televisión de Galiza e as suas duas sociedades, rádio e televisión públicas. Cómpre recordar que a Lei indica claramente, entre os princípios de programación que han de inspirar as emisións de ambos os meios, a "promoción e difusión da Cultura e Língua Galega, asi como a defensa da identidade da nacionalidade galega"; o "respeito ao pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico" (art. 16). Canto ao direito de antena (art. 17), estabelece que a ordenación dos espazos de radiodifusión e televisión de Galiza fará-se "de xeito que a eles podan acceder os grupos políticos e sociais máis significativos". A tal fin, o Consello de Administración, "de acordo co Director Xeral, terá en conta critérios obxectivos, como representación parlamentar, implantación política, sindical, social, cultural e ámbito territorial de actuación". Asi mesmo, o art. 20 estipula que corresponde ao Parlamento de Galiza "o control da actuación da Rádio-Televisión de Galiza e das suas sociedades".

En Maio de 1986, o Consello de Administración da CRTVG daquela existente aproba por unanimidade o documento "Princípios xerais da programación". O seu contido, que resumiremos brevemente, mesmo cobra

carácter premonitório relido hoxe: tal é o grau de consumación dos vícios e desvios que xulga se debian evitar. Acolle-se ao Estatuto de Autonomia (art. 4º.2.) que atribui "aos poderes públicos de Galiza a función de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do indivíduo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a sua plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social". Ao amparo desta faculdade, estabelece-se que a CRTVG, como entidade pública, "ten como fin principal servir o povo galego", promovendo o "progreso da autonomia galega" e adxudicando-lle "especial papel" na "normalización da língua galega" e na "difusión da cultura própria de Galiza", asi como na "defensa do património artístico e histórico do país". A tal fin, RAG e TVG procurarian incluir, nos seus programas, "personaxes, acontecimentos, situacións, edifícios, lugares que contribuan a achegar unha visión realista, obxectiva, do que Galiza foi, é e pode chegar a ser na histórica etapa de desenvolvimento político-cultural pola que atravesa".

Respeito á persoa, defensa da prática do seu direito a expresar a sua opinión; recoñecimento do natural pluralismo sócio-político; nídia distinción entre información e opinión; evitación de calquer adoutrinamento de carácter partidista; necesidade da presenza do mundo cultural galego, asi como da realidade sócio-económica; defensa dunha imaxe plural de Galiza e da sua identidade, "sen que esta poda ter unha interpretación reducionista que a identifique co rural e folklórico nun senso vulgar"; programación de lecer que non caia "no vulgarismo"; procura do intercoñecimento e a intercomunicación da própria sociedade galega; procura da credibilidade (información contrastada) e da veracidade informativa, asi como evitación da editorialización agachada sob capa de información; coidado especial na boa utilización do idioma galego... Eis, sumariamente, o abano de princípios de programación aprobados hai dez anos e ainda vixentes.

Á luz do seu "cumprimento" -nomeadamente, desde a chegada á Presidéncia da Xunta de Galiza do sr. Fraga Iribarne-, conviremos en que ou ben foron considerados papel mollado, auga de castañas, ou ben asistimos a unha cruel caricatura e prostitución dos mesmos, como tentaremos expor a seguir:

1. Galiza non existe como motor, como centro de información. Continua a estar supeditada á realidade española -que sempre se priviléxia-, con desprezo evidente polas suas institucións, problemas, necesidades, etc.
2. Desprezo constante de calquer critério -cuantitativo ou cualitativo- que supoña presenza do autóctone -política, económica, social ou culturalmente-, do organizado no interior do país, do diferencial e específico.
3. Minimización teimuda, e sádica, da vida parlamentar, do devir sindical, da cultura de base.
4. Hipertrófia da presenza governamental, partidista, fraguiana, incrementada e reforzada coa que se oferece decote do Estado, tamén

desde prisma governamental.

5. Caída na especialización de programas de lecer que agasallan continuamente a pertenza a España, a españolia de Galiza, o consumo de ínfimos produtos artísticos, o mal gosto (ás veces, até limites enrubiantes), a submisión ao idioma español.
6. Auséncia total de debates, tertúlias plurais, programas de encontro e contraste ideolóxico-político, cultural...
7. Encaixe en horas de mínima audiéncia, da información e divulgación cultural, de seu xa ben minguada e censurada.
8. Nulo respeito a princípios deontolóxicos mínimos, en virtude dos cais todo o ataque vociferante a persoas e/ou grupos deba ter, ao menos, direito de réplica e pontualización.
9. Após dezaseis anos de TVG, continua a prevalecer a publicidade en español, de todo o tipo de produtos -tamén do interior do país-, que redunda nun aprofundamento da alienación lingüística e da conduta diglósica.
10. Desprezo da "intelligentsia" do país: calquer novidade, calquer evento, calquer acontecimento económico, político, etc., "necesita" ser comentado por "sábios" e "expertos" do exterior, nomeadamente españois. O país non "ten" economistas, xuristas, coñecedores da política internacional, feministas, ecoloxistas, pensadores, intelectuais: rende-se tributo permanente ao amo, tamén nos seus voceiros ou intérpretes.
11. O apelo á "profisionalidade" e á "autonomia" de actuación como coartada. Todo o resultado censorial, punitivo, silenciador, quer solapar-se no respeito e fe cega na "profisionalidade" das traballadoras e traballadores das duas sociedades, como se ela fose un conceito abstracto e non dependente dunha finalidade: a quen e a que se serve.
12. Enfin, reina a descompensación máis grande na programación xeral: informativos paralelos dedicados a deportes; silenciamento ou confinamento horário doutras diversións; non aproveitamento dos recursos (produción própria) e, moito menos, utilización da TVG como plataforma de exibición e difusión do cinema e do audiovisual galegos, tan necesitados de infraestrutura e de proxección.

Nós concebemos a existéncia da RAG, da TVG e da CRTVG, como un imellorábel instrumento ao servizo do país, da sua identidade e do seu progreso, función hoxe vulnerada e pervertida. Poderian moi ben ser un estupendo contraforte frente a todo o invasivo, ocultador e deformador que gastan coa Galiza outros meios de comunicación. Espello fiel, non cóncavo ou convexo. Defendemos sen fisuras a permanéncia e mellora de dous meios de comunicación de titularidade pública, que manteñan e amplien expansivamente os seus recursos humanos e técnicos, o seu património, as suas posibilidades de recepción, as suas cuotas de audiéncia, a sua influéncia.

A RAG e a TVG deben ser fieis aos princípios que as fundaron -baseados, de por parte, en necesidades obxectivas- e non entraren nunha absurda carreira

de imitación da competéncia, da que, por certo, hai canais privados que xa desistiron.

É vital o aproveitamento da "canteira" de recursos do país, en todos os sentidos: todo o producido en Galiza, en calquer ámbito, debe aparecer como rendíbel social e economicamente, através da sua presenza e proxección informativa, programativa e de entretenimento.

A primeira norma de respeito que o público merece é a de non considerá-lo idiota, alienado ´per se´ou pancista. En primeiro lugar, hai "públicos", non "público" en abstracto e en xeral. En segundo lugar, o "público" nunca deberia ser coartada da deformación, mal gosto ou desinformación. En terceiro lugar, comprirá atender a variedade de demanda social, de pluralidade de receptores que a rádio e a televisión teñen.

O incremento da produción própria é vital para fortalecer o papel de servizo público da RAG e da TVG e, ainda, para contribuir á consolidación de indústrias culturais nacionais (nomeadamente, no cinema, audiovisual, danza, teatro, música popular, música moderna e música culta). De imediato, cómpre unha introdución, en tempos moi amplos e en horários "competitivos", de bandas de música galegas, grupos de música moderna, grupos folklóricos, grupos de música culta (incluídas orquestras sinfónicas), grupos de danza, grupos de teatro, títeres ou de animación na rua, etcétera. Fai-se necesária a colaboración permanente cos departamentos de Educación e de Cultura da Xunta de Galiza, asi como con todas aquelas institucións e entidades non oficiais de Galiza que realizan o seu traballo nestas áreas. Nas contratacións exteriores, tenderá-se a fortalecer empresas culturais ou técnicas do país, mais sempre na liña de non debilitar o papel, a función e a expansión da própria CRTVG.

A RAG e a TVG son meios de comunicación non especializados, de carácter xeneralista. Isto debe traducir-se, portanto, nunha distribución coidadosa e equilibrada das emisións (informativos, programas, entretimento, etc.). Propomos como medidas imediatas:

1. Aumentar notabelmente o tempo dedicado aos Telexornais, para cumprir o ponto seguinte.
2. Incrementar nun 50% a atención horária á actualidade e á temática galega, non a relegando aos informativos comarcais ou a "breves".
3. Situar a información sobre o Parlamento Galego e máis sobre a actuación dos deputados galegos no Congreso do Estado en banda horária de máxima audiéncia, con duplicación do tempo e intervención *directa* de portavoces, deputadas e deputados de *todos* os grupos parlamentares.
4. Conceber e preparar a información institucional como tal (*todas* as institucións actuantes no país) e non reduci-la á información governamental ou do partido que sustenta o governo.

5. Programar, decontado, espazos de debate, tertúlias, mesas redondas... e calquer outro formato semellante, a respeito do estipulado no artigo 17 da Lei 9/1984 de criación da CRTVG.
6. Aumentar notoriamente a programación de carácter cultural, que deberá pasar a outra banda horária da actual, entendendo por programación de carácter cultural aquela que inclúa, dun xeito moi amplo e diversificado, o coñecimento do país do ponto de vista físico e paisaxístico, as reportaxes sobre a sua história, a actividade e a produción, científica, literária, teatral, audiovisual, cinematográfica, deportiva, asociativa, etc.
7. Ademais dos monográficos deportivos, programarán-se monográficos dedicados a outras diversións ou entretenimientos, na mesma banda horária e na procura da sua difusión non especializada.
8. Todo o bloco de programas de lecer, concursos, certames... deben perseguir *entreter*, non deformar: esta sua función é compatíbel coa intelixéncia, imaxinación, criatividade, variedade... e non mímese de programas doutros canais en que a parvície e a bastez reinan por toda a parte.
9. Limitará-se a adopción de programas externos á TVG (provenientes da FORTA ou outras sociedades) a aqueles rendíbeis para o país, con control de imaxe e voz desde a emisora galega.
10. Estabelecerán-se convénios de intercámbio permanente coas sociedades de radiofonia e televisión portuguesas, con vista á emisión habitual de produtos do país viciño no noso e, viceversa, de produtos galegos en Portugal.

A CRTVG non pode seguir sendo xorda e muda, prepotente, a respeito do control parlamentar que fica estatuído na própria Lei de criación citada. Tamén non os poderes públicos, que, en nome da tan reiterada "autonomia" de funcionamento, axudan a conculcar os princípios legais que deberian ser os primeiros en cumprir e facer cumprir, máxime cando a Dirección Xeral da CRTVG é nomeada *directamente* desde o Executivo.

Precisamente para asegurar o pluralismo informativo, a información veraz e obxectiva e a superación da instrumentalización, manipulación e vulneración da Lei que nos meios de comunicación de titularidade pública galega se vén facendo nestes anos, debense acentuar e efectivizar mecanismos reais de maior control polo Parlamento no nomeamento e funcións do Director da CRTVG.

Mesmo que sexa moi brevemente, non podemos pasar por alto o funcionamento da rádio e da televisión públicas españolas nas suas respectivas desconexións para Galiza, Porque se trata de meios de comunicación públicos, pagos tamén polas galegas e galegos e porque temos o lexítimo direito a esixir que funcionen ao servizo do país.

Por isto, encarecemos a necesidade de que a RTVE, nas suas emisións para Galiza, cumpra cos seguintes mínimos:

1. Aumento do total de horas de emisión para o país, tanto da rádio como da televisión.
2. Fomento da produción própria nos centros territoriais e, subsecuentemente, do seu fortalecimento.
3. Maior uso da língua galega, tanto nas emisións para o interior do país como no programa "Galicia para el mundo", programa distribuído a nível mundial e contemplado por centos de millares de compatriotas emigrantes.
4. Ten-se producido, após a desaparición de Rádio 4 e o comezo de emisións de Rádio 5, un retroceso visíbel da presenza, tanto lingüística como informativa de Galiza: é urxente, portanto, unha reforma na programación de Rádio 5 en Galiza que deixe de ser testemuñal e que pase por un incremento das bandas horárias dedicadas ao país (isto é, desconexións máis frecuentes e amplas) e, por suposto, moito maior uso do idioma galego, acompañado da presenza habitual das representacións galegas do mundo político, sindical, cultural, etc.

Igualmente, queremos chamar a atención sobre o nulo cumprimento, até agora, das previsións de presenza obrigada do idioma galego nas emisoras de rádio, de FM. Chamamos a atención sobre a necesidade de cumpriren este requisito todas as emisoras en funcionamento con autorización de emisión por parte da Xunta de Galiza.

VII.7 XUSTIZA

O programa político do BNG a respeito da Administración de Xustiza na nosa nación sustentará-se, encanto fundamentación básica, na concepción da Xustiza como valor que emana do Povo, a cuxo servizo ha estar.

A administración de Xustiza continua a ser un dos campos onde o proceso de galeguización, en sentido amplo, é máis deficiente. A acción de governo desde a Xunta de Galiza deberá-a impulsar decididamente e vinculá-la máis á realidade do país, a comezar polo idioma e a desenvolver os mecanismos que fixeren que a Lei do Direito Civil aprobada no Parlamento Galego for realmente un instrumento vivo do Direito.

En definitiva salientando como factor trascendente para o adecuado cumprimento dos fins que á xustiza competen, a sua inserción no contexto en que aquela ha de ser aplicada: a realidade sócio-económica do noso país, a sua cultura, o Direito de seu e, mesmo, as peculiaridades físicas e humanas que, através da história e asumindo o irrenunciábel compromiso de conformar o noso futuro, decantan a nosa identidade colectiva.

Unha administración de xustiza de cualidade, eficaz e rápida, quen de resolver os conflitos nun tempo razoábel é, do ponto de vista do BNG, unha necesidade inadiábel para a sociedade galega.

Para o BNG a consecución destes obxectivos de cualidade, celeridade e eficácia exixe (1) ampliar as competéncias que actualmente ten recoñecidas a Administración galega, (2) iniciar un proceso fundo e progresivo de galeguización e (3) asumir un compromiso político e orzamental coa Administración de Xustiza superior ao mantido pola Administración do PP nestes anos atrás.

1. O actual marco constitucional e estatutário permite, por un lado, incrementar as competéncias galegas sobre a Administración de Xustiza e, por outra parte, que a pluralidade nacional do Estado español transpareza nos órgaos de governo do Poder Xudicial.

    a) As actuais competéncias da Xunta de Galiza sobre infraestruturas e meios dos órgaos xudiciais deben ver-se acompañadas de transferéncia dos corpos de funcionários ao servizo da Administración de Xustiza e de carácter non xudicial. Deste modo, axentes, oficiais e secretários pasarian a constituir corpos inteiramente dependentes da Administración galega, sen prexuízo da intercomunicación cos demais corpos autonómicos.
    b) A Sala de governo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza debe erixir-se nun verdadeiro órgao descentralizado de governo do Poder Xudicial. Un Governo do BNG impulsará as reformas legais precisas para que unha parte dos membros desta Sala sexan designadas polo Parlamento Galego entre xuristas de recoñecido prestíxio e máis de dez anos de exercício profisional, como meio de aumentar non só a independéncia deste órgao, mais tamén a sua lexitimación democrática e o seu carácter representativo de todos os colectivos xurídicos (avogados, profesores, graduados sociais, etc.). Anualmente, tanto a Sala de Governo como a Fiscalia renderán ao Parlamento Galego unha Memória sobre a sua actividade e comparecerán na Comisión correspondente para explicá-la.
    c) O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza debe-se converter, de forma efeitiva, na cimeira do sistema xudicial galego. Nel se deben esgotar as sucesivas instáncias xudiciais, como única via para axilizar a administración da xustiza e permitir a criación dunha verdadeira xurisprudéncia galega.

2. Unha Xustiza rápida e eficaz debe estar necesariamente integrada na sociedade á que serve. Porén, a galeguización da Administración de Xustiza é ainda moi deficiente e cómpre, pois, un claro compromiso político para facé-la avanzar de xeito eficaz. Un Governo galego do BNG promoverá as seguintes medidas neste sentido:

    a) Se as leis xa recoñecen o direito dos cidadáns e das cidadás a empregaren o galego nas suas relacións orais ou escritas coa

Administración de Xustiza, a efeitividade deste direito esixe que sexa requisito necesário acreditar un coñecimento determinado do galego para ocupar unha praza de fiscal, xuíz/a ou maxistrado/a en Galiza.

b) Impulsará-se a subscrición de convénios entre a Xunta de Galiza e o Consello Xeral do Poder Xudicial para a capacitación en língua galega do persoal ao servizo da Administración da Xustiza e para a elaboración de programas informáticos, formulários, publicacións científicas e demais material informático e de formación en língua galega.

c) Garantirá-se que en todas as comparecéncias escritas da Administración galega, ante as instáncias xudiciais de distinto tipo, a lingua usada será o galego.

d) Adoptarán-se acción inequívocas para unha progresiva e real presenza do galego nos ámbitos do direito en xeral (notarias, rexistos, etc.). Isto significará de imediato o feito de que todas as comparecéncias da Administración Galega como tal nestas instáncias deberán producir-se en Galego.

3. A cualidade da Administración de Xustiza depende directamente dunha dotación de meios materiais e persoais suficiente, dun compromiso orzamental sério e continuado coa mellora dunhas infraestruturas xudiciais que en moitas cidades e vilas galegas continuan a ser manifestamente inadecuadas. Un Governo galego do BNG compromete-se a:

a) Afrontar un plano realista de construción de infraestruturas xudiciais que vise eliminar as deficiéncias e solventar as caréncias actualmente existentes e mais tamén afrontar as necesidades que as recentes reformas legais (Lei do Menor, reforma da Lei de Axuizamento Civil) van prantexar á Administración galega.

b) Revisar a normativa reguladora da asisténcia xurídica gratuíta para axilizar o recoñecimento deste direito aos cidadáns e ás cidadás e dignificar a preparación e a retribución dos profisionais que prestan este servizo.

VII.8 SEGURIDADE CIDADÁ

A criación dunha Policia Galega integral, civil, democrática, eficiente e própria, é un obxectivo do BNG. Trata-se dunha tarefa sumamente importante vencellada ao proceso de reconstrución da identidade nacional. O feito de que, á diferenza do que ocorre nas outras duas Comunidades históricas, en Galiza non contemos con antecedentes, fai ainda se cabe máis decisiva a sua criación para avanzar no proceso de institucionalización do noso país.

Unha Lei do Parlamento de Galiza estabelecerá os princípios de actuación, as funcións, o réxime funcionarial e mais o estatuto dos membros do Corpo de

Policia galega, asi como a organización da seguridade pública no território de Galiza, prevendo igualmente os meios precisos para o cumprimento dos seus fins próprios, e agotando as posibilidades de asunción de competéncias previstas no marco legal vixente (Estatuto de Autonomia e Lei Orgánica de Corpos e Forzas de Seguridade do Estado)

Contodo, serán notas distintivas ou princípios inspiradores os seguintes:

a) A Policia Galega será un corpo enraizado na cultura e no povo a que pertence e ao cal ten como obxectivo servir.
b) A Policia Galega contribuirá á consecución do benestar social cooperando activamente con outros axentes sociais, especialmente no ámbito preventivo, asi como no asistencial e no de reabilitación.
c) Estabelecerán-se os mecanismos axeitados para evitar que, mesmo no nível operativo, a pluralidade de corpos policiais actuantes sobre o mesmo território reduza a eficácia ou merme a garantia das liberdades. Tenderá-se á integración de todos os servizos nun sistema de seguridade pública para Galiza.
d) A asunción de competéncias e o despregamento da Policia Galega debe supor a desaparición dos numerosos servizos que con nomes eufemístico como vixiláncia, inspección, etc., levan a cabo funcións seudo-policiais sen as debidas garantias.
e) A Lei que regule a Policia Galega debe incluir as Policias Locais, tendendo á homoxeneización co fin de garantir unha efectiva coordenación, que hoxe non existe pésie á existéncia dunha norma específica; debe prever, asi mesmo, tanto as actuacións conxuntas como a colaboración mútua e a percura dunha identidade, sobretodo en aspectos tan básicos como é o da formación. Igualmente, a lei contemplará a posibilidade de acceder ao corpo da Policia Galega desde os corpos de Policia Local e, no seu caso, desde outros corpos de seguridade.

VII.9 PROTECCIÓN CIVIL

Para o BNG é necesário a concepción actual que desde a Xunta de Galiza se efectivizou e visualizou da protección civil nestes anos, emarcada nun Plano (Platerga) que contempla unha incríbel arañeira organizativa e burocrática. Produto desa concepción, criaron-se no ano 97 os Grupos Municipais de Intervención Rápida (GMIR), co conseguinte esvaecimento das Agrupacións de Voluntários. Estes grupos dedicaron-se a labores moi variopintos, alguns dificilmente encaixábeis no ámbito da protección civil. A aparición dos GMIR supuxo a suplantación da presenza das agrupacións de voluntários por estas unidades que pola sua estética e presenza parecen máis corpos de seguridade, afastados mesmo do conceito de protección civil tanto nos contidos como nos aspectos formais.

É sabido que a Protección Civil, como servizo público que é, ten por obxecto ordenar, planificar e coordenar os recursos que deben intervir en situacións de catástrofe ou emerxéncia. Trata-se dun servizo restritivo, ou sexa, operativo perante determinadas continxéncias, mais é obvio que a sua actuación e prestacións, onde corren risco a integridade de bens e persoas, non pode ser confiada exclusivamente a voluntários ou a afeizoados, senón que cómpren profisionais e moito mais a medida que aumenta a necesidade e a demanda social neste eido. É por iso que o BNG promoverá a adopción das seguintes medidas en matéria de protección civil:

a) A criación dun novo servizo, o do Corpo de Bombeiros e Salvamento e, portanto, a reasignación de determinadas funcións e recursos. Trataria-se, realmente, dun servizo básico para a organización da Protección Civil e respostaria a critérios de rapidez na resposta e eficácia e flexibilidade nas prestacións xa que a problemática é moi diversa: incéndios, resgates, acidentes, búsqueda, etc. O persoal que acredite a cualificación profisional e que proveña dos servizos actuais de protección civil poderá incorporar-se ao novo operativo.
b) O despregamento territorial do Corpo de Bombeiros e Salvamento estruturará-se comarcalmente, conformando os Parques Comarcais de Bombeiros e Salvamento, cuxa localización respostará á clasificación do território a atender as unidades totais de risco.
c) Potenciación do voluntariado como tal, non só pola sua utilidade intrínseca senón como canle das inquedanzas sociais. O seu papel seria complementar do profisional realizado polo Corpo de Bombeiros e Salvamento, e máis do das forzas de seguridade no seu caso. Aquelas funcións claramente exóticas no eido da Protección Civil terán de ser atribuídas aos servizos municipais correspondentes. Será necesário pór en marcha, aliás, as seguintes medidas:

    - Estabelecer os mecanismos adecuados que garantiren unha formación profisional mínima para todos os que desenvolveren a sua actividade na protección civil, coas especificacións pertinentes segundo foren dirixidas a voluntários ou profisionais.
    - Estabelecer planos de actuación, en caso de catástrofes ou acidentes máis frecuentes, coas práticas correspondentes que serven para educaren a povoación e para superaren a improvisación.
    - Estabelecer uun catálogo de actividades perigosas que puderen ver-se afectadas por continxéncias extraordinárias que repercutiren na povoación civil, e articulación de medidas precautórias.
    - Estabelecer permanentemente un operativo áxil de resposta en calquer caso de circunstáncias excepcionais que puderen afectar a povoación civil.
    - Estabelecerán-se mecanismos de fomento da colaboración cos concellos para a elaboración de planos de protección civil a nível municipal.

VII.10 POLÍTICA EXTERIOR

O BNG é consciente da importáncia da acción exterior no conxunto das políticas públicas. Hoxe, resulta imposíbel exercer as competéncias atribuídas en exclusiva á Xunta de Galiza sen contar cunha política exterior própria. O fenómeno da mundialización e a necesidade de promover iniciativas que favorezan a presénza internacional dos nosos sectores produtivos, esixen un renovado esforzo para asegurar a Galiza unha posición destacada nos mercados, nas institucións internacionais, nas redes de cooperación científica, cultural, etc.

O BNG sínte-se depositário da mellor tradición internacionalista da nosa sociedade e identifíca-se con aqueles que desenvolveron unha acción política e diplomática leal a unha Galiza dona de seu e plenamente inserida no mundo.

Apostamos polo estabelecimento dun amplo consenso político e social na definición das liñas fundamentais da acción exterior, que deben xirar arredor da concreción dos intereses estratéxicos de Galiza. Ese acordo debe producir-se como resultado dun proceso de diálogo cos diferentes axentes e forzas sociais con implicación directa na proxección exterior do noso País.

Os princípios que guiarán a acción exterior do BNG no Governo galego serán os seguintes: anti-imperialismo, pacifismo, defensa da democrácia e dos direitos humanos, solidariedade e respeito e benefício mútuo.

A acción exterior da Xunta de Galiza, deberá incorporar as seguintes actuacións:

- Difusión da realidade e especificidade galegas no Mundo, proxectando a persoalidade internacional de Galiza mediante o pleno desenvolvimento das competéncias que contempla o próprio Estatuto de Autonomia de Galiza.
- Promoción da lígua e cultura galegas no exterior.
- Desenvolvimento das institucións e apoio aos colectívos galegos no exterior.
- Apoio ás políticas de financiamento de proxectos de cooperación ao desenvolvimento.
- Participación na axuda directa e de urxéncia en situacións de crise humanitária internacional, alentando o agrupamento de recursos e a implicación da cidadania e outros actores privados.
- Apoio ás accións de cooperación ao desenvolvimento nos países inmersos en procesos de reconstrución ou víctimas da indiferéncia internacional.
- Promover iniciativas que favorezan a coordinación de recursos, políticas e estratéxias de acción exterior baixo o liderato da Administración galega.

Para levar a cabo estas políticas, o BNG considera que o Governo galego debe dar-lle á acción exterior a importáncia e a releváncia que o desenvolvimento dunha política exterior própria esixe, agrupando as competéncias nesta matéria nun único departamento e, asignándo-lle o rango institucional adecuado.

I. POLÍTICA MACROECONÓMICA DE DESENVOLVIMENTO AUTOCENTRADO.....3

I.1 CRITÉRIOS BÁSICOS DE POLÍTICA ECONÓMICA.....3
I.2 As Institucións Financeiras e de Desenvolvimento Económico.....4
I.2.1 Medidas de Governo.....4
I.2.1.1 Criación da Banca Pública Galega.....4
I.2.1.2 Criación do IDG E Reestruturación Do IGAPE.....4
I.2.1.3 Elaboración dunha nova Lei Reguladora de Caixas de Aforro.....4
I.2.2 Medidas Lexislativas.....5
I.2.3 Transferéncias de Competéncias.....5
I.2.4 Reclamación de Accións Estatais ou da Unión Europea.....5

I.3 FINANCIAMENTO AUTONÓMICO E ADMINISTRACIÓN ORZAMENTÁRIA.....5
I.3.1 O Financiamento Autonómico e o Marco Político Do Estado.....6
I.3.2 Modelo de Facenda Pública a Meio Prazo.....6
I.3.3 Marco Presente: O Financiamento Autonómico a Curto Prazo.....8
I.3.3.1 Obxectivos Básicos.....8
I.3.3.2 Medidas de Governo. Actuacións de Política Fiscal.....8
I.3.3.3 Xestión Orzamental.....9

I.4 PACTO SOCIAL POLA INDUSTRIALIZACIÓN.....10

I.5 POLÍTICAS TRANSVERSAIS.....12
I.5.1 Apoio Financeiro e Estratéxico á Expansión Industrial.....12
I.5.2 Promoción da Cooperación e das Sinérxias entre Empresas.....14
I.5.3 Política de Apoio e Promoción dos Sectores Estratéxicos.....15
I.5.4 Política de Apoio ás Empresas.....16
I.5.4.1 Política de Apoio ás Pemes.....16
I.5.4.2 Política de Apoio ás Grandes Empresas.....17
I.5.5 Política para as Empresas Públicas Estatais.....18
I.5.6 Política de Criación de Empresas con Participación Pública.....18
I.5.7 Política Tecnolóxica.....19
I.5.8 Novas Tecnoloxias da Información e das Comunicacións.....20
I.5.9 Política Enerxética.....23
I.5.9.1 O Carácter Estratéxico do Sector Enerxético.....23
I.5.9.2 Auséncia dunha Política Enerxética Própria.....24
I.5.9.3 Obxectivos da Política Enerxética.....25
I.5.9.4 Medidas de Governo.....25

II. POLÍTICA LABORAL E DE EMPREGO.....29

II.1 INTRODUCIÓN.....29

II.2 FOMENTO DO EMPREGO.....29
II.2.1 Medidas de Governo.....30

II.3 CONTRATACIÓN.....31
II.3.1 Obxectivos.....32
II.3.2 Medidas de Governo.....32

II.4 INSTITUTO GALEGO DE EMPREGO E FORMACION.....33

II.5 PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL.....34

II.6 NEGOCIACIÓN COLECTIVA.....34
II.6.1 Obxectivos.....35

II.7 SAÚDE LABORAL....35
II.7.1 Medidas de Governo....35

II.8 INSPECCIÓN DE TRABALLO....36

II.9 ECONOMIA SOCIAL....36
II.9.1 Critérios básicos....36
II.9.2 Medidas de governo....37
II.9.2.1 Desenvolvimento do Marco normativo....37
II.9.2.2 Reforma administrativa....38
II.9.2.3 Políticas de axuda....38

III. POLÍTICA DE ORDENACIÓN TERRITORIAL, INFRAESTRUTURAS E MEIO AMBIENTE....41

III.1 BASES DA POLÍTICA DE ORDENACIÓN TERRITORIAL....41
III.1.1 Introdución....41
III.1.1.1 A necesidade dunha política de ordenación integral do território....41
III.1.1.2 Xestionar o imediato....42
Iii.1.2 Obxectivos....42
III.1.2.1 Obxectivos das Directrices Xerais de Ordenación do Território....43
Iii.1.3 Critérios da Política de Ordenación Territorial....44
III.1.3.1 Critério básico prévio....44
III.1.3.2 Critérios metodolóxicos....44
III.1.3.3 Critérios funcionais....44
III.1.3.4 Critérios operativos....45
III.1.3.5 Critérios instrumentais....45
III.1.4 A Configuración do Instituto de Estudos Territoriais....45

III.2 ACTUACIÓNS SECTORIAIS....46
III.2.1 Comarcalización....46
III.2.1.1 A acción de governo no que atinxe á comarcalización....46
III.2.2 Infraestruturas e Servizos de Transporte....47
III.2.2.1 Caracterización da política de infraestruturas de transporte seguida até o de agora…47
III.2.2.2 Presupostos básicos dunha política alternativa de infraestruturas de comunicación...47
III.2.2.3 Rede viária por estrada....48
III.2.2.4 Ferrocarril....49
III.2.2.5 Portos....50
III.2.2.6 Aeroportos....51
III.2.2.7 Programación, concertación e financiamento das infraestruturas....52
III.2.3 Urbanismo....52
III.2.4 Vivenda....56
III.2.4.1 Análise da situación actual....56
III.2.4.2 A política de vivenda....56
III.2.4.3 As axudas fiscais a adquisición de vivenda....56
III.2.4.4 O financiamento da vivienda....57

III.3 MEIO AMBIENTE....58
III.3.1 Introdución....58
III.3.2 Medidas de Governo....58
III.3.2.1 O marco administrativo....58
III.3.2.2 Control da contaminación atmosférica....59
III.3.2.3 Política territorial, conservación do meio natural e espazos naturais....59
III.3.2.4 Agricultura, política forestal e meio ambiente....60
III.3.2.5 Enerxia....61
III.3.2.6 Tratamento dos resíduos....62
III.3.2.7 O meio mariño....63
III.3.2.8 Educación ambiental....64

IV. POLÍTICA DE ORDENACIÓN SECTORIAL DA BASE PRODUTIVA.....66

IV.1 POLÍTICA AGRÁRIA E DE DESENVOLVIMENTO RURAL.....66
IV.1.1 Introdución; Critérios Básicos.....66
IV.1.2 Medidas de Carácter Xeral.....68
IV.1.2.1 Accións en relación ao marco europeu e estatal.....68
IV.1.2.2 Política de reforma das estruturas agrárias.....69
IV.1.2.3 Política de desenvolvimento rural.....73
IV.1.2.4 Agricultura ecolóxica.....74
IV.1.2.5 Investigación, extensión e capacitación agrária.....75
IV.1.2.6 Comercialización e indústrias agro-alimentárias.....76
IV.1.2.7 Vertebración social do sector.....77
IV.1.3 Medidas Sectoriais.....78
IV.1.3.1 Producións gandeiras.....78
IV.1.3.2 Producións agrícolas.....83
IV.1.3.3 Montes e produción forestal.....86

IV.2 POLÍTICA PESQUEIRA.....90
IV.2.1 Introdución.....90
IV.2.2 Obxectivos.....91
IV.2.3 Actuacións no Marco Competencial Galego e Estatal.....92
IV.2.3.1 Actuacións no ámbito institucional.....92
IV.2.3.2 Os recursos pesqueiros e a calidade do meio costeiro.....92
IV.2.3.3 Pesca de baixura e litoral.....93
IV.2.3.4 Marisqueo e Acuicultura.....95
IV.2.3.5 Comercialización.....97
IV.2.3.6 Melloras sociais.....99
IV.2.3.7 Ensino, investigación pesqueira e cultura mariñeira.....100
IV.2.4 Actuacións no Marco Competencial Supraestatal.....101
IV.2.4.1 Reforma da Política Pesqueira Común (PCP).....102

IV.3 COMÉRCIO.....107

IV.4 TURISMO.....109
IV.4.1 Obxectivos e Medidas de Governo.....109
IV.4.1.1 Sustentabilidade ambiental.....109
IV.4.1.2 Sustentabilidade económica.....109
IV.4.1.3 Sustentabilidade sócio-cultural.....109
IV.4.1.4 Diversificación da imaxe turística de Galiza.....110

IV.5 ARTESANIA.....111
IV.5.1 Obxectivos.....111
IV.5.2 Medidas de Governo.....111
IV.5.2.1 Estruturación do sector e institucións de apoio.....111
IV.5.2.2 Réxime financeiro.....113

V. POLÍTICA DE IGUALDADE E BENESTAR SOCIAL.....114

V.1 POLÍTICA DE SAÚDE.....114
V.1.1 Princípios de Política Sanitária.....114
V.1.2 A Xestión Sanitária.....115
V.1.2.1 Principais problemas do sistema sanitário público.....115
V.1.2.2 As opcións das políticas conservadoras.....116
V.1.2.3 O modelo alternativo de Xestión Sanitária do BNG.....116
V.1.3 As Novas Tecnoloxias.....118
V.1.4 Atención Primária de Saúde.....118
V.1.4.1 Os usuários/as.....118
V.1.4.2 Os profisionais.....120
V.1.5 Atención Especializada.....120

V.1.5.1 Un hospital manifestamente mellorábel....120
V.1.5.2 Humanismo dentro da rede hospitalária....121
V.1.5.3 Coordenación de níveis....121
V.1.5.4 A infraestrutura hospitalária....121
V.1.5.5 O proceso de selección de especialistas médicos e de enfermaria....122
V.1.5.6 A consulta de enfermaria....123
V.1.5.7 As listas de espera....123
V.1.5.8 Os hospitais privados....124
V.1.6 Saúde Mental....124
V.1.6.1 Propostas xerais....124
V.1.6.2 Organización....125
V.1.6.3 Actuacións sectoriais....125
V.1.7 Drogodependéncias....127
V.1.8 Farmácia....127
V.1.9 Saúde Pública Veterinária....128
V.1.10 Participación Social no Sistema Sanitário....128
V.1.11 A Investigación nas Ciéncias da Saúde....129
V.1.12 Áreas de Actuación Preferente....130
V.1.13 Normalización do Uso do Galego do Sector Sanitário....130

V.2 SERVIZOS SOCIAIS....131
V.2.1 Introdución....131
V.2.2 Bases Definidoras....131
V.2.3 Obxectivos Estratéxicos....131
V.2.4 Liñas de Actuación....132
V.2.4.1 Planificación....132
V.2.4.2 Coordenación....132
V.2.4.3 A Formación....132
V.2.4.4 A Financiamento....132
V.2.5 Actuacións Sectoriais....133
V.2.5.1 Servizos sociais de carácter polivalente....133
V.2.5.2 Servizos sociais de carácter específico....134
V.2.5.3 Xestión....137
V.2.5.4 Defensa dos direitos dos usuários....137
V.2.5.5 Participación institucionalizada....137

V.3 POLÍTICAS DIRIXIDAS ÁS MULLERES....139
V.3.1 Introdución....139
V.3.2 Critérios Xerais....140
V.3.3 Medidas Lexislativas....140
V.3.3.1 De ámbito competencial estatal....140
V.3.3.2 De ámbito competencial autonómico....141

V.4 MOCIDADE....145
V.4.1 Introdución....145
V.4.2 Institucional....145
V.4.3 Información Xuvenil....145
V.4.4 Participación e Asociacionismo....146
V.4.5 Emprego....147
V.4.5.1 Fomento do emprego e da estabilidade laboral....147
V.4.5.2 Orientación é búsqueda de emprego....148
V.4.5.3 Formación....148
V.4.6 Vivenda....149
V.4.6.1 Facilitar o acceso da mocidade á vivenda....149
V.4.6.2 Axudas públicas para aluguer e compra de vivendas....149
V.4.6.3 Orientación, asesoramento e axuda na procura de vivenda....149
V.4.7 Ensino....149
V.4.7.1 Ensino universitário....149
V.4.7.2 Ensino non universitário....150
V.4.8 Ócio e Tempo de Lecer....150

V.4.9 Transporte....152
V.4.9.1 Transporte colectivo....152
V.4.9.2 Transporte particular....152
V.4.10 Saúde....153
V.4.10.1 Alimentación e calidade de vida....153
V.4.10.2 Sida....153
V.4.10.3 Anoréxia e bulímia....153
V.4.10.4 Drogas....153
V.4.11 Sexualidade....154
V.4.11.1 Plano de orientación e información sexual....154
V.4.11.2 Extensión e dotación da rede de centros xovens de sexualidade e anticoncepción…154
V.4.11.3 Homosexualidade....155
V.4.12 Antimilitarismo e Pacifismo....155
V.4.13 Cultura....155
V.4.13.1 Cultura popular: transmisión e revitalización....155
V.4.14 DEPORTES....156

V.5 LIBERDADE DE OPCIÓN SEXUAL....157
V.5.1 Medidas de Governo....157
V.5.1.1 Normalización da realidade homosexual....157
V.5.1.2 Criación dun organismo público pola igualdade social para as diferentes orientacións e opcións sexuais....157
V.5.1.3 Direitos legais das parellas homosexuais....157
V.5.1.4 Combate da homofóbia no mundo laboral....158

V.6 EMIGRACIÓN....159

VI. POLÍTICA EDUCATIVA, CULTURAL E DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA....161

VI.1 POLÍTICA EDUCATIVA....161
VI.1.1 Introducion: Valor e Importáncia da Educacion....161
VI.1.2 A Situación Educativa en Galiza....161
VI.1.2.1 Unha privatización progresiva....162
VI.1.3 As Solucions Alternativas....162
VI.1.3.1 A calidade educativa e a redución do fracaso escolar....163
VI.1.4 A Planificación Educativa....164
VI.1.4.1 Princípios xerais de planificación....164
VI.1.4.2 Princípios xerais de carácter pedagóxico....167
VI.1.5 A Ordenación do Sistema Educativo Galego....169
VI.1.5.1 A Educación infantil....169
VI.1.5.2 A educación primária....170
VI.1.5.3 Educación Secundária Obrigatória....171
VI.1.5.4 A educación post-obrigatória....172
VI.1.5.5 Os programas de garantia social....173
VI.1.5.6 As ensinanzas artísticas....174
VI.1.5.7 As ensinanzas especiais de idiomas....175
VI.1.5.8 A educación de persoas adultas....175
VI.1.5.9 A formación a distáncia....176
VI.1.6 Atención á Diversidade e Orientación Educativa....176
VI.1.6.1 Atención ás necesidades educativas especiais....176
VI.1.6.2 A orientación educativa e profisional....177
VI.1.6.3 Os programas de compensación educativa....177
VI.1.7 A Función Docente e a Formación do Profesorado....177
VI.1.7.1 A formación do profesorado....178
VI.1.8 Programación Educativa e Política Lingüistica....178
VI.1.9 Bolsas e Axudas ao Estudo. A Gratuidade do Material Escolar....180
VI.1.10 Atención ao Alunado....180
VI.1.11 A Participación Social na Educación....181
VI.1.12 O Sistema Universitário Galego....181
VI.1.12.1 Titulacións....182

VI.1.12.2 A Universidade Aberta Galega....184
VI.1.12.3 Potenciación do Sistema Universitário Galego....186
VI.1.12.4 Reforma da L.R.U....186
VI.1.12.5 Política de bolsas e servizos universitários....187
VI.1.12.6 Política de Investigación: criación da AGAP e o REGACINDE....189

VI.2 POLÍTICA CULTURAL....192
VI.2.1 Introdución....192
VI.2.1.1 Critérios xerais....193
VI.2.2 Infraestruturas e Institucións Culturais....193
VI.2.3 Património Histórico-Artístico....195
VI.2.4 Património Arqueolóxico e Etnográfico....196
VI.2.5 A Cultura Escrita....197
VI.2.5.1 Arquivos e património documental....197
VI.2.5.2 Bibliotecas....198
VI.2.5.3 Política editorial, de fomento do libro e da leitura....200
VI.2.6 Instituto Galego de Artes Escenicas e Musicais (IGAEM)....203
VI.2.6.1 Teatro....203
VI.2.6.2 Música e danza....205
VI.2.7 Artes Plásticas, Museus E Centros De Arte....208
VI.2.8 Cinema, Audiovisual E Fotografia....210
VI.2.9 Asociacionismo Cultural....211
VI.2.10 Deporte....212
VI.2.10.1 Introdución....212
VI.2.10.2 Princípios xerais....213
VI.2.10.3 Deporte de base, educativo ou de iniciación....213
VI.2.10.4 Deporte de competición e alto rendimento....214
VI.2.10.5 Deporte como mellora da saúde e a calidade de vida....214
VI.2.10.6 Dotación e equipamento de instalacións deportivas....214
VI.2.10.7 Lexislación deportiva....215

VI.3 POLÍTICA LINGÜÍSTICA....216
VI.3.1 Introdución....216
VI.3.2 Critérios Básicos....216
VI.3.3 Medidas Prioritárias....217
VI.3.3.1 Meios de comunicación....217
VI.3.3.2 A función pública....218
VI.3.3.3 O ensino....218
VI.3.3.4 A Administración de Xustiza....218
VI.3.3.5 Corrección e restauración da toponímia....218
VI.3.3.6 Fomento e impulso da escrita en galego....219

VII. POLÍTICA DE REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA E INSTITUCIONAL....220

VII.1 O PAPEL INSTITUCIONAL DE GALIZA....220

VII.2 INSTITUCIÓNS GALEGAS DE PODER LOCAl....221
VII.2.1 Parróquia....221
VII.2.1.1 Competéncias....221
VII.2.1.2 O Consello Parroquial....222
VII.2.1.3 Financiamento....222
VII.2.2 Comarca....222
VII.2.2.1 Competéncias....222
VII.2.2.2 Órgaos....222
VII.2.2.3 Financiamento....223
VII.2.3 Areas Metropolitanas....223
VII.2.4 Pacto Local....223

VII.3 O PARLAMENTO GALEGO....223

VII.4 GALIZA ANTE A UNIÓN EUROPEA....224
VII.4.1 A Participación como Nación....224
VII.4.2 As Tendencias Restritivas no Orzamento da Unión: A Axenda 2000....225
VII.4.3 Os Fundos Estruturais e de Coesión....226
VII.4.4 A Política Común de Pesca e a Política Agrícola Común....226
VII.4.5 As Redes Transeuropeas de Transporte....226

VII.5 DEMOCRATIZACIÓN DA ESTRUTURA DE PODER....226

VII.6 MEIOS DE COMUNICACIÓN DE TITULARIDADE PÚBLICA....229

VII.7 XUSTIZA....232

VII.8 SEGURIDADE CIDADÁ....234

VII.9 PROTECCIÓN CIVIL....235

VII.10 POLÍTICA EXTERIOR....235